TESE DE DOUTORAMENTO

O *TUMBO DAS VIÑAS DE RIBADAVIA*.
ESTUDO HISTÓRICO E LINGÜÍSTICO

Luz Méndez Fernández

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

O *TUMBO DAS VIÑAS DE RIBADAVIA*. ESTUDO HISTÓRICO E LINGÜÍSTICO

Tese de doutoramento presentada por Luz Méndez Fernández baixo a dirección de Ramón Lorenzo Vázquez e Ana Isabel Boullón Agrelo.

Vº e pr. dos directores

Ramón Lorenzo Ana Isabel Boullón A doutoranta

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. O *Tombo das viñas*. Introdución

O *Tombo das viñas de Ribadavia* (*Tunbo de las viñas de Rribadavui*a é como o titularon por primeira vez, posteriormente a escribir os textos que o constitúen) é un pergamiño en romance procedente do mosteiro de Melón e depositado na catedral de Ourense, que contén tres textos en romance escritos entre os séculos XIII e XIV.

Ten forma de rolo (Ilustración 1) e está composto por catro anacos de coiro, tres deles cosidos entre si tamén con coiro e un cuarto anaco (Ilust. 2), engadido posteriormente e cosido ó resto pola parte superior con cordel.




Ilustración 1. O *Tombo das viñas de Ribadavia*



Ilustración 2. Primeiro anaco de coiro do recto do pergamiño

A primeira mención que coñecemos del está feita no tombo de 1611 do mesmo mosteiro que se conserva no Arquivo Histórico Provincial de Ourense no apartado de "Clero de Melón". Di o seguinte:

> Ay un apeo o aberiguación de todas las casas uiñas y heredades que este Monasterio, el de Osera, Sant Clodio, Cela Noua y otros monasterios y señores tenían al tiempo en Riuadauia; echo por mandado del Rey don Alonso y es muy antiguo, sin fecha ni autoridad, escripto por una parte y otra en un pergamino largo por donde consta que este monasterio tenía en Riuadauia dos haceñas y que hauía casas en el lugar de Orjaas y otras muchas casas y uiñas que se le han perdido en Riuadauia y su término. Está ansimismo apeo de las casas, uiñas y heredades que este monasterio tenía entonces en Santisteuan de Nóboa que bien mirado eran más de la mitad de las casas del dicho lugar y las heredades y uiñas eran muchas. Están en el cajón de Riuadauia, legajo 14, núm^{o} 1" (fol. 78 v).

O contido do recto e do verso trasladouse dous séculos máis tarde ao tomo primeiro dos tres que compoñen outro tombo iniciado arredor de 1800[1], conservado e dixitalizado no Arquivo Histórico Nacional co nome de *Cartulario o libro de privilegios, donaciones reales, bulas, escrituras de ventas, concordias, foros, testamentos, etc..., del monasterio de Santa María de Melón*. Recóllese no fol. vii do índice da seguinte maneira:

> San Estevan de Novoa, y Rivadavia.
>
> Legajo 22 – Cajon 9
>
> Num.1. Averiguacion de bienes por orden del Rey en San Estevan y Rivadavia, por juezes.

Logo está reproducido integramente nos folios 267r-275v cos seguintes título e encabezamento:

> Traslado del legajo = 22 = Caxon = 9 = Escripturas antiguas de Rivadavia y de San Estevan = (fol. 267r)
>
> Traslado del legajo = 22 = Caxon = 9 = escripturas antiguas de Rivadavia, y San Estevan =
>
> Num = 1 y único todo en un pergamino largo sobre aberiguacion por juezes de los bienes de varias ordenes en Rivadavia y Sn Estevan por orden del Rey Dn Alonso = (fol. 268r)

Remata con esta coda:

> Lo acabé el día 12 de N*oviem*bre de 1800. Signo. (fol. 275v)

Incluímos o traslado nos apéndices finais cun breve comentario escriptolingüístico. A lectura non é boa, pois hai constantes erros, pero parécenos de interese certo intento de modernización da lingua por parte do autor do tombo.

É tamén o pergameo 6174 do Catálogo de Leirós (1951: 544) e sobre el di:

> "Tumbo de Ribadavia. Investigación hecha por Juan Peláez y Pedro de Aguair? omes del rey D. Alfonso... Es interesante para la historia de Ribadavia especialmente y son varios pergaminos cosidos, de modo que tiene de alto 2 metros y 20 centímetros.- B 4."

---

[1] Indica Cambón (1958) que o primeiro rexistro é de novembro de 1799 e o último de setembro de 1802 e atribúe este tombo a frei Claudio de la Torre. Non sabemos de onde tomou o dato da autoría, pois a pesar de que non fixemos unha consulta pormenorizada dos tres tomos do tombo, as primeiras páxinas dos volumes inícianse cos índices e non se menciona o nome do autor, como tampouco ó final de ningún deles. Neste traballo denominarémolo TMelón1800 e indicamos a seguir o volume: TMelón1800-1.

Leirós non identifica o rei e non di nada sobre a data, nin sequera "sin fecha", anotación que engade para moitos outros documentos.

Correspóndese tamén, con bastante certeza, co documento mencionado por Ferro Couselo (1957) nun artigo publicado en *Vida Gallega* -o autor chámalle *apeo*[2]-, como parece polo resumo do contido e algunha cita breve máis ou menos literal[3]:

> Entre los pergaminos procedentes del antiguo monasterio de Melón, tan ligado a la historia de esta villa por algo nacieron en un mismo tiempo, existe un apeo, hecho alrededor de 1228 por mandato de Alfonso IX de León, en el cual se nos ofrece una relación de los dueños de las casas y heredades que había en la villa. Figuran entre ellos los monasterios de San Clodio, Oseira, Acibeiro, Alveos, Antealtares, Toxosoutos, Melón, San Martín de Afora de la ciudad de Santiago, Celanova, Sar y Carboeiro, las Ordenes Militares del Temple, Santo Sepulcro, Hospital de Jerusalén, de Vélez o Santiago y Alcántara, las Iglesias Catedrales de Compostela y Tuy; las Iglesias de Santiago del Burgo, Castrelo, San Esteban de Nóvoa y el Obispo de Orense.
>
> Extraña realmente un número tan grande de iglesias y órdenes monásticas entre los poseedores de bienes en la villa. El documento alude a la "presoria" o presura, lo cual nos da a entender que nació la villa en virtud de una carta puebla, -que nada tiene que ver con el famoso fuero-, la que podemos atribuir con toda seguridad a Alfonso VII, porque, según dicho apeo, *las erdades de Osseyra foron de comenzamento de la villa*[4], y Oseira, como es sabido, es también fundación del Emperador.

A datación do documento feita por Ferro Couselo baséase posiblemente na viaxe que fai por Galicia o rei Afonso IX no ano 1228, documentada por Julio González (1944) e Parga Pondal (1956).

O documento será logo recollido, tamén co contido completo do recto e do verso, na tese de doutoramento de Segundo Cambón Súarez (1958). Este autor atribúeo á época de Afonso IX e dátao consecuentemente entre os anos 1188-1230.

---

[2] A definición actual de *apeo* é a de 'instrumento xurídico que acredita o deslinde e demarcación dun terreo' (DRAG); esta é tamén a denominación que posteriormente lle vai dar Olga Gallego (1986: 160).

[3] Ferro Couselo seguramente coñeceu e consultou este documento xa que el foi o creador do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e ordenou e clasificou abundante documentación, recuperou documentos abandonados e fondos procedentes de institucións diversas.

4 Parece cita literal, pero o texto do tumbo di: *e estas eredades de Osseyra que á aquí, delas ay que furon de comenzamento dela villa.*

Finalmente, Olga Gallego (1986) fai unha transcrición dos textos do recto e do verso cun breve comentario histórico e paleográfico. Para a académica, que destaca o seu interese filolóxico e histórico, a importancia do *Tombo das viñas* radica en que "nos viene a dar un poco de luz en un período poco conocido sobre el origen de la villa de Ribadavia". Refírese, como xa fixera Ferro Couselo, á posibilidade da existencia dun foro anterior ó de 1164 outorgado por Fernando II, pola mención que se fai no texto á *presoria* da vila e ás herdades que alí tivo Oseira "de com*enz*ame*n*to dela villa", algo que , segundo a autora, xa apuntara Meruéndano (1909)[5]. Para Olga Gallego non é difícil datar o documento "ya que la letra corresponde a la usada durante el reinado de Alfonso IX".

Todas estas mencións, e a propia edición de Olga Gallego, tiñan como finalidade o rexistro histórico dos datos recollidos no documento e, ó parecer, os autores non se detiveron en moito máis ca no contido, e nalgúns casos, coma no de Ferro Couselo, só facían referencia ó recto do pergamiño.

A alusión ó "rey Alfonso" foi o que chamou a atención dos historiadores sobre un manuscrito que, sen iso, quedaría seguramente no esquecemento por non achegar datos de importancia, carecer de data e de localización e estar incompleto. Máis adiante trataremos a consideración diplomática deste tipo de textos.

Parecía así que todo o que o *Tombo das viña*s podía ofrecer era uns poucos datos sobre a antigüidade da vila ourensá, sobre o interese que para as ordes relixiosas tiña daquela e sobre a suposta mención dalgún personaxe de certa importancia, incluídas dúas amantes do rei.

Olga Gallego, que sinala que os textos do recto e do verso son de distinta época, destaca, de xeito non moi atinado, "la vacilación que se observa en un momento en el que el latín aún seguía lastrando el romance". Por conseguinte, ningún dos autores que rexistran o *Tombo das viñas* anteriormente á transcrición que nos achegou esta autora parece detectar que había unhas particularidades lingüísticas que requirían atención, posto que se centraban exclusivamente nos aspectos históricos.

[5] Na consulta do artigo de Meruéndano non encontramos a mención que fai Olga Gallego, quizais por algunha confusión que esta tivo na cita bibliográfica.

Pero a atribución á época de Afonso IX, o que o convertía nun dos primeiros textos coñecidos de Galicia en romance, revestíao dunha grande importancia filolóxica. E tamén o seu hibridismo, pois o recto e o verso do documento están escritos en dous sistemas distintos: un en galego e leonés[6] e outro plenamente galego. E iso foi mencionado posteriormente polos estudosos da lingua (cf. Boullón Agrelo, 2004[7]; Lorenzo, 2004[8]).

O *Tombo das viñas* está constituído realmente por tres textos: o da carne (A), o do pelo (B) e o texto da *scripta inferior* da carne do anaco inicial do pergameo (C), coiro que non se volveu escribir pola parte da carne, pero que na do pelo foi utilizado para lle poñer título ó escrito primixenio e, aparentemente, para iniciar o do pelo. Os tres son independentes, de épocas diferentes e escritos por distintas mans.

Así pois, este "tombo", malia non ser un libro ou códice, ós que xeralmente se lles aplica o termo, é unha unidade documental de rexistro de propiedades. E así o interpretou quen o titulou, posiblemente no momento da súa confección definitiva que debeu consistir no feito de engadirlle o último anaco cosido con cordel.

O texto do recto (a partir de aquí *texto A*) corresponde a unha pesquisa ordenada polo rei Afonso sobre as posesións que teñen as ordes relixiosas en Ribadavia. Está escrito no que parece unha lingua híbrida con características leonesas e galegas.

O verso (*texto B*) contén un rexistro das viñas, casas, soutos, herdades e foros que o mosteiro de Melón ten na *villa de Sant' Esteuo* (Santo Estevo de Nóvoa, Carballeda de Avia. Ourense) e está redactado en galego.

Finalmente, o texto borrado do inicio do coiro (*texto C*) recolle, tamén en galego, o aforamento que o abade Xoán Estévez de Melón fai dunha viña en *Ffondo de Reuordochaão*

---

[6] Utilizamos o termo *leonés* por ser o tradicional que viñan usando os autores que estudan a lingua medieval do territorio denominado reino de León e que hoxe abrangue aproximadamente as comunidades autónomas de Asturias e Castela León, non obstante modernamente en cada zona as denominacións varían e, para as variedades dialectais da actualidade hai tamén distintas denominacións.

[7] "A adscrición lingüística deste texto, coñecido como o *Tumbo das viñas de Ribadavia*, é problemática, pois ten moitos trazos leoneses" (páx.15).

[8] "Tamén Cambón (1958) transcribe en Melón un longo documento (núm. 224, con 24 páxinas), que sitúa entre 1188-1230? e que ten as primeiras 10 páxinas e 19 liñas da 11 en leonés e o resto en galego" (páx. 38).

(parroquia de Rebordechán, Crecente, Pontevedra) a Afonso Pérez e á súa muller Mariña Martíz.

Os tres textos carecen de cláusula de datación. Coa simple lectura do contido e polo tipo de letra, só se pode concluír que os textos A e C parece que foron elaborados no séc. XIII e que o texto B é posterior a 1348, pois nel alúdese á peste negra, a "morteidade", e ese é o ano que se adoita dar como data de entrada da epidemia en Galicia.

Ó longo das seguintes páxinas intentarase, seguindo a metodoloxía xeral para o comentario histórico e lingüístico, datar os textos do xeito máis preciso posible, nomeadamente o primeiro deles por ser, a priori, merecedor de figurar entre os primeiros en romance e posuír unhas características lingüísticas particulares. A clasificación do texto A segundo o seu grao de hibridismo, o que Monteagudo (2009) denomina "tipoloxía interlectal" será un dos obxectivos deste traballo. Tamén se procurarán achegar algúns aspectos paleográficos, codicolóxicos, diplomáticos e históricos e, particularmente, tratar os filolóxicos e lingüísticos que son os propios da nosa competencia. Finalmente, todos son importantes para unha análise completa do *Tombo das viñas*.

O estudo de cada un dos textos farase de xeito independente para destacar en cada caso aquelas cuestións, á parte das gramaticais, que merezan atención especial. No caso de A e B, deterémonos sumariamente en aspectos diplomáticos e, con máis demora, en cuestións prosopográficas que nos axuden a determinar con máis exactitude a época en que foron escritos. Finalmente, a onomástica ocupará unha parte importante deste traballo, nomeadamente a onomástica persoal, porque estes escritos, pola cantidade de persoas que mencionan, poden darnos unha idea bastante exacta dos usos onomásticos dunha poboación (ou dunha área xeográfica) en momentos concretos da súa historia e, fundamentalmente, porque serán os que nos ofrezan uns indicios fiables para establecer a cronoloxía de cada unha das partes.

2. Aspectos paleográficos

A análise paleográfica dos textos permitiranos non só facer unha lectura correcta dos textos, senón tamén identificar as súas escrituras e adscribilas con máis precisión cronolóxica e quizais –aínda que é máis difícil- tamén xeograficamente, todos obxectivos primixenios da ciencia escrituraria (Riesco, 2000: 24). Pode ser entón un soporte fundamental para fornecer luz sobre as lagoas que presentan os textos.

Olga Gallego (1986) fai unha breve descrición das escrituras do *Tombo das viñas*, define a da carne do pergamiño como minúscula diplomática "de la primera mitad del siglo XIII, de la época de Alfonso IX" e describe unhas poucas letras; sobre a escritura do pelo limítase a dicir que é "de época posterior". Nada comenta sobre o texto borrado.

Intentaremos, pois, profundar algo máis sobre os tres textos, para vermos de extraer algunhas conclusións que nos axuden coa datación e a posible localización dos escritorios que os produciron.

Para a descrición paleográfica que facemos a continuación, utilízase a terminoloxía indicada no cadro inferior (Ilustr. 3), que elaboramos a partir das denominacións máis frecuentes nos manuais de paleografía e tipografía e que representamos con letras tomadas do recto do pergamiño.




Ilustración 3. Terminoloxía da descrición paleográfica

2.1. ANÁLISE PALEOGRÁFICA DO TEXTO A

2.1.1. Morfoloxía das letras

É unha letra sinxela e fácil de ler. As palabras están ben separadas e utilízanse poucos nexos e enlaces entre as letras, que son de corpo pequeno e hastís elevados con algúns extremos lixeiramente curvados. Correspóndense cunha interpretación da carolina común, denominada *minúscula diplomática*, que se utilizou na chancelería real para documentos solemnes, pero tamén nos escriptorios monásticos e en documentación privada (Riesco, 2000, 105).

As características principais das letras son as seguintes:

Letra a

Presenta dúas formas ó longo do documento: un *a* alto en que o arco sobresae do bucle, usado como maiúscula a principio de palabra; e un *a* minúculo, formado por un arco cerrado por un trazo diagonal que se curva na base e que raramente o sobrepasa e, se o fai, é minimamente.




Letra b

No texto só figura en minúscula. É de bucle cerrado e hastil recto a pesar de que, en ocasións, parece percibirse na parte superior unha lixeirísima curva final á dereita.




Letra c

Na súa forma minúscula, parece estar feita en dous trazos: un bucle ou medio bucle e unha pequena liña superior que ás veces, máis recta, se une á letra seguinte. O *C* maiúsculo, moi similar, cerra cun trazo sinxelo o arco. Tende a unirse a algunhas letras de curva contraposta, como veremos posteriormente.





Letra d

O *d* minúsculo esta composto dun bucle e un hastil ascendente recto e tumbado á esquerda. O maiúsculo, presenta dúas formas, unha simple composta por un trazo ondulado similar ó dun *S* moi aberto, pechado por un trazo recto, lixeiramente oblículo e que se cerra pola base; a segunda variante maiúscula baséase nunha duplicación dos trazos da simple.



Letra e

A foma minúscula está composta por un medio arco de base longa e outro trazo, que lembra un *v*, cun primeiro brazo que baixa desde a parte superior do medio arco e volve a subir nunha liña fina ata unirse, cando a hai, coa letra seguinte.



Letra f

A minúscula está realizada cun trazo vertical que se curva lixeiramente na parte superior e unha barra que sae do medio deste e rara vez o traspasa. Nunha única ocasión en todo o texto, o *f* minúsculo aparece duplicado e unido na parte superior. O *F* maiúsculo, máis escaso, só se diferencia do minúsculo no trazo superior, que é máis recto e alongado, e en que na base vira lixeriramente á esquerda.



Letra g

A minúscula compose dun arco cerrado por un hastil descendente, lixeiramente oblicuo e un trazo horizontal que sae da base del e abrangue, a modo de subliñado, a letra anterior. Do lado dereito do ollo que se forma sae un trazo fino que une esta letra coa seguinte. O *G* maiúsculo é moi similar ó c maiúsculo, do que só se diferencia por un pequeno trazo vertical que sae do remate inferior do arco e cerra lixeiramente a letra.





Letra h



No texto só temos exemplos de *h* minúsculo composto por un hastil, ás veces recto, ás veces lixeiramente curvado á dereita, e un arco que se inicia na súa base e que remata cerrándose cara á esquerda cun trazo fino máis ou menos longo.





Letra i

Presenta dúas formas: un *i* minúsculo curto que se realiza cun pequeno trazo, lixeiramente diagonal e de corte superior e inferior oblícuos, e que frecuentemente se une por arriba á letra que o antecede e por abaixo á que o precede cun enlace fino; e un *j* longo, que se diferencia do curto en que se alonga pola base nun trazo máis fino que se curva á esquerda.



Letra j

O *j* minúsculo é similar ó *i* longo, pero normalmente non ten remate curvo. Cando é maiúsculo, elévase algo máis sobre a caixa da escritura.





Letra l



A minúscula está feita cun único trazo vertical. A maiúscula, cun trazo vertical algo sinuoso, que lembra un *S* maiúsculo moi aberto cunba barra na base, recta ou lixeiramente combada.





Letra m


A minúscula está formada por tres trazos verticais curtos, o primeiro iniciado por un pequenísimo arco, e os dous restantes enlazados entre si por unha liña diagonal fina. A letra maiúscula iníciase cun arco lateral pechado por un trazo curto diagonal, de xeito moi similar ó *a* minúculo, unido a outro trazo curvo que se cerra en liña fina cara á esquerda.



Letra n

O *n* minúsculo, en interior de palabra, é similar ó *m* minúsculo pero só con dous trazos e un enlace. Cando vai a final de palabra, ó trazo incial curto e recto únese outro curvo que pecha finamente cara á esquerda, coma no *M* maiúsculo. Non hai no texto letra *N* maiúscula.




Letra o

Figura no texto en minúscula e en maiúscula. A minúscula parece estar construída con dous medios arcos contrapostos, o superior de forma angulosa. O *O* maiúsculo é igual ó minúsculo, só que máis grande e con duplicación do trazo superior.





Letra p

Só temos exemplos da minúscula no texto. Está constituída por un hastil descendente e un arco que o cerra pola parte superior dereita.




Letra q

Vén sendo idéntica á letra anterior, só que o arco cerra o hastil pola parte superior esquerda.



Letra r

Hai tres variantes; un *r* longo, o máis usual no texto, composto por un hastil descendente e un arco pequeno con forma de ángulo na parte superior dereita; un *r* redondeado que lembra o número 2; e un *R* maiúsculo que case é unha combinación dos dous anteriores, coa salvidade de que o hastil inicial leva unha base recta.



Letra s

A minúscula máis frecuente é un *s* longo idéntico ó *f* antes descrito, pero sen barra horizontal no medio. Ás veces aparece cos trazos duplicados. A maiúscula está formada por un arco superior e outro inferior aberto cara á esquerda. Estes mesmos trazos redondeados do *S* maiúsculo aparecen, máis abertos e moi ocasionalmente, como última letra, minúscula, na abreviatura da palabra *soldos*.



Letra t

O *t* minúsculo é similar ó *c* antes descrito, só que, en ocasións o trazo superior sobrepasa lixeiramente o arco pola esquerda; isto dificulta moitas veces distinguir as dúas letras. Non hai exemplos da letra maiúscula.




Letra u

Presenta dúas formas. O primeiro é un *u* minúsculo composto por dous trazos pequenos lixeiramente arqueados, coma se fosen dous *i* unidos na base por un trazo fino e oblicuo. O segundo, usado só en posición inicial, está constituído por un arco moi deitado á esquerda sobre a liña de escritura rematado cun trazo fino e obliquo cara á esquerda, ó que se une pola base outro pequeno arco ou medio arco tamén aberto cara á esquerda.





Letra v

Ten tamén dúas formas, similares en todo ás que reprentan o *u*.

Letra x

Presente no texto só na súa forma minúscula, fórmana dous trazos oblicuos cruzados, o primeiro recto en sentido esquerda-dereita e o segundo, máis fino, en sentido dereita-esquerda e un pouco arqueado nos bordes.





Letra y

É similar á letra *x*, só que o segundo trazo, máis longo, non cruza o primeiro, senón que se une a el pola base e cúrvase case sempre polo final cara á dereira. Só aparece en minúscula e sempre leva un punto sobreposto.




Letra z

Ten dúas formas. Unha pouco frecuente (só aparece en tres ocasións), cunha barra superior horizontal e curta, outro trazo vertical tamén curto e algo oblicuo que sae do centro da primeira e un arco inferior anguloso, aberto á esquerda e rematado por unha volta á


dereita; lembra o número 5. A forma máis común, está constituída por dous arcos angulosos, o inferior máis longo e que xira cara á dereita.





2.1.2 Nexos e ligaduras

Os únicos casos destacables son, en primeiro lugar, a ligazón que se dá entre as letras *s* e *t* que, sen perder a súa forma, van case sempre xuntas pola parte superior; e, en segundo, a fusión das curvas cando van xuntas letras que as teñen contrapostas, fundamentalmente no caso de *po*, *pe*, *bo* e *be*.



2.1.3. Abreviaturas

As abreviaturas, non moi abundantes no texto, son de interpretación doada. A palabras abreviadas case sempre están tamén desenvoltas, o que facilita a reposición das letras omitidas.

2.1.3.1. Abreviaturas xerais

A raia ou liña horizontal, máis ou menos recta, é o trazo xeral de abreviación neste texto A. O seu valor principal é o de suplir un *–n* final de palabra, pero non é infrecuente que substitúa nasais implosivas tamén en interior de palabra e, máis raramente, unha vogal e unha consoante explosiva. Sobre o valor deste trazo xeral abreviativo, xa que afecta a un aspecto fundamental da fonoloxía galega medieval -a existencia de vogais nasais- falaremos máis adiante.

 (furo*n*)  (com*en*zame*n*to)  (cl*é*rigo)

Ademais, o trazo horizontal ten carácter especial sobre a letra *q* pois é abreviatura da sílaba *que*:

 (que)  (queso)


2.1.3.2. Abreviaturas por suspensión e contracción


Denomínanse abreviaturas por letra sobreposta aquelas en que unha letra ou letras se colocan sobre outra de xeito que, para recompoñer a palabra, todas forman parte dela á vez que suplen outras omitidas. A letra sobreposta pode ser vogal ou consoante, pero xeralmente é unha vogal. Normalmente é unha única letra pero tamén se dá o caso que sexan máis[9].

O exemplo máis claro no noso texto deste tipo de abreviatura, a máis frecuente, é a da palabra *morauidí*, que sempre figura como *M*^{or}.



Outros exemplos deste tipo son:

 (eg*re*sia)  (eg*ri*sia)

 (quarta)  (enquisas)

Finalmente tamén encontramos abreviaturas por contracción (á palabra debe faltarlle polo menos a última letra) e por suspensión (a palabra debe conservar, polo menos, a primeira e última letra), como é o caso das abreviaturas para a palabra *soldos* e para *preguntado* na locución "jurado e preguntado", respectivamente.

---

[9] En UNED 1989: 227 e ss. descríbense as abreviaturas máis características da escritura carolina. Algunhas delas, a seguir, exemplificámolas en relación ó texto A do *Tombo das viñas*.

  (s*oldo*s) (s*old*os)  (j*urado* e p*regun*t*ado*)

2.1.4. Signos especiais

Para a división do texto, coa clara intención dunha mellor comprensión do seu contido e non sempre con coherencia, úsase o punto, único signo de puntuación. Tamén se indican as cantidades, con letras romanas (L, X, V, I, e J longo en posición final) situándoas entre puntos. Nos múltiplos de dez, sobre as letras da cantidade escriben un *a* superposto. O símbolo + utilízase para indicar a posición de palabras entreliñadas, que se omitiron ou que corrixen outras.

2.1.5. Cotexo con outros dous documentos híbridos de Melón

Na colección documental do mosteiro de Melón que transcribe Cambón (CDMelón, de aquí en diante), rexístranse outros dous documentos redactados nunha lingua híbrida mestura de galego e leonés, segundo Ramón Lorenzo (2004b: 39). Pensamos que o cotexo deses documentos co *Tombo das viñas* podería quizais achegarnos algún dato sobre se hai entre eles relación temporal ou espacial.

Non obstante, do primeiro descoñécese o orixinal. Cambón (CDMelón, doc. 424) reprodúceo a partir do traslado ó cartulario de 1800 do mosteiro de Melón que está no Arquivo Histórico Nacional. Está datado en 1246; o notario que toma nota (*qui notavit*) é don Yoanes.

O segundo (CDMelón, doc. 565) correspóndense cun pergamiño de 12,9 x 26,7 cm conservado no Arquivo Histórico Nacional e dixitalizado no Portal de Archivos Españoles PARES[10]. Contén a doazón de varios casares que Teresa Suárez lle fai ó mosteiro de Melón. Está datado en 1256 e signado por Johán Iohanes, xurado do concello de León. Na ficha do documento indican que está en galego e en escritura gótica cursiva.

Como se pode comprobar polo fragmento seguinte (Ilustr. 4), é evidente que non parece escrito pola mesma man có noso. Obsérvense, por exemplo, os hastís descendentes

[10] pares.mcu.es. Ten a sinatura CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1448,N.10.

do *s* longo que case non soben da caixa da escritura, como sucede no caso do noso texto, e o trazo descendente de *y* ou *z*, que na nosa letra tenden a volver cara á dereita.




Ilustración 4. Cotexo co doc. 424 (CDMelón) co recto do *Tombo das Viñas de Ribadavia*

Cremos pois, que este documento e o noso non foron escritos pola mesma man.

2.1.6. Conclusións

Nos reinos de Castela e León, a escritura carolina xurdiu e desenvolveuse entre os reinados de Afonso VI e Afonso VII, cohabitando coa visigótica. Desde ese momento ata os inicios do reinado de Afonso X foi a letra das chancelerías e amosaba dous tipos diferentes: a carolina común e outra de hastís alongados e estremos curvados chamada "minúscula diplomática", que se adoptou naqueles documentos reais máis solemnes, nos *scriptoria* monacais e na documentación privada.

Os manuais de paleografía[11] definen a carolina como unha escritura que se desenvolve entre os séculos VIII e XIII, minúscula, redondeada, de módulo equilibrado e uniforme e coas letras xeralmente illadas unhas doutras. Tamén a describen como clara, regular, harmónica e equilibrada na relación entre o corpo das letras e os hastís, que

[11] Riesco (2000: 96 e ss.) e Marín / Ruíz Asencio (1989: 226 e ss.).

adquiren altura tanto ascendente coma descendente, o que fai que a separación entre liñas aumente.

Ten poucos nexos e enlaces e, entre eles, os máis típicos son os de unión das letras *c-t* e *s-t*. O signo xeral de abreviación é unha pequena raia que pode designar tanto unha contracción coma unha suspensión. Neste aspecto, o máis característico da letra carolina é a introdución dunha abreviatura por letras sobrepostas.

Todas estas características poden ser aplicadas ó noso texto, pero tamén temos que ter en conta outras particularidades xa mencionadas como: a) a tendencia a fusionar a curvas contrapostas; b) a existencia dun *r* redondo cando a letra que o precede ten unha curva á dereita[12]; c) a incipiente aparición dunha letra *z* que lembra o número 5; d) a tendencia á confusión entre o *c* e o *t*; e) a aparición nalgún caso dun *s* de dobre curva a inicio e final de palabra; f) o uso do *v* en inicial de palabra alternando con *u*.

Estes últimos trazos lévannos a pensar que a escritura está evolucionando cara ós tipos góticos. Riesco (2000: 135 e ss.) considera que a finais do século XII ou principios do XIII o canon gótico xa triunfara plenamente sobre o carolino en España, pero tamén indica que en León, durante o reinado de Afonso IX, aínda se emprega unha minúscula diplomática bastante regular e que as primeiras góticas cursivas, que aparecen na época de Afonso X, non difiren moito dela. Bea Vaquero (2006: 60) afirma que, en Galicia, o tránsito entre as dúas escrituras se produciu a partir dos primeiros anos do século XIII, en que se empezan a introducir pouco e pouco elementos góticos nos textos carolinxios.

Finalmente, destaca a ausencia de <ç>, grafía innovadora que naceu na segunda metade do século XII e que se xeneralizou aproximadamente a partir de 1240 (Marcet, 2011: 62-63). Segundo Menéndez Pidal (1964: II, §54) o uso do <z> para as dúas sibilantes xorda e sonora era case xeral ata 1230 e a distinción gráfica entre xorda <ç> e sonora <z> vaise afirmando e facendo xeral a partir de 1240. Sánchez-Prieto (2004: 441) di que nos diplomas de Fernando III xa encontramos algúns exemplos da extensión da grafía <ç>, inicialmente só utilizada cando seguía <a>, <o> e <u>, ós contextos vocálicos palatais con exemplos máis ou menos frecuentes de <çe>, <çi>, xa moi comúns na chancelería de Afonso X. Máis sobre o uso das grafías utilizadas nas sibilantes do leonés medieval

[12] a) e b) correspóndense con dúas das chamadas leis de Meyer que identifican un texto como gótico.

pódese ver en Marcet (2011: 62 e ss.), que cre que o uso de <z> para a sibilante xorda pode explicarse como "una reminiscencia de los usos escriturarios de la letra carolina del siglo XII, que tendía a emplear invariablemente la grafía *z* independientemente de la sonoridad de la sibilante africada".

Cremos pois, que a letra se pode encadrar nun período que vai desde os últimos anos do reinado de Afonso IX ós primeiros anos do de Afonso X, o que non nos permite, polo momento, establecer quen é o rei mencionado.




Ilustración 5. Letras do texto A

2.2. ANÁLISE PALEOGRÁFICA DO TEXTO B

No texto B, no pelo do pergamiño, hai varias letras -cremos que catro- correspontentes ás distintas mans que copiaron o texto; tamén se percibe o uso de dúas tintas, unha ocre e outra vermella.

Estas escrituras son máis descoidadas ca no texto A e as letras están moi ligadas. En tres dos momentos escriturarios adóptanse uns tipos moi parecidos, tanto que entre o primeiro e o segundo non podemos afirmar con seguridade se se trata de dúas mans distintas. Por esa razón, analizamos os fragmentos por separado, pero non descartamos que algunhas partes fosen escritas pola mesma persoa. A seguir, descríbense aquelas características máis destacadas de cada copista, que optamos por denominar A_1, A_2, B e C; deste mesmo xeito tamén os identificaremos no comentario lingüístico, xa que optamos por analizar por separado as súas particularidades.

2.2.1. Morfoloxía das letras

2.2.1.1 Copista A_1

O texto está escrito con tinta negra; nas primeiras liñas (percíbense polo menos dezanove -quince ilexibles e catro de difícil lectura-, que coinciden co anaco inicial do rolo), está moi esvaída, polo paso do tempo e porque está na parte do pergamiño máis exposta ó rozamento. Escribe tamén o primeiro parágrafo do segundo anaco de pergamiño.

O *a* vai sempre sen capelo; *c* e *t* son moi semellantes e poden confundirse; o *ç* ten a cedilla bastante separada e desprazada e é fácil que se mesture coas letras da liña inferior; o *d* alterna a súa forma entre a uncial e a redonda; *e* e *o* confúndense frecuentemente, sobre todo cando van unidos a outras letras; *ff* é case sempre de dobre trazo (só hai dous casos de f simple no anaco inicial do coiro); o *g* non cerra o arco inferior; úsase o trazo para darlle valor de palatal á nasal; o *r* é redondo a final de palabra; o *s* longo aparece algunha vez duplicado, xeralmente a principio de palabra; o *s* curvo figura sempre a final de palabra e, ocasionalmente, no interior e a principio de palabra; *v*, que ten sempre valor consonántico, é moi parecido a *b* e poden chegar a confundirse; o *y* deixa caer recto e moi fino o hastil inferior, que non é moi longo; coma no resto das escrituras, non hai *z*.

Hai profusión de abreviaturas e o copista usa sempre signo tironiano agás nunha ocasión en que escribe *et.* Non utiliza signos de puntuación. Escribe un único parágrafo e, ó final do seu texto, traza unha liña longa, á maneira de punto e á parte; é a única vez que aparece en todo o escrito.




Ilustración 6. Detalle da letra do copista A_1

2.2.1.2. O copista A_2

Escribe os parágrafos 2º e 3ª do segundo anaco de pergamiño. A tinta parece ocre, pero ben puidera ser unha negra moi esvaída. A grafía é moi semellante á anterior, por iso a análise das distintas letras pode axudar a concluír se debemos atribuír este texto ó primeiro copista ou se o debemos considerar independentemente.

O *a* nunca ten capelo agás nun caso; o *ç* é semellante ó da letra anterior, coa cedilla separada e desprazada moitas veces; o *d* alterna entre a uncial e a redonda; *e* e *o* confúndense facilmente; alterna *ff* con *f*, mais o de dobre trazo aparece o dobre de veces; o *g* cérrase ás veces nun ollo tamén na parte inferior; O *s* nunca aparece duplicado e é curvo a final de palabra e ás veces a principio; o *r* é redondo a final de palabra; finalmente, e quizais sexa o trazo máis determinante para diferenciala da escritura anterior, nunca se usa a letra *v*, nin como vogal nin como consoante.

Tamén abundan as abreviaturas e aínda que o normal é o uso do signo tironiano, hai dous casos en que a conxunción se representa cun *e* que parece maiúsculo. Non se utiliza ningún signo de puntuación.




Ilustración 7. Detalle da letra do copista A_2

2.2.1.3. O copista B

Escribe o 3ª parágrafo do segundo anaco de pergamiño. Utiliza unha tinta similar á do texto que precede, pero esta é a man que ten unha grafía máis distinta das demais. As letras son máis redondeadas e mantéñense ben separadas entre si. Os hastís superiores son curtos e rectos e, cando se curvan, cerran de todo facendo un bucle, coma no caso dalgún *d*, *h* ou *l*; o *g*, pola contra, só leva lixeiramente o hastil inferior cara á esquerda, sen pechalo; o *r* final é redondo; o *s* final é sempre curvo; o *v* non se confunde co *b*, pois este ten o hastil ben recto; o *n* nunca leva trazo cando é palatal.




Ilustración 8. Detalle da letra do copista B

2.2.1.4. O copista C

Escribe o resto do texto do verso ata o final do coiro. A partir de aquí volve escribirse con tinta negra, de distinta intensidade, agás nalgún engadido que se fai no texto, e a letra que se usa ata o remate aseméllase máis á primeira, pero con características que fan pensar nunha ou mesmo varias mans distintas. O texto aparece agora con unha maior cantidade de engadidos e correccións e varias liñas están riscadas. Semella que hai polo menos dous momentos de escritura, se non son dúas persoas as que escriben, o que nos parece máis improbable.

Nos tres primeiros parágrafos desta man a tinta, negra, ten pouca intensidade. O *a* non sempre cerra de todo pola base e ás veces leva un pequenísimo capelo; o *b* confúndese facilmente con *v*, cun primeiro trazo transversal bastante elevado e co segundo case pechado; a cedilla do *ç* faise longa e moi aberta; o *d* alterna de novo o hastil recto co cerrado nun bucle; o *g* pecha nun bucle o trazo inferior; o *n* palatal non leva trazo; o *s* curvo pode aparecer en interior de palabra e ó final, pero nunca ó principio; e destaca o *y*, que aínda que escaso, estende o brazo inferior nunha liña fina bastante longa, que destaca no texto.

A separación entre o primeiro e o segundo parágrafo deixouse para engadir algo posteriormente, como así se fixo (liñas 125-126), con outra letra de corpo bastante grande, distinta a todas as que ata agora figuraban no pergamiño, que aparece noutras dúas ocasións (liñas 213-214 e entreliñada en 255-256). Ó respecto deste e doutros engadidos que hai de aquí ó final do pergamiño, é moi difícil concluír se foron escritos polas mesmas persoas ca o resto do texto ou non.





Ilustración 9. Detalle da letra do copista C e engadidos

Neses tres primeiros parágrafos da man C, moi ocasionalmente, encontramos por primeira vez no pelo do pergamiño signos especiais, en concreto, varios casos de ápex moi finos para distinguir un *i* ou un ápex dobre en palabras que conteñen dúas vogais iguais seguidas: *Moor*.



No resto dos parágrafos ata o final, a diferenza fundamental con respecto ó fragmento anterior é o cambio de intensidade da tinta en varias ocasións, xa que a letra é moi similar. Esta letra C ten ademais unha característica bastante evidente: moitas das liñas rematan cun alongamento dalgún elemento da última palabra, ben o trazo de abreviatura, ben a barra horizontal dun *t* ou a parte superior dun *s* curvo final.







Ilustración 10. Detalle dos alongamentos a final de liña do copista C



2.2.2. Nexos, ligaduras e abreviaturas


Como corresponde ó tipo de escritura, máis cursiva, son máis frecuentes os nexos entre letras ca no texto A. Á parte da ligazón entre *s* e *t*, ben máis evidente, e da fusión das curvas contrapostas, hai outros casos característicos coma a unión de *c* e *o*, que lembran moitas veces algo semellante ó signo actual de infinito ∞.

As abreviaturas tamén son frecuentes. O trazo xeral de abreviación ten un dobre valor: o de suplir unha ou varias letras, fundamentalmente un *–n* ó final ou en interior de palabra, unha vogal ou un grupo de letras; pero tamén indica a nasalidade dunha vogal, fundamentalmente nos artigos indeterminados; algunhas veces, aparentemente, non indica ningunha abreviación. Ademais sobre a letra *n* representa, en ocasións, o son palatal /ɲ/.


 (chaman)  (Muimenta)

 (Mo*n*teiro)  (Martís)


 (hũu)  (hirmãao)

 (ffillos)  (camjño)

No texto hai tamén abreviaturas por letra(s) sobreposta(s) coma nos exemplos seguintes:

 (doutra)  (quaes)  (público)  (Castro)

E tamén por suspensión e contracción

 (Rrodrigues)  (Jtem)  (p*er*teeçía*n*)


 (t*er*ça)  (*con* súa *con*pana)

Hai moi poucos signos especiais e ningún signo de puntuación. Unicamente se utiliza unha cruz (+), ás veces cun punto en cada ángulo, para indicar a posición de palabras ou texto entreliñados, nas mans A_2, B e C. Tamén en C, na marxe esquerda do texto, bastante ampla, aparecen ocasionalmente as letras *a* e *f*, sen que poidamos atribuírlles un significado concreto.



O texto do verso do *Tombo das viñas*, o texto B, iníciase dun xeito abrupto. Á deterioración das primeiras liñas, súmase o feito de que non sabemos o momento en que se engadiu o primeiro anaco de coiro e, polo tanto, se o texto que nel se escribiu ten continuidade no seguinte.

Nas dúas edicións previas a esta que se fixeron, a de Cambón e a de Olga Gallego, a transcrición do verso comeza no segundo anaco de coiro. Cambón escribe "Present", seguramente seguindo o traslado do cartulario de 1800. Olga Gallego empeza o texto con dúas palabras entreliñadas situadas sobre o lado dereito da primeira liña e así interpreta "a et heredades sent das viñas...".



O encabezamento deste segundo anaco, que describe o contido do documento[13], fainos pensar que cabe a posibilidade de que sexa independente do escrito que o precede. A(s) palabra(s) iniciais, que transcribimos como "Rº ssent", son para nós un enigma.

Rº, habitual abreviatura de *Rodrigo*, non ten cabida. Quizais se poida interpretar como *Reçebemento*, *Reconto* ou *Repartimento* con que se inicia a notificación dalgúns textos medievais[14]. A seguinte palabra aínda é de máis difícil interpretación. Podería ser abreviatura por contracción de *sentença*, con omisión de trazo, pero sen máis datos, isto debe considerarse só unha hipótese.


Como se pode ver na imaxe inferior, parece haber dúas palabras ben separadas e non é habitual nin neste texto nin noutros da época a separación dunha sílaba abreviada do resto

[13] A letra C empeza tamén cunha fórmula de notificación: "*Estas som as herdades que Santa María de Melón á em Santo Esteuo*".

[14] Son algúns dos resultados da busca *R*o* no TMILG.

da palabra para que se xustifique a lectura de Cambón. Tampouco *pressent(e)*, *present(ación)*, etc. adoita encabezar notificacións, segundo comprobamos nas bases de datos e só encontramos as palabras previamente á mención de testemuñas, coma no exemplo que engadimos, que corresponde á palabra pressentes nun texto da documentación do mesmo mosteiro.





Queda, pois, para futuras investigación a resolución desta incógnita.

2.2.3. Conclusións

En conclusión, tres das grafías deste texto (A_1, A_2 e C) son bastantes similares entre si e difiren de B, que é algo máis redondeada e de letras máis separadas, pero de trazos similares. As catro entran na categoría das góticas cursivas, que abranguen un período amplo que vai desde finais do século XIII ata o XV e encádranse no tipo chamado habitualmente de *albalás*, caracterizada, segundo Marín / Ruíz Asencio (1989: 330), polos hastís dobres de *f* e *s* -que nós transcribimos como letras duplicadas-, o *s* final de dobre curva e a unión das letras.

Con respecto ó tipo de escritura gótica documental en Galicia, Lucas Álvarez (1950: 64), que analiza os escritorios notariais composteláns, indica que, a primeira vista, as súas letras non diverxen moito das de calquera outra escritura da península, pero teñen tendencia á redondez, un marcado contraste entre perfís e trazos grosos e "graciosas" curvas de baixada e de subida. Nada disto lle acae ben á descrición da escritura do verso do noso documento. Máis similitudes seguramente hai coa definición do que el chama, e traducimos, "gótico galego con influencias cortesás" que, segundo este autor, se empeza a xestar a partir de 1345 e que se caracteriza por unha marcada redondez, un grosor extraordinario e uns perfís que só alcanzan os extremos das letras e un sistema exacto para abreviar (Lucas Álvarez, 1950: 68). Beatriz Vaquero (2006: 61) indica que a gótica documental galega se desenvolveu entre mediados do século XIII e 1350 e que evoluciona coa incorporación das características das escrituras cortesás que dominan en Castela. Non encontra diferenzas

salientables entre o seu alfabeto e o utilizado noutros reinos do centro e do oeste da península e salienta, coma Lucas Álvarez, o sistema abreviativo que a identifica.

A este respecto, moitas das abreviaturas que Beatriz Vaquero (2002: 337 e ss.) recolle nun traballo anterior sobre a gótica cursiva no mosteiro de Celanova, próximo á área de Melón, vémolas reflectidas no verso do *Tombo das viñas*. Así a abreviatura de *er*, "que co paso do tempo faise maior e describre unha ampla curva que se prolonga ata voltar a tocar a caixa do renglón" témola ben representada. Como a autora indica, é usual no sufixo *-eiro*, *-eira*, polo que as dúas letras *e* e *r* se deben transcribir en sílabas diferentes. Tamén o signo 9, na caixa da liña, que representa a sílaba *con* ou o *a* sobreposto como abreviatura de *ra*. E, xa nos tipos máis tardíos, precortesáns, a innovación que supón o trazo xeral de abreviación de trazado máis curto, situado con máis precisión sobre a sílaba abreviada e un tipo de abreviaturas que a autora define como "incorrecto", como o caso de *pp*^{co} para *público*, do que nós ofrecimos un exemplo atrás, no apartado correspondente. Destaca no noso texto a inexistencia de *R* maiúsculo alternando con *rr*, uso que a autora sitúa no século XV.

Non podemos pois, a través da letra, encadrar o texto B nun período de tempo demasiado concreto.

2.3. Análise paleográfica do texto C

O texto C é un texto borrado que puidemos recuperar grazas a técnicas fotográficas especiais.

Para iso fotografouse o documento en diferentes bandas do espectro, tanto as visibles R, G, B, coma as non visibles, ou sexa, o ultravioleta e o infravermello; o obxectivo era facer unha caracterización multiespectral do pergamiño para poder ver a *scripta inferior*.

Posteriormente procesáronse as imaxes e realizáronse diferentes modelos, tanto en escala de grises coma a cor.

Todo isto permitiunos acceder máis facilmente á lectura. Con todo, renunciamos a facer unha descrición paleográfica, xa que non sempre saberemos descartar os efectos producidos polo tratamento fotográfico da morfoloxía propia da escritura deste texto, en aparencia unha clara gótica cursiva. Ó final deste traballo, reproduciranse varias imaxes del con distintos tratamentos. Pero velaquí unha mostra da situación orixinal e do resultado dun dos modelos aplicados.



Ilustración 11. Comparación do perg. orixinal co perg. tratado fotograficamente

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3. Análise codicolóxica e diplomática do *Tombo das viñas*

3.1. Consideracións xerais

Máis alá do valor filolóxico que posúa o *Tombo das viñas de Ribadavia*, en canto que nos fornece momentos da historia da nosa lingua ou da nosa historia lingüística, deberemos tratalo nos seus aspectos diplomáticos, en canto que é a "noticia escrita dun(s) acontecemento(s)" (Riesco, 2000: 193).

Aínda que nalgún tempo da historia da ciencia diplomática o estudo do *Tombo* sería desbotado por carecer este dunha formalidade especialmente solemne, tanto nas súas características internas coma nas externas, autores de traballos máis recentes contemplan este tipo de documentos e recoñécenlles estruturas formais estables e funcións que os presentan como formas diplomáticas de pleno dereito. E aínda máis, considéranos pezas fundamentais para o coñecemento de fases pretéritas da lingua e avogan por un estudo multidisciplinar que reúna aspectos diplomáticos, paleográficos, lingüísticos, filolóxicos e aínda antropolóxicos (Susana Pedro, 2008: 655).

Para a diplomática tradicional e dentro da clasificación documental, os dous textos que se conteñen no recto e no verso do pergamiño (textos A e B), pola ausencia de formalidade son apenas considerados *noticias*, simples anotacións relativas a feitos, sen garantía de veracidade e eficacia, pois carecen de elementos que os doten de solemnidade fronte ás *cartas*, os *privilexios*, as *sentenzas*..., formas históricas da tipoloxía documental. Susana Pedro (2008: 646) sinala que houbo un longo debate sobre o seu valor xurídico que durou máis dun século e aínda continúa e que iso fixo que deixasen de ser consideradas formas diplomáticas.

Na análise codicolóxica deste documento que iniciamos a continuación, seguimos basicamente a Elisa Ruíz (2002). Os apectos diplomáticos tratarémolos a partir da obra de Riesco (2000).

3.2. Análise codicolóxica

O rolo ten unhas medidas aproximadas de 218,6 cm de longo e 16 cm de ancho. O pergamiño está ben arranxado; pola carne é claro e liso e de boa calidade, sen que se advirtan cicatrices, marcas ou manchas da pel do animal. A parte do pelo, que pola súa natureza é máis rugosa, está manchada ó inicio e ó final, seguramente a causa do propio

enrolado. Nela tamén se observan imperfeccións e distintas coloracións características desta parte do coiro. Como xa dixemos, o documento está constituído por catro anacos con lonxitude aproximada de 19,6, 57, 74,2 e 37,8 cm. O primeiro anaco é un pergamiño borrado pola carne, aproveitado para poñerlle con posterioridade título ó rolo polo verso e cosido con cordel; os outros tres -os primixenios- están cosidos entre si con dúas "costuras" de coiro. En conxunto está ben conservado, agás cinco amósegas na beira esquerda e dous "ollos", que afectan lixeiramente á lectura do recto, pero non á do verso, que as evita, o que demostra que eses defectos se deberon producir entre a escritura dun e doutro texto.

A tinta utilizada no recto é ocre, o coiro está moi aproveitado, pois non se lle deixaron marxes á escritura nin nos laterais nin na parte superior. A parte inferior amosa que o texto está incompleto, seguramente porque o pergamiño foi cortado, e parecen darse dúas posibilidades do que aconteceu: ou a redacción se interrompeu, xa que se pode ver que, se houbese unha liña inferior completa dentro dun parágrafo máis longo, quedarían restos; ou o corte eliminou unha liña inferior que non chegaba ó final, coa que remataba o parágrafo.



Ilustración 12. Final do recto do pergamiño (Texto A)

Ó longo do texto do recto vanse subliñando frecuentemente o nome do mosteiro e outras referencias que consideraron de interese, quizais para unha fácil localización de cales eran as súas pertenzas e dereitos na vila de Ribadavia. O subliñado posiblemente sexa posterior ó acto da escritura.

No verso, escrito con tinta negra, as marxes son moi variables, produto das distintas mans, das que se falará máis adiante.

Tanto no recto coma no verso a disposición do texto é a liña tirada, con bastante separación entre unha e outra. Non se percibe nos dous lados do documento ningún tipo de pautado; non obstante, e sobre todo no recto, vese certa intención de manter a

horizontalidade. No recto hai poucas correccións e só en dúas ou tres ocasións aparecen anotacións interlineais. O verso está máis descoidado.

Na carne do documento, o corpo da escritura consta de 264 liñas, separadas regularmente e divididas en seis parágrafos; tres no primeiro anaco de pergamiño, un no segundo e dous no terceiro. Estas seccións parecen ter intención, dalgunha maneira, de organizar o contido do texto.

No verso do documento enumeramos 291 liñas primarias (xa que hai bastante texto entreliñado), as 15 primeiras ilexibles e catro do final (283-286) que presentan dificultades de lectura. Como consecuencia da existencia de varias mans (quizais tres ou catro)[15] e distintos momentos de escritura, na primeira parte do texto as liñas manteñen a horizontalidade con pouca separación entre elas, polo medio tenden a ascender lixeiramente e amplíase a separación, e volven a recuperar a horizontalidade contra o final. O primeiro anaco de pergamiño, tendo en conta as dificultades que presenta polo mal estado da escritura, parece conter un único parágrafo; no segundo anaco hai seis, escritos por distintas mans; o terceiro está constituído por unha única alínea, talvez escrita en dous momentos distintos, e no anaco final obsérvase un primeiro parágrafo longo, logo outro bastante ilexible e cinco alíneas breves, case á maneira de lista. Esta división do discurso non responde, en principio, a ningunha intención organizativa.

Finalmente, temos que deternos no primeiro anaco do pergamiño, como xa se dixo cosido con cordel ó resto, fronte ós outros tres anacos unidos con coiro. Este engadido foi posterior á escritura primixenia do recto, posto que está sen utilizar por esa parte e, a simple vista, obsérvase que é un fragmento reaproveitado, xa que se distinguen polo lado da carne restos dunha escritura previa que puidemos recuperar case na súa totalidade. Posiblemente se engadiu para, polo verso, no sentido contrario, poder poñerlle ó escrito primeiro o título *Tunbo de las viñas de Rribadavia* -do que aínda se percibe claramente a palabra *Rribadavia* e algunha outra letra-, quizais como parte do traballo de arquivo do mosteiro ("Título 1", na Ilust. 13). Nun tempo moi próximo a ese feito, debeuse realizar a escritura do verso de todo pergamiño. Máis tardío, xa que a letra parece posterior, foi o feito de “repasar” as palabras

[15] Como vimos no apartad de paleografía, hai que considerar que, á parte desas persoas que escribiron o texto, algúns dos engadidos e entreliñados están feito cunha letra moi distinta a das do texto primixenio polo que aínda puido intervir algunha persoa máis.

Tunbo de las do título orixinal e repetilo todo: *Tunbo de las viñas de Rribadauia* ("Título 2"). Sorpréndenos o uso da palabra *tombo*, pois xeralmente utilízase para denominar códices ou grandes libros, o que noutros lugares se denomina cartulario ou becerro. Sobre o concepto de *tombo*, a área de uso da palabra e os problemas sobre a súa etimoloxía véxase Mendo (2002: 168-169).

Posteriores á escritura orixinal son as anotacións arquivísticas. Os comentarios na tese de Cambón ó respecto, malia que o autor fai unha detida relación dos arquiveiros coñecidos de Melón e dos "contrasinais" que utilizan, non nos foron de axuda. Distinguimos o que parecen ser varias marcas clasificatorias no noso pergamiño pero non podemos aventurar cal é a súa antigüidade e o seu significado. Estes sinais correspóndense con *I* - un <i> maiúsculo ou 1 en números romanos- ("Marca 1"), no lado inferior dereito; un *8* entre os dous títulos ("Marca 2"); as letras *B* e *H* ("Marca 3"), en tinta azul e que parecen as sinaturas máis modernas; e un 5 ou *z* coa liña superior estendida tamén na esquerda ("Marca 4"), signo moi fino e case imperceptible.

Obsérvase tamén, no sentido contrario ós títulos, que hai restos da escritura do texto que ocupa este anaco inicial do verso do pergamiño, quizais escrito na mesma época ou nunha moi próxima á primeira titulación. Ó final deste traballo, engádese unha reprodución do recto e do verso do pergamiño, a cor e a tamaño real, o que permite observar con mellor precisión todo o comentado anteriormente.




Ilustración 13. Título(s) e marcas de arquivo

3.3. CARACTERÍSTICAS DIPLOMÁTICAS

O documento contén tres textos independentes escritos en distintas épocas e de tipoloxía diferente que se corresponden co recto, o verso e o *codex rescriptus* que encabeza o pergamiño. Describimos con certo detalle o contido de cada un porque isto será fundamental para a súa datación e, parellamente, para determinar a súa autenticidade, fin último da diplomática. Os dous primeiros deben de ser clasificados como documentos *narrativos* (Riesco, 2000: 208).

O texto A, o primeiro en ser escrito, recolle unha enquisa a uns *caualeiros* (liñas 227-228) de Ribadavia que declaran sobre as casas, as viñas e outras propiedades que *an las Órdenes enno coto del Burgo*.

Son os inquiridores, *omnes del rrey*, Xoán Páez e Pedro Domínguez e os *vigario*s nomeados por eles, Pedro Martiz Paián e Fernán Núnez. Hai doce persoas declarantes ou *jurados*, todos homes, se é que non se lles preguntou a máis, xa que como vimos o documento está incompleto.

O procedemento seguido, se nos cinximos ó texto, é que o primeiro de *estos jurados* (liña 5) responde sobre o que el coñece nunha longa exposición que finalmente os restantes confirman (*como dixo Alfonso Pérez que dixo primeir*o). Con todo, parece máis factible que todos os declarantes fosen lembrando, ben individual ben conxuntamente, os datos e que o relato do proceso se compuxese desa maneira só por comodidade.

O instrumento ten unha estrutura moi simple.

No primeiro parágrafo, insírese o *protocol*o que queda reducido a unha fórmula de notificación (*Esta ye la renembrancia de la enquisa...*), á presentación dos inquuiridores (*Johán Peláez e Pedro Domíngez, omnes del rrey don Alfonso*), á procedencia destes mesmos ou ó lugar de realización (*en Rribadauia*) e ós vigarios escollidos por eles (*pusieron consigo por vigarios que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós a Pedro Martiz Paan et a Ffernán Núnez*).

A seguir, no segundo parágrafo, empeza a enquisa en si, co xuramento e a declaración do primeiro preguntado, *don Alfonso Pérez*, que informa sobre quen ten (que mosteiro, igrexa ou orde relixiosa) as propiedades das casas en Ribadavia. No terceiro parágrafo, como seguindo unha orde na tipoloxía dos bens, explicítase outra parte do obxecto da pescuda (*Estas son elas vinas que an elas Órdenes enno Coto del Burgo*), pero de

seguida se mesturan outras propiedades agrícolas (*lera*, *senara*...) e outros bens inmobles (de novo *casa*, e tamén *forno*, *plaza*, *eredad*, *bodega*...) quizais lembrándoos segundo certa ordenación espacial do territorio. E así ó longo do cuarto e quinto parágrafos.

O sexto e último parágrafo do texto remata co xuramento do resto dos declarantes (*jurado e preguntado dixo e otorgó en todo como estos otros*), xuramento que queda incompleto porque o pergamiño, como dixemos, debeu ser cortado.

Como se pode observar, tanto polo carácter "non dispositivo" do diploma coma pola "autarquía diplomática" característica deste tipo de instrumentos (Pichel, 2008: 75), descoñecemos parte da xénese do acto documental: entre outras cousas, carece de datación, ignórase que feito motivou a enquisa e quen solicitou o acto procesual (*petitio*) e non está suficientemente claro quen outogou este procedemento. Tampouco se sabe quen foi a persoa que o escribiu, ben polo tipo textual, unha nota que logo sería elevada a carta, ben por que o documento está incompleto, ben porque na época en que se escribiu non estaba aínda regulada a institución notarial, incipiente aínda a mediados do século XIII cando Afonso X empeza a ordenar as súas funcións e o seu procedemento no Foro Real e no Espéculo (Bono, 1979:231-256).

A este respecto é de interese entre estes libros xudiciais de Afonso "el nono"[16], o que no Espéculo se indica en relación ós escribáns:

> Poner escrivanos non conviene tanto a ningún ome como al rey. Ca él os deve poner primeramiente en su casa [...]. E los puede otrosi poner para fazer las pesquisas en quantas maneras ellas son, así como dixiemos en el título de los pesquridores. (Espéculo, l4.12.1).

Queremos ademais destacar, así o fai tamén Bono (1979, 239 e ss.), a diverxencia entre o Foro Real e o Espéculo en relación á confección "in pública forma" a partir da "nota", que segundo o Foro se debía conservar e destruír segundo o Espéculo:

---

[16] Non podemos deixar de mencionar que, a pesar de que seguimos a denominación da historiografía española ó respecto da numeración dos reis, Afonso IX é o oitavo de Galicia e Afonso X, o noveno. Así o foi tamén en España ata séculos recentes. Véxase por exemplo o título da obra do impresor de Burgos Juan de Junta en 1541: *Fuero Real de España: diligentemente hecho por el noble Rey dõ Alõso IX glosado por el egregio doctor Alonso Diaz de Mõntaluo*.… ou a do impresor Juan Mafrey en 1611: *Las Siete Partidas del sabio rey don Alonso el nono, nuevamente glosadas por el licenciado Gregorio López* del *Consejo Real de Indias y su Majestad*.

> Los escriv. públ. tengan las notas primeras que tomaren de las cartas que ficieren, quier de los otros pleytos cualesquier, si carta fuere ende fecha, porque si la carta se perdiere, o viniere sobre ella alguna dubda, que pueda ser probado por nota donde fue sacada (Foro Real, 1.8.2).
>
> Debe fazer primeramiente la nota, e pues que fuere acordada ante aquellos que la mandaren fazer, dévela escrivir en el registro, e romper la nota, e fazer la carta (Espéculo, 4.12.8).

Lucas Álvarez (1989: 366) di sobre os "scriptores" que "simplemente notan y confirman como testigos de execepción" e que "desde el punto de vista de la función notarial, constituyen un antecedente histórico, incluso cuando cronológicamente acompañan al notariado propiamente dicho".

Pola súa parte, o texto B, o do verso, é unha relación de propiedades (*das viñas et das casas et dos soutos et herdades et dos fforos*) que o mosteiro de Melón ten na parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, en Carballeda de Avia.

Como se perdeu a parte inicial do texto polo mal estado do coiro e porque foi utilizado para titular o recto, non podemos saber se hai algún tipo de fórmula protocolaria no documento que contén o verso do pergamiño, aínda que non o parece. Con todo, no segundo anaco de coiro, iníciase o relato cunha fórmula de notificación (*Rº ssent das viñas et das casas et dos soutos et herdades et dos fforos que o moesteiro / de Mellón et ha enna villa de Sant Esteuo*), coa dificultade engadida de interpretar a abreviatura e a segunda palabra que o encabezan, como xa se tratou no apartado de paleografía. A seguir empézanse a enumerar estas propiedades en tres parágrafos, quizais escritos pola mesma man, pero os dous útlimos cunha tinta máis esvaída. O cuarto parágrafo, seguramente escrito por outra persoa, pois a letra varía moito, repite o contido do que recolleu o primeiro escribán a partir da notificación, con algunha alteración na redacción e outras opcións gráficas, polo que parece que ambas e dúas mans están tomando a información a partir dunha fonte común o que, seguramente sen moita marxe, lles permite facer algunha variación. Compárese a redacción dos primeiros datos:

Letra A:

> Jt*em* primeiramente jas hũa leira hu | chama*n* a d'Orrac'Arres, como parte dũu cabo p*e*lla que ffoy de M*ar*ía Caruoeira | et parte doutra parte p*e*lla que ffoy de D*omin*ga Eane*s* de Muime*n*ta | et de Johán Calujño et en ffondo ffere e*n*mo rregueiro et en çima topa | e*n*mo camjño público que vé*n* p*e*ra Cardoxe. Jt*em* outra leira hu chama*n* O Sseixo que | vay fferir e*n*mo rregueiro da Videira et parte p*e*lla que ffoy de P*e*ro Ffeca et | doutra p*e*lla do Espital et topa e*n*mo camjño que vay p*e*ra Carduxi.

Letra B:

> Jt*em* jas hũa leyra hu chama*n* ha d'Orrac'Ares como parte dũu cabo | p*e*lla que ffoy de M*ar*ía Caruoeyra et parte da outra parte p*e*lla que ffoy | de D*omin*ga An*e*s de Moyme*n*ta et de Johán Calujno et en ffondo ffere | no rrigeiro et ençima topa no camjno público que ué*n* p*er*a Cardoxe, et | ffase*n* dela fforo de terça. Jt*em* outra leira hu chama*n* o Sseixo que | vay ffirir e*n*mo rrigeiro da Videira et parte p*e*lla que ffoy de P*er*o | Ffeca et da outra p*e*lla que ffoy do Espital et topa no camjno que | vay p*er*a Cardoxi et ffase*n* dela fforo de terça.

As propiedades que enumeran ata aquí, xa que a segunda persoa (B) repite a primeira parte do que escribe a primeira (A_1), correspóndense cos bens do mosteiro de Melón nesa parroquia de Santo Estevo de Nóvoa nun momento concreto pero pouco preciso, que se especifica no remate do fragmento do escribán A_2:

> Estas herdades todas ensinou e peegou Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et / Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea et moradores en Santo Esteuo peegaron / todo ao abbade don Esteuo aa seída da morteidade et os fforos e / casas e herdades que perteeçían ao moesteiro de Melón enna flliguesía de Santo Esteuo / et en se[u] término et morou hi o abbade tres días con súa conpana por saber / estas herdades.

Finalmente, o que parece unha terceira e última man engade o resto do contido, precedéndoo tamén dunha notificación: *Estas som as herdades que Santa María de Melón á em Santo Esteuo*. No texto deste terceiro escriba, hai dous engadidos. O primeiro remata o primeiro parágrafo do seu escrito, onde deixou un espazo en branco, seguramente por descoñecer os datos; logo outra man, que non parece ningunha das que escribiran ata agora, complétao. O outro engadido, un texto independente constituído como alínea, está contra o final do documento. É difícil de ler porque a tinta está máis esvaída e tampouco se percibe ben a cal das mans pode corresponder a letra.

O que denominamos texto C do *Tombo das viñas* correspóndese cunha *scriptio inferior* borrada, que está no recto do primeiro anaco de pergamiño. Contén un prazo de aforamento entre *Johán Esteues*, abade de Melón, e *Affonso Peres* e a súa muller, *Marina Martís*, por unha viña *sóbrella fonte da Nugueira*, en *Fondo de Rebordochaão* (parroquia de Rebordechán, Crecente).

A dificultade que pode supoñer ler a *scriptio* borrada viuse compensada pola existencia de sete cartas de aforamento (docs. 771, 773, 776, 780, 786, 787 e 792 de CDMelón) en que participa ese mesmo abade e o mesmo escribán, frei *Lourenço*, cartas que

presentan sempre unha estrutura similar: un *protocolo* coa data (que no noso documento falta, xa que supoñemos que debeu ser recortado pola parte superior para eliminar o zig-zag característico da *carta partida* e así adaptalo ó resto dos anacos de pergamiño do tombo); a notificación (*[Sábean quantos] este praso viren*); e a subscrición ou presentación das partes. A seguir, vén o corpo do documento, coa disposición do aforamento e as condicións que se establecen. O *escatólogo* tamén é breve: inclúe a validación quirográfica (indicación de que é unha carta partida por ABC), a mención das testemuñas e a validación do escribán.

Galende Díaz (1996: 363-363) afirma que as cartas partidas por A B C xorden na península a partir de finais do século X e empeza a decaer o seu uso a finais do XIII, momento en que aumentan o uso do selo e a validación notarial. Ó principio, a escisión entre os exemplares era recta pero, para evitar falsificacións, empezou a facerse de forma irregular, con distintos tipos de corte.

3.4. Problemas diplomáticos

Como se observa, os tres textos presentan problemas diplomáticos. O máis evidente é a falta de data en cada un deles, o que nos vai esixir ter en conta outros aspectos, coma o paleográfico, xa tratado, o lingüístico, o prosopográfico e o histórico para intentar concluír con certa precisión en que momento se realizaron.

O texto A, o que orixina o tombo, aínda ten a dificultade de estar incompleto, xa porque se cortou o final do pergamiño xa porque non se continuou por algunha razón que descoñecemos. En principio tampouco se sabe que feito motivou a enquisa, quen a ordenou facer, quen a escribiu, nin en que contexto a debemos situar.

O texto B tamén presenta unha serie de incógnitas difíciles de dilucidar, isto é, se foi feito nun ou en varios momentos, se se realizou coa intención de configurar un documento único con respecto ó primeiro (isto é, xuntar nun único pergamiño as posesións do mosteiro de Melón da área de Ribadavia) ou se, simplemente, se pensou en aproveitar o coiro escribindo polo seu pelo.

O principal problema do texto C era recuperar a maior cantidade de información posible e a poder ser, datalo.

Sobre todo isto trataremos de achegar algunha luz de aquí en diante.

3.5. O TIPO DOCUMENTAL *ENQUISA*

O tipo textual *enquisa*, por carecer de elementos validatorios, encádrase na diplomática dentro do concepto *noticia* ou documentación non dispositiva, de escaso valor xurídico e diplomático. Máis interese suscitou, non obstante, noutras disciplinas.

3.5.1. O procedemento inquisitivo para a historia en xeral e para a historia do dereito

A historiadora británica Procter (1966) analizou o procedemento inquisitivo nos casos civís e criminais en León e Castela a partir da documentación medieval que se levaba publicado ata daquela. A autora fai un estudo bastante pormenorizado que resumiremos aquí, no que atanxe ós casos civís, para poder encadrar o noso documento A.

Procter conclúe que o procedemento inquisitivo afunde a súas raíces no dereito romano, recuperado na Idade Media, e nas prácticas eclesiásticas e ten o seu antecedente directo no costume altomedieval da proba *per inquisitione*, en romance *pesquisa* ou *exquisa* (e *enquisa* no caso do galego, engadimos nós). Na baixa Idade Media, a enquisa foi o método de proba máis frecuente na corte real xunto coas probas por xuramento e a ordalía. Na documentación medieval hai exemplos da súa práctica desde os séculos X e XI pero ata o XII e o XIII non se teñen testemuños abondo para poder analizar este procedemento en detalle. A maioría dos indicios están nas cartas reais, que ordenan unha enquisa para resolver un preito, nomean os enquisadores ou ditan sentenza. Con todo, raramente se conservan todos os documentos dun mesmo caso.

A enquisa usouse xeralmente en litixios entre dúas partes referentes á propiedade da terra, ós dereitos sobre pastos, disputas sobre lindes e ás obrigas e servizos que se lles debían ós señores feudais. Na maioría dos casos unha das partes era un eclesiástico ou un corpo eclesiástico (bispos, cabidos das catedrais representados por un ou dous membros, mosteiros representados polo abade e mestres das ordes militares que actuaban persoalmente ou por poderes). Pero tamén había demandantes laicos, coma os concellos das grandes cidades representados por persoeiros, os concellos de cidades máis pequenas e vilas e mesmo cidadáns que preiteaban contra os nobres ou os seus señores feudais.

Os enquisadores (entre 1 e 8, conta Procter) eran nomeados *ad hoc* polo rei. O seu status era variable, xa que podían ser bispos, abades, priores, oficiais reais (incluídos os meiriños), cabaleiros e alcaldes das cidades. Con todo, na maioría dos casos non se indica o seu rango. A partir do século XIII, sobre todo da segunda metade, xunto co rei, que

xeralmente designaba un, parte dos enquisadores podían ser nomeados polos propios demandantes, tralo acordo entre ambas partes. Tamén hai indicios de que puido haber enquisadores permanentes ligados a unha localidade e mesmo que puido ser un oficio permanente dependente do rei[17].

Logo de xurar ante o rei, os enquisadores viaxan á localide (ou localidades) onde se debe facer o interrogatorio. En ocasións eles mesmo escollen as persoas que van declarar, pero non hai indicacións de como se fai a selección.

Os declarantes (os *jurados*) tamén son variables en número. Xeralmente son descritos como homes bos (*bonos homines*, *omes bõos*), que é unha designación ampla que non aclara moito. Parecen ser homes libres de cidades e vilas, homes de rango elevado, homes respectables; en conclusión, persoas de certo nivel na súa comunidade, merecentes de confianza e con boa reputación, xeralmente elixidos entre os de máis idade, xa que a súa memoria podía ir máis lonxe no tempo. Valdeavellano (1968: 464) di que "hombres buenos de las ciudades y villas" é a denominación que en León e Castela reciben os cidadáns ou burgueses como grupo social caracterizado por su "peculiar condición jurídico-social, por su *status* o *estado*, y como tal *estamento* ciudadano". Cando se dan os nomes, poden aparecer cos seus cargos, clérigo, presbítero, sacerdote entre os relixiosos; entre as descricións laicas figuran *miles* ou cabaleiro, alcalde, pastor... O título *dominus* úsase ás veces, pero a maioría dos nomes danse sen indicación de clase.

Ós declarantes preguntábaselles individualmente sobre os feitos, pero as preguntas normalmente non figuran na enquisa: ou se recollían no documento que a ordenaba facer ou poden deducirse das respostas. Normalmente preguntábaselles por un período de tempo que abranguía o reinado previo e, se este era moi curto, tamén o antecedente.

Tiñan que facer xuramento e podíano facer polo seu propio coñecemento (os máis vellos) ou polo que oíran dicir (os máis novos), para o que citaban como autoridade os seus devanceiros, pai ou avó, xeralmente.

A forma escrita da enquisa era variable. Nalgúns casos os nomes e as declaracións dábanse secuencialmente coa fórmula habitual (*Nomen), adiuratus dixit*; en romance galego

[17] Valdeavellano (1968: 550) di que durante a segunda metade do século XIII, os reis empezaron a enviar delegados ou inspectores reais para resolver problemas xurdidos da mala administración dos municipios e que estes recibían o nome de *pesquiridores*, *veedores*, *emendadores* ou *alcaldes de salario*.

(Nome), jurado e preguntado, dixo. Noutros, os nomes dábanse en grupos; ou unha ou dúas testemuñas xuraban e declaraban primeiro e seguía un resumo das declaracións das restantes. Noutros só se dá a conclusión do interrogatorio.

Normalmente, as enquisas estaban seladas cos selos dos enquisadores ou acompañaban as súas cartas seladas; estas instrucións adoitaban indicarse na carta real que ordenaba a enquisa.

Non se coñece canto era o tempo habitual dedicado a un procedemento inquisitivo, porque raramente se conservan todos os documentos relativos a un caso. Como exemplo, nun preito entre o bispo de Ávila e os laicos no reinado de Sancho IV, entre que o rei ordena facer a enquisa e a sentenza ó respecto pasan arredor de tres meses.

Unha vez feita a enquisa, mandábaselle ó rei, que ordenaba lela ante a curia e ditaba sentenza, logo de pedir consello ou non á propia curia ou ós xuíces reais. Posteriormente, nomeábase un oficial para que a levase a cabo esa sentenza.

Nalgúns casos eran os propios inquiridores quen a tramitaban no propio lugar, sen mención do rei. Segundo Procter, isto podería indicar que inicialmente as funcións de enquisadores e xuíces confluían e mesmo se confundían e que pouco a pouco os enquisadores se foron convertendo en funcionarios que tiñan como único deber recibir a proba. Nos preitos fronteirizos, con todo, parece o normal que os propios enquisadores leven a cabo as conclusións sen antes remitir a enquisa ó rei.

As enquisas tamén estiveron estreitamente conectadas con investigacións reais sobre a propiedade das terras, en querelas contra oficiais do rei ou na defensa dos dereitos da coroa (principalmente os fiscais no século XIII), o que fixo moi impopulares os enquisadores. Parece que a partir do século XIII tende a desaparecer como proba procesual nos preitos -a pesar de que Procter localiza exemplos polo menos ata mediados do século XIV- e vai camiño de converterse nun recurso administrativo e fiscal.

Por outro lado, desde o punto de vista da historia do dereito (Cerdá, 1962), a enquisa é unha das formas do procedemento criminal que, fronte ó procedemento acusatorio iniciado polos litigantes, é de iniciativa oficial, pois son os xuíces ou o tribunal os que investigan sobre o feito delituoso. Considerábase que este procedemento inquisitorial xurdira pouco despois da caída do Imperio Romano, fora accesorio posteriormente e desaparecera nos primeiros séculos da Idade Media para rexurdir despois a finais desa época e a comezos da

Moderna, como consecuencia da chamada recepción do dereito canónico-romano. A análise da documentación medieval española desvelou que realmente a enquisa non se deixara de usar pero si fora cambiando de papel no procedemento criminal ata adquirir unha importancia considerable fronte a outro tipo de métodos probatorios, con menos garantías xudiciais, coma a ordalía por exemplo, e que alcanzou un momento significativo con Afonso X. Neste momento, xorde na práctica xudicial un tipo de proceso que se inicia "de oficio", isto é, por iniciativa do xuíz que ordena unha enquisa. Coincide no tempo co auxe do poder real (o rei convértese tamén en xuíz), coa prevalencia dos dereitos territoriais e co amplo labor lexislativo do rei Sabio.

Para Valdeavellano (1968: 560), a recepción canónico-romana substituíu o procedemento xudicial "acusatorio" polo procedemento "inquisitivo" ou de oficio, e os xuíces perseguían o delicto mesmo sen acusación da parte prexudicada. Isto levou a que se xeneralizase a práctica de enquisas, que foron desprazando o "xuramento expurgatorio" e as "ordalías" ou "probas vulgares".

3.5.2. A enquisa na documentación galega

Co obxecto de obtermos un panorama xeral da tipoloxía documental enquisa en Galicia e encadrar o noso texto, procuramos reunir un corpus o suficientemente amplo que nos permitise extraer algunhas conclusións sobre como se veu desenvolvendo aquí o procedemento inquisitivo, principalmente porque non existían traballos previos que se cinxisen ó noso territorio e porque, desde o traballo de Procter, editáronse moitas coleccións documentais ás que quizais esta investigadora non puidera acceder.

Para tal fin, fixemos buscas no *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA) e no *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) das raíces léxicas *inqu-*, *enqu-*, *exqu- pesqu-*, *pisqu-* e *perqu-* para seleccionar fragmentos ou o documento enteiro cando o consideramos de interese.

A razón da elección desas raíces léxicas, está no propio latín. Ernout/Meillet (1951: 971-972) dinnos que QVAERO, -IS, QVAESĪVĪ, QVAESĪTVM e QVAESTVM, -ERE significa 'buscar, investigar', 'facer unha investigación ou unha enquisa, informarse', despois 'procurar, tratar de', 'preguntar' e, ás veces, 'gañar, obter'. Consideran que o verbo representa un ancián **quaiso*, que comparan co verbo QVAESO, un desiderativo, e advirten que os autores arcaicos

os confunden. O perfecto QVAESĪVĪ é insólito pois o esperado sería QVAESI, forma tardía que explican por unha contracción da primeira.

Deste verbo derivan os substantivos QUAESTIŌ 'investigación', que na linguaxe xurídica do propio latín tiña o valor de 'enquisa, interrogatorio' e, especialmente 'enquisa con tortura' (cast. 'cuestión de tormento'); QUAESTOR 'maxistrado encargado das enquisas criminais' e QUAESITOR 'xuíz de instrución'.

Pero xa no latín clásico había, entre outros, os compostos EXQUĪRO (EX + QUAERO) 'investigar con coidado', INQUIRO (IN + QUAERO) 'facer unha enquisa' e PERQUIRO (PER + QUAREO) 'investigar a través de, desde todos os lados', que ademais tiñan como primeira acepción a mesma ca QUAERO, isto é, 'buscar, investigar' (Gaffiot, 1934: 635, 926 e 1157). Temos que partir destes compostos, pois no castelán, no galego, no portugués, no astur-leonés e nalgúns dialectos do sardo, QUAERO pasou pronto, quizais xa no latín vulgar para Corominas (DCECH, s.v. *querer*), a substituír a UELLE 'querer' e perdeu o seu significado primixenio.

Anguita (2010: 331-344) explica a desaparición de UELLE (lt. vg. VOLERE) polo pouco corpo fónico do paradigma dese verbo (lat. cl. *uolo*, *uis*, *uelle*, *uolui* / lat. vg. *uoleo*, *uoles*, *uolere*, *uolui*) no galego e no portugués en que, pola caída do -L- intervocálico e o betacismo, se confundiría facilmente, por exemplo, co paradigma do verbo *voar*, co adxectivo *bo*, *boa* ou co substantivo *boi*, *bois*. E pon esa desaparición en relación coa remodelación do campo léxico 'intentar conseguir' (no cal participaban en latín os verbos PETERE 'intentar conseguir', POSCERE 'pedir' e QUAERERE 'buscar') e coa entrada dun novo verbo importado de alende os Pireneos, o lat. BUSCARE 'facer algo no bosque, principalmente cortar e recoller leña'.

Este autor establece a hipótese de que a desaparición de UELLE e a súa substitución por QUAERERE (romance *querer*) se espallou desde o galego e o portugués ós romances veciños. Explica que todo o noroeste peninsular foi un *continuum* étnico, cultural e lingüístico que compartía un sustrato prerromano común, orixe da perda do -L- e o -N- intervocálicos, pero que o proceso só chegou a callar nos extremos desa liña territorial, isto

é, no galego-portugués e no gascón, pois no centro viuse interrompido[18], pola chegada ós territorios de León e Castela de mozárabes do sur presionados pola invasión árabe de 711.

Fose cal fose o momento en que o verbo latino QUAERO, ou o seu romance correspondente *querer*, adquiriu o significado moderno, xa no propio latín os seus compostos cubrían moitos dos seus significados iniciais, especialmente os referidos a 'investigar' e a 'facer unha enquisa'.

Limitamos a busca ata o ano 1300 pois, en relación cos traballos de Procter e Cerdá, interésanos describir o uso da enquisa desde os primeiros momentos documentados ata o reinado de Afonso X que, dalgunha maneira, sistematizou o seu uso e a incluíu como parte do proceso xudicial innovador que supoñen os seus textos lexislativos. Tamén, como xa indicou Procter, é a partir do séc. XIII en que tamén parece decaer[19].

Achegamos como anexo a este traballo un rexistro documental (Anexos I e II) daqueles textos da documentación galega, en latín e galego, onde se menciona a enquisa e/ou o procedemento inquisitivo.

O resultado da nosa busca, que non quere ser exaustiva senón representativa, deu en total 71 referencias, 58 en latín e 13 en galego. A seguir de cada texto indícase se hai só mención a este tipo de proba ou se se engaden outros datos de interese como número de inquiridores, número de xurados, quen a ordena facer, etc.

As conclusións que se poden extraer dos textos amósannos un panorama moi semellante ó que Procter describe no seu estudo. A maioría das enquisas mencionadas fan referencia a preitos por propiedades e, dado que a documentación da que dispoñemos, é xeralmente monacal, nos litixios case sempre está implicado un mosteiro. O número de inquiridores é variable, xeralmente entre dous e catro; tamén o é o número de "xurados". Non sempre se menciona quen a ordena facer. Son abundantes as que se realizan baixo a xurisdición real (núms. 2, 17, 19, 22, 23, 24, 27, 28, 29, 31, 32, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 42, 44 do Anexo I; núms. 3, 5, 7, 9 e 10 do Anexo II) e é con Afonso IX en que se volven máis abundantes. Algunhas xorden de preitos entre mosteiros (núms. 26, 33, 41 e 57 do

[18] E remite a Tovar, que afirma que algúns resultados toponímicos apuntan a que houbo unha tendencia á perda do -N- intervocálico na área cántabro-astur.

[19] No entanto, Valdeavellano (1968: 486) refire que durante os séculos XIV e XV se realizaron enquisas ou indagacións con función fiscalizadora da actividade dos oficiais públicos que rexían os distritos administrativos.

Anexo I; núm. 7 do Anexo II). Menos frecuentemente actúa de xuíz un señor feudal (núms. 9 e 52 do Anexo I; núm. 4 do Anexo II).

A mención á "lex cotica" no nº 6 do Anexo I, reforza a idea de que a enquisa afunde a súas raíces no procedemento xurídico da baixa Idade Media. Debeu ser normal a súa inclusión nos foros das vilas e cidades como proba para xulgar determinados delictos, como se recolle no nº 19 do Anexo I e no nº 3 do Anexo 1, as versións latina e galega do foro do burgo de Caldelas.

O documento nº 5 do Anexo II é un bo exemplo -aínda que o único do noso corpus destas características- de como debía ser o procedemento inquisitorial completo, desde a orde do rei, pasando polo nomeamento dos inquiridores e a declaración das testemuñas xuradas, que neste caso varían de número segundo os lugares, entre 3 e vinte e tres.

Os documentos nº 47 e nº 58 do Anexo I, os dous da catedral de Santiago, alertan sobre os falsos testemuños nas enquisas. No primeiro, ademais, hai unha queixa explícita sobre as enquisas que o rei manda facer en relación ás herdades de reguengo.

De interese son tamén os textos 11 e 13 do Anexo II. No primeiro a enquisa parece estar mencionada como un tipo de tributo polo que se paga, xa que se di *et por salua e por enquissa a morte de cada un de uós dardes V soldos da moeda pequena da gerra*. A *salua* (Ramón Lorenzo, DDGM, s.v.) ou *salua fé* está definida como 'xuramento, proba solemne', o que parece outra maneira de participar nun procedemento xudicial. Quizais co aforamento de terras, os mosteiros ofrecesen, iso si, con carga monetaria, a defensa do foreiro con declaración ó seu favor. Pero isto, non deixa de ser unha hipótese.

No segundo documento citado, o nº 13, amósase un uso da enquisa no control tributario e faise mención do oficio de "perquiridor", quizais na liña do que indica Valdeavellano (vid. nota 17).

Finalmente, nótese o estilo directo nos documentos nº 1 e nº 2 do Anexo II, os máis antigos en romance. O feito de recoller literalmente o dito, algo que se pode ensaiar neste tipo de documentos menos formais é, como veremos, mostra do papel que as *noticias* tiveron no xurdimento dos romances na escrita.

3.5.3. Conclusións

O texto A, en conclusión, correspóndese cunha das partes do procedemento inquisitivo (a realización do interrogatorio ós xurados), do que descoñecemos todos os outros pasos: nin a orde real que recollería o motivo da querela e que mandaría realizar a enquisa, nin as partes no preito, nin a sentenza final de como se resolveu o litixio. En aparencia, as ordes relixiosas, os homes libres de Ribadavia ou o propio rei puideron motivar o procedemento. Foron dous os inquiridores e mais dous *vigarios*[20] que, seguramente, exercen o papel de representantes dos habitantes de Ribadavia. Os xurados, se non houbo máis parágrafos que continuasen a relación no final do pergamiño, son doce, incluídos os dous vigairos. Danse moi poucas indicacións da clase social das persoas mencionadas (un clérigo, dous peleteiros, dous carpinteiros, dous correeiros...). As persoas que toman nota deben ser varias, ou iso parece indicar a persoa verbal (*pusieron consigo por viga/rios que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que* ***faziamos nós***), pero poderíase tratar dun uso do plural maiestático.

Finalmente, non podemos descartar que esta enquisa se deba encadrar na defensa dos dereitos fiscais do monarca, isto é, que coma noutros caos que Procter (1966: 15-16)[21] menciona (ou o documento 1 do Anexo II), o rei a mandase facer para previr ou corrixir a evasión de impostos e para descubrir que terras pasaron ilegalmente de reguengo a abadengo. Outra posible motivación do documento podería estar en relación cos conflitos que sobre a xurisdición eclesiástica e a cobranza dos décimos se mantiveron desde finais do século XII entre as ordes relixiosas en Ribadavia (Romaní, 1988: 107-127).

3.6. CARTAS E NOTICIAS. AS NOTICIAS DESDE A PERSPECTIVA ACTUAL

As noticias, logo os textos A e B do *Tombo das viñas*, viñeron tendo distinta consideración segundo os autores, porque moitas delas son rexistros documentais dun acto

[20] O seu papel non parece ter que ver co dos vigairos das confrarías (López Carreira, 1999:242) nin co dos vigairos eclesiásticos, xeralmente representantes dos bispos. Quizais se puidesen corresponders co "vicarius" que menciona Valdavellano (1968: 503), oficial auxiliar no cal delegaban a súa autoridade condes, xuíces ou potestades. Polo contexto, "que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós" (liña 3), a súa función é a de observadores que vixían o bo funcionamento do proceso; ademais, parece entenderse que foron elixidos polos mesmos inquiridores. Dado que os vigairos son, en xeral, representantes dun poder, podemos entender que os inquiridores non estaban presentes. Os dous son, á súa vez, declarantes.

[21] Procter cita dúas enquisas mandadas facer por Afonso X en Ledesma e Burgos a este respecto.

xurídico (*actio*), teñen valor probatorio e son utilizadas logo para a *conscriptio* ou redacción do feito documental (Pichel, 2008: 75-76). Na historia da diplomática desenvolveuse un longo debate sobre a validez xurídica deste xénero documental, asunto sobre o que Susana Pedro (2008: 13-69) nos ofrece unha visión xeral.

Á parte da distinta consideración que nesa disciplina tiveron e teñen este tipo de documentos, nos últimos anos e desde o punto de vista lingüístico, son varios os autores que destacaron a súa importancia, nomeadamente no ámbito do galego e do portugués.

Fronte á formalidade que os documentos dispositivos amosan, as *noticias* resultaron un ámbito axeitado para as innovacións escriturarias que xurdiron no séc. XIII no paso do latín ó romance. Así o puxo de relevo Ana M. Martins (1999: 499-504) e, como ela conclúe posteriormente (2004: 518 e ss.), neste tipo de textos ensáianse as innovacións determinantes para que o portugués avanzase como lingua da documentación notarial. Con todo, o galego debeu vivir unha situación distinta, pois Monteagudo (2007: 309) afirma que en Galicia aparecen desde o principio documentos en romance de tipo dispositivo.

Unha situación idéntica á do portugués debeuse dar tamén para o castelán, lingua en que ademais o tipo documental *enquisa* ten un papel de importancia. Monteagudo (2007: 276-277) sinala que os documentos probatorios do tipo "inquisitiones" feitos na área castelá foron moi permeables ó romance polo desexo de reprodución fiel dos testemuños dos declarantes e engade que "entre os máis antigos exemplos de carta en vulgar colleitados en dominios casteláns, atópanse varias pesquisas", ordenadas por particulares ou polo rei, con exemplos xa no tempo de Afonso VII e abundantes no de Afonso VIII.

No que atinxe ó *Tombo das viñas* -ó que non lle podemos dar exactamente a consideración dun texto primitivo, xa porque o escrito no pelo do pergamiño é claramente do século XIV ou máis tardío, xa porque o do recto, como se concluirá, é vinte anos posterior polo menos ó que se cría e foráneo-, o valor das dúas noticias que contén radica máis na espontaneidade que a lingua poida ter ó non verse constrinxida polas fórmulas máis ríxidas dos documentos dispositivos, ca pola antigüidade dos textos. Así e todo, xa que os dous escritos recollen unha enumeración de bens inmobles tampouco dan pé a unha variedade de estruturas sintácticas nin a un repertorio léxico amplo.

3.7. O CONCEPTO DE "RENEMBRANCIA"

Para rematar este apartado diplomático, queremos achegar aínda unhas notas sobre unha palabra do texto que parece estar estreitamente relacionada coa súa tipoloxía documental: *renembrancia*, coa que se inicia o texto do recto do pergamiño.

O obxectivo explícito dos interrogatorios procesais era acudir á memoria das persoas para resolver con xustiza a través dunha sentenza un conflito. De aí que en moitos destes procedementos se faga mención explícita, no rexistro da enquisa, desa memoria. Por esa razón ás veces tamén se adoita sinalar a idade provecta dos declarantes. No caso de Galicia e de Portugal, Andrade Cernadas (2012: 11-34) considera que isto pode estar en relación co xurdimento do concepto e da voz *vedraño*.

Para Isabel Alfonso (2010: 249-250) o termo *remembranza* é un dos xeitos de cualificar as enquisas, pois rexístrao en varios documentos do século XIII en Castela. Dado que o procedemento inquisitivo a través da enquisa fora gañando máis lexitimidade no século XIII e parece estar dotado de gran solemnidade, como amosa a retórica da expresión *jurado e preguntado*, a memoria e a boa reputación dos declarantes tiña que ser fundamental. Non é infrecuente que nas enquisas se pregunte sobre a idade das testemuñas ou canto tempo atrás lembran. Na colección documental de Melón hai un interrogatorio titulado co rexesto "Información sobre los sábalos que se cogían en la Reza", no cal cada un dos vinte e sete declarantes informa de cantos anos llos levaba vendo coller ó mosteiro[22].

Así, a idade das testemuñas, en canto que tiñan máis memoria, debía de ser importante nas enquisas, pero tamén a súa capacidade de transmisión de información Isabel Alfonso (2008: 259 e ss.) e neste sentido é de interese unha frase do noso texto: "E dixeron máys estos jurados todos: que casas et uinas, sotos e cortinas que auýan elas órdenes enna villa, de máys que non se lo sabían ata que se lo acordassen máys e *dixelo ýan a los otros que lexauan elos en so logar*" (liñas 244-246), o que dá ademais a entender que estas persoas ocupaban algún tipo de cargo, quizais xurados ou rexedores do concello[23].

[22] Doc. 504 da tese de Cambón. Dátao, con dúbidas, en 1253. Algunha das persoas mencionados no texto A puideron participar nese interrogatorio, como *Petrus Ferrarius de Burgo*, *Aras Menendi, laicus Burgo*, por exemplo.

[23] Sobre este cargo en Galicia na Idade Media vid. López Carreira (1999: 260 e ss.).

Malia a afirmación de Isabel Alfonso, que cita (2010: nota 1) dous documentos coa palabra, un da Catedral de Burgos e outro do mosteiro de San Salvador de Oña, na consulta da voz *remembrança* e variantes na documentación en castelán do CORDE non encontramos moitas atestacións do termo e tampouco en relación con enquisas.

Susana Pedro (2008: 13) indica que a palabra "renembrança" é un dos substantivos tipificadores do tipo documental *noticia*; con todo non é moi frecuente na relación que inclúe no seu traballo. Máis común parece o termo na documentación galega. Das 74 atestacións en tódalas súas variantes (*renembrança*, *remembrança*, *lembrança*...) que nos devolve a consulta no TMILG, á parte de no noso documento, só figura nunha ocasión nunha enquisa. Os demais casos son sempre outro tipo de documentos, maioritariamente relacións de bens ou inventarios de épocas posteriores á nosa.

Das colección documentais consultadas, cómpre destacar, como xa apuntamos nun traballo anterior (Méndez, 2007b: 445) que o sintagma que abre o primeiro texto do *Tombo das viñas* "Esta ye la renembrancia" figura, con pequenas variantes no verbo e no artigo, catro veces en documentos do mosteiro de Carrizo do século XIII (docs. 598, 599, 602 e 603) e tres nos da Catedral de León, nos primeiros anos da década de 1270 (docs. 2312, 2313 e 2371). Tamén nestes casos se trata de noticias que recollen relacións de propiedades ou de rendas, polo que cremos que o matiz semántico da palabra parece que se achega máis ó de 'rexistro' có de 'memoria'.

4. Edición dos textos

4.1. CRITERIOS DE EDICIÓN

Ademais da reprodución fotográfica das distintas partes do manuscrito orixinal que se engaden ó final deste traballo, facemos unha edición interpretativa dos textos do *Tombo das viñas* que nos permita un correcto estudo gramatical de cada unha das partes e, á vez, que calquera lector non iniciado teña acceso ó seu contido.

Para isto, utilizamos as seguintes normas de transcrición, para o que seguimos fundamentalmente a Lorenzo (2004a):

1. Para a puntuación do texto séguese un uso moderno; é polo tanto interpretativa. Renunciamos ós signos orixinais, que no caso do texto A se reducen ó punto (lembremos: ó final de cada posesión citada e para separar as cifras en números romanos e algunhas abreviaturas). Dado que o texto ten unha estrutura enumerativa composta por cláusulas ou frases xeralmente curtas e unidas pola conxunción *e*, adoitamos separalas por <;>. O punto utilízámolo para indicar distintos enunciados. En B non se utilizan signos de puntuación; só algunha das mans remata en ocasións os parágrafos cun trazo horizontal. En C, xa que foi borrado, é moi difícil determinalo con certeza, pero cremos que do mesmo xeito ca en B non se utilizan signos de puntuación.

2. Mantéñense os parágrafos orixinais pois calquera outra división sería arbitraria e seguramente non achegaría nada ó texto.

3. As palabras sepáranse seguindo os criterios actuais e, do mesmo xeito, fanse as contraccións habituais entre as preposicións e outros elementos da oración que establece a norma moderna. Os pronomes enclíticos tamén van unidos ó verbo. Utilízase o apóstrofo (') para sinalar contraccións de palabras que hoxe non se adoitan facer.

4. O uso das maiúsculas faise seguindo as regras actuais do galego moderno, concretamente despois de punto e no caso dos nomes propios de persoa ou lugar.

5. Na acentuación séguense as normas modernas.

6. Indícase a separación das liñas co símbolo | e numéranse de cinco en cinco.

7. Desenvólvense as abreviaturas e sinálanse con cursiva as letras repostas cando sexa pertinente por causa de posibles escollas gráficas (*m*/*n*; *b*/*v*/*u*; etc.) que, sempre que é posible, remiten ás usadas cando a palabra abreviada tamén aparece completa.

8. Repuxéronse entre corchetes [ ] aqueles fragmentos de texto de lectura dificultosa, que tivemos que interpretar por rotura do pergamiño ou que parecen erro de omisión. En nota, indícase a causa.

9. Sinálase entre ( ) as letras que os escribas engadiron a maiores por erro.

10.1. Previamente á determinación do inventario de grafemas do texto, debemos identificar e analizar o trazo xeral de abreviación (tamén denominado lineta ou trazo supralineal), en canto que nos cómpre determinar se o seu valor é simplemente abreviativo ou é tamén unha unidade subgrafemática que, asociada a outros grafemas, representa trazos articulatorios vocálicos ou consonánticos (Pichel, 2012); isto é, se nos nosos textos, están representadas tanto as vogais nasais <ã, ẽ, ĩ, õ, ũ> coma a consoante palatal <ñ>.

Dado que o texto A está en leonés non son esperables vogais nasais. Con todo, non podemos esquecer que debeu ser escrito en territorio galego e que a información que o escribán recollía se emitía en galego.

Neste texto obsérvanse distintos valores para o trazo supralineal:

(a) como abreviatura de <(u)e>; q̄ = q*ue*, P̄elaz̄ = Pelá*e*z;

(b) como abreviatura de <er> e <re>: P̄ez̄ = P*é*rez, c̄ligo = cl*é*rigo; ēgsia = eg*re*sia);

(c) sen valor, como práctica herdada da tradición latina: c̄om̄o = como;

(d) como abreviatura xeral de varias letras dunha palabra (ēpgn = e p*re*g*un*t*ado*; s̄c̄a = s*an*c*t*a; đ = d*ineiros*; međ = med*io*...);

(e) finalmente, o que é o uso maioritario, como abreviatura dunha consoante nasal <n> en posición implosiva, tanto no interior coma ó final de palabra; para moitos dos casos temos tamén exemplos coa nasal desenvolvida: Alcá*n*tara/Alcántara; A*n*taltares/Antaltares; a*n*te/ante; da*n*/dan; e*n*/en; e*n*ma/enna; e*n*mo/enno; Esteua*n*/Esteuan; Johán/Johán; Melón/Meló*n*; Martí*n*/Martín; Mo*n*te/Monte; non/non; odira*n*/odiron, odissen; po*n*te/Ponte; regale*n*gas/rrenganle*n*gas; te*n*/ten; tie*n*/tien; Uero*n*za/Ueronza.

Mención á parte merece a palabra o͞me͞s = om*n*es, neste texto A, que cremos que queda condicionada pola forma desenvolvida <nomne>, con só un exemplo, pero única forma da palabra.

10.2. Nos textos B e C, o trazo xeral de abreviación transcribímolo segundo os seguintes criterios:

(a) Cando houbo perda dunha consoante nasal intervocálica no paso do latín ó romance, o trazo indica que a vogal precedente está nasalizada: *irmãao*, *hũu*, *Caueirão*.

(b) Cando na palabra galega se perdeu un -*e* final latino dos grupos -*anem*, -*enem*, -*inem*, -*unum* e tamén en resultados romances das terminacións latinas -*n*, -*m*, -*nt*, o trazo representa a abreviatura da consoante (Johá*n*, chama*n*, no*n*), polo que a restauramos seguindo as formas desenvoltas maioritarias.

(c) Se o trazo está colocado sobre un <n> lemos <ñ> pois é a grafía que se xeneralizou no galego.

4.2. TEXTO DA CARNE DO PERGAMIÑO (TEXTO A).

Esta ye la rrenembra*n*cia de la enquisa que sacó Joh*á*n Peláez e Pedro Domí*n*gez, | om*n*es del rrey don Alfonso en Rribadauia, e pusiero*n* co*n*sigo por viga|rios que uisen e que odissen elo que dezía*n* elas enquisas e elos que faziamos nós | a Pedro Martíz Paan et a Ffernán Núnez.

ffase*n* dela fforo de terça, et parte p*e*lla de Ff*e*rrná*n*[117] Rraposo et |$_{245}$ em[79] ffondo p*e*lla de P*e*ro Calças, et no cabo desta leira está*n* tres | castineiros de que ffasem fforo de terça. Jt*em* em[79] çima tem M*ar*ía | P*ere*s et seu hirmãao et M*ar*ía do Curral et Moor Mourina teem outra | leira de que ffase*n* fforo de terça, et parte dũua parte et da | outra p*e*lla d'Oseira. Jt*em* eno Rrig*ueir*o tem Johá*n* L*ourenç*o hũua leira e |$_{250}$ Est*eu*o Rro*drigue*s outra leira et[145] está en[79] ela[79] hũu castin*eir*o que tem Est*eu*o [Gago], et Moor M*artí*s outra leira et Est*eu*o L*ourenç*o outra | leira, et ffase*n* dellas fforo de terça et parte dũua parte p*e*lla | de P*e*ro Calças et da outra p*e*lla de Johá*n* L*ourenç*o do Castro et topa eno | mo*n*te. Jt*em* em[79] ffondo eno Castineiro do Agro tem Est*eu*o Rro*drigue*s outra | leira et ffas della fforo de terça et parte p*e*lla de Johá*n* L*ourenç*o do Castro |$_{255}$ et da outra parte p*e*llas de P*e*ro Calças. Jt*em*[146] hũu souto hu chaman As Pereias fere en esta que tiña P*e*ro Sobrino. Jt*em* a Su A Jgl*e*ia hũua | leira que tem Est*eu*o Rro*drigue*s, a qual leira parte dũu cabo p*e*lla da | jgl*e*ia et da outra[147] parte p*e*lla d'Oseira que tem L*ourenç*o | Ff*err*n*and*es[91]. Jt*em* outra leira que tem L*ourenç*o Ff*err*n*and*es[91] et M*ar*ía P*ere*s et súa hirmãa | et Moor Mourina et D*omin*go L*ourenç*o et M*ar*ía do Curral et outras que foro*n* |$_{260}$ de Johá*n* Çapateiro, a qual leira parte[79] p*e*lla d'Oseira et em[79] ffondo | p*e*lla d'Est*eu*o Rro*drigue*s et con esta leira está*n* çinquo casas de que o m*oesteir*o | á o fforo, o qual fforo son quatro din*eir*os de cada casa. Jt*em* hũu talo |

---

[142] Antes riscou algo, seguramente *que*.

[143] Hai unha mancha sobre as letras repostas.

[144] Remata un dos anacos do pergamiño, que vai cosido ó seguinte con coiro.

[145] Desde aquí ata *[Rro*drigue*s]* vai entreliñado.

[146] Desde aquí ata *Sobrino* vai entreliñado sobre esta liña 256 e continúa descendendo pola marxe dereita. A parte final lese con dificultade.

[147] Despois riscou algo, seguramente *p*e*lla que ten*.

de viña[148] dentro eno Cortinal d'Esteuo Rrodrigues como[79] parte pella eira et pella herdade da igleia et esta herdade[149] pártese pella d'Oseira toda[150] et á de ffaser | del fforo de terça. Jtem hũu souto ena d'Arres Meendes, o qual souto |$_{265}$ tem Esteuo Rrodrigues[151] et María Ffradina et Moor Peres, o qual souto parte | dũu cabo pello que ffoy de María Esteues et doutro cabo pello rreguey|ro et[152] ffassen del foro de terça das castanas et mea[79] de pam. Jtem hũua casa que tem Lourenço Ffernandes[91] aforada do moesteiro et dá | cada ano[79] pola dita[79] casa X ssoldos de brancos. Jtem outra casa que | tem María Peres da qual paga X ssoldos, et Domínga Martís[153] paga hũu morauidí et|$_{270}$ Orraca Eanes outra casa, polas quaes casas cada ano[79] á de pagar | quatro[154] coroados por día de Natal. Jtem outra casa que tem María | Peres á ffonte et polas sésegas que están a par da dita[79] casa | et per hũu tarreo que tem Pero Calças et Lourenço Monteiro á de | dar quatro dineiros cada ano[79]. Jtem María Peres et Esteuo Peres et seu hirmãao |$_{275}$ et Tomé Peres an de ffaser cada ano[79] fforo ao moesteiro de Melón de | hũu coroado por hũua casa que tem. Jtem hũua leira ena | Eiroa que tem Lourenco Ffernandes[91] et Esteuaína Ffernandes[91] et[155] parte de | hũu cabo pello de Marcos[133] Lourenço que ffere doutra parte pellas | casas de Johán Lourenço do Castro et ffere en fondo [...] eno |$_{280}$ camiño público et dam della mea|.

Jtem[156] en Agro Frío ten[79] Rruy Caualeiro et Esteuo Rrodrigues[157] et Johán | Çapateiro et ..... dũu souto de que fasen foro de terça. | Jtem ema [Pousa] de outra .....

..... [eno] ..... gaodal | ..... hũa leira de María Fradina et .....souto |$_{285}$ de Uilarino.|

---

[148] Despois está riscado *pequeno*.

[149] Despois escribiu *dá* pero parece que está riscado.

[150] Desde *como parte* ata *toda* vai entreliñado.

[151] Despois está riscado *Jt*em.

[152] Desde aquí ata *de pam* vai entreliñado.

[153] Riscou *máys que* e entreliñou *dga mrs*, as dúas con trazo.

[154] Riscou *dous* e entreliñou *quatro*.

[155] Antes riscaron *súa hirmãa*.

[156] Parece engadido noutro momento e con tinta máis esvaída.

[157] Volveron escribir *Rrodrigues* e riscárono.

Agro Ffrío.|

Pero Lopes de Santo[158] Steuo do Castro.|

Cardoxi.|

Casal de María Gibarra et herdamentos.|290

Casal que ffoy de dona Moor Peres et de súa filla[79].

4.4. TEXTO BORRADO NO PRIMEIRO ANACO DO PERGAMIÑO (TEXTO C)

[Era de mill et tresentos et [...] anos, [...] días de [...]. Sábean quantos] |1 este praso viren [como nós] ffrey Johán Esteues, porlla graça de Deus et da Santa Igleia de Roma [abb]ade [do] |2 moesteiro de Santa María de Melón et o [conuento] do dito moesteiro[159], afforamos a vós, Affonso Peres, morador en[160] Naseirros et a vossa |3 moller Marina Martís, en[160] uossa vida danbos, et a dúas voses após o pustromeiro de cada hũu de vós hũua após |4 outra ffeitas[160] per orden, assý que a primeira vos(es) nomẽe a ssegunda et a ssegunda nomẽe a terceira uós; conués a ssaber, que uos |5 afforamos aquella nossa viña da villa que jas em[160] ffondo de Reuordochãao a qual yas a sóbrella fon|6te da Nugueira, como[160] parte enno fondo per sóbrella herdade da Corredoira et vay topar aa ffonte da Nugueira |7 et dessý pello subereiro affesto et vay toparençima[160] na herdade de Melón et da outra parte vay to|8par aa Lágea da Fferraría. Esto que dito [he] v[o]s[161] afforamos per tal plleito et condición que a lauredes et pa|9redes ben, em[160] guissa que non desfalesca per mjngoa de lauor de bõos paramentos, et que nos dedes cada |10 ano[160] hũua cárrega de viño novo et des et oyto quartas [...] por nosso moordomo, ao |11 qual avedes a dar de comer et de bever cumunalmente mentre rrecadar [et] que seiades nossos vassalos servientes et obe|12dientes et non nos parardes outro senorío a rrostro et que non posades vender nen dar nen enallear |13 nen por vossas almas mandar senón ao dito moesteiro. Et a seimento da pustromeira uós a dita

[158] Vai entreliñado.

[159] Abreviado en *mon*.

[160] Leva trazo.

[161] Mancha sobre a letra. Despois riscaron un *v*.

herdade |[14] fiqui liure et quite et desembargada ao dito m*oesteir*o *con* todos seus bõos parame*n*tos. Et eu, dito Affon*so* P*er*es, por |[15] mj*n* et porlla dita mjña moller, que p*re*sente[160] no*n* he, et voses dep*ús* mj*n*, assý rreçebo de vós, ditos abbade |[16] et c*on*vento, o dito afforam*en*to et obligo[160] meus bẽes et das ditas voses dep*ús* mj*n* a c*on*pr*i*r et aguardar as |[17] (as) *con*dições sobreditas. Et nós, ditos abbade et *con*ue*n*to, assý vos outorgamos o dito afforam*en*to. Et qual quer |[18] das partes que *con*tr*a* esto passar et o no*n* *con*pr*i*r et aguardar peyte aa outra parte aguardante por nom*e* de pena[160] |[19] çen m*or*a*uidís* de din*eir*os bra*n*cos et á vós del rrey outros tantos peyte et o praso et afforame*n*to vala e*n*mo |[20] (e*n*mo) t*em*po sobredito. Et por seer çerto ma*n*dam*os* ende[160] ffaser dous prasos anbos dũu tenor, partidos p*er* |[21] a b c et firmados do nom*e* do dito don[160] abbade. Ffeitos e*n*mo dito m*oesteir*o era et día et mes sobredito.|[22] Teste*moy*as que fforon pressentes: ffrey G*onçalu*o M*artiñ*s, prior, L*ourenç*o Rrigu*eir*o, ffrey G*onçalu*o d'Auelaenda, St*eu*o Caaueirão, Gomes Do*mingue*s, |[23] omes do dito do*n* abbade, et outros. Et eu ffrey L*ourenç*o, mo*n*ie et escr*iuán* do dito m*oesteir*o que as escr*iv*j.|[24]

5. Comentario lingüístico dos textos

5.1. Comentario lingüístico do texto do recto (texto A)

Analizamos a seguir as principais características fonéticas e morfosintácticas do recto do documento, con especial atención a algúns aspectos que poidan axudar a situalo nun contexto dialectal específico, baseándonos fundamentalmente nos estudos sobre outros textos con particularidades semellantes. Téñase en conta que o texto ten marcados trazos leoneses, polo que partimos da idea de que está supostamente escrito por un escribán leonés que rexistra nunha enquisa os testemuños de homes de Ribadavia, que han falar galego, lingua dos seus nomes e da toponimia que mencionan. Seguimos por iso, fundamentalmente, os estudos clásicos de Erik Staaff, Ramón Menéndez Pidal, Diego Catalán, Álvaro Galmés e outros autores coma Ana Cano, Xosé Lluis García Arias, José Ramón Morala e Vicente José Marcet, que máis recentemente fixeron traballos xerais ou trataron aspectos concretos sobre esa área dialectal.

5.1.1. Grafemática

No texto hai 5 grafemas vocálicos e 21 consonánticos. Destes, catro (< c >, <g>, <l> e <n>), teñen dobre valor. Hai ademais catro dígrafos <ch>, <ll>, <rr>, <ss>.

Comentamos algunhas das súas particularidades, sobre as que volveremos no apartado da fonética, dada a dificultade que supón desligar en ocasións grafía e son.

5.1.1.1. Grafemas vocálicos

5.1.1.1.1. Grafemas <i>, <j> e <y>

O grafema <i> alterna cos grafemas vocálicos <j> e <y>. Nos ditongos decrecentes, alterna con <y>, este último algo menos frecuente: (*Aziueiro* 141, 172, 186, 237 = *Aziueyro* 172, 186). Nos crecentes <i> é o único grafo para o núcleo silábico (*medio* 49, 55, 68, 69, 163, 205, 222, 223). Tamén é grafema consonántico (*iaz* 40, 44, 52, 53, 59, 64, 95, 97, 98, 101, 140, 144, 147, 148, 229, 232).

O alógrafo vocálico <j> é escaso. Figura en dúas ocasións en que a palabra presenta forma latinizada: *Nunj* 69, 261, *Menendj* 210, e tamén no substantivo *cónjgos* 247. É ademais grafo consonántico.

5.1.1.1.2. Grafemas <u> e <v>

O grafema <u> é alógrafo de <v>, que só se presenta en inicial de palabra e é moi escaso como grafo vocálico (Vcrés 8, vna 30= una 6, 9, 10, 12, 36, 38, 53, 68, 83, 94, 100, 101, 149, 150, 152, 153, 166, 167, 168, 169, 176, 177, 178, 179, 180, 184, 186, 206, 218, 229 (2), 239, 141, 248). Os dous son tamén grafos consonánticos.

5.1.1.2. Grafemas consonánticos

5.1.1.2.1. Grafema <g>

O grafema <g> e alógrafo de <gu> con valor oclusivo coa vogal <e> (*Domíngez* 1; *Rodrígez* 66 = *Rodríguez* 10, 22). Tamén ten valor palatal con <e> (*Genés* 249) e con <i> (*Gibelas* 72, *Gibarro* 264)). O dígrafo <gi> aparece nunha ocasión (*mugier* 202) como alógrafo de <y> (*muyer* 6, 21, 24, 55, 197).

5.1.1.2.2. Grafemas <l> e <ll>

Os grafemas <l> e <ll> son alógrafos (*uila* 227 e 251= *uilla* 70, 182, 198, 237, 249, *villa* 32, 225, 244).

5.1.1.2.3. Grafema <n>

En posición implosiva é alógrafo de <m> (*Joam* 211 = *Joán* 15, 25, 26, 29, 34, 47, 51, 52, 58, 60, 61, 83, 85, 86) e do trazo xeral de abreviatura <¯>, que desenvolvemos como <n> ("en" 11 = "e*n*" 14). En posición implosiva ten un dobre valor alveolar (*Mediano* 57, 60, 83) e palatal (*vinas* 13, 37, 242).

5.1.1.2.4. Grafema <y>

É o grafema máis frecuente para a representación do resultado do /-LJ-/ latino, e alterna esporadicamente cos alógrafos <gi> (*muyer* 6, 21, 24, 55, 197 = *mugier* 202), <Ø> (*fiyo* 167 (2), 168, 173, 180 e 192 = *fío* 35, *fíos* 6, *fýo* 55, *fýos*) e <l> (*Marauila* 122).

5.1.2. Fonética

5.1.2.1. Vocalismo tónico

5.1.2.1.1. Vogais nasais

A caída do -N- intervocálico produciu no galego e no portugués a nasalización da vogal anterior. Dado que esta evolución non se deu no leonés, no texto non hai vogais nasais, pero tampouco se observa ningún indicio de nasalidade nos nomes de persoa ou nos dos lugares galegos que se citan. A recuperación do -N- nalgunhas destas palabras seguramente se debe a que o escribán quixo adaptar á súa lingua aquelas que sabe interpretar, como sucede en *Caruonero* (Carboeiro) 27, *Eluenos* 123-124 (Albeos), *Estéuanez* 187 (Estévez), *Genés* 249 (Xes), *Menéndiz* 201 (Méndez; que tamén representa como *Menendj* 210, *Meléndez* 28 e *Meléndiz* 213), *Mónago* 80-81 (cf. *Móogo* 144), *Quinzana* 38 (Quinza), *Tenelas* 67 (Tielas) e *Yano* 86 (Chao), e non a un intento de reproducir as vogais nasais como, segundo Boullón Agrelo / Monteagudo (2009: 42), sucede nalgúns dos primeiros textos en galego, aqueles que consideran de transición e para os que observan que a solución etimográfica é a máis corrente.

5.1.2.1.2. Ĕ e Ŏ tónicos latinos

É característica do texto a vacilación no resultado das vogais medias breves latinas tónicas.

No caso do Ĕ, a maioría dos exemplos témolos en tempos verbais, en que ditonga tanto en sílaba libre (*pusieron* 2, *dieron* 33, *fizieron* 125, *tiénenla* 227, *tieno* 222 e *tienna* 111) como en trabada (*tien* 39, 43, 44, 55, 60, 83, 84, 85, 86, 87, 89, 90, 93, 94, 96, 97, 155, 156, 217, 218, 223, 231, 232, 233), pero fronte ós 24 casos de *tien*, é bastante máis frecuente *ten* 34, 38, 50, 51, 52, 56, 58, 61, 62, 92, 106, 133, 134, 137, 141, 142, 143, 150, 151, 152, 154(2), 165, 166(2), 167, 168(2), 169(2), 171(2), 173, 174, 176(2), 177, 178, 179, 180, 183, 184, 215, 216, 252), con 45 casos, ademais de *tenla* 69, 193 e *tenna* 67; en total, case o dobre de casos de non ditongación nesta forma verbal. Tampouco ditonga, malia que só hai un exemplo, *leuan* (LĔUANT) 205 e que comentaremos máis pormenorizadamente no apartado do consonantismo (5.1.2.3.6).

Tamén se dá a ditongación -aquí case sistemática- do Ĕ nas formas verbais ĔST e ĔRANT. Hai 85 casos de *ye* 1, 39 (2), 40, 41, 43, 44, 45, 46, 50, 53, 54, 59, etc e dous de *yeran* 224, 251 fronte a dous casos de *é* (35, 127) e un de *era* (21). Pola contra, só temos un caso de ditongación no resultado da conxunción copulativa ĔT: "e elas medias casas *ye* ela media eredad que fu de Lope Moro á de ficar a muerte de Martín Suárez a Ossera" 199, fronte ós 239 de *e* e os dezaoito de *et*, representado polo signo tironiano. Para Morala (1992:

3), o *i-* secundario proveniente da ditongación adquiriu valor consonántico e atribúelle o valor de /j̯/[162].

Dos dous substantivos comúns do texto que no latín presentaban esa vogal, ditonga o que a leva en sílaba libre (*nyetos* 226) e non o fai aquel en que o Ĕ está trabado por nasal (*tendas* 201). Varios dos casos de non ditongación corresponden a elementos das cadeas onomásticas (o nome *Serra*[163] 153, 154, 183 e os sobrenomes *Ferro* 44 e *Dente* 119), o que pode levar a pensar que o escribán aquí se intenta manter fiel neses casos á realidade lingüística que escoita.

Temos tres formas diferentes para o nome propio *Miguel* 203, que tamén figura como *Miguiel* 10, con ditongación, e coa forma máis ou menos latinizada *Migael* 164. Ademais, mención á parte merece o exemplo único de *mugier* 201, que tamén deberemos tratar no apartado das consoantes pero que, fronte á forma máis habitual do texto, *muyer* 6, 21, 24, 55, 197, se podería interpretar como un caso de ditongación[164]. A forma *mugier* é frecuentísima desde época temperá na documentación castelá (xa se rexistra no foro de Uclés, a.1179-1184), pero tamén na leonesa (a.1229, mosteiro de Trianos) [165]. No noso texto, con só un caso, non parece que sexa unha escolla habitual pola que opte o escribán.

O resultado da diptongación de Ĕ tónico é sempre <ue>, agás no caso de *diaz* 'dez' 118, con <ia>[166].

Para o Ŏ breve latino tónico parece que no texto é menos frecuente a ditongación, tamén moi vacilante. Dáse no adxectivo *bueno* 33 e o seu feminino *boenas* 71 -único caso coa grafía <oe> e forma arcaica para Pidal (1906: 145)-, pero rexístrase sen ditongar en *bonas* 240 e tamén no substantivo *bona* 'ben, herdanza' 117, do acusativo plural neutro.

---

[162] O autor usa /y/, seguindo o alfabeto fonético da Revista de Filoloxía Española.

[163] O nome é de etimoloxía escura (Boullón 1999:414) pero hai exemplos da forma ditongada na documentación leonesa: *Sierra Gonçalves* (a.1255, DocTrianos). [Data de consulta no CORDE o 21-07-2015].

[164] Díez Suárez (1992: 88, n.2).

[165] Entre 1184 e 1229 tamén hai exemplos noutros textos casteláns coma o foro de Soria a.1196, a *Fazienda de Ultramar* a.1200 e nos documentos do reino de Castela a.1201-1220 recompilados por M. Pidal. Algo máis tardía parece a forma *muyer* que só se rexistra de forma imprecisa a partir de a.1218-1300 e con certeza en 1233 en Carrizo, en 1236 en Sahagún e en 1237 nos documentos da catedral de León [Data de consulta no CORDE o 2-7-2015].

[166] A forma <ia> parece ser moi minoritaria no leonés. Na documentación de Carrizo só representa o 6,5% das formas de ditongación do Ĕ latino (Díez Suárez, 1992:98).

Tamén hai vacilación no caso de *muerte* 21, 200, 201, 207, algo menos frecuente ca *morte* 2, 188, 193, 210, 212, 220, 231, 236. Destaca *ueocho* 118, parte do numeral *diaz e ueocho* 'dezaoito', no cal pode haber unha vacilación que leve ó escriba a reproducir a palabra cos dous resultados posibles <ue> e <o> pero, xa que tamén houbo corrección da consoante -primeiro escribiuse un *h* e logo por riba un *c*-, pode que esquecese riscar un deles. Pidal, que fala do "exceso de ditongación" que se observa no leonés nun caso notable, o de Ŏ ante iode, recolle xunto con exemplos con ditongo o caso de *uueyo* (gal. *ollo*) en textos antigos leoneses que dalgún modo lembra o noso *ueocho*. Con todo, respecto ó resultado do numeral ŎCTO di que a ditongación "falta en general subtituyéndose por la forma literaria *ocho*" (1906: 154).

Non ditongan *ortas* 13, *ponte* 5, *Ponte* 103 e *porto* 48, 53. O segundo *Ponte* forma parte dunha cadea onomástica e os *porto* ben se puideran interpretar como parte do topónimo ó que acompañan, *(das) Uirineyras*. Tampouco o fai a palabra *soldu* 158 a única vez que aparece desenvolta, por iso escribimos sen ditongo *soldo* 158 e o plural *soldos* -este máis frecuente no texto- que sempre aparecen abreviados.

O resultado do ditongo é sempre <ue>, agás o caso mencionado de <oe>.

A escaseza da mostra non permite chegar a moitas conclusións; con todo, coincide coa situación xeral do leonés medieval e podemos establecer que, no caso do Ĕ breve tónico, a ditongación se produce tanto en sílaba libre coma en trabada[167] e a do Ŏ breve tónico, en sílaba libre, trabada -menos frecuentemente- e ante iode. Tamén o resultado gráfico é bastante constante: grafía <ie> para o resultado ditongado da vogal palatal e <ue> para o da velar, só con candanseu exemplo doutras variantes (< ia>, <oe>, respectivamente). O texto caracterízase ademais polo resultado tipicamente leonés *ye*, *yeran* das formas verbais ĔST, ĔRANT que, no caso da conxunción só se dá nunha ocasión.

A lingua dos enquisados quizais poida explicar algúns casos de non ditongación. Así parece en canto ós exemplos da onomástica comentados (*Serra*, *Ferro*, *Dente*, *Ponte* e quizais *porto*), nomes e topónimos. No caso do Ŏ breve tónico, con todo, os nosos exemplos coinciden cos resultados en que Pidal di que o leonés non ditonga (ditongación en sílaba libre e ante iode pero non cando vai trabado por nasal); pero no do Ĕ breve tónico parece

[167] Pero, como indica Pidal (1906:146), só no verbo.

haber unha certa evidencia de que se respectaron os nomes tal cal se oíron, a pesar de que a mostra é pequena e iso non sempre aconteza, como veremos a seguir (por exemplo nas palabras procedentes de –ARIUM, a maioría profesións, que parecen funcionar como sobrenomes ou, polo menos, como identificadores. Talvez isto demostre que o escribán interpreta estas como palabras comúns e non como partes da cadea onomástica.

5.1.2.1.3. Ditongo AI primario e ai secundario

O ditongo AI primario tamén vacila e ofrécenos o dobre resultado do ditongo romance en *Ueyga* (< *(I)BAIKA) 151 e as formas monotongadas *Uega* 59 e *Mantega* 195, esta última, palabra de etimoloxía dubidosa[168].

En canto ó ditongo secundario, temos *leira* (< lat. med. LAREA) 51, 52, 166, 167, 168, 169, 180, 184, 186, 229, *leiras* 55, 141, 166, 168, 169, 170, 171, 173(2), 174, 183, 185, *leyra* 177, 171-172, 106, 176, 233, *leyras* 106, *lera* 42, 49, 50, 56, 200, 231, *leras* 41-42, 104, 216, 231, 240, cos dous resultados e variedade gráfica (< ei>, <ey>)[169]. Se non hai que reconsiderar os étimos, esta palabra puido confluír no leonés máis occidental con *lleira* e *llera* (< lat. GLAREAM) 'cascallar; terreo pedrento', que hoxe figura como significado primario nos dicionarios asturianos (DGLA, s.v.; Sánchez Vicente, 1988, s.v). No leonés medieval, rexístrase poucas veces, pero o significado parece ser o galego 'terreo de labranza'.

O nome propio dun mesmo individuo, *Sueyro* (< lat. med. SUARIUM) 170, 171, *Suero* 171 e *Suer* 161, aparece escrito de tres formas distintas en só dez liñas de texto, con ditongo e sen ditongo na mesma liña e a palabra de orixe dubidosa *Queso* (quizais de CASEUM; véxase o capítulo de onomástica) 54 con monotongación. Os dous últimos exemplos citados pertencen a elementos das cadeas onomásticas, topónimos ou nomes persoais, e invalidan, en certa maneira, a idea da fidelidade ó oído exposta no punto anterior.

---

[168] So nos vale como exemplo se aceptamos a etimoloxía proposta por Meyer-Lübke, *MANTAICA, que Corominas / Pascual desbotan (DCECH, s.v. *manteca*). No CORDE a única forma que encontramos para os textos leoneses da época é *mantega* [Data de consulta 7-9-2015].

[169] Só atopamos un exemplo no séc. XIII: "in dias signaladas de cruzes de la sua meatat del castannedo de la *lera* de Loredo in fondos cerca la penna" (a. 1255, Docs. Notariales, F. Cumbreño), ó que lle acae mellor a acepción 'terreo de labranza'. No séc. XIV aparece máis frecuentemente coa grafía *yera* e sempre en documentos de León: "item a la carrera de Santo Feliz seys *yeras*, de que son fronteros la carrera sobredicha", "item otra tierra en que ha vna *yera* que iaze a la carrera de Santo Feliz" (a.1329, S. Domínguez Sánchez), en que ademais parece indicar unha medida de terra. (Consulta no CORDE, 23/10/2015). Álvarez Maurín (1994) non a recolle.

A tendencia á monotongación neste grupo é temperá nos documentos medievais do leonés, pois o ditongo decrecente, segundo algúns autores, empeza a ser minoritario xa no século XIII (García Arias, 1995: 625).

Do resultado do sufixo –ARIUM hai no texto bastantes exemplos con resultados vacilantes entre a forma ditongada, como sucede en *caualeiros* 227-228, *pelteiro* 263, *oleyro* 167 e a monotongada de *carpentero* 51, 58, *correro* 203, *foreros* 229, *primero* 255, *reguero* 246-247, *fazendera* 36, todos voces comúns. Tamén se rexistra en elementos das cadeas onomásticas ou topónimos que manteñen o ditongo coma *Ceboleiro* 128, 130, *Criueiro* 92, *Ferreiro* 113, 114, *Oteiro* 222, *Carreira* 240(2), *Oliueira* 82, *Osseyra* 7, 31, *Pedreira* 241, fronte a casos de monotongación coma *Caruonero* 27, *Cebolero* 132-133, *Castenero* 87, *Palumbero* 204, *Pelitero* 120-121, *Carrera* 42, *Lauandera* 148, *Noguera* 158, *Pereras* 200-201, *Ossera* 9, 10, 11(2), 15, 16, 20, 39, 40, 42, 43, 51, 88, 89, 109-110, 119, 120, 121, 157, 158, 162, 165(2), 175, 178, 179, 180, 182, 200, 230-231, 252.

A respecto dos casos anteriores, onde se dá a metátese do iode, debemos comentar o caso de *fèra* (< FĒRĬAM) 120, insólito, onde ou ben se produciu o mesmo proceso e a posterior monotongación -co que cremos que a palabra sería un hápax no leonés- ben é un lapso do escribán ou ben se debe a un efecto corrector do tipo *Carreira*/*Carrera*, *Pereira*/*Perera* no intento de aproximar as voces galegas á súa lingua.

Son frecuentes, entre estes últimos exemplos, palabras que fan referencia a profesións, que funcionan moitas veces como sobrenomes e que na actualidade son apelidos. Non é sempre doado nesta época dilucidar se a palabra é aínda voz común ou se forma parte das cadea onomástica. Algo similar sucede cos topónimos; esas voces comúns que se acaban convertendo en formas fixadas referenciais, cando son de base latina e transparentes, coma nestes casos, normalmente son difíciles de adscribir ó apartado da onomástica ou ó do léxico común.

Finalmente, temos cinco casos da palabra *dineiros* 154, 155, 156, 157, 160 abreviado en *d* cun trazo que cruza a ascendente, que non é significativa neste comentario por ser ese desenvolvemento unha escolla de edición entre as posibles.

Coma neste texto, durante a época medieval, o sufixo -ARIUM, -ARIAM vacila no seu resultado entre o ditongo (-*eiro*, -*eira*) ou a redución a <e> (-*ero*, -*era*) na área leonesa occidental e central, con maior tendencia á monotongación canto máis ó leste. O sufixo -*eiru*

mantense vivo en todo o occidente asturiano no masculino, aínda que o feminino se presenta frecuentemente monotongado: *vaqueiru, vaquera* (DGLA[170]). Con todo, a pesar de que na documentación antiga está ben documentada a vacilación e hoxe temos exemplos por toda a área dialectal, existen bastantes zonas onde xa só se usan as formas monotongadas[171].

5.1.2.1.4. O ditongo AU

O ditongo latino AU primario alterna os seus resultado entre *ou* en sílaba tónica, do que só temos o exemplo de *couto* 251, fronte a *coto* 37 e *cotos* 220 e a forma monotongada case xeral *odisen* 3, *odiran* 223, *odiron* 220, *otorgó* 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, todos en átona. Esta tendencia á monotongación, no caso do *au* secundario, é o resultado único para todos os exemplos do texto, tanto en posición tónica, coma en *moró* 71, *otra* 6, 7 (2), 8 (2), 9, 23... 154 (2), 155, 231, 232, 234, 240, *otras* 11, 12, 41, 56, 57, 175, 217, 240, *otro* 247, *otros* 245, 256, 256-257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, *soto* 50, 52, 144, *sotos* 13, 242, 243, coma en átona, en *Oteiro* (< ALTARIUM?) 222. De xeito similar ó que sucede co ditongo latino AI, a monotongación dáse cedo; o resultado *ou* é moi minoritario no leonés central na documentación antiga e no occidental, desde o último terzo do século XIII a monotongación irase impoñendo ata ser case exclusiva no século XV (García Arias, 1995: 626).

5.1.2.1.5. O ditongo [oj] secundario

Do ditongo secundario grafado <oy>, resultado do sufixo deverbal -ORIUM, -ORIAM, rexistramos o caso de *Passadoyro* 46, que se desenvolve, como é habitual nas voces patrimoniais do galego, coa metátese o <i> e a conseguinte formación do ditongo decrecente. Con resultados distintos, o mesmo sufixo está en *pescadorias* 223 (*elas pescadorias das Rezas*), do lat. PISCATORIAS, voz rexistrada máis adiante no mesmo contexto como *pescadeiras* 250 (*elas pescadeiras de las Rezas*). O resultado de -(T)ORIUM > -(*t*)*oiro*, que xeralmente forma en romance adxectivos e substantivos patrimoniais co valor de "lugar onde" ou "obxecto para" a partir dun verbo, foi nun primeiro momento semellante para o galego e o portugués, pero esta última lingua transformou [oj] en [ow] (*passadouro*,

---

[170] *Diccionario General de la Lengua Asturiana*: http://mas.lne.es/diccionario/palabra/74577 [consultado o 10/9/2015].

[171] Para unha descrición máis pormenorizada da situación pódese Zamora Vicente (1996: 100 e ss.).

escorredouro, *comedouro*, etc.) como tamén fixo o galego nalgún dos seus dialectos meridionais -en concreto na área tudense, contigua ó lugar onde se produciu o texto- e reflicte a toponimia actual (*Lavadouro* e *Breadouro* en Vigo, por exemplo). Con todo, o galego e tamén, pero en moita menor medida, o portugués, fixeron confluír nalgúns casos este resultado co de -ARIUM (< *-eiro*) e hoxe encontramos o gal. *comedeiro* e o port. *fazendeira* ou *amassadeira*. A alternacia xa é temperá no caso do galego, como amosan exemplos dos séculos XIII e XIV do TMILG[172] (*pousadeiro* /*pousadoyro*, *poussadoyro*, *pasadeyro* / *passadoyro*, *firme e valedeyro* / *firme e valedoyra*), e aínda se mantén hoxe a tendencia no galego oral: *lavadeiro*, *aparcadeiro*, *apeadeiro*, *cocedeiro*, etc. No castelán, logo dese primeiro proceso de metátese parello ó do galego e o portugués, o ditongo equiparouse con [we] e, posteriormente, reduciuse a [e] (*valeduero* > *valedero*). En leonés só atestamos na antigüidade a forma xa monotongada[173]; non obstante Pidal (1906: 150) recolle formas modernas con *-oiro* no asturiano occidental. A análise deste sufixo é complexa e o seu estudo débese poñer en relación co doutros, coma o xa mencionado -ARIUM e -TOREM (>*-dor*). Algúns autores atribúen o paso de -(*d*)*oiro*/-(*d*)*-ouro* a -(*d*)*eiro* no galego e no portugués á "infiltración tardía" de voces castelás ou leonesas[174]. Non é este traballo o lugar dunha pescuda profunda sobre o tema, entre outras razóns porque só dispoñemos deses tres exemplos que, ademais, cremos que poden evidenciar certa dificultade do escribán ante resultados que non lle serían próximos. Hai que notar tamén que *pescadorias* e *pescadeiras* non son as palabras habituais nos textos galegos medievais[175], nos cales se documenta amplamente o latín PISCARIAM e o romance *pesqueyra* / *pesqueira* para ese concepto.

[172] [Consultado o 4/7/2015].

[173] As formas *ualeduero* e *valeduero* rexístranse no CORDE durante a segunda metade do século XIII (o feminino *ualeduera* antes, en 1239) só en fontes castelás, e a final de século desaparecen. Os primeiros testemuños de *ualedero* e *valedero* están datados tamén a partir de 1250 en fontes castelás e leonesas, nos documentos da catedral de León (a.1258) e na colección documental de Carrizo (a. 1275). [CORDE, consultado o 3/7/2015].

[174] Yakov Malkiel (1988: 226). Véxase este artigo para unha visión xeral deste sufixo na Romania.

[175] Nos documentos da catedral de León, durante o séc. XIII encontramos só dúas veces a palabra *pesqueras* e outras dúas o topónimo *Pesquera*. En castelán, a voz *pesquera* figura no CORDE vinte e oito veces ata o ano 1300 [consultado o 6/08/2015].

5.1.2.1.6. Os hiatos

Os hiatos, frecuentes en galego pola caída de consoantes intervocálicas que se dá na súa evolución, están no texto fundamentalmente nas cadeas onomásticas persoais ou nos nomes de lugar.

O hiato <aa> témolo en *Paan* [a(j?)á][176] 4, 235, 237, 255; *Paaz* [a(l)á< e(l)á] 148; *Saa* [á(l)a] 180, 184 e *aa* 215, unha forma anormal da preposición.

De <ae> temos un exemplo en *Orgaes* [á(l)e] 227. En *Migael* 164 hai un latinismo gráfico que pode ou non corresponderse coa pronuncia.

O hiato <ao> só o encontramos en *Rebordaos* [á(n)os] 224. Coa mesma estrutura etimolóxica, na primeira palabra do topónimo *Yano (Fremoso)* 86, non caeu a consoante, polo que non hai posibilidade de ditongo.

En posición tónica hai un caso de hiato <ea> en *Eanes* [eá] 16, 110, 150, 155, 160, 180, 193, 234, que é a forma máis frecuente no texto para o patronímico. Alterna cunha forma con ditongo *Ianes* 127 e a abreviatura do latín *Iohanes* 104, 127, 238, que desenvolvemos ó xeito romance. Tamén hai a secuencia <ea>, agora en posición átona, na voz común *vínea* 45, 85, *víneas* 47, unha forma latinizada que quizais sexa un intento de representar a palatal, fronte á máis abundante *vina*, polo que é discutible. Tamén átono é o hiato de *meatad*[177] 174, 175, 176, 177, 183-184, 185, 192 e *meadad* 181 (2), 182.

No sobrenome *Feo* [é(d)o] 59 temos o único caso do hiato <eo>.

A secuencia <oe> que se rexistra en *boenas* 71, cremos que se corresponde cunha representación do ditongo [wé] que, aínda que minoritaria, non é estraña en textos leoneses, por exemplo, nos do mosteiro de Carrizo: *coerpo*, *moebre*[178].

---

[176] A etimoloxía deste sobrenome é escura. Véxase a máis sobre a variación de forma deste segundo nome *Paan* / *Payán* no apartado de consonantismo e no de onomástica.

[177] En español rexístrase esta forma ata principios do século XVII [CORDE, consultado o 5/7/2015). En galego *meatade* é forma moi frecuente que se atesta, xunto con *meadade* e *metade*, e outras variantes, polo menos ata o século XVI [TMILG, consultado o 5/7/2015].

[178] Díez Suárez (1992:102).

O hiato <oo> figura en elementos das cadeas onomásticas coma en *Boosendo* [ó(d)o < a(d)o < BADOSINDUS] 15, 259 e *Móogo* [ó(n)o < ó(n)a] 144, sobrenome que tamén se rexistra como *Mónago* 80-81.

Da tendencia do leonés a evitar os hiatos hai algunhas mostras no texto xa coa asimilación de vogais (CORRIGIARIUM > *corre'eiro*> *correro* 203, 238), xa co mantemento da consoante latina (AUDIVISENT > *odisen*; AUDIVERUNT > *odiron*; AUDIRANT > *odiran*)[179], xunto con aqueles casos atrás citados en que a palabra galega, seguramente transparente para o escribán, se adapta á forma por el máis coñecida e recupera a consoante que o galego perdera: *Yano*, *Mónago*.

5.1.2.2. Vocalismo átono.

5.1.2.2.1. Vacilación das vogais átonas

As vogais átonas pretónicas mostran nalgún caso tendencia a pechar, como en *Campisina* 16 ou *directuras*[180] 162. Tamén amosan vacilación nas vogais átonas o topónimo *Castenero* 87, en que o <e> só pechou un grao[181], e o *carpentero* 51, 58, que mantén o <e> pretónico etimolóxico, sen a inflexión provocada polo iode xurdido da metátese do sufixo.

No caso da vogal velar átona final encontramos dous exemplos de tendencia á pechazón na expresión *unu soldu* 158, pero, por ser un caso illado, poderíase considerar latinismo gráfico.

5.1.2.2.2. Prótese e apócope de vogais

Son latinismo gráficos *Steuan* 170, 172 e *Steuaína* 31, o que nos leva a interpretar *Sante'Steuan* 151, 181. Con todo, na cadea *Pedr'Estéuanez* 186, optamos pola lectura con *e-* dado que o nome *Pedro* perde xeralmente a vogal final en contacto con outra vogal (*Pedr'Arias* 105, *Pedr'Ianes* 128, *Pedr'Eanes* 180, *Pedr'Estéuanez* 187, *Pedr'Esqualo* 206), e

---

[179] Sobre os hiatos en leonés medieval, véxase máis en Marcet Rodríguez (2008:45-71).

[180] A grafía <ec> ha de ser representación arcaica do ditongo <ei>, que é o que provoca que a pretónica peche (cf. port. moderno *direito*, como tamén algunhas solucións dialectais galegas); con todo non podemos descartar que simplemente se reflicta a grafía latina.

[181] O <n> ten que ter valor palatal e isto é o que provoca a inflexión da vogal. No galego a vogal pecha dous graos: *castiñeiro*.

só nun caso aparece coa forma plena con *-o* final (*Pedro Arias* 25), que é a única ante consoante (*Pedro Domínguez* 1, *Pedro Martiz* 4, *Pedro Ferro* 44, etc.).

A vogal final *-e* vacila entre o mantemento en *abbade* 114-115; *eredade* 224) e a apócope, moito máis abundante, en *heredad* 20, *eredad* 103, 185, 189, 226, 227, 228, *faz* 36, *iaz* 40, 44, 52, 53, 59, 64, 95, 97, 98, 101, 140, 144, 147, 148, 229, 232, *iat* 41, *meadad* 181(2), 182, *uerdad* 221, 223-224, *tien* 39, 43, 44, 55, 60, 83, 84, 85, 86, 87, 89, 90, 93, 94, 96, 97, 155, 156, 217, 218, 222, 231, 232, 233; *ten* 34, 38, 50, 51, 52, 56, 58, 61, 62, 92, 106, 133, 134, 137, 141, 142, 143, 150, 151, 152, 154(2), 165, 166(2), 167, 168(2), 169(2), 171, 173, 174, 176 (2), 171(2), 173, 174, 176(2), 177, 178, 179, 180, 183, 184, 215, 216, 252). Noutros casos contrae coa vogal *e-* da palabra seguinte como en *sobr'ela* 69, *sobr'el forno* 75, *sobr'el lagar* 136; tamén é moi frecuente a contracción da preposición *de* seguida de vogal coma en *d'Auia* 70, *d'Oréns* 218, *d'Ourantes* 47.

5.1.2.2.4. O [-j-] epentético leonés

Hai varios posibles casos de iode epentético na sílaba final, coma no substantivo *persoria* 226 e *presoria* 198, 237 (< lat. med. PRESSŪRAM). *Murias* 220, microtopónimo que non conseguimos identificar, frecuente na toponimia do galego occidental e en Asturias e León, pero insólito na zona de Ribadavia, que é voz común en Asturias, adóitase explicar como proveniente do lat. *MUREA, derivado de MURUM 'muro', para Corominas (DCECH, s.v. *morena*) "con la *i* epentética leonesa". En relación con isto, sobre o mantemento do iode do grupo /TJ/ (*renembrancia* 1, *pitancia* 149, *tercia* 35-36, 59, 63, 149-150, 174, 238, *tercias* 178, 179), fronte á tendencia á súa desaparición no galego (*ça*), falarase no apartado do consonantismo.

5.1.2.3. Consonantismo

5.1.2.3.1. Consoantes duplicadas

Só hai dous casos, non significativos por escasos, de consoantes duplicadas, *abbade* 114-115, un latinismo gráfico, e o nome *Ffernán* 4, que aparece en todas as demais ocasións como *Fernán* 20, 38, 50, 56, 90, 94, 106, 109, 111, 133, 160, 179, 185, 189, 193, 197, 234, 254, 256, coa consoante simple.

5.1.2.3.2. Bilabiais oclusivas e fricativas.

1. Non hai no texto confusións entre as grafías que representan as bilabiais oclusivas e fricativas. A grafía <b> úsase sempre para as voces provenientes dun B- inicial, latino ou doutra orixe, coma *boenas* 71, *bona* 117, *bonas* 240, *buenos* 33, o topónimo *Burgo* (< baix. lat. BURGU) 57, 64, 248 e os sobrenomes *Boosendo* 15, 259 (*Bosende* <xerm. BADOSINDI), *Barua* (*de Lobe*) 209, *Bafarino* 157 e *Bafarela* 165, estes dous últimos escuros, pero quizais derivados de *bafo*. En principio son opacos os sobrenomes *Batía*, *Besna* e o topónimo *Brul*. Teñen o mesmo tratamento gráfico <b> as palabras que proveñen dun -P- latino coma *bodegas* 126, *arcebispo* 198 e *bispo* 218, que en (*Joán*) *Bispo* 26 é sobrenome coma *Lobo* 168 e (*Barua de*) *Lobe* 209.

2. A consoante bilabial /β/ procedente do -B- latino intervocálico aparece sempre representada polo grafema <u>, coma no caso das distintas formas do verbo *auer* 24, *auía* 104, e *auýan* 244; tamén na desinencia dos imperfectos *dauan* 221 e *lexauan* 245 e nos substantivos *caualeiros* 227-228. O mesmo sucede na onomástica persoal e nos topónimos, dos que temos como exemplos os sobrenomes *Marauila* 122 (< MIRABILIAM), *Ruuio* 60, 61, 62, e *Soueral* 51-52, 101. O arabismo *morauidí* 7, 8 (2), 17, 29 e *morauidís* 205, abreviado en *mor* e *morbr* con trazo, desenvolvémolo sempre con <u>.

3. O grupo -RB- tamén presenta o resultado <u> para a bilabial no sobrenome *Barua* 209 e nos topónimos *Baruada* 140, 142 e *Caruonero* 27. Cintra (1959: 310-311) sinala que este é un trazo máis galego-portugués e que nos textos casteláns predomina a grafía <rb>.

4. Reciben o mesmo tratamento gráfico con <u> as palabras procedentes de -F- latino intervocálico, adaptación do grego -PH- nos nomes de persoa *Steuan* (< STEPHANI) 151, 169, 172, 181, *Steuaína* (fem. de STEPHANUS) 31 e o patronímico *Estéuanez* 187 e tamén o topónimo *Aziueiro* (< *ACIFOLIU + -ARIU) 141, 172, *Aziuero* 186 e *Aziueyro* 237.

5. Para U- en posición inicial de palabra alternan as grafías <u> e <v>. Levan <u> *uida* 14, 55, 193-194, 217, *uila* 226, 251, *uilla* (tamén en *Cima de Uilla* e *Encima de Uilla*) 70, 182, 198, 204, 237, 239, 249, *uina* 39, 61, 62, 66, 68, 83, 84, 86, 87, 88, 89, 90, 92, 102, 136, 141, 143, 147, 150, 177-178, 178, 179, 208, 241, *uinas* 56, 58 (2), 60, 145, 148, 150, 216, 217, 230, 235, 236, 238, 243, 247 e *uyna* 251. Tamén o prerromano *uega* 59,

ueyga 151 e os sobrenomes *Uassallo* 83, 86 e *Uarella*[182] 231, 233 e os topónimos *Ueronza* 151, 232, *Uirineyras* 48 e *Uirineras* 55. Tamén os patronímicos *Uermúdez*[183] 110 e *Ueremúdez* 125. Algo menos frecuente é o uso de <v> en *villa* 32, 225, 244, *vigarios* 2-3, *vina* 38, ,40, 41, 43, 100, 146, 164, 165, *vinas* 13, 37, 242, *vínea* 45, 85, *vínea* 47. Un <v> con valor vocálico encontrámolo nuns poucos casos do topónimo *Vclés* 107, 139, *Vcrés* 8 e unha vez en *vna* 39.

En conclusión, o uso das grafías <b> e <u> responde a unha regra etimolóxica.

5.1.2.3.3. Resultado do -L- intervocálico

A caída do –L–, tamén característica do galego e do portugués, non se dá neste texto nas voces comús *molinos* 13, *rregalengo* 221, *rengalengas* 224, *rregalengas* 248, *rrengalengas* 241 e *solares* 125, 161, que tivo unha forma patrimonial *soar* (pl. *soares*), logo substituída polo cultismo. Fronte á forma patrimonial galega do pronome relativo plural *quaes*, no texto só temos *quales* 114, que é non rexistramos en Galicia no século XIII e é moi escasa nos séculos XIV e XV[184].

Nos nomes propios hai máis vacilación. Mantense en *Talauera* 20 e *Talaueira* 185, sobrenome seguramente referido á cidade toledana[185] e probablemente da mesma orixe có topónimo galego (*A*) *Tabeira* (< prerr. *TALAVA ou *TALAVO) (A Laracha e Melide), e tamén nas formas latinizadas *Palumbal* 96 e *Palumbeiro* (Pombeiro) 204. Sen esquecer que os costumes gráficos non sempre se corresponden coa oralidade, observamos que o patronímico *Peláez* 1, abreviado en *pelaz* con trazo, conserva a consoante no nome dun dos homes do rei, pero no dos veciños de Ribadavia amosa a súa forma galega *Páez* 151, 166 (2), 169, 191 (2), 257, sempre desenvolta[186], do mesmo xeito que o nome que a xerou, *Pay*

[182] Sobre a etimoloxía deste sobrenome e dos topónimos e sobrenomes seguintes, véxase o apartado de onomástica.

[183] O primeiro elemento do nome é escuro e os étimos que se adoitan propoñer para o nome que orixina este patronímico levan un *b-* inicial. Porén todos os exemplos medievais galegos sempre aparecen grafados con U- ou V- inicial (Boullón 1999: 448). Piel-Kremer inclúeno baixo o epígrafe UER(E)MUDUS, UER(E)MUNDUS.

[184] TMILG [Consultado o 17/07/2015].

[185] Sobre este sobrenome toponímico véxase máis no capítulo de onomástica.

[186] Son frecuentes nos textos galegos as abreviaturas *plz*, *pllz*, *pelz*, *pel*, *palz*, *pl*, *pls*, *plls*, *plaes*, *pliz*, etc., con trazo (Lorenzo 2004: 456). Con todo, cremos que o uso só nesta ocasión da abreviatura fronte á forma desenvolta galega *Páez* do resto do texto, seguramente quere marcar algunha diferenza.

14, 22, 50, 52, 55, 67, 75, 82, 87, 96, 107, 122, 148, 168, 171, 183, 192, 215, 216, 217, 238, 258, fronte á forma *Pelay*, máis frecuente en textos leoneses e castelás. O sobrenome toponímico *Saa* 180, 184 tamén perde o -L- xunto co topónimo *Orgaes* 228.

5.1.2.3.4. Resultados de -N-, -NN- e -NJ- latinos

Outra das características do texto é a tendencia ó mantemento do -N- intervocálico, que se perde en galego.

3.4.1. Mantense o -N- nas voces comúns *boenas* 71, *bona* 117, *bonas* 240, *buenos* 33, *monasterio* 123, *monesterio* 6, *órdenes* 37, 243, *padrones* 220, *senara* 53, 64, 101, 104, 239 e nos verbos *tenen* 153, 170, 173, 238, *tener* 14, 66, 78, 236 e *tienen*(*la*) 227.

O latín CANONICOS presenta dous resultados, un con disimilación da segunda nasal e mantemento, en *conóligos*[187] 187 e outro, *cónjgos* 247, con aparente caída dos dous -N- e renasalización (*cãő́nigo* > *cõő́nigo* > *cónigo*), coma hoxe no portugués *cónego*.

Tamén se mantén nas palabras *omnes*[188] 2 e *nomne* 249, das que hai exemplos abondo nos textos leoneses medievais. García Arias (1995: 634) afirma que neste grupo *m'n*, os textos occidentais podían amosar o resultado -*m*- e engade que ás veces hai un "desarrollo caprichoso de las abreviaturas". Hoxe no asturiano e no leonés central son frecuentes as formas con reducción das dúas nasais, polo que, con evolución distinta, o resultado conflúe co do galego e o do portugués[189]. Sobre exemplos medievais do paso de *mn* a *mr* e a *mbr*, resultado actual do leonés occidental e do castelán, véxase Staaff (1907: 244-147).

O latín TERMINUS resólvese no cultismo *término* 64.

---

[187] A forma usual nos textos leoneses da época é *canóligo*.

[188] A palabra está abreviada en *ome* con trazo. A existencia de *nomne* desenvolto levounos a propoñer tamén a lectura *omne*.

[189] Maia (1986:639-640) pensa que no galego e no portugués se deron dous tipos de evolución nas palabras latinas rematadas en -MINEM. No primeiro, común co leonés occidental, acontece a caída da vogal da postónica e a posterior redución das consoantes en palabras como *costume*, *lume* e *nome*. No segungo tipo, exclusivamente galego-portugués, a vogal postónica consérvase e prodúcese a síncope do -N-. Este segundo tipo de evolución alterna co primeiro en palabras como *home* e para ela iso é o que explica as distintas formas medievais *home*, *ome*, *homes* e *omes*, ó lado de *omẽes*, *oméés* e *homees*.

Dos nomes propios conservan a nasal *Genés* 249, *Menéndiz* 201, *Menendj* 210, *Mónago* 80-81 e tamén aqueles procedentes da terminación latina tónica -ANUM, -ANAM, coma o primeiro elemento do topónimo *Yano Fremoso* 86, o adxectivo *Compostellano* 54, que acompaña o nome da igrexa de Santiago. Mantense o cultimo (*Monte*) *Mediano* 56, 80, 83 fronte á forma medieval galega patrimonial *meão* ou *meaão*. No caso do nome persoal *Steuan* 151, 170, 172, 181, en que o sufixo grego (-ANOS) é átono, mantense a nasal e pérdese a vogal final, coma no castelán, fronte á evolución máis frecuente do galego, en que se dá a caída da nasal e a asimilación das vogais: *Estevõo*.

Pola contra, perde o -N- o patronímico *Martiz* 4, 69, 84, 87, 97, 97, 147, 161, 169, 170(2), 171, 172(2), 216, 217, 219, 230, 235, 237, 255. Vacilación entre as dúas solucións encontrámola nos sobrenomes do mesmo étimo (*Martín*) *Mónago* 80-81e (*Pedro*) *Móogo* 144.

3.4.2. O artigo indefinido *hun* 19, 35, 246 e *unu* 158, o seu feminino *una* 6, 9, 10, 12, 36, 38, 53, 68, 83, 94, 100, 101, 149, 150, 152, 153, 166, 167, 168, 169, 176, 177, 178, 179, 180, 184, 186, 206, 218, 229 (2), 239, 141, 248, *vna* 39 e *huna* 252, no plural *unas* 198, e o pronome indefinido *uno* 118, *una* 233 con mantemento da consoante intervocálica, non presentan sinais de nasalización da vogal, característica do galego e do portugués.

3.4.2. O grupo -NN- só está contido no texto na palabra *ano* 7, 20, 25, 28, 29, 49, 110, 145, 154, 155, 156, 157, 159, 194, 196. Leva sempre trazo de abreviación, que indicamos, pero optamos por non desenvolver.

A grafía <nn> só se rexistra neste texto nos casos de encontro da preposición *en* coas formas *lo*, *la* do artigo determinado (*enno* e *enna*), así coma nos casos en que un verbo rematado en *-n* se une coas formas *lo*, *la* do pronome. Esta combinación de consoantes pasa en galego, coma no leonés máis occidental e central (Egido Fernández, 1992: 115), por tres fases (enlo > enno > eno), que temos ben exemplificadas no texto: <nl> en *tiénenla* 228, *tenla* 69, 193; <nn> en *tenna* 67, *tienna* 111, *enno* 37, 57, 64, 70, 101, 249, *enna* 59, 78, 102, 103, 104, 106, 150, 204, 232, 234, 244, *ennas* 165 e finalmente coa redución das consoantes en *tieno* 222 e *ena* 44, 45 e 100.

3.4.4. Co grupo -NJ-, único no texto en que o resultado palatal [ɲ] é común para todas as linguas peninsulares, temos *quiniones* 118, *uina* 39, 61, 62, 66, 68, 83, 84, 86, 87, 88, 89, 90, 92, 102, 136, 141, 143, 147, 150, 177-178, 178, 179, 208, 241, *uinas* 56, 58 (2), 60, 145,

148, 150, 216, 217, 230, 235, 236, 238, 243, 247, *vina* 38, 40, 41, 43, 100, 146, 164, 165, *vinas* 13, 37, 242, *vínea* 45, 85, *víneas* 47. O son palatal parece estar representado polo dígrafo <ni>, <i> + <n> e <ne>, respectivamente.

No substantivo *cortina* 94, 96, 97, 130, 131, 133, 134, 135, 137, 138, 139 (2), 140, 146, 212, 231, 232 e o seu plural *cortinas* 13, 132, 244-243, nos nomes *Fernandino* 162, *Marina* 39, 97, 116, 136, *Martino* 5, 29, 48, 95, *Steuaína* 31 e nos sobrenomes *Bafarino* 157, 178 e *Godina* 196, palabras todas que conteñen o sufixo -INU, xunto co nome *Pedrilino* 76, que contén -ĔLLU + INU[190], o <n> representa o son palatal. O mesmo debe suceder no topónimo *Uirineyras* 48, derivado de *viriño* ou *viriña* (un tipo de carballo, quizais do lat. VERUS 'verdadeiro'), e na forma co ditongo reducido *Uirineras* 53.

No arabismo *azenias*[191] 14, 71, 88, *azenas* 95 vacílase entre o dígrafo <ni> e o simple <n>, co que tamén aparece o topónimo *Castenero* 87, ó que lle temos que presupoñer un son palatal, pois pecha a vogal precedente (lat. CASTANARIUM > castanairo > castañeiro > casteñeiro/casteñero). Excluímos da análise a palabra *dineiros* 154, 155, 156, 157, 160, pois é forma reconstruída que sempre aparece abreviada nun *d* con trazo.

Para representar o novo son nasal palatal romance parece que o escriba ve abondo o simple contacto de <i> + <n> que se dá na maioría das palabras que o conteñen; con todo, hai un tímido ensaio cos dígrafos de base etimolóxica <ni> (*quiniones*, *azenias*) e <ne> (*vínea*, *víneas*). A ausencia de marca sería escasa (*azenas*), pero non nos despexa dúbidas sobre o valor alveolar de <n> no substantivo *molinos* 13 e nas formas verbais *tenen* 153, 170, 173, 238 e *tienen*(*la*) 227.

En conclusión, dado que <nn>, forma máis frecuente nos documentos leoneses medievais[192], non se usa no texto para indicar a nasal palatal e que os casos en que aparece correspóndense á unión do -*n* final dun verbo (*tienna*) ou da preposición *en* (*enno, enna*) coa forma *no*, *na* que adopta o artigo determinado, só poderemos establecer o valor da nasal nas

---

[190] Sobre *Pedrilino* e o seu sufixo véxase Rosario Álvarez (2009:24-35).

[191] Do ar. *a-sâniya*. No galego medieval -tendo en conta que as lecturas poden non ser correctas- esta palabra rexístrase coas formas *azea*, *azêâ*, *açeas*, *azeas*, con síncope da consoante nasal, e *azena*, *açena*, *acenia*, *acenna*, *acenas*, *azenias*, *azennas*, *azeña*, *azeñas* (TMILG. Consulta o 19-7-2015).

[192] Sobre a reprentación da nasal palatal en leonés e a frecuencia das grafías utilizadas véxase Marcet (2009:77-79).

palabras *ano* e *dona* se podemos inscribir o texto nunha área dialectal concreta para atribuirlles así o resultado que -NN- ten nelas.

5.1.2.3.5. As sibilantes sonoras e xordas

1. A representación gráfica das sibilantes fricativas apicoalveolares é, en xeral, bastante estable. Para as sonoras procedentes do -S- latino, úsase sempre o <s> e así *casa* 6, 9 10, 14, 15 (3) 16, 17 (2), 20, 21, 25, 26, 27, 29, 30, (2), 34, 36, 69, 71, 72, 73 (2), 74, 15, 76 77, 79, 80, 81, 82, 107, 108 (2), 109, 110, 111, 112, 116, 120, 121, 122, 123, 124, 127, 128, 129, 146, 152, 153, 154, 155, 155-156, 157, 158, 159, 160, 187, 188, 191, 193, 195, 196, 203, 205, 206, 207, 209, 210, 211, 212, 215, 218, 229, *casas* 7, 8 (2), 10, 11, 12, 18, 38, 114, 115, 119, 126, 145, 152, 156, 159, 161, 191, 198, 199, 205, 235, 243, *casar* 162, 163 (2), *enquisa* 1, *enquisas* 3, *pusieron* 2, *Fremoso* 86 e o sobrenome *Campisina* 16.

As apicoalveolares xordas provenientes da xeminada latina -SS- están representadas con <ss> en *acordassen* 245, *odissen* 3, no topónimo *Passadoyro* 46 e no sobrenome *Uassallo* 83, 86, pero úsase a grafía <s> en *uisen* 3, *presoria* 198, 237 e *persoria* 226. O grupo latino -RS-, no cal se asimilan as consoantes, presenta tamén o resultado <ss> esperado para a sibilante xorda no topónimo *Ossera* 9, 10, 11 (2), 15, 16, 20, 39, 40, 42, 43, 51, 88, 89, 109-110, 119, 120 (2), 157, 158, 162, 165 (2), 175, 178, 179, 180, 182, 200, 230-231, 152 e a variante *Osseyra* 7, 31-32. En posición inicial de palabra sempre se usa a grafía simple <s> e por iso sempre desenvolvemos a abreviatura *ss* como *soldos* 7 (2), 9, 19, 20, 25, 26, 28, 49, 111, 119, 146, 149, 153, 157, 159, 160, 161 (2),189, 194, 196, 197, 203, 207, 208, 215, 218, mesmo nun caso en que a palabra aparece en singular *soldo* 158, escolla que ademais se ve reforzada pola única vez en que aparece desenvolta como *soldu* 158. En posición posconsonántica e final, para o fonema xordo só se usa a grafía simple <s>.

O demostrativo IPSE figura coa forma esperada en *esse* 84, 253 pero tamén unha vez *ese* 85.

No grupo -S+iode-, a sibilante non manifesta palatalización, pero o iode pecha a vogal precedente en *egrisia* 12, 45, 54, 57, 61, 72, 74-75, 76, 77, 79, 80, 81, 88, 94, 101, 102, 105, 181, que presenta sempre a abreviatura <gri>, agás nun único caso *egresia* 30, abreviado en <gre>. No caso do sobrenome (*Pé de*) *Queso* 54, aínda que como se verá no

apartado de onomástica o seu étimo é dubidoso, se provén do latín CASEUM (> *caiso* > *queiso* > *queso*), o iode metatiza, pecha a consoante tónica e asimílase, sen palatalizar o *s*.

2. As sibilantes africadas predorsodentais sonoras procedentes de -KJ- e -TJ- latinos, represéntanse sempre co grafema <z> e así temos *dezían* 3, *dezir* 221, 223, *dizen* 224, *fazen* 227, *fazendera* 36; *faziamos* 3; *fizieron* 125, *iazen* 42, 47, 80, *jazen* 104, *plaza* 98, os topónimos *Aziueiro* 141, *Aziueyro* 172 186, *Aziuero* 237, *As Rezas* (*RETIAS)223, 250 e o nome *Luzía* 100. A palabra *azenias* 14, 71, 87 e *azenas* 95 presentaba en galego un dobre resultado con sonora e xorda na sibilante, igual ca en castelán e que aínda pervive no portugués.

Para as africadas xordas úsase o grafema <z> cando acompaña as vogais <a> e <o>, como en *comenzamento* 32, no nome *Lourenzo* 189, 241, *Lorenzo* 26 (que tamén aparece na forma latinizada *Lourentio* 166), no sobrenome *Colaza* 193 e nos topónimos *Quinzana* 38 e *Ueronza* 151, 232. Pero tamén o grafema <c> coas vogais anteriores ou palatais como en *arcibispo* 198, *cerca* 41, 70, 92, 96, 97, 107, 129, 132, 135, 138, 139, 142, 143, 147, 240-241, *circa* 89, 90, 93, os sobrenomes *Ceboleiro* 128, 130, *Cebolero* 132-133 e os topónimos *Cellanoua* 70, 143, 147, 172, 216, 217, *Francelos* 230, 233, 246, *Cima* (*de Uila*) 204 e *Encima* (*de Uilla*) 239. Nas palabras *pitancia* 149, *rrenembrancia* 1, *tercia* 35-36, 59, 63, 149-150, 174, 238 e *tercias* 178 mantense o iode etimolóxico; algúns autores consideran que o fenómeno da epéntese do iode, característico do leonés, propágase desde casos coma este[193].

En posición final de palabra, en que xorda e sonora neutralizan a súa oposición, o único grafema utilizado é <z>. No texto encontramos exemplos na terceira persoa do presente nos verbos *faz* 36 e *iaz* 40, 44, 52, 53, 59, 64, 95, 97, 98, 101, 140, 144, 147, 148, 229, 232 (tamén unha vez está escrito *iat* 41), que perderon o *-e* final, no numeral *diaz* (*dez*) 118 e nunha mostra abundante de patronímicos: *Áluarez* 100, *Díaz* 106, 202, 213, *Domíngez* 1 149, *Fernández* 47, 91, 137, 177, 18, *Fernándiz* 165, *Gotérrez* 107 (2), *Gotérriz* 87, *Iuliánez* 43, *López* 39, 115-116, 116, 136 (2), 175, *Martiz* 4, 69, 84, 87, 97, 97, 147, 161, 169, 170(2), 171, 172(2), 216, 217, 219, 230, 235, 237, 255, *Meléndez* 28, *Meléndiz* 213, *Menéndiz* 201, *Moniz* 51, 81, 188, *Núnez* 4, 50, 67, 111, 215, 251, 256, *Páez* 151, 166 (2),

[193] Cano González (1977:227), que tamén recolle outras posturas, di que "Díaz Castañón... lo atribuye a la «extensión de una yod etimológica conservada»".

169, 191, 192 (2), *Peláez* 1, *Oárez* 143, 215, *Pérez* 5, 29 34, 38, 56, 58, 76, 94, 96, 103, 135, 142, 152, 153, 167, 174, 179, 189, 197, 202, 203, 226, 234, 238, 254 (2), 262, 263, 264, *Ramírez* 85, 89, *Rodrígez* 66, 74, *Rodríguez* 10, 22, 109, *Sánchez* 78, *Sauastiánez* 111, *Suárez* 23, 24, 34, 55, 173, 200, *Ueremúdez* 125 e *Uermúdez* 110. Quizais tamén poidamos incluír aquí *Danz* 18.

Sobre a ausencia do <ç>, véxase o dito no apartado 2.1.6.

3. Para as sibilantes prepalatais bótase man no texto do grafema <x> para a xorda e <i> ou <j> para a sonora. Temos a xorda en *dixo* 5, 11, 14, 254 (2), 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, *díxelo* 245, *dixeron* 223, 243, 246, 248, 250, *lexauan* 245 e no substantivo *exido* 206, palabras todas provenientes dun -KS- latino.

Como se viu cando comentamos as apicoalveolares, pode haber dúbidas de que a grafía <si> de *egrisia* e *egresia* represente a palatal xorda.

Coa prepalatal sonora, teñen a grafía <i> o nome *Iusto* 46, o patronímico *Iuliánez* 43 e as formas verbais *iaz* 40, 44, 52, 53, 59, 64, 95, 97, 98, 101, 140, 144, 147, 148, 229, 232, *iat* 41 e *iazen* 42, 47, 80; esta última tamén aparece con <j> en *jazen* 104, do mesmo xeito có participio *jurado* 1, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, o nome *Joán* 15, 25, 26, 29, 34, 47, 51, 52, 58, 60, 61, 83, 85, 86, *Joam* 211, *Johán* 1, 62, 72, 89, 91, 93, 99, 111, 115, 129, 130, 135, 136, 143, 150, 152, 154, 156, 157, 159 (2), 164, 169, 178, 189, 191, 192, 215, 238, 251, 257, *Joham* 264 e o substantivo *jurados* 243, 250. En todos os casos provén dun I- latino seguido das vogais da serie central e anterior. Coas vogais palatais a grafía usada é <g> coma no nome *Genés* 249 e o sobrenome constituído polo adverbio (*de*) *Longe* 160.

No nome *Mayor* 26, 226 e *Major* 14, o -I- latino mantense en galego, pero para Morala (1992) en leonés medieval, tende a equipararse, xunto cos grupos /DJ/, /GJ/ e o /j-/ romance resultado da ditongación, ós resultados de /LJ/ pois a grafía máis frecuente para todos é <y>. Con todo, xa que as solucións gráficas non coinciden, pois aqueles só alternan <y> con<i>, mentres que /LJ/ tamén o fai con <g>, <j> e <ll>, cre que non chegaron a confluír totalmente dado a tendencia dos primeiros a perderse (*Maor*, *Pelao* ou *moos* por *moyos*). Con todo, el supón que o resultado de -I- (e de /DJ/ e /GJ/) é nesta altura unha mediopalatal /j̟/. O feito de que no noso texto nunca aparezan as grafías <y> e

<j> nun ditongo crecente, pode tamén indicar que o son que representan neste nome non é vocálico.

Son problemáticos os casos dos sobrenomes *Gibarro* 264, que cremos que podería ser derivado da voz *chibo*, e *Gibelas* 72, de orixe escura e quizais tamén con proveniencia similar. Morala (1992) e Marcet (2009: 67 e 2011: 76) rexistran no leonés medieval exemplos de confusión entre a prepalatal e a postalveolar, con exemplos como *moncha* / *monia*, *Chaen* / *Iaen* e *pege* ('peche'), *muio* (cast. *mucho*), en documentos de Carrizo da segunda metade do século XIII, para eles mostra da desaparición da oposición xorda/sonora na serie palatal, feito sobre o que volveremos máis adiante. Con todo, descartamos esa hipótese pois o sobrenome *Gibarro*~*Gibarrus*, referido á persoa mencionada no noso texto e seguramente tamén á súa filla, aparece noutros documentos galegos en latín da época, escritos por notarios de Ribadavia (a.1233 CDHAcademia; a1241, a.1251, a.1253, a.1259 CDOseira; 1253 CDMelón; a.1271 CDRibadavia; a.1305 CDGH). Tamén encontramos, pero documentado só nunha ocasión, *Gibelas* (a.1233 CDOseira)

Outra dificultade é o son que o <-g-> representa no sobrenome *Gougete* 190, tamén opaco, xa que tanto podería corresponder á palatal coma a oclusiva, que neste texto se grafa ante vogal palatal sen o <u>, esporadicamente, en *Domíngez* 1, 149 e *Rodrígez* 66, 74. O mesmo sobrenome, referido ó mesmo individuo ca no noso texto, figura só unha vez nos documentos medievais latinos galegos (*Iohannes Gangete*, a.1259 CDOseira)[194].

5.1.2.3.6. Palatalización de L-, -LL-, -LJ- (-DJ-, -GJ- ,-BJ-) e -K'L- latinos

1. Para a representación do L- latino, <l> é a única grafía utilizada como vemos en *lagar* 136, *leira* 51, 52, 166, 167, 168, 169, 180, 184, 186, 229, *leiras* 55, 141, 166, 168, 169, 170, 171, 173(2), 174, 183, 185, *leyra* 177, *leyras* 106, 171-172, 176, 233, *lera* 42, 49, 50, 56, 200, 231, *leras* 41-42, 104, 216, 231, 240, *lexauan* 245, *logar* 11, 40, 84, 85, 246, 252 e, na onomástica, nos topónimos *Lauandera* 147 e *Leuada* 244, nos nomes *Lope* 78, 199, *Lorenzo* 26, *Lourentio* 166, *Lourenzo* 189, 241, *Luzía* 100, no patronímico *López* 39, 115-116, 116, 136 (2), 175 e nos sobrenomes *Lobo* 168, (*Barba de*) *Lobe* 209 e (*de*) *Longe* 160. Nada sinala pois que haxa palatalización do L- inicial. Con todo, Morala (2008: 139-140) considera que o feito de que *ll* inicial non sexa habitual durante a Idade Media no

[194] As atestacións mencionadas foron tomadas do CODOLGA [consultado o 17/07/2015].

leonés explícase porque o grafema <l-> sempre tería o valor [ʎ], dun xeito similar ó *r-* simple en inicial de palabra, e que só cando se inicia o proceso de castelanización é que os copistas empezan a usar o *ll-* inicial.

Merece comentario á parte *leuan* 205. O verbo ofrece na actualidade un resultado palatalizado no leonés e no castelán, fronte ó galego e ó portugués, que manteñen o resultado etimolóxico esperado. Para o castelán, a teoría máis extendida (DCECH, s.v. *llevar*) explica a palatalización a partir da asimilación do iode secundario resultado da ditongación do Ĕ breve tónico das formas rizotónicas do verbo (*llevan* < lievan < LĔUANT), que logo se estendeu a todo o paradigma. No leonés, o moderno *llevar* puido darse ben por ese mesmo motivo ou pola palatalización espontánea do L-, propia desa lingua. Marcet (2007: 583-584) apunta que os resultados medievais con <ll> son moi pouco frecuentes (só dous casos no seu amplo corpus documental) e que máis común é a alternancia entre as grafías <l> e <li>, esta última produto da ditongación incipiente e que ofrece mostras algo máis abundantes. O autor, con todo, opina que o carácter conservador dos documentos notariais impide que sexa maior a aparición da grafía <ll> e tamén a representación das formas ditongadas.

2. A vacilación das grafías nos resultados de -LL- dificulta saber se o resultado é alveolar, coma no galego, ou palatal coma no leonés central e oriental e o castelán.

Non hai dúbida de que <ll> é grafía latinizante con valor de [l] en (*egrisia de Santiago*) *Compostellano* 54 e *Cellanoua* 70, 143, 147, 172, 215 e 216, no topónimo *Castrello* 29, 30, 34, 45, 61, 135 e tamén no sobrenome *Capello* 258. Tamén ten ese valor simple o grafo <l> no topónimo *Melón* e seguramente no sobrenome *Ceboleiro* 128, 130, *Cebolero* 132.

Máis complicado é determinar os valores de <l> e <ll> nas voces *alende* 5, 37, *caualeiros* 227-228 e *uila* 227 e 251, algo máis frecuentemente coa grafía <ll> en *uilla* 70, 182, 198, 237, 249, *villa* 32, 225, 244, nos topónimos *Cima de Uilla* 204 e *Encima de Uilla* 239 e tamén no sobrenome *Uasallo* 83. A mostra é moi pequena, pero o feito de que o grafema <ll> (once veces) duplique o <l> simple (5 veces), xunto co resultado palatal de -LL- en todo o dominio leonés, parece que nos esixe pensar que [ʎ] é o valor das grafías neste grupo de palabras. Con todo, poderían ser grafías latinizantes xa que son voces comúns coñecidas.

Debemos tamén comentar o caso do pronome tónico de terceira persoa singular e plural, provenientes do latín ILLEM, ILLOS, ILLAM e ILLAS. No texto non temos exemplos do masculino singular *el*(*e*), en todo caso común ó galego e ó leonés medieval, e só un caso do plural *elos* 246, diverxente; en feminino temos algúns exemplos máis con *ela* 79 e tamén contraído coa preposición *de*, isto é, *dela* 36, 184, 194, 228 e *delas* 25, 32, 174, 215. Cintra (1959: 381-382) só expón o problema da interpretación das grafías, sen decantarse por ningunha solución. Marcet (2003: 224-225), que estuda os resultados do -LL- no leonés centro-oriental, opta polo valor palatal da grafía dado o seu valor "polifónico".

3. O resultado do latín -LJ- resólvese neste texto coa grafía <y> en *muyer* 6, 21, 24, 55, 197 e *fiyo* 167 (2), 168, 173, 180 e 192. Nestas mesmas palabras presenta tamén as grafías <gi> en *mugier* 202 e <Ø> en *fĩo* 35, *fĩos* 6, *fýo* 55 e *fýos* 230, coa desaparición do grupo[195]. Aínda encontramos o resultado <li> no sobrenome *Mergulión*, quizais o mesmo cá voz común *mergullón* 'ave acuática' para a que Corominas propón *MERGULIONEM 'id', derivado de *mergus* e este de *mergere* 'mergullar', e na forma cultista *Iuliánez* 43. Tamén temos <l> no sobrenome *Marauila* 122. Presenta, como vemos, unha variedade de grafías: <y>, <gi>, <Ø> e ademais <li> e <l>, a pesar de que estas dúas solucións se dan en palabras con particularidades evolutivas, *Mergulión* por ser unha voz galega e *Marauila* porque seguramente entrou como préstamo nas linguas peninsulares. Así e todo, <y> é a grafía máis frecuente e Marcet (2009: 69 e ss) atribúelle, coma ó resultado dos seguintes grupos que imos comentar, o valor de fricativa mediopalatal sonora [ʝ]. O sobrenome *Payán* 171, 216, 217 ou *Paan* 4, 235, 237, 255, de etimoloxía escura, tratarémolo pormenorizadamente no apartado de onomástica[196].

O grupo -DJ- e (e tamén -GJ- e -BJ- dos que non temos exemplos) que presenta en leonés resultados similares a -LJ- cando palataliza, pode ademais manterse ou caer e no texto encontramos estas dúas últimas solucións, a primeira na forma semiculta do nome *Clodio* 6, 16, 35 (2), 44, 53, 60, 73, 190, 192 e a segunda nas palabras *meadad* (< MĔDIĔTĀTEM) 181(2), 182, *meatat* 174, 175, 176, 177, 185, 192.

[195] Sobre a caída do grupo -LJ-, véxase adeamis Morala (1992:6).

[196] Morala (2008: 133) cre que contén no étimo un grupo -LJ-, -DJ- ou similar que caeu.

4. Do resultado do grupo -K'L- só temos un exemplo no texto, o sobrenome (*Martín de las*) *Oueyas* (< ŏVĭCULAS) 73, coa solución gráfica <y> máis frecuente nos textos leoneses. O seu valor tamén é [j̯].

5.1.2.3.7. Os grupos PL-, KL- e -K'L-

Os grupos latinos PL-, KL- (non hai no texto exemplos de FL-) presentan un dobre resultado. Por un lado, unha tendencia culta en que os grupos se manteñen, coma nos substantivos *plaza* 98, 100 e *clérigo* 38, 56, 94 e o nome *Clodio* 6, 16, 35 (2), 44, 53, 60, 73, 190, 192. Por outro, un resultado patrimonial en que CL- mostra a grafía <x> en *xaman* 12 e PL- <y> en *Yano* (*Fremoso*) 86.

Pidal (1906: 161) sinala que, para estes grupos, nos textos antigos leoneses figuran algúns exemplos que ofrecen o resultado <ch>, coma en galego e en portugués, que o grafema <x> é máis común có anterior nos documentos, pero que o máis xeneralizado é <ll> ou <l>, coma en castelán. Marcet (2005: 75) afirma que <x> é a solución máis frecuente, aínda que que no occidente e no oriente alterna, respectivamente, con <ch>, coma no galego, e <ll>, coma no castelán, e recolle a opinión de Morala (1988, 1992 e 2008) de que a solución gráfica <x> non sempre se debía corresponder coa pronuncia e que responde máis ben a unha tradición escrituraria considerada prestixiosa, por ser esa a grafía e a pronuncia da capital, León. Posteriormente, Marcet (2007: 471-521) estuda o resultado gráfico destes grupos entre os anos 1230 e 1295 nas coleccións documentais de Sahagún, León e Carrizo, atribúelle á grafía <x> o valor de [ʃ] e conclúe que na parte máis oriental <x> predomina durante a primeira metade da centuria para na segunda sufrir unha substitución radical polo resultado e a solución gráfica castelá <l>/<ll>. No leonés central, non obstante, o uso de <x> é dominante e só a final de século se empezan a observar as grafías que remiten ó castelán. Finalmente, en Carrizo só encontra unha vez un posible resultado castelán, dubidoso, mentres observa un predominio de <x> e a solución africada só en seis casos de documentos con trazos claramente occidentais.

Pérez González (1995: 141-142) rexistra uns poucos exemplos da grafía <x> para representar o resultado destes grupos e considera que ten unha pronuncia fricativa xorda, e que isto singulariza o leonés medieval "aunque no tanto en el caso del leonés occidental". García Arias (1995: 631-632) di que os resultados documentados desde os primeiros tempos alternan entre as grafías romances <ll> e <l> e a tendencia "cultizante" e que a grafía <x> só é frecuente ó sur do dominio. Tamén discrepa sobre o valor desta grafía "que

puede estar representando otra palatal" (García Arias, 1995: 123). Para Maia (1985: 468-469), igual que para Cintra (1959: 225-256), <x> é un modo arcaico de representar o son [tʃ] e Staaff, Pidal (1906) e Morala (1992) cren que representa un [ʃ].

A escaseza da mostra no noso texto, cun só exemplo para cada grupo, complica a análise. Por un lado temos a palabra *xaman*, co resultado esperado para o leonés centro-oriental; pero o topónimo *Yano* (*Fremoso*), que non demos identificado na actualidade e que figura en dous documentos galegos en latín como *Plano Fromoso* (CDMelón a.1243) e *Plano Fremosso* (CDOseira a.1257), leva a grafía <y>, insólita en Galicia e en León para represenar o resultado deses dous grupos latinos.

Lembremos que nos textos leoneses, <y> é a grafía habitual para os grupos -LJ-, -K'L- (*muyer*, *fiyo*, *Oueyas*) que acabamos de comentar e que por outra parte debemos ter en consideración o valor consonántico que adquiriu o *i-* secundario proveniente da ditongación do Ĕ latino, no noso texto cos exemplos *ye* e *yeran*, pois así o fan os estudosos do leonés. Ós resultados destas evolucións, como dixemos, atribúeselle o valor fonético /ɟ/.

Traemos todos estes exemplos de volta aquí, porque Marcet (2009) recolle as atestacións *Boadelexa* (a.1253-1259), rexistrado como *Boadelleya*, *Boadeleya* e *Boadeleia* en Sahagún; *conzexo* por *conzeyo* e *fixo* por *fiyo* en León (a.1261); e, na dirección contraria, *Quiyada* por *Quixada* (a.1271), *ayado* por *axado* (=achado, a.1291) en Carrizo. Confusións deste tipo, e os mencionados no caso da sibilante prepalatal sonora /ʒ/ que intercambia a súa grafía coa de /tʃ/ (*Iaén*/*Chaén*), servíranlle a Morala (1992) para expoñer a teoría de que, unha vez xerado o proceso de enxordecemento das sibilantes, que empezaría a iniciarse no século XIII, o fonema /ʃ/ igualáse con /ɟ/, os dous co mesmo punto de articulación fricativo e palatal, e empezan a confundirse. Para Morala, nunha zona que delimita como "los cursos medio y bajo de los ríos Órbigo y Esla y los páramos situados en torno a ellos, zona en la que se incluye la propia ciudad de León" (1998: 14), existe no século XIII un sistema palatal complexo con oposicións pouco funcionais con /ʃ/ en posición inicial e intervocálica, /ʒ/ só en posición incial e /ɟ/ e /tʃ/ só en intervocálica. Por iso cre que cando se iniciou o proceso de desonorización se tivo que crear unha particular reorganización do sistema que trouxo

estas confusións. Isto podería explicar a grafía anómala de *Yano* (*Fremoso*) cando o supostamente esperado na lingua do documento sería *Xano*[197].

Non debemos tampouco esquecer que o escribán, se falaba unha variedade do leonés central ou oriental, como supoñemos polos datos que vimos ata agora, puido ter dificultade á hora da escolla da grafía para representar a palabra que oíu en galego, *Chao* -por outra parte seguramente con vogais nasalizadas- que el pronunciaría [ʃano] ou [ʎano] dependendo da súa área dialectal, e que puido optar por <y>, unha das grafías máis frecuentes para representar as laterais palatais doutras orixes etimolóxicas.

Á par do resultado culto <cl>, <pl> mencionado ó inicio deste apartado, o topónimo castelán-manchego de etimoloxía escura *Vcrés* 8 presenta a lateral rotarizada fronte a *Vclés* 107, 139. Tamén, e proveniente de -CCL- latino, ten a mesma evolución rotatizada *egrisia* 12, 45, 54, 57, 61, 72, 74-75, 76, 77, 79, 80, 81, 88, 94, 101, 102, 105, 181, coa sílaba <gri> abreviada, e *egresia* 30, tamén con <gre> abreviado.

5.1.2.3.8. Os grupos -ULT- e -CT- e -cons.+CT-

1. Nos dous exemplos que levan o resultado do grupo -ULT-, unha vez resólvese coma no galego e no leonés occidental, en *muytos* 242, e outra en *muychas* 247, cunha grafía <uych>[198] coa que seguramente se quere reforzar o valor africado palatal do dígrafo <ch> fronte ó seu uso latinizante con valor velar, que no texto aínda se usa en *Orracha* 155, 197 e *Rrichardo* 46. Nos documentos primitivos da franxa oriental do galego que estuda Rodriguez Parada (2007: 411) só se encontran nos textos de San Pedro de Montes. Marcet (2007: 1348) afirma que estes exemplos dun estadio intermedio se concentran no textos do leonés central e, especialmente, nos do leonés occidental.

2. No caso de -CT-, temos o resultado leonés nas palabras *derecho* 95 e *sobredichas* 251 e tamén *directuras* 162, con <ct>, que para Marcet (2009: 73) é un exemplo de conservadurismo gráfico ou tendencia á latinización, baixo o que subxace tamén unha palatalización, pois son moi maioritarias as formas con <ch>. Non podemos esquecer, non

[197] En relación coa área do leonés que ten como resultado de PL-, KL- e FL- un /ʃ/ e os resultados da palabra PLANUM en leonés véxase Morala (1998).

[198] Marcet (2007: 400) indica que para Lapesa e Pidal este tipo de formas reflicten o paso intermedio da evolución de [i̯t] a [tʃ].

obstante, que no leonés occidental se mantivo o resultado <ei> coincidente co galego e que nos primeiros textos <ec> foi grafía frecuente que aparece exclusivamente ante <t> para ese ditongo, usual nas modalidades de transición, pero que tamén está ben documentada nas plenamente romances (Boullón Agrelo / Monteagudo, 2009: 33).

3. O mesmo resultado [tʃ] tamén se dá no grupo -cons.+CT-, representado no nome *Sancha* 202, 213, 218, *Sa[n]chia* 108, tamén cunha grafía reforzada <chi> ou latinizante, e no patronímico *Sánchez* 78.

5.1.3. Morfosintaxe

5.1.3.1. Artigo determinado

A forma máis frecuente do artigo é, no feminino singular, *ela* 19, 20, 22, 23, 30, 45, 46, 59, 61, 63, 65, 71, 79... 225, 233, 234 (ata 70 exemplos), seguida de *la* 1 (2), 15, 16, 17, 21, 32, 42, 45, 48, 54, 57, 58, 65... 237 (2), 249, 251 (60 exemplos). Tamén rexistramos un caso da forma *l'* 159 e outro da galega *a* 5. No plural temos *elas* 4, 22, 37 (2), 47, 179, 199, 201, 233, 235, 244, 250 e *las* 38, 48, 53, 73, 95, 119, 148, 159, 191, 250, 252, cunha ocorrencia menos. Coma no singular, hai un exemplo da forma galega *as* 178.

Para o masculino singular, *el* 6, 9 (2), 10, 96, 114, 118 (2), 144, 145, 162, 163 (2), 197, 201, 204, 225, 227, 239, 242 (22 exemplos) é o máis frecuente, pero tamén rexistramos *lo* 238, *l'* 247 e o galego *o* 98, 206. Os correspondentes plurais son *los* 182, 187, 225, 227, 245, 249 e *elos* 125, 228 e 247.

Na táboa a seguir podemos ter unha visión xeral. En grosa, indícase a forma máis usada.

Artigo	*Singular*	*Plural*
Masculino	**el** / lo / l'/ o	**los** / elos
Feminino	**ela** / la /a	**elas** / las /as

Ilustración 14. Táboa dos artigos determinados do texto A

Contrae coa preposición *en*, para o masculino con exemplos só para o singular *enno* 37, 57, 64, 70, 101, 249 e no feminino coas formas en singular *enna* 59, 78, 102, 103, 104, 106, 150, 204, 232, 234, 244 e *ena* 44, 45, 100 e un só exemplo no plural, *ennas* 165. Os resultados son os comúns na época tanto para o leonés coma para o galego, igual que os da contracción con *per*, como en *pelo* 222 e o seu plural *pelos* 219, 220 e o feminino singular *pela* 19, 195, 202, 206.

Coa preposición *de*, non contrae a forma leonesa do artigo feminino singular e plural como *de la* 1, 17 (2), 21, 32, 45, 48, 54, 47, 48, 71, 72, 74, 76, 81, 82, 93, 99, 100, 105, 117, 120, 122, 124, 128, 157, 158, 160, 181, 182, 186, 195, 197, 215, 224, 225, 226, 227, 236 (2), 249, 251 e *de las* 33, 48, 53, 64, 73, 95, 148, 159 e 240, e tampouco o plural masculino *de los* 182, 249. Si o fai o singular masculino *del* 2, 22, 26, 37, 50, 57, 63, 64, 76, 77, 90 (2), 98, 108, 109, 112, 116, 117, 123, 124, 127, 128, 132, 133 (2), 134, 137, 138, 140, 141, 143, 145, 151, 163, 164, 167, 171, 173, 218, 229 253. Contrae sempre cando aparecen as formas galega *do* 71, 211, *dos* 161, *da* 5, 27, 103, 110, 112, 151, 198 e *das* 164, 223. Parte destas contraccións figuran en cadeas onomásticas ou co artigo dos topónimos (*María do Rrío*, *Joam do Olio*, *Arias Pérez da Ponte*, *Johán Bafarela das Poldras*, *pescadorias das Rezas*, *ueyga da Ueronza*).

A preposición *con* aparece en doce ocasións co substantivo sen artigo: *con ortas* 13, *con cortinas* 13, *con uinas* 13, *con sotos* 13, *con molinos* 13, *con azenias* 13-14; cun indefinido: *con otras casas* 12, *con otra* 98, *con todas súas* 162; co posesivo sen artigo: *con súa eredad* 229, *con súa cortina* 231 e cun numeral cardinal: *con XIJ uinas* 235-236.

Coa preposición *sobre* en *sóbrelas viñas* 230 temos o resultado aglutinado.

5.1.3.2. Artigo indeterminado

No masculino úsase a forma *hun* 19, 35 e 246. Descartamos *unu* 159, que ten claro valor de numeral e forma latinizada. No feminino non podemos distinguir se son artigo indeterminado ou numeral os 34 casos de *una* 6, 9, 10, 12, 36, 38, 53, 68, 83, 94, 100... 240, 241, 249, nin tampouco *huna* 252 e *vna* 39. Do plural son temos o exemplo *unas* 198.

5.1.3.3. Demostrativos

No paradigma dos demostrativos temos os adxectivos masculinos *este* 40, 42, *esse* 84, 256, que tamén aparece coa grafía simple *ese* 85, e *aquel*, curiosamente todos acompañando só o substantivo *logar*; e tamén o plural *estos* 227, 243, 250, 255 (2), 257 (2),

261, 162, 263, 264. Nunca figuran como pronome función que só cumpre *aquesta* 41, 89, 91 e *daquesta* 90, 92, 93. No feminino só temos un exemplo do adxectivo en *esta* 207 e *estas* 31 e o pronome *esta* 39, 97, 140 e *estas* 141, que en singular contrae coa preposición *de* en *desta* 129, 132, 135, 138, 139, 142, 143, cousa que non sucede coa preposición *en* nos seis exemplos do texto *en este logar* 40, 43, *en esse logar* 84, 253 *en ese logar* 85 e *en aquel logar* 11.

Adx. demostrativos			
Sing.		**Pl.**	
M	F	M	F
este	esta	estos	
esse (ese)			
aquel			

Ilustración 15. Táboa dos adxectivos demostrativos do texto A

Pron. demostrativos			
Sing.		**Pl.**	
M	*F*	*M*	*F*
	esta (desta)		estas
	aquesta (daquesta)		

Ilustración 16. Táboa dos pronomes demostrativos do texto A

Fig. 1. Táboa dos pronomes demostrativos do texto A

5.1.3.4. Posesivos

No texto só hai exemplos do posesivo de terceira persoa, sempre como adxectivo. Para o masculino úsase a forma *so* 35, 112, 186, 192, 193, 246 e *su* 55 197; non hai formas en plural. No feminino rexistramos *su* 6, 14, 55 (3), 193, 194, 197, 217, xunto coa galega *súa* 20, 21, 24 (2), 185, 197, 202, 210, 219, 229, 231 (2), 236 e o plural *súas* 33, 162.

Posesivo	*Singular*	*Plural*
Masculino	**so, su**	-
Feminino	**súa, su**	**súas**

Ilustración 17. Táboa dos posesivos do texto A

Os exemplos son poucos, pero sempre vai anteposto ó substantivo e nunca o acompaña o artigo, coma no galego ou no leonés occidental.

5.1.3.5. Os pronomes persoais

5.1. Na série tónica temos a forma feminina de terceira persoa de singular *ela* 79 e *dela* 36, 184, 194, 228 contraída coa preposición *de*; tamén a forma reflexiva ligada *consigo* 3; a primeira persoa de plural *nós* 3; a terceira de plural masculina *elos* 246 e a feminina, contraída tamén coa preposición, *delas* 25, 32, 174, 215.

SERIE TÓNICA		
Singular		
1ª persoa	Ø	
2ª persoa	Ø	
3ª persoa	(d)ela	consigo
Plural		
1ª persoa	nós	
2ª persoa	Ø	
3ª persoa	elos, (d)elas	

Ilustración 18. Táboa dos pronomes persoais tónicos do texto A

5.2. Da serie átona só temos formas da P3, en singular e plural para as formas de acusativo *elo, elos, lo, la*, *las*, *na* e *o*; no dativo só para a terceira de plural *yes*; e no reflexivo, para a terceira singular *se*.

As formas proclíticas de acusativo que figuran no texto son os masculinos *elo*, *lo* e *elos* nos seguintes contextos: *elo que dezían* 3, *que non se lo sabían* 244, *non se lo acordassen* 245, *elos que faziamos* 3,

Ligados ó verbo aparecen os enclíticos *lo*, *la*, *las*, *o, na* no mesoclítico *dixelo ýan* 245 e en *ála* 14, 30, 31, 66, 78, 225, 230, *álas* 24, 236, *tienenla* 228 e *tenla* 69, 193. Pero despois de *-n* a consoante inicial do pronome tamén se asimila á do verbo, como sucede en *tenna* 67 e *tienna* 111 e, nun caso, mesmo se simplifica: *tieno* 222.

Así despois de vogal e *-r* (*dixer* erro por *dizer*), úsase a forma *lo*, *la*, *los*, *las*; despois de *-n*, úsase as formas *no*, *na*, *nos*, *nas*, unha vez *o* e tamén dúas veces *la*.

Hai tamén exemplos do reflexivo *se* 244, 245 e un único exemplo do dativo na terceira persoa de plural *de las que yes dieron* 33, coa forma leonesa.

5.3. A única combinación de pronomes átonos é a do reflexivo *se* e o acusativo en dúas ocasións *se lo* 244 e 245.

PRONOME PERSOAL. SERIE ÁTONA			
	DATIVO	**ACUSATIVO**	**REFLEXIVO**
SINGULAR			
1ª persoa			
2ª persoa			
3ª persoa			se
PLURAL			
1ª persoa			
2ª persoa			
3ª persoa	yes	o	
		elo, elos, lo, la, las	
		na	

Ilustración 19. Táboa dos pronomes persoais átonos do texto A

5.1.3.6. Numerais

Para o primeiro numeral da serie cardinal temos as formas *hun*, *huna*, *uno*, *una* e *vna*, se non teñen valor de artigos indeterminados (véxase apartado 5.1.3.2.). Non temos dúbida sobre a forma *unu* 198. O segundo só está na forma feminina *dúas* 7, 8 (2), 9, 58, 70, 106, 113, 126 (2), 141, 145 (2), 150, 152, 161, 174, 175, 176, 178, 179, 232, 235, que se conserva hoxe no galego e no portugués. No castelán mantívose ata o século XIII e no leonés houbo distinción *dous*/*dúas* durante máis tempo, pero xa a principios do XIV empezan a verse nos texto casos de *dos* para o xénero feminino (Morala, 2002: 7). Tamén temos *tres* 11, 23, 156, 168, 169, 171 (2), 172, 205, 238, *quatro* 41, 170, 187, a forma latinizada *sex* 185 e *diaz e ueocho* 118.

Encontramos os partitivos *medio* 49, 55, 68, 69, 163, 205, 222, 223, *media* 10, 22, 46, 65, 71, 122, 124, 127, 129, 130, 180, 190 (2), 195, 199, 209, *medias* 199, *tercia* 35-36, 60, 64, 149-150, 174, 238, *tercias* 178, 179, *quarta* 19, 23, 113, 115, 117, 123, *quartas* 23, *quinta* 221, *sesta* 186 e ademais *meatad* 174, 175, 176, 177, 185, 192 e *meadad* 181 (2), 182.

Relacionados cos numerais temos o subtantivo *quiniones* 118 e os topónimos *Quinzana* 38 e (*Monte*) *Mediano* 57, 83.

5.1.3.7. Indefinidos

Ademais dos xa referidos *hun*, *huna*, a maioría dos casos de *una* e *unas*, de difícil adscrición -máis claro é *uno* 118 e *una* 235- (véxase apartado 5.1.3.2.), hai no texto *cada* 7, 20, 25, 28, 29, 49, 110, 146, 153, 155, 156, 157, 194, 196, 216, *otro* 247, *otros* 245, 256, 256-257, 257-258, 258, 259, *quanta* 102, *quantas* 99, *todo* 254, 255, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 263-264, *todos* 243, 250, *todas* 80, 162.

5.1.3.8. Relativos

Ten función relativa na maioría das 186 veces que figura no texto o pronome *que* 3 (2), 12, 14, 15, 16... 232 (2), 235, 239, 242, 244, 245, 249 (2), 251. Tamén se rexistra *quales* 114.

5.1.3.9. Adverbios

Rexístranse no texto os seguintes adverbios: de cantidade *máys* 11, 14, 223, 243, 244, 245, 246, 248, forma frecuente nos documentos do XIII no leonés medieval (Marcet, 2007: 1168-1169); de lugar *aquí* 32, *aquende* 220, *alende* 5 (na locución *de alende a*), *cerca* 41, 70, 92, 96, 97, 107, 129, 132, 135, 138, 139, 142, 143, 148, 240-241, *ende* 59, 114, 117,

118, 123, *Fóra* 29, 41, 48, 69, 83, 84, 85, 93, *hu* 71, 187, 189, 191, 203, *Longe*, 160, e non debemos facer outra lectura (vid. apartado de onomástica), *onde* 205 e *y* 7, 32, 35, 145, 198, 240; de tempo *ora* 225 e de negación *non* 200, 228, 244, 251.

5.1.3.10. Preposicións

No texto aparecen as preposicións que mencionamos a seguir. Dado a frecuencia dalgunha delas, que ademais contraen con outros elementos da oración, como se sinalou nos correspondentes apartados, rexistramos a cantidade total e só damos o número de liña daquelas con poucas ocorrencias.

A forma máis frecuente é *a* pero en tres ocasión figura a grafía latina *ad* 55, 194, 207, seguida de palabra que empeza por consoante, e unha forma anormal *aa* 215; *ante* 72, 74, 79, 81; *ata* 245; *con* 12, 13 (5), 69, 68, 98, 162, 229, 231, 235; *cabo* 15, 39: *contra* 98; *de*, 411 veces ademais das súas contraccións; *en*, 50 veces e as súas contraccións; *por* 2, 14, 24, 33, 34, 66, 79, 112, 152, 219, 221, 223, 236 é a forma exenta, pois úsase *per* nas contraccións *pelo* 222, *pelos* 219, 220 e *pela* 19, 195, 202, 206; *sen* 206; *so* 38, 42, 91, 97, 140, 141, 142, 146, 240, 251 (*en so couto de la uila*); *sobre* 88, 239 xunto con *sobr'* 69, 75, 136, *sóbrelas* 230 e *tras* 207.

5.1.3.11. Conxuncións

Temos no texto a conxunción modal *como* 222, 254, 255, 256, 227, 258, 259, 260, 261, 262-263, 264; *que* figura 186 veces, case sempre con valor de pronome relativo, pero tamén hai exemplos como conxunción completiva en 1, 3(2), 11, 14, 15, 16... 243, 244, 245, 246, 249, 250, 254.

5.1.3.12. O verbo

Neste comentario distinguimos aqueles casos de especial interese. Nos glosarios, nas entradas de cada verbo, recóllense as referencias ós exemplos que aquí non estean mencionadas.

5.1.3.12.1. Verbos regulares

Non hai particularidades destacadas na morfoloxía dos exemplos do texto, fóra dalgún caso latinizante das desinencias do IPres. P3: *iat* 41. Tamén se dá, como se falou no apartado do vocalismo, a perda do *-e* na P3 dalgúns verbos. No IPret., hai que destacar na P3 as formas *moró* 71, *otorgó* 254, 255, 256, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, *sacó* 1, coa monotongación da desinencia (MORAVIT > *moráut* > *moró*) propia do castelán e

do leonés oriental fronte ó galego, ó portugués e ó leonés occidental. Nas formas nominais merece comentario *dezir* 221, 223, que acomodou a súa desinencia á terceira conxugación, fronte a *dizer* , o esperado nos textos galegos da época, máis etimolóxico.

Estes son os verbos regulares do texto e as formas que se usan:

-AR: IPres. P3 *mora*, P6 *xaman*, *leuan*, ICopret. P6 *lexauan*, IPret. P3 *moró*, *otorgó*, *sacó*, P6 *compraron*, SPret. P6 *acordassen*, Inf. *ficar*, Part. *jurado*, *preguntado*.

-ER: IPres. P3: *iaz* / *iat*, P6 *jazen*, *renden*,

-IR: IPres P3 *parte*.

5.1.3.12.2. Verbos irregulares

Entre os verbos irregulares, tamén no IPres., neste caso na P6, hai desinencias latinizantes en *dant* 206 e *sunt* 220.

No IPret. hai que comentar *dio* (< DEDIT) 192, 225, 227, con *-o* analóxico e posterior desprazamento acentual con respecto ó galego e ó portugués *deu*. Por outra parte, tamén hai *teuo* 75 e *ouo* 198, de desinencia común no galego, leonés e castelán fronte ó portugués estándar *teve* e *ouve*, formas que se adoitan explicar como analóxicas cos perfectos fortes da C3[199], como o anterior *dio* e como *moró* e *otorgó*, que vimos nos verbos rregulares. Aínda sobre *ouo* cómpre tamén mencionar a monotongación, que Cintra (1984: 176) explica como casos en que "se dá o encontro de *a*+*u̯* por atracción do u̯ da sílaba seguinte". Finalmente, rexístrase para o verbo *ser* a abundantísima forma *fu* (< lat. vg. *FŬT) 14, 15, 16, 17, 22, 25, 26, 27 (2), 28, 30, 31, 34, 46, 54, 63, 65, 67, 68... 193, 195, 199, 201, 212, 224, 226, 229, 230, 249 (ata 70 veces), moi extendida no textos leoneses, principalmente nos centrais e orientais (Egido Fernández, 1996: 422-423)[200].

Na P6, merecen comentario as formas *dieron* 33, *fizieron* (< FECĒRUNT) 125 e *pusieron* (< POSUĒRUNT) 2, con ditongo, a primeira etimolóxica e as outras dúas só explicables a través de analoxía (Cintra, 1959: 453 e ss.). Pola contra, *odiron* 220 non ten

[199] Dubert (2013: 137-167), que remite a Craddock (1983), considera que cómpre revisar esta teoría pois se no castelán estes *-o* proveñen da analoxía coas formas dos perfectos *dío*, *comío*, *partío*, antes do seu desprazamento acentual, en galego só temos formas como *comew*, *partiw* que non poden explicar un *-o* final analóxico.

[200] Esta autora indica que *fu* non aparece nos textos occidentais de Staaff pero si nos foros de Castelo Rodrigo, Usagre e Cáceres (p. 425).

ditongación na desinencia e mantén do -D- etimolóxico. Tamén é destacable a alternacia entre *foron* 226, 237, *furon* (< lat. vg. *FŬRUNT), 18, 32, 47, 99, 105, 106, 114, 115 , 125, 132, 148, 191, esta última a máis frecuente nos textos leoneses, sobre todo nos occidentais, e *fueron* (< lat. cl. *FŬERUNT) 119, propia do castelán e do leonés central pois, segundo Egido Fernández (1996: 427 e nota e nota 253), aparece nos tres grupos de documentos de Staaff pero é máis característica do grupo central e no oriental alterna con *fueron*.

No IAntePret., hai unha única forma no texto, P6 *odiran* 223, co resultado esperado en canto á desinencia verbal.

Encontramos unha única forma do IPostPret., P6 *dixelo ýan* 245, analítica, co pronome mesoclítco e insólita polo uso do tema de perfecto, que só podemos explicar por un erro do escribán, dado que hai certa vacilación na escritura, que parece que corrixe un trazo previo. Finalmente, na P6 SPret. rexístranse as formas *uisen* 3 e *odissen* 3, que non teñen particularidades que comentar.

Estes son os verbos irregulares do texto e as formas en que aparecen:

DAR: IPres P3 *dá*, P6 *dant*, ICopret. P6 *dauan*, IPret. P3 *dió*, P6 *dieron*, Inf. *dar*

ESTAR: IPres P3 *está*.

AUER: IPres P3 *á* / *há*, P6 *an*, ICopret. P3 *auía*, P6 *auían*, IPret. P3 *ouo*, Inf. *auer*

FAZER: IPres P3 *faz*, ICopret. P4 *faziamos*, IPret. P6 *fizieron*

PONER: IPret. P6 *pusieron*.

SABER: ICopret. *sabían*.

SER: IPres P3 *é* / *ye*, ICopret. P3 *era*, P6 *yeran*, IPret. P3 *fu*, P6 *foron* / *furon* / *fueron*.

TENER: IPres P3 *ten* / *tien*, IPret. P3 *teuo*, Inf. *tener*.

DEZIR: ICopret. *dezían*, IPret. P3 *dixo*, P6 *dixeron*, IPostPret. P6 *dixelo ýan*

ODIR: IPret. P6 *odiron*, IAntePret. P6 *odiran*, SPret. *odissen*.

UER: SPret. *uisen*.

INDICATIVO

	C1	C2	C3	C1	C2	C3	C1	C2	C3
	PRESENTE			COPRETÉRITO			PRETÉRITO		
P1									
P2									
P3	dá está mora	á/ha é/ye faz iaz/iat ten/tien	parte		auia era		dio morou otorgó sacó	fu ouo teuo	dixo
P4					faziamos				
P5									
P6	dan/dant levan xaman	jazen renden		dauan lexauan	auian yeran sabian	dezian	dieron compraron	foron/furon/fueron dixeron fizieron	odiron

	ANTEPRETÉRITO		FUTURO	POSPRETÉRITO		
P1						
P2						
P3						
P4						
P5						
P6		odiran			dixelo ýan	

SUBXUNTIVO

	PRESENTE	PRETÉRITO			FUTURO
P1					
P2					
P3					
P4					
P5					
P6		acordassen	uisen	odissen	

FORMAS NOMINAIS

C1	C2	C3
INFINITIVO		
dar ficar	auer tener	dezir

PARTICIPIO	
jurado perguntado	

Ilustración 20. Táboa do repertorio das formas verbais do texto A

5.1.3.13. Notas de sintaxe

Debido ó tipo de texto -a información sobre unha relación de propiedades- as estruturas sintáticas non son moi variadas, xeralmente oracións predicativas ou atributivas simples, con atributos ou predicados compostos ou complexos:

> Esta ye la renembrancia de la enquisa que sacó Johán Peláez e Pedro Domínguez, omnes del rey Alfonso, e pusieron consigo por vigarios que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós...

> Don Alfonso Pérez, jurado e perguntado dixo: da rrúa de San Martino de alende a ponte Antaltares á una casa [a] morte de Martín Suáriz et de su muyer et de sos fíos; e el monesterio de San Clodio otra; e Santiago á y de dúas casas V soldos cada ano; e Osseyra...

Destaca tamén o uso dos prononomes átonos na oración *de máys que non se lo sabían ata que se lo acordassen máys*, en que *se* é aparantemente dativo. É unha combinación descoñecida en galego medieval e de interese para o castelán e o leonés máis oriental, onde debeu alternar con *ge lo* ata que finalmente a primeira triunfou.

5.1.4. Conclusións

O texto caracterízase polos seguintes trazos:

1. Vacilación na ditongación de Ĕ e Ŏ, con maior tendencia ás formas ditongadas, sobre todo nas voces comúns, e os resultados <ie>, <ue>: *pusieron*, *tien*, *ye*, *nietos*, *bueno*, *muerte* / *ten*, *é*, *Dente*, *bona*, *morte*, *Ponte*.

2. Vacilación pero tendencia á monotongación dos ditongos primarios latinos (-AI-, -AU-) e secundarios romances (-*ei*-, -*oi*-/-*ou*-): *leira*, *leyra*, *caualeiro*, *pelteiro, couto* / *lera*, *carpentero*, *fazendera*, *reguero*, *Caruonero*, *Ossera*, *otorgó*, *Oteiro*, *otras*.

3. Presenza de hiatos en palabras galegas (nomes persoais e toponimia), en palabras con perda de -N- e -D- intervocálicos, e tendencia á redución de vogais ou ó mantemento de consoantes nas voces comúns e en onomástica transparente: *correro*, *odiron*, *Yano*, *Mónago*.

4. Escaseza de vogais finais pechadas, cun único caso: *soldu*.

5. Tendencia ó apócope do -*e* final: *uerdad*, *meadad*, *tien*, *ten*.

6. Algúns posibles casos de iode epentético: *Murias*, *pitancia*, *renembrancia*.

7. Mantemento de -L- e -N- latinos nas voces comúns: *buenas*, *bona*, *molino*, *senara*, *rregalengo*, *solares*.

8. Vacilación na representación da nasal palatal: *quiniones*, *uina* / *vínea*, *azenas* / *azenias*.

9. A representación das sibilantes (/z/-/s/; /ts/-/dz/; /ʒ/-/ʃ/ mantense bastante estable e con poucas confusións <s>-<ss>;<z>-<c, z>; <i, j>-<x>: *casa*, *Uassallo*, *plaza*, *tercia*, *exido*, *jurado*.

10. Distintos resultados gráficos para as laterais palatais:

- -LJ- > /ʝ/ (grafía <y>, <∅>): *fiyo*, *muyer*, *fýo*.
- -LL- > /ʎ/ (grafías <l, ll>): *uila* / *uilla*, *dela* / *della*.
- -KL-, -PL- > /ʃ/ (grafía <x> <y>): *xaman*, *Yano*.
- -K'L- > /ʝ/ (grafía <y>): *oueyas*.
- -ULT- > /uj/, /ujtʃ/, /tʃ/ (grafías <uy>, <ych>, <ch>): *muytos*, *muychas*.

11. Artigo determinado: *el*, *los*, *ela* -*la*, *elas*.

12. Adxectivo posesivo: *so*, (Ø), *su*-*súa*, *súas*.

13. Pronome persoal dativo de terceira persoa: (*ye*), *yes*.

14. Flexión de xénero *dous*, *dúas*.

15. P3 de IPres. *ye* e P3 e P6 de IPret. *yera*, *yeran*; P3 de IPerf. en -*ó* e P6 con ditongo -*ieron*.

A maioría das solucións son comúns a toda a área leonesa, pero o resultado case xeral da ditongación das breves latinas nas voces comúns, bastante estable nas formas <ie>, <ue>, a marcada tendencia á monotongación dos ditongos primarios e secundarios e, moi concretamente, o resultado <x> para o CL- latino, xunto coa confusión <x>/<y> para PL-, lévannos a situar o texto no leonés oriental e, se seguimos a Morala (1987-88), na conca entre os cursos medio e baixo do Órbigo e o Esla, territorio en que está comprendida a mesma cidade de León.

Hai dúas cuestións sobre a ditongación leonesa que queremos mencionar, malia os datos escasos dos que dispoñemos neste documento e o contexto que se lle supón (un escribán leonés que recolle en Ribadavia os testemuños orais duns galegos), que non nos achegan suficiente información para tratalas polo miúdo. A primeira é a discusión sobre se a ditongación é un fenómeno autóctono no leonés ou se se debe á presión do castelán. A segunda ten que ver coa vacilación da ditongación, que se exemplifica ben no noso texto. Con todo, como o contacto entre linguas é un dos argumentos que algúns autores achegan como solución a estas cuestións e este é un texto híbrido, cremos que é de interese mencionalas. Para moitos dos autores que estudaron o leonés medieval, a vacilación débese inicialmente a dificultades de percepción e de representación do ditongo ou a contaxios esporádicos coas linguas veciñas (cf. Pidal, 1906: 38[201], Lapesa, 1948: 19-24[202] ou Cintra, 1959: 160[203]). Sánchez Miret (2012: 11-33) ofrécenos unha visión xeral das distintas posturas e conclúe que a ditongación en leonés pode interpretarse como froito dunha situación de contacto de linguas e que non é posible afirmar con rotundidade cal das dúas opcións era a xenuína da lingua antiga nesa área lingüística.

Aínda que hoxe parece non haber dúbida de que, lonxe de reflectir a súa lingua ou a lingua local, os escribáns reproducían unha tradición escrituraria aprendida, ás veces afastada da oralidade, neste sentido é de interese este texto do *Tombo das viñas*, xa que nel se debe reproducir o que os enquisados din e, como galegos, estes falaban sen formas ditongadas e os seus sobrenomes e topónimos tampouco as tiñan. Dalgún xeito, iso tivo que condicionar a quen escribía, xa por levalo a confusión nalgúns casos, xa por motivalo a reproducir con fidelidade o que oía noutros.

---

[201] "Las vacilaciones notadas en los textos antiguos no pueden atribuirse al dialecto en sí, sino unas (*forcia*, *corpo*) a influencia gallega, y otras (*fuerma*, *luedo*) a falsa corrección del dialecto leonés hablado por gallegos que, habituados a poner diptongo leonés en voces que en gallego tenían *o*, ponían fuera de propósito otras veces *ue* donde el leonés no tenía sino *o* como el gallego".

[202] "Los diptongos resultantes de vocales bimatizadas podían existir en la pronunciación real y no en la conciencia lingüñsitica en la etapa inicial de la diptongación"; "Hay que tener en cuenta, de otra parte, la presión de influencias culturales. [...] Además del latinismo debió de pesar la influencia gallega"; "Por último, cabe la hipótesis de que, dándose en el habla la diptongación y aún en el caso de que los hablantes reconocieran ya alcance fonológico a sus resultados, los diptongos no pasaran a la escritura por simple inhabilidad al transcribirlos".

[203] "O facto deve-se certamente atribuir à conjugação de determinado número de factores a que se referiu Rafael Lapesa".

Este texto pódese encadrar no tipo que, segundo Monteagudo (2009: 85-111), presenta mestura de códigos e el clasifica como textos interferidos e de escrita periférica, no noso caso, un escrito de base lingüística leonesa, de trazos centrais, texto no que alternan ocasionais palabras e formas galegas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2. COMENTARIO LINGÜÍSTICO DO TEXTO DO PELO (TEXTO B)

Na análise lingüística do verso do pergamiño, o texto B, coméntanse separamente as catro mans que consideramos que, polo menos, interviñeron no documento. Algúns engadidos (indicados en nota na edición) que quizais non fixo a mesma persoa que escribiu o texto onde se insiren, non os estudamos á parte por consistiren en moi poucas liñas, dúas e catro, respectivamente. A intención é ver aquilo en que se asemellan ou se diferenzan lingüisticamente os catro fragmentos, pero a súa brevidade, sobre todo a dos tres primeiros, non é doado que permita, con todo, chegar a poder facer afirmacións concluíntes.

Lémbrese (vid. o apartado de diplomática) que denominamos A_1 o escribán do primeiro dos anacos, que vai da liña 1 á 55 e que as 15 primeiras están moi deterioradas e non as demos lido. A_2 é a segunda man ou momento de escritura e abrangue as liñas 55 a 78. En B, da liña 79 á 117, vólvese copiar parte do que A_1 xa escribira, en concreto as liñas que van da 21 á 55; as diferenzas gráficas e gramaticais entre estas dúas mans son notables e máis evidentes, por tratarse do mesmo contido; logo do comentario cotexaranse estes dous textos. Finalmente, o copista C é o que escribe máis por extenso, máis da metade do pelo do pergamiño, en concreto as liñas que van da 118 á 291. É tamén o que ten máis entreliñados, case todos moi similares graficamente á súa letra; agora ben, ás veces, conteñen algunhas variacións que poden facer pensar que se deberon a outra man. Con todo, a cantidade de texto é moi pequena e non fixemos distinción. Cando haxa algunha diferenza notable, indicarase neste comentario.

Despois da descrición das características fonéticas e morfosintácticas da lingua dos distintos copistas e da análise das diverxencias entre A_1 e B, achegaremos unha táboa coas diferenzas e semellanzas entre cada unha das mans a partir dunha serie de trazos que as definen.

Para a análise deste texto apoiámonos fundamentalmente nos traballos de Ramón Lorenzo, Clarinda de Azevedo Maia, Ana Isabel Boullón Agrelo / Henrique Monteagudo e outros autores que estudan aspectos máis específicos do galego medieval e do galego en xeral, recollidos na bibliografía.

5.2.1. Grafemas

5.2.1.1. Representación da vogal *i*

Para representar o son /i/ utilízanse no texto tres grafías. A grafía <i> é a máis habitual pero alterna con <y> e con <j>, menos frecuentes.

En A_1 e A_2 úsase sempre <y> en ditongo a final de palabra como en *ffoy* 15, 22, 23, 26, 29, 39, 40, 48, 52 e *vay* 26, 27, 32, 38, 47, 53 (2), no primeiro copista, e *ffrey* 74 no segundo.

O escribán B escribe tamén sempre <y> nos ditongos a final de palabra coma en *ffoy* 80 (2), 84, 85, 88, 98, 99, 110, 114, *uay* 89, 97, *vay* 84, 86, 109, 114, 115, en *máys* 103 e *sseys* 90, pero tamén nos ditongos en interior de palabra, onde alterna con <i>, coma en *leyra* 79, 96, 100, 104, 113 (*leira* dúas veces), *leyras* 101, 104, 112 (*leira* unha vez), *Caruoeyra* 80 e *Moymenta* 81. Esta é a única man que usa a grafía fóra dos ditongos, no caso do adverbio *y* (IBI) 101, 106, uso por outra parte bastante frecuente nos textos galegos (Boullón / Monteagudo, 2009: 39).

O escribán C non se diferencia dos máis en canto que usa <y> en ditongo, e como B, tanto en final coma en interior de palabra, só que, mentres que no primeiro caso é a única grafía usada e así escribe *foy* 132, *ffoy* 135, 136, 154, 161, 225, 238, 267, 291, *Rruy* 233, 282, *uay* 213, 234 e *vay* 203, en interior de palabra é pouco frecuente e *leyras* 125 só aparece nunha ocasión fronte ás 65 veces de *leira* e as catro de *leiras*, e *rregueyro* 267-268 aparece só unha vez con <y> fronte ás catro veces de *rregueiro* e as dúas de *Rrigueiro*.

Con respecto á grafía <j>, os hábitos de uso tamén son similares. Así A_1 escribe os sobrenomes *Amjgo* 55, *Calujño* 24 e *Calujnos* 53, o substantivo *camjño* 25, 27, 30, 31, 38, 54 e *Jgleia* 28 e 29. O copista A2 *Jgleia* 67, 68 e *término* 77. A man B *camjno* 82, 85, 89, 97, 114, *Calujno* 81, *Calujnos* 99, 114, *Uilarjno* 116 e *jgleia* 87, 88. O escribán C pon *jgleia* 153, 156, 171, 185, 198, 226, 228, 257, 258, 264 e *camjño* 198, 211, pero tamén unha vez *camino* 157.

O uso de <j> parece ter unha intención de claridade gráfica, pois fóra da palabra *Jgleia*, 28, 29, en A_1; 67, 68, en A_2; 87, 88, en B; e 153, 156, 171, 185, 196, 226, 228, 256 e 258, en C, grafada sempre como maiúscula, en todas as demais palabras sempre está acompañada das grafías <n> e <m>, facilmente confundibles con <i> xa que este non

se adoita escribir con punto. O mesmo se rexistra nos textos que analizan Boullón / Monteagudo (2009: 41).

O único grafema para a vogal *u* é <u>, nunca se utiliza <v>.

5.2.1.2. Consoantes duplicadas

No texto encontramos algunhas consoantes duplicadas como en A_2 a forma cultista *abbade* 75, 77 e en todos os escribáns unha tendencia a escribir o <ff> inicial duplicado innecesariamente, un hábito común medieval (Lorenzo, 2015: §6.7, no prelo). A grafía alterna co <f> simple, menos frecuente. Deste xeito o escribán A_1 pon *ffasen* 19, 40, *Ffeca* 26, *ffere* 24, 38, 39, *fferir* 26, 53, *Ffernandes* 16, 18, *ffillos* 33, 34, 36, 41, 44, 46, 54, 55, *ffondo* 24, *Ffonte* 34, *fforo* 19, 31, 41, 43, *fforos* 20, *ffoy* 15, 22, 23, 26, 29, 39, 40, 48, 52, *Ffrade* 33, 37 e só un caso coa consoante simple en *filla* 18. A man A_2 escribe ffase*n* (2), *Fferrnandes* 68, *fforo* 61, 63, 66, 69, 72, *fforos* 75, *Ffradina* 71, *ffrey* 74, *flliguesía* 76 e con consoante simple *fasen* 61, 66, 69, 72 e *foro* 57. O copista B, nisto o único regular, só grafa coa consoante duplicada *ffasen* 83, 86, 90, 91, 100, 102, 106, 117, *Ffeca* 85, *ffere* 81, 97, 99, *ffilos* 92, 93, 95, 101, 104, 107, 116, 117, *ffirir* 84,115, *ffondo* 81, *Ffonte* 93, *fforo* 83, 86, 90, 91, 100, 102, 106, 117, *fforos* 103, *ffoy* 80 (2), 84, 85, 88, 98, 99, 110, 114, *Ffrade* 92, 96. E, por último, o escribán C escribe *ffas* 120, 121, 153, 162, 255, *ffasan* 142, *ffasem* 144, 158, 165, 172, 175, 185, 187, 191, 195, 200, 203, 210, 212, 216, 220, 226, 229, 235, 247, 249, *ffasen* 137, 147, 156, 160, 169, 178, 184, 198, 206, 234, 238, 241, 245, 252, *ffaser* 264, 276, *ffassen* 268, *Ffeca* 201, *ffere* 158, 279, 280, *fferir* 214, *Fferrnán* 167, 240, 245, *Fferrnandes* 162, 203, 206, 208, 237, 259 (2), 268, 278 (2), *Fferrnando* 221, *ffillo* 221, *ffillos* 229, *ffondo* 151, 175, 179, 184, 227, 232, 241, 246, 254, 261, *ffonte* 273, *fforo* 120, 121, 124, 137, 142, 143, 147, 151 (2), 153, 156, 158, 160, 162, 165, 169, 172, 175, 178, 182, 184, 185, 187, 191, 193, 196, 198, 200, 203, 206, 210, 213, 216, 220, 223, 227, 229, 231, 234, 235, 238, 241, 245, 247, 249, 252, 255, 263, 265, 276, *fforon* 201, *ffoy* 135, 136, 154, 161, 225, 238, 267, 291, *Ffradina* 150, 266, *Ffranco* 137, 140, 154, 205, 215, 230, 242, *Ffreixio* 159, *Ffrío* 287 e, coa consoante simple, *fas* 151, 161, 163, 191, 223, *fasem* 181, 194, *fasen* 124, 231, 283, *fere* 256, *ferir* 234, *filla* 291, *firir* 203, *fondo* 155, 198, 280, *fonte* 191, tamén o sobrenome *Fonte* 229, *foro* 161, 1622, 191, 268, 283, *foron* 125-126, 260, *foy* 132, *Fradina* 285, *Frío* 282. O copista C tamén escribe *Miguell* 193 e os escribáns A_1, B e, nunha única ocasión, *sseu* 218, C, duplican en inicial de palabra <ss>, feito que trataremos ó analizar o sistema de sibilantes.

5.2.1.3. O <h> latino

O h latino perdeuse habitualmente na Idade Media polo que temos bastantes palabras que se escriben no texto sen el, pero tamén outras que o levan sen o ter orixinariamente.

En A_1 mantéñeno *(a)ha* (HABET) 21, *herdade* (HEREDITATEM) 17, *herdades* 19, 20, 28, 54 e o nome *Johán* 24, 34, 44, 46, 49, 52 e 55; perdérono *an* (HABENT) 31, 50, o sobrenome *Eanes* (IOHANNIS) 24 e a variante *Anes* 34, *corte* (COHORTEM) 47 e o derivado *cortina* 37 e *Espital* 27. Levan un *h-* inicial non etimolóxico *he* (EST) 17, 18, o adverbio *hi* (IBI) 41, 45 e o relativo *hu* (UBI) 21, 25, 28, 37, 43, 45 e 51 e as formas do artigo indeterminado *hũa* 21, 35, 42, 49, 50 e *hũu* 31.

O copista A_2 consérvao en *herdades* 73, 76, 77 e *Johán* 56, 59, 60, 62, 64, 70, 73, 74 (2), no entanto escribe con *h-* adventicio *hi* 77, *hirmãa* 64, *hirmãao* 70, *hu* 69 e *hũu* 56.

O escribán B tamén mantén o *h* en *Johán* 81, 93 (2), 105, 107, 111, 113, 117 e *herdades* 87, 91 e pono erradamente no artigo determinado *ha* 78, no relativo *hu* 78, 83, 87, 96, 103, 106, 112, nos indeterminados *hũa* 79, 94, 103, 110, 111 e *hũas* 106 e no pronome indefinido *hũu* 89. Tamén o omite en *Espital* 85.

A man C consérvao en *herdade* 142 (2), 151, 154, 163, 168, 173, 190, 227, 233, 234, 264 (2), *herdades* 118, *herdamentos* 290 e no nome *Johán* 123, 130, 131, 133, 137, 138, 139, 140, 149, 152, 154 ... (ata 37 veces). Tamén o usa en *hirmãa* 146, 188, 259 e *hirmãao* 168, 172, 180, 193, 196, 204, 209, 219, 224, 231, 239, 244, 247, 275 e omíteo en *á* (HABET) 118, 253, 264, 271, 273, 274, *an* 276, *cortina* 132, 135, 136, *Cortinal* 166, 199, 254, unha vez en *d'erdade* 151, no patronímico *Eanes* 141, 191, 206, 225, 271 e en Espital 27, 85, 158, 169 e 217; e pon un <h> antietimoloxico nos artigos *hũua* 142, 144, 151, 166, 177, 185, 199, 202, 212, 230, 235, 250, 256, 268, 277 (2), *hũa* 285, *hũna* 119 e o masculino *hũu* 130, 146, 150, 161, 173, 233, 251, 256, 263, 265, 270, 274, 277 e 279.

Tamén forma parte do dígrafo <ch> que se utilizou para representar o novo son africado palatal xordo /c/ de distintas procedencias, aínda que hai poucos exempos no texto, só nas palabras *chaman* (CLAMANT) 22, 25, 28, 37, 38, 43, 45, 51, 69 en A_1, 79, 84, 87, 104, 106, 112 en B e 256 en C; o nome *Sancha* (SANCTIA) 36 en A_1, 95 en B e 237 en C; e o sobrenome *Colcheiro* 171 en C.

5.2.1.4. Grafemas <l> e <ll>

Nos catro fragmentos do texto hai confusións entre os grafemas que representan a lateral alveolar e a palatal. En A_1 úsase a grafía <l> nos topónimos *Oliueira* 18, *Vilarino* 34-35 e *Vilariño* 34, pero <ll> con valor arcaizante en *Mellón* 21, 52, no substantivo *villa* 21 e na contracción entre o artigo determinado e as preposicións *per* e *por* en *pella* 15, 22, 26, 27, 39 (2), 40, 44 (2), 47 (2), 52, *pello* 31 e *porlla* 18; <ll> é tamén a grafía para a palatal como en *filla* 18 e *ffillos* 33, 34, 36, 41, 44, 46, 54 e 55.

No fragmento de A_2, úsanse as formas arcaicas *pello* 57, 66, 72 (2), *pella* 57, 60, 63, 66, 68 (2), *pellas* 60, 63 e *della* 66. A alveolar simple só a contén a palabra *Ualado* 66, grafada coa consoante simple. O topónimo *Rrodolo* 69, seguramente un microtopónimo que non demos localizado, cremos que talvez se podería interpretar como *Rodollo* var. de *redollo* >RETRUCULUM), polo tanto, estaría escrito con grafía alterada.

O escribán B escribe sempre *ffilos* 92, 93, 95, 101, 104, 116, 117, con <l> simple, como para o valor alveolar contido nos topónimos *Melón* 112 e *Ujlarino* 116 e en *dela* 83, 86, 106, *delas* 117 e *pela* 105, no entanto esta última contracción aparece maioritariamente coa forma arcaica *pella* 80 (2), 84, 85, 87, 88, 98, 99 (2), 104, 108 (2), 114.

O copista C utiliza <l> para a consoante aleovar en *alén* (< AD+ĬLLINC) 185, *Caualeiro* 234, 282, *çeleiro* (< de CĔLLA) 191, *ela* 251, *Melón* 118, 121, 147, 153, 160, 173, 192, 200, 213, 234, 237, 276, *Poulo* (< PABULU) 236, *Uale* 234, 237, *Uales* 119, *Uilarino* 138, 286 o pronome *ela* 251 e a súa contracción coa preposición *dela* 235, 245 e nas contraccións de *por* co artigo *pola* 269 e *polas* 271 pero confúndea en *talo* (hoxe *tallo~tallón* 'leira pequena, anaco de leira', seguramente de *tallar* >lat. TALEARE) 263. Usa <ll> para a palatal en *fillo* 221 e *fillos* 229, as únicas dúas palabras do texto que a conteñen. Esta mesma grafía <ll>, coma os anteriores escribáns, é a máis abundante para as formas de contracción das preposicións co artigo ou o pronome e así escribe *della* 121, 137, 144, 151, 153, 156, 158, 165, 169, 175, 178, 181, 185, 187, 191, 193, 196, 198, 206, 210, 212, 220, 223, 238, 255, 280, *dellas* 135, 142, 231, 241, 252, *delles* 160, 191, *pella* 122, 123, 124, 130, 134, 135, 139 (2), 143, 148, 149 (2), 151, 155, 156, 157, 165, 168, 169, 173, 174, 176 (2), 177, 178, 181 (2), 183, 186, 187, 190 (2) 195, 197 (2), 198, 201, 202, 207, 208, 210, 211, 213, 214, 216, 217, 220, 221, 227, 228, 232 (2), 234 (2), 236, 238, 242, 243, 245, 246, 250, 252, 253, 255, 257, 258, 261, 262, 264 (2), *pellas* 144, 201, 256, 286, *pello* 155, 157, 162, 184, 267 (2), 279, *sóbrella* 243 e *sóbrello* 229. Destaca tamén o caso de *Miguell* 193, única

ocasión en que grafa con <ll> a consoante lateral en final de palabra. No entanto, en *As Naualas* 182, seguramente un microtopónimo que desapareceu ou que non demos localizado usa a grafía simple. Dado que <u> neste escribán representa xeralmente a bilabial fricativa, deberiamos interpretar un moderno *Navallas*, de etimoloxía escura, parello a outros topónimos galegos coma *Navallo*, quizais relacionados co prerromano *nava* (nave) ou co lat. NŎVACŬLA.

5.2.1.5. Grafemas <r> e <rr>

A vibrante simple represéntana todos os escribáns sempre con <r>, aínda que A_1 e C confúndense nunha ocasión en que escriben *Orrac'Arres* 22 e o nome persoal *Arres* 265, respectivamente. Para a vibrante múltiple usan <rr> en interior de palabra: en A_1 só co exemplo de *Orrac'Arres* 22; en A_2 *Barreiro* 65 e *Curral* 70; en B tamén só *Orraca'Ares* 79; e en C *Barreiro* 122, 134, 148, 167, 170, 174, 177, 179, *Porrino* 132, *Curraas* 164, *Curraes* 206 e *Curral* 188, 193, 194, 198, 202, 209, 224, 234, 244, 248 e 260, pero C tamén pon a grafía simple en *aredor* 142 e *Porino* 239. En principio de palabra usan sempre <rr> e só unha vez aparece a grafía <R>, ó final do texto C, en *Rruy* 282, nunhas liñas engadidas noutro momento ou por outra man. Os nomes *Fferrnán* 167, 245, 250, *Fferrnando* 221 e os patronímicos *Fferrnandes* 162, 203, 229, 230 e *Marrtís* 170, 187, están abreviados polo copista C como *ffirna*, *ffirndo*, *ffirs* e *mrrs*, con <rr>, polo que neses casos mantivemos a grafía no desenvolvemento.

5.2.2. Particularidades fonéticas

5.2.2.1. Vogais nasais

A caída no -N- intervocálico provoca en galego a nasalización da vogal precedente (Lorenzo, 1988: 289-326). Logo dáse a posterior desnasalización e, en ocasións, a recuperación dunha consoante nasal velar ou palatal. Os catro escribáns indican a nasalidade co trazo de abreviatura[204] e de xeito moi restrinxido, soamente no artigo indeterminado (ou no indefinido ou no numeral) e nunhas poucas palabras máis. Pero tamén rexistran todo o

[204] Para Boullón Agrelo / Monteagudo (2009: 42-43) é a solución de representación da nasalidade máis innovadora das catro que consideran, o mantemento do n, a ausencia de marca e a plica. Só o último dos catro copistas usa ocasionalmente a plica sobre dúas letras iguais, formen parte ou non da mesma palabra, como no nome <*Moor*> ou en <*dáágoa*> 184 e, tamén en ocasións, sobre algún <i>. A respecto da plica, Muñoz y Rivero (1917:113) di que o seu uso decaeu nos séculos XIV, XV e XVI.

proceso mencionado, que xa se estaba producindo nese momento da Idade Media e que estuda máis polo miúdo Mariño Paz (2002 e 2006).

Así, o copista A_1 escribe *hũa* 21, 35, 42, 49, 50, *hũu* 31, a contracción coa preposición, *dũu* 15, 22, 51, e *tẽen* 33, pero non representa a nasalidade en *Caruoeira* 22, *Muimenta* 23, *Quinteeiras* 4 e *teen* 36, 41, 43, 46, 54. Representa a nasal palatal en *Calujño* 24, *Caluiños* 39, *camjño* 25, 27, 30, 31, 38 e 53, *Vilariño* 34 e *viñas* 20 e en cambio utiliza a grafía <n> en *cortina* 37, *Calujnos* 52, *Mourinos* 35, *Tourino* 54-55 e *Vilarino* 33-34, 55; transcribimos "mo*esteiro*" 20 a abreviatura *mon* con trazo.

A_2 ten, ademais do indeterminado *hũu* 56 e a contracción *dũu* 68, as palabras *hirmãa* 64 e *hirmaão*[205] 70, mentres escribe *perteeçían* 76. Representa a palatal con <n> en *castanas* 58, 61, 67, *conpana* 77, *Esteueína* 65, *Ffradina* 71 e dúas veces en *Mourina* 65, 71 aínda que tamén *Mouriña* 57. Transcribimos "m*oesteir*o" a abreviatura *mº* 76 e *Esteuo* 57, 59, 60, 58, 70 (2), 72, 73, 74, 75, 76, abreviado en *estº*.

O escriba B só marca a nasalidade nos indeterminados *hũa* 79, 94, 103, 106, 110, 111 *hũas* 106, *hũu* 90 e na contracción *dũu* 79, 113, únicas formas no texto. Pola contra, non a indica en *Caruoeira* 80, *Lágea* 95 e *Moymenta* 81, mantén os hiatos en *Móogo*[206] 110, *teen* 92, 94, 96, 101, 104, 115, *téennas* 107 e asimila as vogais en *Quinteiros* 107; sempre usa <n> para a nasal palatal como en *Calujno* 81, *Calujnos* 99, 114, *camjno* 82, 85, 89, 97, 114, *cortyna* 96-97, *Mourinos* 94, *Tourino* 116, *Vilarino* 93 e *Vjlarino* 116; "Mar*tís*" 98, 100, 102, 105, 107, 108, 110 é forma desenvolvida.

Finalmente, a man C, escribe *Esteuão* 157, *hirmãa* 146, 259, *hirmaão* 168, 172, 180, 189, 193, 196, 204, 209, 219, 224, 231, 239, 244, 248, 275, *hũa* 285 *hũna* 119, *hũu* 130, 146, 150, 161, 173, 233, 251, 256, 263, 265, 270, 274, 277, 279, *hũua* 143, 145, 151, 166, 177, 185, 199, 202, 212, 230, 235, 250, 256, 268, 277 (2) e as contraccións *dũu* 149, 257, 267, 283 e *dũua* 249, 252, porén non indica a nasalidade en *coroados* 272, *coroado* 277, *Meendes* 265, *tarreo* 274 *teem* 248, *teen* 146. Xa coas vogais asimiladas escribe *tiña* 256, en que tamén representa a nasal palatal como en *camjño* 198, 211 e *viña* 264; pola contra, usa <n> en *camino* 158, *Mourina* 140, 189, 192, 205, 205, 209, 215, 224, 245, 248, 260,

[205] A reduplicación da primeira vogal do hiato trala caída dun -N- intervocálico é frecuente cando xa está consolidado o uso do romance nos textos galegos medievais (Boullón Agrelo / Monteagudo, 2009).

[206] Esta palabra non está no texto de A_1, que escribiu no seu lugar *Gago*.

Mourino 139, 140, 167-168, 199-200, 205, 210, *Porino* 138, *Porrino* 132, *Sobrino* 125, 256, *Uilarino* 138, 286, *cortina* 132, 135, 136, *Cortinal* 199, 264, *Ffradina* 155, 266 e *Fradina* 285. "Marr*tís*" 170, 187, "Mar*tís*" 133, 135, 182, 191, 192, 194, 215, 251, 270 e "mo*esteiro*" 147, 151, 200, 262, 268 e 276 están abreviados no texto.

Temos, polo tanto, todos os posibles resultados gráficos con que durante a Idade Media se rexistra a evolución da caída do -N- latino (Mariño Paz, 2002: 103-110); isto é, a) nasalización da vogal que precedía o -N-, coa marca desta resonancia cun til de nasalidade (*tẽen*, *hirmãa*, *Esteuão*); b) desnasalización que se amosa coa ausencia de marca (*Caruoeira*, *Lágea*, *moesteiro*, *tarreo*) e sen coalescencia en bastantes casos (*teem*, *teen*, *téennas*); e c) por unha parte, xa coas vogais asimiladas e cos resultados do galego moderno, (*Quinteiros*, *tiña*); e por outra, d) co desenvolvemento dunha nova consoante nasal, xa palatal, coa grafía <ñ> (*Caluiños*, *Calujño*, *camjño*, *Mouriña*, *tiiña*, *tiña*, *Vilariño*, *viña* e *viñas*) ou <n> (*camino*, *cortina*, *Cortiñal*, *Ffradina*, *Fradina*, *Mourina*, *Mourino*, *Mourinos*, *Porino*, *Porriño*, *Sobrino*, *Tourino*, *Uilarino*, *Ujlarino* e *Vilarino*) ou velar, a pesar de que esta solución case non a temos documentada no verso do *Tombo das viñas*.

A este respecto, as únicas palabras que están nos catro fragmentos do texto en que no galego moderno se deu este último resultado de recuperación dunha consoante velar son os indeterminados *hũa* e *hũu*, que no fragmento do copista C, figuran en feminino coas variantes *hũua*, a máis usual, e *hũna*. A xeración dun *-n-* velar explosivo é a solución maioritaria e adoptada no estándar, pero non é xeral en todas as variedades, pois na zona ancaresa do galego oriental consérvanse vogais nasalizadas e, en concreto, a forma *ũa* para o artigo indeterminado feminino (Fernández Rei, 1990). A forma *hũna* que figura no fragmento do copista C sería para Maia (1989: 306 evidencia dunha pronuncia velar, tal coma no galego moderno. Lorenzo (1987: 456-457) considera que son formas esporádicas que se deben considerar erros do escribán.

Xunto cos artigos indeterminados, en A_2 e en C temos os substantivos *hirmãa* e *hirmãao* e, en C, tamén a forma *Esteuão*, co sufixo -ANUM (-ANAM), tónico no caso da voz común e átono no nome persoal. No primeiro caso, o galego optou por un dobre resultado, a asimilación vocálica e a reposición da consoante nasal na zona máis occidental con *irmán* (m. e f.) e a desnasalización *irmá*, *irmao*, formas comúns nos bloques central -a onde pertence o noso texto- e oriental do galego. Pola súa parte, a forma *Esteuão* non é a máis

frecuente nos textos galegos medievais, nos cales a solución usual para o sufixo -ANUM átono é a asimilación das vogais (STEPHANUM > *Esteuão* > *Esteuoo* > *Estevo*).

Carecemos ademais de exemplos de desenvolvemento de nasal implosiva en interior de palabra tipo *gando* ou *geonllo* e tamén en posición final, onde, como vimos, para o ámbito dialectal ó que pertence o noso texto, só os plurais -ANES, -ANIS, -ENES, -INES, -ONES, -UNES e -UNIS nos poderían ofrecer esa solución (*cans*, *bens*, etc). Nos singulares destas terminacións, coma en *tanbén* (TAM + BENE) 37, en A_1, a consoante nasal intervocálica non caeu, senón que se deu a perda do -E final (Lorenzo, 1988: 289-326). Deste xeito, cando o trazo de abreviatura, moi usual nestes casos, representa un *-n* implosivo en final de sílaba ou palabra, grafámolo seguindo as formas desenvoltas. Todos os copistas usan para representar a nasal implosiva a final de palabra a grafía <n> ou o til de abreviatura, agás C que, cando non usa a abreviatura, maioritariamente grafa un <m> (66 veces) como, por exemplo, en *tem* 121, 124, 138, 148, 153, 154, 156... e *fasem* 144, 157, 165, 172, 175, 185, 187..., no entanto hai tamén hai exemplos con <n> (24 veces), coma en *ten* 119, 126, 145, 148, 151, 191, 197, 226, 229, 242, 282 e *fasen* 124, 181, 193, 231, 283 .

5.2.2.2. Vogais en hiato

Xunto cos hiatos herdados do latín, a caída do -N- intervocálico e o doutras consoantes ou grupos consonánticos, así como as contracción de preposicións e artigo ou a énclise do pronome ó verbo favoreceron no galego encontros vocálicos que logo evolucionaron de maneiras diversas, xeralmente manténdose ou asimilándose as vogais.

Co hiato <áa> rexistramos no copista C *hirmãa* [á(n)a] 146, 259 e *Curraas* [áa] 164, asimilación dun primitivo [á(l)e]. O hiato <aá> témolo en *Paas* 202 proveniente dun primitivo [e(l)á], tamén en C. O átono <aa> dáse no encontro da preposición co artigo feminino *aa* [a(l)a] 75, de A_2 e 191, 226, de C; e xa asimilado témolo en *á* 73, de A2.

O hiato <áe> está en *quaes* [á(l)e] 32, 46 en A_1, 91, 107 en B e 200, 271 en C; e en *Curraes* [á(l)e] 206, tamén do copista C.

De <áo> hai o único exemplo de *hirmaão* [á(n)o] 168, 172, 180, 189, 193, 196, 204, 209, 219, 224, 231, 239, 244, 248, 275, en C. O caso do átono <ao>, representado no texto por *Esteuão* [á(n)o] 157, da man C, non é o resultado usual nos textos galegos, xa que o máis frecuente é a asimilación a <oo> e a posterior redución da forma moderna *Estevo*. Por iso desenvolvemos sempre como *Esteuo* e *Steuo* as abreviaturas do nome. Tamén na

unión da preposición co artigo masculino temos *ao* 75, 76, en A_2, e coas vogais xa asimiladas *oo* 159 (2), en C.

Temos o hiato <ée> en *teen* [é(n)e] 36, 41, 43, 46, 54 en A_1, *teen* 92, 94, 96, 101, 104, 115, *téennas* 107, en B; e *teem* 248 e *teen* 146, en C. O hiato <eé> en *Meendes* [e(n)é] 265; da man C; *portugeesses* 102, coas vogais asimiladas dun primitivo [a(l)é], de B; *Quinteeiras* 4, con orixe nun primitivo [a(n)á], de A_1; e, xa coa redución das vogais, *Quinteiros* 107, da man B. Tamén se rexistra o hiato átono pretónico <ee> en *perteeçían* 76, en A_2.

Do hiato <éa> tónico, só temos o exemplo de *mea* [é(dj]a] 268, 281 en C, palabra que se recuperou no semicultismo *media* no galego moderno. Hai o hiato <ea>, átono pretónico, en *meatade* [e(dj)a] 17, 18 en A_1, e o átono postónico témolo en *Lágea* [e(n)a] 95, do escribán B.

O hiato <éo> aparece nas palabras *meo* [é(dj)o] 58, 61, 63, 67 en A_2 e 147, 161 e 191 e *tarreo* [é(n)o] 274, do copista C.

O hiato <ii> rexístrase en *tiiña* [é(n)i] 56, de A_2, que aparece coa vogal asimilada en *tiña* 256, de C.

Rexístrase <óa> na palabra *Eiroa* [ó(l)a] 278 e en *mandoa*[207] 237, de C; e <oá> en *coroados* [o(n)á] 272, *coroado* 277 e no topónimo *Angoal* [o(l)á] 234 (quizais do lat. > ANGULU), tamén en C.

Temos <oé> en *Caruoeira* [o(n)á] 22, no copista A_1, e 80 en B.

Tamén se rexistra o hiato <oó> en *Moor* [a(j)ó] 15 en A_1; 57, 65, 71 (2) en A_2; e 136, 141, 151, 154, 167, 170, 182, 187, 189, 191, 192 (2), 194, 205, 209, 215 (2), 224, 244, 248, 251, 260, 266 e 291 en C.

5.2.2.3. Vacilacións vocálicas

As vogais átonas alternan frecuentemente en posición átona, polo que no texto encontramos unha serie de vacilacións que se dan habitualmente nos documentos medievais. No texto temos *ixidos* 48, en A_1, e 109 en B, que non é infrecuente con <e>; *tarreo* 274 en C, con <a> cando o esperado é <e>; *Curral* 188, 193, 194, 198, 202, 209, 224, 234, 244,

[207] Sobre esta contracción do verbo e o pronome véxase o apartado de morfoloxía verbal.

248 e 260 en C e *pumar* 48, en A_1 e 110, en B, con alternancia entre <u>/<o> que aínda se mantén na actualidade; <o> por <u> dáse no topónimo (*Rrego da*) *Ágoa* 184, en C; e <o> por <e> en *ontre* 222, tamén en C.

Pero a alternancia vocálica dáse ademais entre as distintas mans do texto. Encontrámola na vacilación entre os ditongos <ui>/<oy> en *Muimenta* 25, en A_1 e *Moymenta* 81, en B; e <ia>/<ea> con *Rribadauia* 32 en A_1 e *Rribadáuea* 89 en B; a vogal <u> está por <o> en *purtugueeses* 43, en A_1 e *portugeesses* 102, en B; <i> por <e> en *ffirir* 84, 115, en B, e *firir* 203 en C, fronte a *ffèrir* 214 e *ferir* 234 en C, e tamén en *rrigeiro* 82, 84, en B, e *Rrigueiro* 214 e 250, en C, que aparece como *rregueiro* 26 en A_1, 151, 144, 161, 203, 229 230 e *rregeyro* 267-268, en C. Máis insólita é a vacilación que se produce na vogal tónica do topónimo de étimo opaco *Carduxi* 27, 38, 51, 53 en A_1, *Cardoxe* 25, en A_1, 56, 82, 98, en B, e *Cardoxi* 86, 112, 115, en B, e 289 en C, onde ademais hai alternancia de <i>/<e> -seguramente gráfica e non na fala- na vogal final.

5.2.2.4. Elisión de vogais

A vogal final -*e* pérdese nalgunhas P3 dos verbos como *jas* 21 e *yas* 37, en A_1; *yas* 67, 69, en A_2; *jas* 79, 97, 103, en B; e *ffàs* 120, 121, 153, 162, 255, *fas* 151, 161, 163, 191, 223, *ias* 120, 243, *jas* 217, 222, 236 e *yas* 151, en C. Tamén a preposición *de*, seguida dunha palabra que comeza por vogal, contrae por fonética sintáctica como en *d'Orrac'Arres* 22 (onde tamén contraen o -*a* final do nome e o inicial do patronímico), *d'Oseira* 29, *d'Esteuo* 29 en A_1 e *d'Esteuo* 57, 59, 61, 72 en A_2; no copista B rexístrase *d'Orrac'Ares* 79 e *d'Osseria* 88, con erro ou solución cultista no sufixo no topónimo; e finalmente, C escribe *d' Esteuo* 139, 163, 166, 169, 178, 181, 190, 195 (2) 197, 203, 210, 211, 220, 262, 264, *d'Oseira* 131, 134, 149, 151, 162, 165, 173, 176, 186, 214, 230, 233, 250, 261, 264, *d'Osseira* 178, 181, *d'erdade* 151, *d'Eluira* 225 e *d'Arres* 265.

5.2.2.5. Encontro da preposición *en* co artigo

No encontro coa preposición *en*, o artigo determinado (ILLUM, ILLAM, ILLOS, ILLAS), asimila a consoante líquida coa nasal anterior (*enlo*> *enno*), reduce as dúas consoantes (*eno*) e finalmente perde a vogal inicial (*no*, *na*, *nos*, *nas*). No texto amósansenos as tres últimas solucións, pero a máis moderna (*no*) só a reflicten os escribáns B e C. Así, en A_1 temos "e*n*na" 21, 29, 45, "e*n*no" 24, 25, 26, 27, 30, 38, 48 e 53, "e*n*nas" 53 e *eno* 17; no fragmento do escribán A_2 só hai o exemplo de "e*n*na" 45, 76; o copista B escribe "e*n*na" 88, "e*n*no" 84, 109, *na* 105 , *nas* 115 e *no* 82 (2), 85, 89, 97 e 114; e na man C rexistramos

"e*n*ma" 203 e 284, "e*n*mo" 203, 234, *ena* 131, 158, 201, 265, 277, *enas* 182, *eno* 146, 149, 151, 166, 170, 174, 176, 198 (2), 218, 228, 234, 236, 250, 253, 254, 264, 280 pero tamén *no* 214, 246 (2) e *na* 150 e 223. Un proceso similar sucede no encontro entre verbo e pronome en "tée*n*mas" 107, no fragmento do escribán B, e *tena* 137 e *tenas* 226, en C. Desenvolvemos sempre o trazo de abreviación como un *-n*, que seguramente é unha solución gráfica continuísta que non representa á realidade oral.

5.2.2.6. Bilabiais oclusiva e fricativa

A representación das bilabiais oclusiva e fricativa faise sempre no texto de maneira constante e non hai confusións.

En posición inicial, a grafía <b>, utilizada para reprentar o son oclusivo [b], ten a súa orixe nun B- etimolóxico coma en *brancos* (< xerm. BLANK) 51, en A_1 e 112, en B e 269, en C; *tanbén* (< TAM BENE) 37 e o topónimo *Barreiro* (do prerr. *BARRU) 65, en A_2, e 122, 134, 148, 167, 170, 174, 177, 179, en C; e o sobrenome *Batondeiro* (opaco, pero quizais de *bater* >BATTUERE) 160, en C.

En posición intervocálica, o resultado <b> provén dun -P- latino intervocálico como en A_1 *cabo* (< CAPU) 15, 16, 22, 51, 52, *Rribadauia* (< de RIPAM) 32; en A_2 *cabo* 57, 60, 63, 66, 68 (2), 72, *rribeira* (< RIPARIAM) 61, 62 e *saber* (SAPERE) 77; en B *cabo* 79, 113, 114 e *Rribadáuea* 89; e, en C, *cabo* 126, 130, 149, 161, 173, 197, 203, 219, 146, 257, 267 (2), 279, *Rribeira* 234, *sobre* (< SUPER) 136, 211, *sobreditos* 144, *sóbrella* (< SUPER ILLAM) 243 e *sóbrello* 229. O grupo latino con líquida, -BR-, tamén se mantivo co <b> etimolóxico no sobrenome *Sobrino* (< SOBRINUM) 125, 256, en C. Por iso a palabra *público* (< PUBLICUM) 25, 30, 31, 38 en A_1, 82, 89, 97, en B, e 281, en C, sempre abreviada como *pp^{co}* no texto[208], desenvolvémola consonte a etimoloxía.

Para o son fricativo [β] úsanse as grafías <u> e <v>, agora ben os catro escribáns manteñen hábitos distintos. O copista A_1 representa o son fricativo en posición inicial -con orixe en U- latino- sempre con <v> como en *viñas* (< UINEAS) 20, *villa* (< UILLAM), 21, os verbos *vén* (< UENIT) 25, 29, *vay* (< UADIT) 26, 27, 32, 38, 47, 53 (2) e os topónimos *Videira* (< UITARIAM) 26, 53 e *Vilarino* (< UILLARINUM) 33-34, 34 e 55. En interior de palabra só usa <u> para o resultado fricativo proveniente de distintas orixes coma en

[208] Para Corominas / Pascual, as formas medievais con *-p-* e outras coma *póbligo* débense á etimoloxía popular que relacionaba esta palabra con *populus*.

Oliueira (< OLIUARIAM) 18, *Rribadauia* (de *Avia* > ind. **awer* 'fluír') 32, *Calujño* (de CALUUS) 24, *Caluiños* 39, *Calujnos* 52, *Caruoeira* (< CARBONARIAM) 22, *Esteuo* (STEPHANU) 21, 29, 35, 44, 46, 50, 52, 54, *Steuo* 54 e *Soueral* (< SUBERALEM) 17.

O escribán A_2 só utiliza a grafía <u> para o son fricativo, tanto en posición inicial coma resultado dun U- etimolóxico: *ualado* (< VALLATUM) 66, *Uársea* (lat. med. UARCENA) 74, coma en posición intervocálica: *Esteuo* (< STEPHANUM) 57, 59, 60, 68, 70 (2), 73, 74, 75, 76 e *Esteueína* 65.

A man B usa as dúas grafías <v> e <u> en posición inicial, polo que escribe *uén* 82, *uay* 89, 97, *uan* 109, *Ujlarino* 116 e ademais *vay* 84, 86, 108, 114, 115, *van* 88, *Vilarino* 92 e *Videira* 115, todas procedentes de U- latino. En interior de palabra, pola contra, só usa <u> como en *Calujno* (< CALUINUM), 81, *Calujnos* 99, 113, *Caruoeira* (< CARBONARIAM) 80, *Esteuo* 89, 94, 105, 111, 112, *Ponteuedra* (< PONTEM VETERAM) 89, *Rribadáuea* 89 e *Steuo* 116.

O copista C tamén alterna as dúas grafías <u> e <v> en posición inicial polo que temos os topónimos *Uale* 234, *Uales* 119, *Uilarino* 138, 286 e *Ueiga* 218 e o verbo *uay* 213, 234, escrito ademais *vay* 203, coma o topónimo *Viso* 146 e *viña* 264. De igual xeito cós demais, só usa <u> en posición interior de palabra onde temos *Caualeiro* 234, 281, *Eluira* 141, 206, 225, *Esteuaína* 122, 148, 179, 206, 278, *Esteuão* 157, *Esteues* 133, 164, 179, 180, 221, 267, *Esteuo* 118, 121, 124, 126, 132, 139, 145, 148, 152, 163, 164 (2), 166, 167, 169, 171 (2), 175, 178, 180, 181, 186, 190, 195 (2), 197 (2), 199 (2), 202 (2), 203, 210, 211, 212 (2), 215, 218, 219, 220, 222, 226, 231, 233, 235, 240 (2), 251 (3), 254, 257, 262, 264, 266, 275, 281, *Lauadoiros* 140, *laura* 40, 140, 142, 151, *lauran* 144, *laurauan* 125, 129, *Steuo* 288.

5.2.2.7. O sistema de sibilantes

A oposición primitiva que se daba en posición intervocálica entre as sibilantes fricativas apicoalveolares sonora /ż/ e xorda /ṡ/, representadas por <s> e <ss>, non se mantén graficamente en ningún dos copistas. O escribán A_1 grafa correctamente a sonora en *Casar* 55 e *casas* 20, 30, 32, 35, 45, 46, 48, 49, 50, pero tamén escribe *cassas* 36, así como a grafía <s> para a xorda en *Oseira* 29. En posición inicial, onde non se dá a oposición, alterna a grafía simple *Sancha* 36, *Sant'* 21, 34, 44, 46, 50, 52, 54, *seis* 31, *seus* 30, 48 *soldos* 50, *son* 30, *Soueral* 17, *souto* 19, *soutos* 30, *Steuo* 21, 29, 35, 44, 46, 50, 52, 54 (2), *Su* 28 e *súas* 30, coa duplicada en *Sseixo* 25, *ssent* 20 e *ssúa* 17.

O copista A_2 ofrécenos só un exemplo da sonora na palabra *casas* 76. A grafía <s> é tamén a única que aparece en posición inicial e así temos *saber* 77, *Santo* 74, 76, *seída* 75, *seu* 70, *souto* 56, 58, 59, 62, 64, 65, 69, 71, *Su* 67 e *súa* 64 e 77.

O escribán B vacila na representación das sonoras pois escribe *casas* 89, 94, 111 pero tamén *Cassar* 117 e *cassas* 91, 96, 106, 108, 109, 110. Nos poucos exemplos de xordas, é constante coa grafía esperada <ss> de *Osseria* 88, non obstante vacila en posición inicial pois escribe *Sant'* 94, 105, 107, 111, 113 pero *Ssancha* 95, *Sseixo* 83, *sseus* 89, 109, *sseys* 90, *ssoldos* 112, *sson* 90, *Ssu* 87, *ssúas* 89, co que parece optar por <ss> para representar a xorda inicial.

Finalmente, a man C, grafa correctamente as sonoras nas palabras, *casa* 263, 268, 269 (2), 271, 272, 273, 277, *Casal* 194, 290, 291, *Casar* 183 *Casarío* 176, *casas* 262, 271, 280, *Pousa* 284 pero vacila nas xordas *Oseira* 131, 134, 149, 151, 155, 162, 165, 173, 186, 214, 230, 232, 250, 258, 261, 264 e *Osseira* 176, 178, 181. En posición inicial, a grafía utilizada é <s> en *Sancha* 237, *Santa* 118, *Santo* 288, *Sepulcro* 174, *sésegas* (< de *SESSĬCARE) 273, *seu* 168, 172 180, 192, 196, 204, 209, 224, 230, 239, 244 248, 275, *seus* 203, 208, sobre (2), *sóbrella* 243, *sobreditos* 145, *sóbrello* 229, *Sobrino* 125, 256, *som* 118, *son* 263, *souto* 123, 138, 146, 147, 148, 152, 161, 162, 183, 233, 256, 265 (2), 266, 283, 285, *Steuo* 288, *su* 132, 191, 256, *súa* 146, 148, 188, 233, 237, 259, 291, *súas* 142, 221 pero usa dúas veces <ss> en *sseu* 219 e ss*oldos* 269, 270.

En canto ás africadas predorsodentais sonora [dz] e xorda [ts], que tamén mantiñan a oposición en posición intervocálica, adoitábanse grafar con <z> e <ç>, <c+e,i>, respectivamente. O copista A_1 escribe a palabra *Luzía* 39 pero logo usa a grafía <s> para representar outros resultados sonoros como en *ffasen* 19, 40 *jasen* 28 e *yasen* 45. A grafía <ç> é a única para a consoante xorda en *Çapateira*, *çima* 24, 40, *Lourença*, *Lourenço*, *terça* 19 e 41, independentemente da vogal que vaia a seguir. Esqueceu a cedilla en *toucas*. En posición final, onde a oposición desaparece, usa sempre a grafía <s> tanto no verbo *jas* 21, *yas* 37 e no numeral *des* 50 coma nos patronímicos *Fernandes* 16, 19, *Martís*, 15, 37, 39, 40, 42, 46, 47, *Peres* 42, 45 (2), 54.

O copista A_2, de xeito similar ó anterior, grafa con <s> a única palabra do texto que terían unha sonora por resultado, o verbo *fasen* 61, 66, 69, 72 ou *ffasen* 57, 63 e, para as xordas, utiliza coma o anterior o <ç> en *Çapateiro* 56, 59, 60, 62, *Lourenço* 59, 60, 64, 70, 72, 73, *perteeçían* 76, *terça* 58, 61, 67, 69, 72 e esquece unha vez a cedilla en *Capateiro* 74.

En posición final, a grafía é sempre <s> tanto para o verbo *yas* 67, 69 coma para os patronímicos *Fferrnandes* 68, *Martís* 71, *Peres* 56, 63, 64, 70 (2) e *Rrodrigues* 57, 68, 70 e 73.

Igual cós anteriores, o copista B utiliza <s> para representar as sonoras *jasen* 87, 106, *ffasen* 83, 86, 90, 91, 100, 102, 106, 117 e *Lusýa* 98. Para as xordas escribe <ç> en *ençima* 82, 99, *touças* 115, *Lourenço* 93, *terça* 83, 86, 91, 100, 102, 106, 117 e unha vez omite a cedilla no sobrenome *Capateira* 94. En posición final temos *jas* 79, 97, 103 e os patronímicos *Domingues* 93, *Martís* 98, 100, 102, 105, 107, 108, 110 e *Peres* 102, 105, 116.

En C, o texto máis longo e polo tanto con máis exemplos, a situación non difire con respecto ós anteriores copistas; isto é, usa a grafía <s> onde esperamos un resultado sonoro como en *ffasan* 142, *ffasem* 144, 158, 165, 172, 175, 185, 187, 191, 195, 200, 203, 210, 212, 216, 220, 226, 229, 235, 247, *ffasen* 137, 147, 156, 160, 169, 178, 184, 198, 206, 234, 238, 241, 245, 249, 252, *ffaser* 264, 276 *fasem* 181, 193, *fasen* 124, 231, 283 e *Lusía* 133 3 135 pero tamén *ffassen* 268; <ç> para a xorda, tanto coas vogais velares polo que escribe *Calças* 246, 253, 256, 274, *Çapateiro* 161, 239, 261, 283, *terça* 120, 121, 125, 135, 137, 142, 151 (2), 153, 156, 158, 160, 162, 163, 165, 169, 172, 175, 179, 181, 184, 185, 187, 191, 196, 198, 204, 207, 210, 213, 126, 220 ... (ata 48 veces), *Lourença* 237, *Lourenço* 124, 129, 130, 133, 139, 142, 148, 152, 157, 159, 160, 161, 164 (2), 166, 171, 175... (ata 61 veces), coma coas palatais, e así *çeleiro* 191, *çima* 122, 129, 130, 134, 158, 166, 169, 176, 188, 198, 214, 222, 228, 229, 232, 233, 234, 236, 247, *çinquo* 262, *ençima* 203. Tamén este copista ten omisións da cedilla en *Lourenco* 273 e *terca* 144. En posición final, só usa a grafía <s> tanto nos verbos *fas* 151, 161, 163, 191, 222, *ffas* 120, 121, 153, 162, 255, *ias* 120, 243, *jas* 217, 222, 236, *yas* 151 coma nos patronímicos *Domingues* 137, 151, 154, 167, *Esteues* 133, 164, 179, 180, 221, 266, *Fferrnandes* 162, 203, 206, 208, 236, 259 (2), 268, 278 (2), *Lopes* 288, *Meendes* 265, *Peres* 119, 146, 148 (2), 168, 172, 180, 188, 192, 193, 196, 197, 204, 205, 208, 209, 218, 220, 224, 230, 237, 239, 240, 244, 248, 259, 266, 270, 273, 275 (2), 276 e *Rrodrigues* 121, 124, 129, 132, 145, 148, 157, 163, 164, 167, 169, 172, 175, 178, 180, 181, 191, 195, 199, 202, 203, 211, 212, 215, 221, 222, 223, 233, 251, 254, 257, 262, 264, 266 e 282.

As sibilantes prepalatais sonora /ʒ/ e xorda /ʃ/ gráfanse no texto con <i>, <j> e <y> e <x>, respectivamente. No texto de A_1 temos exemplos da sonora en *jgleia* 28, 29, *Johán* 24, 34 (2), 44, 46, 49, 51, 55, *jas* 21, *jasen* 28 *yas* 38 e *yasen* 45; e da xorda no

topónimo opaco *Cardoxe* 25, *Carduxi* 27, 38, 51, 53, en *Sseixo* 25 e na voz común *ixidos* 48. O escribán A_2 utiliza un sistema gráfico similar con *jgleia* 67, 68, *Johán* 56, 59, 60, 62, 64, 70 73, 74 (2) e *yas* 67, 69, para as sonoras e <x> con *Cardoxe* 56, para a xorda.

No caso do escribán B só rexistramos a grafía <j> para as sonora en *Jgleia* 87, 88, *jas* 79, 97, 103, *jasen* 87, 106 e *Johán* 81, 93 (2), 105, 107, 111, 113, 117 e <x> para a xorda con *Cardoxe* 82, 98, *Cardoxi* 86, 112, 115, *ixidos* 109 e *Sseixo* 83.

E finalmente a man C escribe a sonora con <i> en *ias* 120, 243, *igleia* 264, *jgleia* 153, 156, 171, 185, 198, 226, 228, 256, 258; o grafema <j> nas palabras *jas* 217, 222, 236 e *Johán* 123, 130, 131, 133, 137, 138, 139, 140, 148, 152, 154, 161, 171, 175, 180, 183, 186, 189, 193, 197, 202, 204, 212, 214, 215, 216, 226, 230, 239, 241 (2), 250, 253, 255, 261, 280, 282; e <y> en *yas* 151; con este copista temos o único exemplo de <g> para a sonora resultante do grupo latino $G^{e,i}$- en *Gibarra* 290. Para grafar a prepalatal xorda usa, como é esperado, a grafía <x> nos topónimos *Cardoxi* 289 e *Ffreixio* 159.

En conclusión, os casos de confusións entre as grafías <s> e <ss> para as fricativas alveolares poden estar indicando a desonorización e a perda de oposición. Tamén o uso dunha mesma grafía para os resultados da apicoalveolar e predorsoalveolar sonora parecen dar sinal de que a segunda tiña deixado de ser africada, como Maia (1986: 457) cre que acontece desde o século XIII. Con todo, non hai confusións nas grafías das xordas, sempre con <ç> polo que teremos que crer, como afirma Lorenzo (1987: 460-465), que a distinción entre apicais e predorsais aínda se mantivo e foi posterior á desafricación. Tampouco hai confusións na serie palatal, malia que os textos non ofrecen moitos exemplos, onde hai que subliñar o uso da grafía <y>[209] para as sonoras, agás na man B.

5.2.2.8. Outras particularidades no consonantismo

O substantivo *congosta* (< COANGUSTAM) alterna coa variante *congostra*. O escribán A_1 escribe sempre a forma co grupo -*str*-, tanto cando a palabra forma parte dun sobrenome toponímico, (*Pero das*) *Congostras* 33, 36, 40, 42, 44, 54, coma cando é voz común,

[209] Maia (1986: 469-472) non menciona esta grafía e si <yi> e <yy>, aínda que logo achega bastantes exemplos con ela (*seya*, *oye*, *mõyes*, *ayamos*, *grãyeiro*, *correyer*, *Yaneiyro*, *puye*, *aya*, *eyreya*, *Tareya*, etc.). Para Lorenzo (2015: 517), a grafía <y> dalgunhas palabras coma *sseya*, *sseyades* e *aya* que figuran nos textos que el comenta pode interpretarse como /ʒ/, pero cre máis probable que se trate dun grafema correspondente ó son semiconsonántico /j/. Boullón Agrelo / Monteagudo (2009: 50-51) din que a grafía <y> é unha innovación que se introduciu, tanto para representar a vogal como a consoante, por volta de 1250.

*congostr*a 47. A man B vacila entre -*str*- e -s*t*-, pois escribe o segundo nome como *Congostras* 92, 116, *Congostas* 95, 101, 104 e *Congosstas* 100 e a voz común *congosta* 108. Por último, o copista C, que só usa a palabra como voz común, tamén vacila entre *congostras* 144, *congostra* 150, 203 e *congosta* 190, 213. A primeira atestación da palabra que se rexistra en documentos galegos é a forma masculina *congosto* (a. 852 DiplomAstur)[210]. No século XII encontramos o primeiro *congostas* (a.1104 TCelanova), con xénero feminino propio do ámbito do galego e do portugués e, xa a partir deste mesmo século, exemplos con <str> *congustrias* (a.1111 CDPedrosoTrasanco), sempre en feminino[211]. Hoxe o masculino *congostro* só permanece na toponimia, tamén cun *r* no sufixo. Seguramente esta vacilación estea en relación coa que se dá noutras palabras coma *canasto-canastro*; *canasta-canastra*; *lagosta-lagostra*; *bosta-bostra*; *resta-restra*; *ata-asta-astra*, etc.

O grupo KW^{O,U} gráfase <qua> e <quo> coma en *quaes* 32, 46 en A_1, 91, 107 en B e 200, 271, en C; *qual* 69 en A_2, 91, 107, en B e 120, 146, 150, 170, 177, 181, 183, 186, 188, 216, 257, 161, 263, 265, 266 e 270, en C; *quatro* 31 en A_1, 90. en B, e 228, 229, 263, 272 e 275, en C; no entanto, encontramos *como* (< QUOMODO) 22, 31, 38 en A_1, 62 en A_2, 79, 97, en B e 142, 151, 203 e 264, en C.

O grupo -GN- do étimo de *ensinou* (< INSIGNAUIT) 73 en A_2, tivo varias solucións no galego moderno (Lorenzo, 2007: 330), neste caso con asimilación do grupo en *nn* e a posterior reducción, polo que o valor do <n> debemos consideralo alveolar e non palatal.

5.2.3. Morfosintaxe

5.2.3.1. Artigo (determinado e indeterminado)

O paradigma do artigo determinado é, para todos os copistas, *o*, *os*, *a*, *as*. Así en A_1 encontramos *o* 20, 25, *os* 35, *a* 17, 18, 19, 22, 38, 43, 47 e *as* 32, 36, 41, 46 (2), 49; en A2, *o* 59, 69 (2), 77, *os* 75 e *a* 67; en B, *o* 83, *os* 94, 107, *a* 87, 97, 104, 109 -pero tamén nunha ocasión *ha* 79- e *as* 91 (2), 96, 101, 107, 110; e, en C, *o* 148, 161, 191, 219, 262, 263 (2), 265, 266, *os* 145, 177, 191, 229, *a* 120, 132, 136, 170, 177, 181, 183, 186, 188, 216, 256,

[210] A palabra *congost* 'foz, desfiladeiro' é voz común en catalán. Tamén hai o topónimo *Congosto* en Burgos e León.

[211] CODOLGA (11-8-2015).

257, 261 e *as* 118, 200, 222 e 256. Véxase o paradigma a seguir, coa forma máis frecuente en grosa, cando hai variantes.

	ARTIGO DETERMINADO			
	SING.		*PL.*	
	MASC.	*FEM.*	*MASC.*	*FEM.*
A1	o	a	os	as
A2	o	a	os	-
B	o	**a**/ha	os	as
C	o	a	os	as

Ilustración 21. Táboa dos artigos determinados do texto B

No caso do artigo indeterminado (ou numeral ou cuantificador indefinido, pois case nunca se poden distinguir), en A_1 temos exemplos do singular *hũa* 21, 35, 49, 50; en B, hai *hũa* 79, 94, 110, e *hũas* 106; e, en C, o feminino *hũua* 142, 144, 151, 166, 177, 185, 199, 202, 212, 230, 235, 250, 256, 268, 277 (2), coas variantes *hũa* 285 e *hũna* 119, e o masculino *hũu* 130, 146, 150, 161, 173, 233, 251, 256, 263, 265, 270, 274, 277 e 279. No cadro a seguir pódese ver o paradigma, pero non temos casos para o masculino plural.

	ARTIGO INDETERMINADO			
	SING.		*PL.*	
	MASC.	*FEM.*	*MASC.*	*FEM.*
A1	hūu	hūa	-	-
A2	hūu	-	-	-
B	hūu	hūa	-	hūas
C	hūu	hūua (hūa, hūna)	-	-

Ilustración 22. Táboa dos artigos indeterminados do texto B

5.2.3.2. Contraccións das preposicións cos artigos

Das contraccións do artigo determinado coas preposicións temos bastantes exempos nos textos. Coa preposición *a*, só nos deixan mostras os copistas A_1 con *ao* 75, 76 e *aa* 75, e C, con *ao* 147, 151, 200, 276, *oo* 159 (2), *aa* 191, 224 e *á* 272. Da preposición *de* temos, en A_1, *do* 27, 55, *da* 26, 29, 34, 36, 53, *dos* 20 (2), 39, 52 e *das* 20 (2), 33, 35, 36, 40, 42, 44, 50, 54; en A_2 *do* 65, 66, 70, *da* 60, 62, 68, 75 e *dos* 60, 62 e 66; en B, *do* 85, 100, 113, 117, *da* 80, 84, 85, 87, 88, 93, 95, 98 (2), 108, *dos* 99, 114 e *das* 92, 94, 95, 99, 101, 103, 104, 111, 116; e tamén en C *do* 122, 133, 130, 134, 138, 146, 148 (2), 151, 152, 158, 167, 168, 174, 177, 179, 183 (2), 185, 187... (ata 45 veces), *da* 142 (3), 149, 153, 155, 156, 157, 163, 165, 171, 181, 184, 185... (ata 34 veces), *dos* 234 e *das* 268. A contracción con *en* amosa a fase máis antiga, *enno*, *enna*, da que hai exemplos nos fragmentos dos catro escribáns; así A_1 escribe "e*n*no" 24, 25, 26, 27, 30, 38, 48, 53 e "e*n*na" 29, 45, 54; en A_2, "e*n*na" 76; en B, hai "e*n*no" 84, 109 e "e*n*na" 88; e tamén en C, "e*n*no" 203, 234, "e*n*na" 203 e 284. Pero ademais hai *eno* en A_1 17 e, en C, en 146, 149, 151, 166, 170, 174, 176, 198 (2), 218, 228, 234, 236, 250, 253, 254, 264, 280, 284, *ena* 131, 158, 201, 265, 277 e *enas* 182; e as formas xa contractas *no*, 82 (2), 85, 89, 97, 114, en B, e 214, 246, en C; e *na*, en B 105 e en C, 150 e 223. Coa preposición *per* temos, en C, o arcaico *perlla* 239 pero son moito máis frecuentes as formas asimiladas *pello* en A_1 31; en A_2, 57, 66, 72 (2) e, en C, 155, 157, 162, 184, 267 (2), 279; *pella* en A_1 nas liñas 15, 22, 23, 26, 27, 28, 29, 39 (2), 40, 44 (2), 47 (2), 52; en A2 en 57, 60, 63, 66, 68 (2); en B, 80 (2), 84, 85, 87, 88, 98, 99 (2), 104, 108 (2), 114; e en C, abundantísima, nas liñas 122, 123, 130, 134, 135, 139 (2), 142, 143, 148, 149 (2), 151, 155, 156, 157, 165, 168, 169, 173, 174, 176 (2), 177, 178, 181 (2), 186, 187, 190 (2), 195 (2), 197 (2), 198, 202, 203, 207, 208, 210, 211, 213, 214, 216, 217, 220, 221, 227, 228, 232 (2), 234 (2), 236, 238, 242, 245, 246, 250, 252, 253, 255, 257, 258, 261, 262, e 264 (3); e o plural *pellas* en A_2 60, 62 e, en C, 183, 101, 256 e 279. O uso da preposición *por* é menos frecuente e, xunto á forma *porlla* 18 en A_1, o copista C amosa xa as formas modernas *pola* 268 e *polas* 271 e 273.

O artigo inderminado só contrae coa preposición *de* nas formas *dũu* das catro mans en 15, 22, 51, en A1; 68, en A2; 79, 113, en B ; e 149, 257, 267, 283, en C, que tamén ten dous exemplos, 249, e 252 do feminino *dũua*.

A seguir, engádese un cadro coas contraccións dos artigos e as preposicións coas formas que usa cada escribán, en grosa as máis frecuentes.

	CONTRACCIÓN DE ARTIGOS E PREPOSICIÓNS									
	a		de		en		por		de + indet.	
A_1	-	-	do/da	dos/das	***en* no/*en* na** -/eno	-/ennas	-/porlla **pello/pella**	-	dũu/ dũua	_
A_2	ao/aa	-	do/da	-	-/*en*na	-	 pello/ -	-/-	dũu/ dũua	_
B	-	-	do/da	dos/das	*en*no/*en*na **no/na**	 -/nos	 -/pella	-/pellas	dũu/ dũua	_
C	ao/aa oo/á	-	do/da	dos/das	enno/enna **eno/ena** no/na	 -/enas	-/perlla **pello/pella** -/pola	 /pellas -/polas	dũu/ dũua	_

Ilustración 23. Táboa das contraccións de artigos e preposicións do texto B

5.2.3.3. Pronome persoal

No conxunto do texto só hai exemplos dos pronomes tónicos de P3 e P6, sempre contraídos coa preposición *de*. En A_2 temos *del* 72 e *della* 66; en B, *dela* 83, 86, 106 e *delas* 117. En C, hai exemplos do paradigma completo con *del* 151, 161, 162, 203, 234, 265, 268; *della* 121, 124, 137, 143, 151, 153, 156, 158, 165, 169, 175, 178, 181, 184, 185, 187, 191, 193, 196, 198, 206, 210, 212, 220, 223, 238, 255, 281 e menos frecuente *dela* 235 245; *delles* 160, 191; e *dellas* 135, 142, 231, 241 e 252. A situación dos distintos fragmentos do texto pódese ver no cadro seguinte.

	PRONOME PERSOAL TÓNICO P3 e P6			
	SING.		***PL.***	
	MASC.	*FEM.*	*MASC.*	*FEM.*
A_1	-	-		
A_2	(d)el	(d)ella	-	-
B	-	(d)ela	-	(d)elas
C	(d)el	(d)**ella**/(d)ela	(d)elles	(d)ellas

Ilustración 24. Táboa do pronome persoal tónico do texto B

Do pronome persoal átono, só temos exemplos da P3 e a P6 feminina do pronome átono enclítico nas formas de obxecto directo. A forma non marcada témola en *mandoa* 237, do copista C, en que o ditongo final do perfecto contrae por asimilación *oua* > *oa* (Lorenzo 1985: 85, 122). Na forma marcada tras -*n* temos os casos da P6 *téennas* 107, do escribán B e, xa coa asimilacion das consoantes, *tenas* 226 e a P3 *tena* 137, do copista C.

5.2.3.4. Posesivos

Dos posesivos, só hai no texto exemplos da terceira persoa de singular, que seguen xa o paradigma moderno, coa única particularidade da duplicación da consoante inicial nalgún dos copistas. Así en A_1 temos *seus* 30, 48, *súas* 30 e tamén *ssúa* 17; en A_2 *seu* 70 e *súa* 64 e 77; o copista B escribe con <ss-> *sseus* 89, 109 e *ssúas* 89; o escribán C utiliza maioritariamente a consoante simple en *seu* 168, 172, 180, 192, 196, 204, 209, 224, 230, 239, 244 e 248; *súa* 146, 148, 198; *seus* 203, 208; e *súas* 142, 222 (único caso de pronome), 233, 237, 259 e 291 e usa unha única vez a consoante duplicada en *sseu* 219. Estes adxectivos posesivos nunca van precedidos de artigo.

	ADXECTIVO E PRONOME POSESIVO			
	SING.		*PL.*	
	MASC.	*FEM.*	*MASC.*	*FEM.*
A_1	-	ssúa	seus	súas
A_2	seu	súa	-	-
B	-	-	sseus	ssúas
C	seu	súa	**seus**, sseu	súas

Ilustración 25. Táboa do adxectivo e do pronome posesivo do texto B

5.2.3.5. Demostrativos

Só se rexistran no texto os demostrativos co grao I de proximidade, tanto os masculinos *este* 65, 71 e 147 e *estes* 229, coma os femininos *esta* 142, 143, 145, 151, 154, 168, 173, 190, 207, 227, 234, 256, 262, 264, *estas* 19, 28, 48, 54, 78, 87, 109, 115 e 122 e o neutro *esto* 61. Da súa contracción coa preposición *de* temos *desta* 40, 100, 216, 246 e *destas* 42, 49, 110, 199 pero, aínda que só hai un exemplo -*en esta* 246-, o demostrativo non contrae coa preposición *en*.

5.2.3.6. Indefinidos

Os adxectivos indefinidos *hũu*, *hũa*, *hũua* non podemos distinguilos do artigo indeterminado; ten función de pronome *hũu* 31, de A_1 e 90, de B; e en *hũa* 42, 50, en A_1, e 103 e 111, en B. Temos o paradigma completo de *outro* 58, 59, 66, 69, en A2 e 114 e 162,

en B; *outra* 16 (2), 25, 37, 43... (ata 93 veces; en todos os escribáns); *outros* 191, en C; e *outras* 28, 35, 41, 45, 49, 51, en A1; 86, 96, 101, 111, 112, en B; e 260 en C, que figura tanto na función de adxectivo coma de pronome e moitas veces contraído coa preposición *de*. Tamén se rexistra *cada*, acompañado sempre do indefinido *hũu* 90, *hũa* 103 e 111, en B; de *ano* 43, 50, en A_1; 90, 112, en B; e 269, 271, 275, en C; ou de *casa* 263, tamén en C.

5.2.3.7. Relativos

No texto é abundante o relativo *que* (140 casos). Hai que destacar a ausencia de artigo cando vai precedido de preposición: "hũu souto... *de que* ffasen foro | de meo de castanas" 57, "outra leira... *de que* ffasen foro de meo" 63, "outra leira ... de que fasen fforo de terça" 69, en A_2, e "tres | castineiros de que ffasem fforo de terça" 247, "outra| leira *de que* ffasen fforo de terça" 249, en C. Tamén temos o relativo *qual* 69 en A_2, 91; 107, en B; e 120, 146, 150, 170, 177, 181, 183, 186, 188, 216, 257, 161, 263, 265, 266 e 270, en C; xunto co plural *quaes* 32, 46, en A_1, 91, 107, en B e 200, 271, en C, tanto en función adxectiva coma pronominal e sempre precedido de artigo. Finalmente, o relativo de lugar *hu* (< UBI) aparece sempre na estrutura "*hu* + *chaman* + topónimo" nas liñas 21, 25, 28, 37, 43, 45 e 51, de A_1; en 69, de A_2; en 79, 83, 87, 97, 104, 106 e 112, de B; e 256, en C.

5.2.3.8. Adverbios

O repertorio de adverbios é pequeno e todos son de lugar. Así temos *dentro* 264, en C; *hi* 41, 45, en A_1 e 77, en A_2, mentres que B opta pola forma *y* 100 e 106; en C non hai exemplos deste adverbio. Hai *ençima* 82, 99, en B, e 203 en C, que noutras ocasións transcribimos *en çima* 22, 40, en A_1, ou *em çima* 122, 129, 120, 134, 158, 166, 169, 176, 188, 214, 221-222, 228, 229, 232, 233, 234, 236, 247, en C, porque un dos dous elementos ou os dous levan trazo e tamén porque en varias ocasións vai en contraposición coa expresión *en ffondo* 24, en A_1, e 81, en B, ou *em ffondo* 151, 175, 178, 184, 232, 241, 246, 254, 256, en C. Tamén cómpre mencionar as locucións adverbiais *a alén* (*de*) 185, en C, *aredor (de*) 43, en C, *a par* (*de*) 120, 151, 273 en B e C, *a su* (+ *art.*) 132, 191, *a sobre* 211, *a sóbre*(*llo*) 229, *a sóbre*(*lla*) 243, as catro útimas tamén en C.

5.2.3.9. Preposicións

As preposicións utilizadas son *a* 19, en A_1; 67, en A_2; e 120, 132, 151, 153, 160, 173, 185, 191, 211, 213, 214, 229, 234, 237, 243, 256 e 273, en C; *con* 17, 30 (2), en A_1; 78 en A_2; 89 (2), 109, en B; e 119, 142, 145, 148, 203, 208, 233 e 262, en C. A preposición *de* aparece 261 veces mailas súas contraccións e, case sempre con trazo de abreviatura, temos

en nas liñas 24 (2) e 39 do texto A_1 e 56, 74, 77, de A_2; 81 de B e, no fragmento C, nas liñas 198, 234, 251, 256, 280, 282, non obstante en texto entreliñado ou xa nas últimas liñas, que seguramente foron escritas por outra man pois a forma que utiliza este copista sempre é *em* con trazo (33 veces). O copista B alterna entre as formas con abreviatura "p*ar*a" 89, 97 e "p*er*a", 82, 86, 109, 115, a única que usa A_1 en 25, 27, 32, 38, 47, 53. Unha vacilación similar dáse con *per*, sempre abreviado en 16, 41, de A_1; 49, de A_2; 113, de B; e 263, 166, 227 e 273, de C; e con *por*, sempre desenvolto en 77, de A_2; 103, de B; e 237, de C; tamén nas formas contraídas co artigo (vid.). A preposición *sobre* 136, tamén figura na locución *a sobre* 211, 229, 243 e forma parte do adxectivo *sobreditos* 145. O topónimo *Su a Jgleia* 67 en A_2 e 256, en B, e *Su Jgleia* 28, en A_1, contén a preposición *su*, que como vimos no apartado anterior, tamén forma parte da locución *a su* (+ *art.*).

5.2.3.10. Conxuncións e locucións conxuntivas

A conxunción modal *como* está en 22, 31, 38 de A_1; 62, de A_2; 79, 97, de B; e 142, 151, 203 e 264, de C. Con todo, podería ter certo valor relativo en canto que case sempre se pode substituír por *que* ou (*o, a*) *qual*: " Jtem primeiramente jas hũa leira hu chaman a d'Orrac'Arres, *como* parte dũu cabo pella que ffoy de María Caruoeira et parte doutra parte pella que ffoy de Dominga Eanes de Muimenta..." 21-23, "et esta herdade laura Pedro Monteiro con súas castanas *como* están aredor da herdade et que ffasan dellas fforo de terça" 142.

Rexístrase tamén a locución conxuntiva *et mays* en 102, de B. Só encontramos un caso da conxunción *que* en 142, de C.

5.2.3.11. Verbos

5.2.3.11.1. Verbos regulares

Entre os verbos regulares do texto, non hai formas salientables fóra de *mandoa* 237, xa comentada pola redución do ditongo debido á énclise do pronome. Tamén debemos lembrar a vacilación entre *fferir* de A_1 e *ffirir* de B, vacilación que se dá tamén no texto do escribán C, que rexistra tanto *fferir* e *ferir* coma *firir*.

O repertorio é o seguinte:

A_1: Inf.: *entestar*, *fferir*, *pagar*. IPres. P3: *ffere*, *jas*, *yas*; P6: *jasen*, *parten*, *chaman*, *yasen*.

A_2: IPres. P3: *yas*; P6: *chaman*; IPret. P3: *ensinou*, *morou*, *peegou*; P6: *peegaron*. ICopret. P6: *perteeçían*.

B: Inf.: *entestar*, *ffirir*, *pagar*, *topar*. IPres P3: *ffere*, *jas*, *parte*, *topa*; P6: *chaman*, *jasen*, *parten*, *topan*.

C: Inf.: *ferir*, *fferir*, *firir*, *pagar*. Part.: *aforada*. IPres P3: *fere*, *ffere*, *ias*, *jas*, *laura*, *topa*, *paga*, *parte*, *pártese*, *yas*; P6: *chaman*, *lauran*, *parteen*, *parten*. ICopret P3: *lauraua*. IPret P3: *mandoa*.

5.2.3.11.2. Verbos irregulares

Nos verbos irregulares tampouco hai nada que salientar fóra das particularidades gráficas e fonéticas comentadas.

Este é o repertorio de formas:

[**auer**]. IPres. P3: (*a*)*ha* (A_1), *ha* (B), *á* (C). P6: *an* (A_1, B, C)

[**dar**]. IPres. P3: *dá* (C); P6: *dam* (C), *dan* (A_1, C); SFut. P3: *der* (A_1, B).

[**estar**].]. IPres. P3: *está* (C); P6: *están* (C);

ffaser. Inf.: *ffaser* (C); IPres. P3: *fas* (C), *ffas* (C); P6: *fasem* (C), *fasen* (A_2, C), *fassen* (A_1, A_2, B), *ffasen* (C), *ffassen* (C); SPres. P6: *ffasan* (C).

[**ir**] IPres. P3: *vay* (A_1, B, C), *uay* (B, C); P6: *van* (A_1, B), *uan* (B)

saber. Inf.: *saber* (A_2).

[**ser**] IPres. P3: *he* (A_1, C). P6: *som* (C), *son* (A_1), *sson* (B). IPret. P3: *foy* (C), *ffoy* (A_1, B, C); P6: *foron* (C), *fforon* (C).

[**ter**] IPres. P3: *ten* (A_1, A_2, C), *tem* (C), *tenas* (C), *tenas* (C). P6: *teem* (C), *tẽen*, *teen* (A_1, B, C), *téennas* (B). ICopret. P3: *tiña* (C), *tiiña* (A_2).

[**vir**] IPres. P3: *vén* (A_1), uén (B).

INDICATIVO

	C1	C2	C3	C1	C2	C3	C1	C2	C3
	PRESENTE			COPRETÉRITO			PRETÉRITO		
P1									
P2									
P3	dá está fas ffas laura mora paga parte pártese topa vay	ha / á he ias jas ten / tem / tenas yas	fere ffere parte pártese uay /vay uén / vén	lauraua	tiña tiiña		ensinou morou peegou mandoa	foy ffoy	
P4									
P5									
P6	chaman dam / dan están lauran topan	an fasem / fasen / fassen /ffasen / ffassen jasen som / son / sson teem tẽen / teen téennas jasen yasen	parten parteen uan / van		perteeçian		peegaron	foron fforon	

	ANTEPRETÉRITO		FUTURO		POSPRETÉRITO	
P1						
P2						
P3						
P4						
P5						
P6						

SUBXUNTIVO

	PRESENTE			PRETÉRITO			FUTURO		
P1									
P2									
P3									
P4									
P5									
P6	fassan						der		

FORMAS NOMINAIS

C1	C2	C3
INFINITIVO		
entestar pagar topar	ffaser saber	ferir fferir firir

Ilustración 26. Táboa do repertorio de formas verbais do texto B

5.2.3.12. Nota sintáctica

A tipoloxía do texto, unha relación das posesións de Melón na parroquia de Santo Estevo (de Nóvoa), non nos ofrece grandes variacións na sintaxe. A estrutura máis frecuente é a dunha oración na cal o suxeito é unha frase nominal cun núcleo modificado por unha ou varias proposicións de relativo. Esta oración pode ter o predicado elidido: "Jtem outra leira hu chaman O Sseixo que vay fferir enno rregueiro da Videira et parte pella que ffoy de Pero Ffeca et doutra pella do Espital et topa enno camjño que vay pera Carduxi" 24-26. Cando non se omite, habitualmente o predicado vai antes do suxeito: "Jtem yasen hi outras casas hu chaman As Quinteeiras que teen ffillos de Johán de Sant'Esteuo et Pero Martís, as quaes casas parten pella corte de Pero Martís et doutra parte pella congostra que vay pera A Lama" 45-47.

Esta orde dos elementos da oración (PRED. + SUX.) tamén é frecuente nas proposición de relativo, moi abundantes: "Jtem outra leira que yas a Su A jgleia *que ten Esteuo Rrodrigues*" 67-68. Cando o suxeito destas proposicións é coordinado, é habitual que o verbo concorde só co primeiro elemento da coordinación: "Jtem outro souto que yas hu chaman O Rrodolo, o qual *ten* María Peres et seu hirmaão Esteuo Peres et María do Curral et Esteuo Rrodrigues et Johán Lourenço et Moor Martís et María Ffradina et Moor Mourina" 69-71. Noutras ocasións, se o verbo vai antes do suxeito e este é coordinado concorda só co primeiro elemento pero repítese, a seguir, o verbo coa concordancia plural esperada: "Estas herdades todas *ensinou e peegou* Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea, moradores en Santo Esteuo, *peegaron* todo ao abbade don Esteuo aa seída da morteidade" 73-75; "Jtem em çima *tem* María Peres et seu hirmãao et María do Curral et Moor Mourina *teem* outra leira de que ffasen fforo de terça" 247-249.

Tamén se dá o caso de que, en dúas oracións coordinadas, un verbo singular preceda o suxeito plural na primeira e que, na segunda, concorde con este xa coa forma plural esperada: "et outra que *tem* Esteuo Lourenço et Johán Lourenço, a qual parte pella d'Oseira et doutra parte pella de Moor Marrtís et *ffasem* della fforo de terça" 186-187.

5.2.4. Comparación dos fragmentos de A_1 e B co mesmo contido

Jtem **primeiramente** jas hũa leira hu | chaman a d'Orrac'Arres, como parte dũu cabo pella que ffoy de María Caruoeira | et parte doutra parte pella que ffoy de Domínga Eanes de Muimenta | et de Johán Calujño et en ffondo ffere emo rregueiro etençima topa | emo camjño público que vén pera Cardoxe. Jtem outra leira hu chaman O Sseixo que |$_{25}$ vay fferir emo rregueiro da Videira et parte pella que ffoy de Pero Ffeca et | doutra pella do Espital et topa emo camjño que vay pera Carduxi. Jtem | outras leiras que jasen hu chaman Su Jgleia et estas herdades parten pella | leira da jgleia et doutra parte pella d'Oseira et vén entestar ema que ffoy d'Esteuo | Gago et topan emo camjño público con súas casas et con seus lagares que son |$_{30}$ seis, et an de fforo cada hũu quatro dineiros, como parte pello camjño público que | vay de Rribadauia pera Pontevedra, as quaes casas et eira et lagares | tẽen ffillos de Pero das Congostras et Domingo Ffrade. Et ten Pero Domingues de Vila|rino et Martín Anes de Vilariño et ffillos de Johán Lourenço da Ffonte et Johán de Sant'|Esteuo et os Mourinos et María Çapateira ten hũa das casas; et netos de |$_{35}$ Sancha da Lágea et ffillos de Pero das Congostras teen as outra[s] cassas et eira et laga|res et de Domingo Ffrade tambén. Jtem outra leira de cortina, que ten Pero Martís, que yas hu cha|man A L[a]ma como ffere emo camjño público que vay pera Carduxi et doutra parte parte | pella que ffoy de Luzía Martís et doutra parte pella dos Caluiños et ffere en|çima pella que ffoy de Pero das Congostras et de Pero Martís, et desta leira ffasen |$_{40}$ fforo de terça do que Deus hi der, et as outras leiras que teen ffillos de Pero | das Congostras et Tomé Peres et Pero Martís et de cada hũa destas leiras dan de | fforo cada ano Vº purtugueeses. Jtem outra leira hu chaman A Lama que teen | ffillos de Pero das Congostras que parte pella de Johán de Sant'Esteuo et parte doutra parte pella | de Tomé Peres et topa ema de Pero Peres. Jtem yasen hi outras casas hu chaman |$_{45}$ As Quinteeiras que teen ffillos de Johán de Sant'Esteuo et Pero Martís, as quaes casas | parten pella corte de Pero Martís et doutra parte	Jtem jas hũa **leyra** hu chaman **ha** d'Orrac'**Ares** como parte dũu cabo | pella que ffoy de María **Caruoeyra** et parte **da outra** parte pella que ffoy |$_{80}$ de Domínga **Anes** de **Moymenta** et de Johán **Calujno** et en ffondo ffere | no rrigeiro etençima topa **no camjno** público que **uén** pera Cardoxe, **et | ffasen dela fforo de terça**. Jtem outra leira hu chaman o Sseixo que | vay **ffirir** emo **rrigeiro** da Videira et parte pella que ffoy de Pero | Ffeca et **da outra** pella **que ffoy** do Espital et topa no **camjno** que |$_{85}$ vay pera **Cardoxi et ffasen dela fforo de terça**. Jtem outras leiras que | jasen hu chaman **Ssu A Jgleia**, et estas herdades parten pella leira da | jgleia et **da outra** parte pella d'**Osseria** et **van** entestar ema que ffoy | de Steuo Gago et topan **no camjno** público **que uay de Rribadáuea para Ponteuedra**, *con* **ssúas** casas et *con* sseus lagares, | que **sson sseys**, et **ffasen cada ano** fforo de quatro dineiros cada hũu, |$_{90}$ et as herdades ffasen **fforo de terça**; as quaes **cassas** et eira et la|gares **teen** ffilos de Pero das *Con*gostras et Domingo Ffrade, et ten **Pero | Domingues et Martín Anes de Vilarino** et **ffilos** de Johán Lourenço da Ffonte et Johán | de Sant'Esteuo et os Mourinos et María **Capateira teen** hũa das casas; | et netos de **Ssancha** da Lágea et **ffilos** de Pero das ***Con*gostas** et Domingo |$_{95}$ Ffrade **teen as outras cassas et eira et lagares**. Jtem outra **leyra** de **corty|na** que **jas** hu chaman A Lama, como ffere **no camjno** público que **uay** para | **Cardoxe** et **da outra** parte parte pella que ffoy de **Lusýa** Martís et da outra | parte pella dos **Calujnos** et ffereençima pella que ffoy de Pero das | ***Con*gosstas** et de Pedro Martís, et desta **leyra** ffasen fforo de terça do que |$_{100}$ Deus **y** der et as outras leyras que teen **ffilos** de Pero das ***Con*gostas** | et Tomé Peres et Pero Martís **ffasen fforo de terça et máys** V portugeesses | **de cada hũa das ditas leyras por fforos**. Jtem **jas** outra **leyra** hu | chaman A Lama, que teen **ffilos** de Pero das ***Con*gostas et** parte pella de | Johán de Sant'Esteuo et parte **pela de** Tomé Peres et topa **na** de Pero **Martís** |$_{105}$ **et ffasen dela fforo de terça**. Jtem **jasen** y **hũas cassas** hu chaman | **Os Quinteiros** et **téemas ffilos** de Johán de Sant'Esteuo et Pero Martís, as quaes | **cassas** parten pella corte de Pero Martís et **da outra** parte pella ***con*gosta** que | vay pera A Lama, et estas ditas **cassas** *con* **sseus** ixidos **uan**

pella *con*gostra que vay p*er*a A Lama; | et estas ditas casas co*n* seus ixidos van topar e*n*mo pumar que ffoy | de M*ar*tín Gago, et hũa destas casas ten P*er*o M*ar*tís et as outras dúas ten Jo*hán* | de S*an*t'Est*eu*o et de cada hũa das casas an de pagar cada ano des s*oldos* |$_{50}$ de bra*n*cos. Jt*em* outras leiras hu chama*n* Carduxi, que parte*n* dũu cabo p*er* outra | leira de Mellón que ten Jo*hán* de S*an*t'Est*eu*o et doutro cabo pella que ffoy dos Calujnos | et topa e*n*mo camjño que vay p*er*a Carduxi et vay fferir e*n*mas toucas da Videira. | Estas herdades tee*n* ffillos de P*er*o das *Con*gostras et Tomé P*er*es de S*an*t'Est*eu*o et St*eu*o Tou|rino de Vilarino et ffillos de Johán Amjgo do Casar.	topar e*n*mo | pumar que ffoy de M*ar*tín **Móogo**, et hũa destas cassas te*n* P*er*o M*ar*tís et as |$_{110}$ outras dúas te*n* Johán de S*an*t'Est*eu*o, et de cada hũa das casas an de pa|gar cada ano **X ss*oldos*** de bra*n*cos. Jt*em* outras **leyras** hu chama*n* **Cardoxi**, que | **parte** dũu cabo p*er* outra **leyra** de **Melón** que te*n* Johán de S*an*t'Est*eu*o et *do / outro* cabo **parte** pella que ffoy dos Calujnos et topa **no camjno** que vay | p*er*a **Cardoxi** et vay **ffirir nas touças** da Videira, **et** estas **erdades** tee*n* |$_{115}$ **ffilos** de P*er*o das *Con*gostras et **Tomé P*eres*** et St*eu*o Tourino de **Ujlarino** et | **ffilos** de Jo*hán* Amigo do **Cassar**, **et ffase*n* delas fforo de terça**. |

Diferenzas gráficas	
A_1	**B**
Ditongos con <i>	*Ditongos con <y>*
Caruoeira 22	Caruoeyra 80
leira 21, 37, 43, 52	leyra 79, 96, 103, 113
leiras 42, 51	leyras 103, 112
seis 31	sseys 90
Muimenta 23	Moymenta 81
<ñ>	*<n>*
Caluiños 39	Calujnos 99
Calujño 22	Calujno 80
camjño 25, 27, 30, 36, 53	camjno 82, 85, 88, 97, 114
Vilarino 55	Ujlarino 116
<ll>	*<l>*
ffillos 34, 36, 41, 44, 46, 54, 55	ffilos 93, 95, 101, 104, 107, 116, 117
Mellón 52	Melón 113
<gu+e, i>	*<g+e,i>*
portugueeses 43	portugeesses 102

rregueiro 26	rrigeiro 83
<s>, <-s->	*<ss>, <-ss->*
Casar 55	Cassar 117
casas 32, 45, 46, 48	cassas 91, 106, 108, 109
Sancha 36	Ssancha 95
seis 31	sseys 90
seus 48	sseus 109
súas 30	ssúas 89
<v>	*<u>*
van 48	uan 109
vay 38	uay 97
vén 25	uén 82
<ç>	*<c>*
Çapateira 35	Capateira 94
toucas 53	touças 115
<y>	<j>
yas 36	jas 97
yasen 45	jasen 106
Outras diferenzas gráficas	
a (artigo) 21	ha (artigo) 79
Orrac'Arres 21	Orrac'Ares 79
cortina 37	cortyna 96-97
des soldos 50	X ssoldos 112
herdades 54	erdades 115
hi 45	y 106
Luzía 39	Lusýa 98
vén 28	van 87

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Diferenzas fonéticas e morfolóxicas	
A_1	**B**
Nasalidade	
tẽen 33	teen 91
ten 35	teen 94
Variacións no vocalismo	
Carduxi 27, 38, 51, 53	Cardoxi 86, 112, 115, Cardoxe 98
fferir 26, 53	ffirir 83, 115
rregueiro 26	rrigeiro 82
Rribadauia 32	Rribadáuea 89
Eanes	Anes
Contraccións das preposicións e o artigo	
enna 45	na 105
ennas 53	nas 115
enno 24, 30, 38, 53	no 83, 88, 97, 114
pera 32	para 89
congostra 47	congosta 105
Outras contraccións	
doutra 23, 27, 28, 38, 47	a outra 80, 85, 87, 98, 108
doutro 52	do outro 113-114
Variacións no léxico	
Congostras 36, 40, 42, 44	ongostas 95, 101, 104, Congosstas 100
Quinteeiras 46	Quinteiros 107
Outras	
Oseira 28	Osseria 87
Su Jgleia 28	Su A Jgleia 87

Cambios sintácticos e outras variacións	
A_1	**B**
Jtem primeiramente jas hua leira... 21	Jtem jas hua leyra... 79

... et ençima topa enno camjño público que vén pera Cardoxe. 24-25	... et ençima topa no camjno publico que uén pera Cardoxe, et ffasen dela fforo de terça. 83
... et topa enno camjño que vay pera Carduxi. 27	... et topa no camjno que vay pera Cardoxi et ffasen dela fforo de terça. 85-86
... et parte pella que ffoy de Pero Ffeca et doutra pella do Espital. 27	et parte pella que ffoy de Pero Ffeca et da outra pella que que ffoy do Espital. 85
... Pero Domingues de Vilarino et Martín Anes de Vilariño 33-34	... Pero Domingues et Martín Anes de Vilarino 92-93
... et an de fforo cada huu quatro dineiros. 31	... et fassen cada ano fforo de quatro dineiros cada huu. 90
... ffillos de Pero das Congostras teen as outras cassas et eira et lagares et de Domingo Ffrade tanbén. 35-36	... ffilos de Pero das Congostas et Domingo Ffrade teen as outras cassas et eira et lagares.
... et topan enno camjño público con suas casas et con seus lagares que son seis et an de fforo cada huu quatro dineiros, como parte pello do camjno público que vay de Rribadavia pera Pontevedra. 30-32	... et topan no camjno público que uay de Rribadáuea para Ponteuedra, con ssúas casas et con seus lagares, que son sseys, et ffasen cada ano fforo de quatro dineiros cada huu, et as herdades ffasen fforo de terça. 89-90
... et de cada hua destas leiras dan de fforo cada ano Vº purtugueeses. 42-43	... ffasen fforo de terça et máys V portugeesses de cada hua das ditas leyras por fforos. 102-103
Jtem outra leira hu chaman A Lama... 43	Jtem jas outra leyra hu chaman A Lama... 103-104
... et parte doutra parte pella de Tomé Peres et topa enna de Pero Peres. 44-45	... et parte pela de Tomé Peres e topa ena de Pero Martís et ffasen dela fforo de terça. 105-106
Jtem yasen hi outras casas hu chaman As Quinteeiras que teen ffillos de... 45-46	Jtem jasen y huas cassas hu chaman Os Quinteiros et téennas ffilos de... 106-107
que teen 46	et téennas 107
Jtem outras leiras hu chaman Carduxi, que parten duu cabo per outra leira de Mellón... 51-52	Jtem outras leyras hu chaman Cardoxi, que parte duu cabo per outra leyra de Melón... 112-113
... et doutro cabo pella que ffoy dos Calujnos 52	... et do outro cabo parte pella que ffoy dos Calujnos 114
... et Tomé Peres de Sant'Esteuo et Steuo Tourino de Vilarino et ffillos de Johán Amjgo do Casar. 54-55	... et Tomé Peres et Steuo Tourino de Ujlarino et ffilos de Johán Amigo do Cassar, et ffasen delas fforo de terça. 116-117

5.2.5. Principais diferenzas entre as catro mans

Aínda que as diverxencias entre os catro copistas non son grandes (destácase en gris aqueles trazos que diferencian a cada un dos outros), nos dous últimos obsérvase a aparición de solucións innovadoras, en relación ás contraccións do artigo determinado e do pronome coas preposicións, que conviven coas máis antigas. Con todo, non parece que haxa unha distancia temporal notable entre os momentos de escritura de cada un.

	nasal final	**/β/ inicial**	**/-β-/**	**/s/-**	**/l/**	**/ʎ/**	**prep. +art.**	**prep +pron.**	**Carduxe**
A_1	-n	u-, v-	-u-	s-, ss-	l, ll	ll	**enno**, eno porllo, **pello**	-	Cardoxe **Carduxi**
A_2	-n	u-	-u-	s-	l, ll	l (só 1 ex.)	enno pello	della	Cardoxe
B	-n	u-, v-	-u-	s-, ss-	**l**, ll	l	enno, **no** pello	dela	Cardoxe Cardoxi
C	**-m**, -n	u-, v-	-u-	s-, ss-	l	ll (nun caso *l*)	enno, **eno**, no **pello**, polo	**della**, dela	-

Ilustración 27. Táboa das principais diferenzas entre as castro mans do texto B

5.3. COMENTARIO LINGÜÍSTICO DO TEXTO C

O denominado texto C correspóndese co texto borrado no anaco de pergamiño que encabeza a parte da carne, isto é, o texto propiamente chamado *Tombo das viñas de Ribadavia*. Por ser un texto recuperado con técnicas fotográficas, non sempre é doada a súa lectura, pois hai zonas bastante deterioradas que dificilmente se poden ver, aínda observando o orixinal cunha lámpada de luz ultravioleta. Como se comentou no apartado de diplomática, para moitas das partes máis dificultosas, puidemos botar man de 5 documentos similares, en que participa o mesmo abade e que escribe o mesmo frei Lourenzo, monxe e escribán, e que seguen unhas estruturas formais idénticas.

Para o comentario lingüístico, coma no caso do texto anterior B, consultamos os estudos dos especialistas en galego medieval, nomeadamente Ramón Lorenzo, Ana Isabel Boullón Agrelo, Henrique Monteagudo, Ramón Mariño, así como outros estudosos da lingua en xeral que se mencionan ó longo do comentario e cuxas obras se recollen na bibliografía final.

5.3.1. Grafemas

O repertorio de grafemas non se afasta do común nos textos do século XIII, polo que só mencionamos aqueles aspectos que cremos que merecen consideración á hora de caracterizar a lingua deste documento.

5.3.1.1. Representación da vogal i

Para a vogal i úsanse no texto os grafemas <i>, o máis frecuente, <j> e <y>.

O grafema <j> en *escrivj* 24, *mjn* 16 (2), 17, *mjngoa* 10, *mjña* 16, isto é, cando vai entre os grafemas <m>, <n>, <ñ>, por cuestións de claridade gráfica.

O grafema <y> utilízao xeralmente en ditongos coma en *ffrey* 2, 23 (2), 24, *oyto* 11, *peyte* 19, 20, *rrey* 20 e *vay* 7, 8 (2). Tamén, en ocasións, a final de palabra en *assý* 5. 16, 18 e *dessý* 8.

5.3.1.2. Consoantes duplicadas

Temos <ss> inicial en *ssaber* 5 e *ssegunda* 5; <ff> en *affesto* (INFĔSTUM) 8, *Affonso* 3, 15, *afforamento* 17, 18, 21, *afforamos* 3, 6, 9, *ffaser* 21, *ffeitas* 5, *Ffeitos* 22, *Fferraría* 9, *ffondo* 6 (2) -o segundo quizais como parte dun topónimo-, *ffonte* 7 e *ffrey* 2, 23, 24, pero tamén escribe co grafo simple en *fiqui* 15, *fonte* 6-7 e *frey* 23. Hai ademais un

<ll> inusual en *plleito* 9. Mantense a grafía etimolóxica, como é frecuente en moitos textos medievais, en *abbade* 16, 18, 22, 24.

5.3.1.3. Grafema <h>

O <h> etimolóxico ten continuación gráfica en *Johán* 2 e *herdade* 7, 8, 14; pérdeno *avedes* 12 (HABETIS) e *omes* 24 (HOMINES). É antietimolóxico en *hũu* 4, *hũua* 4, 11 e *he* (EST) 4, 16. Este grafema forma tamén parte do dígrafo <ch> utilizado para representar o son africado palatal xordo romance en *Reuordochãao* 6.

5.3.1.4. Grafemas <l> e <ll>

Hai alternancia entre os grafemas que representan a lateral alveolar e a palatal. Así escribe *aquella* 6, *pello* 8, *porlla* 2, 16, *sóbrella* 6 7 e *villa* 6, formas arcaizantes. Na forma verbal *vala* (VALEAT) 20 represéntanse a palatal co grafema simple.

Representación da nasal palatal

No texto vacílase entre a representación da nasal palatal /ɲ/ co grafema <ñ> en *viño* 6, *viña* 11 e *mjña* 16 e con <n> en *Marina* 4 e *senorío* 13. A palabra "din*eiro*s" está abreviada en *dns*.

5.3.1.5. Grafemas <r> e <rr>

Escribe <rr> en posición inicial en *rrecadar* 11, *rreçebo* 16, *rrey* 20 e *rrostro* 16. Tamén figura con *R* inicial, que desenvolvemos como <Rr>, *Rrigueiro* 23.

5.3.2. Fonética

5.3.2.1. Vogais nasais

Froito da caída dun -N- intervocálico etimolóxico, danse no galego unha serie de evolucións que podemos ver exemplificadas no texto. En primeiro lugar, temos a nasalización da vogal precedente representada por un trazo de abreviatura en *bẽes* 17, *bõos* 10, 15, *Caaueirão* 23, *condições* 18, *dũu* 21, *hũu* 4, *hũua* 4, 11, *nomẽe* 5 (2) e *Reuordochãao* 6. A forma *escriuán* 24, sufriu unha evolución distinta porque non é autóctona, quizais sexa importada do occitano ou doutra lingua peninsular.

Posteriormente, a vogal desnasalizouse e así, xa por esquecemento xa por indicar esa desnasalización, non levan marca as palabras *enallear* (IN ALIENARE) 13 e *Lágea* (< LAGENA) 9.

No caso de *pena* (< POENAM, 'castigo, sufrimento') 19 e *tenor* (< TENOREM, 'contido literal dun escrito') 21, o *-n-* pode indicar unha solución etimográfica que represente a nasalidade, como apuntan Boullón Agrelo / Monteagudo (2009: 42); con todo, cremos que, dado que estas dúas palabras pertencen ó léxico eclesiástico e xurídico, seguramente indican unha forma culta sen perda de -N- que, no caso de *pena*, alternou desde cedo cunha patrimonial *pẽa*, e logo acabou por impoñerse.

Na palabra *Auelaenda* 24 amósasenos un dos posibles resultados posteriores á nasalización vocálica, o desenvolvemento dunha nasal implosiva (ABELLANETAM > *Abelãeda* > *Abelãẽda* > *Abelaenda*). Un paso máis, coa asimilación das dúas vogais e a súa redución, deuse no actual *Abelenda*.

En *condisón* (< CONDITIONEM) 9, fronte ó plural atrás comentado, *condições* 18, non houbo nasalización da vogal por caída do -N-, senón que se produciu a perda do -E final (Lorenzo, 1988: 294 e ss.).

5.3.2.2.Vogais en hiato

Xunto cos hiatos que acabamos de ver, producidos pola caída de -N-, isto é, os tónicos <ão>, <ẽe>, <õe>, <õo>, e <ũu>, <eá> e o átono <ea>, temos no texto outros de distintas orixes:

Un <aa> átono na contracción da prep. e o artigo *aa* [a(l)a] 7, 9, 19 e *Caaueirão* [a(l)a] 23; o átono <oo> *moordomo* [a(j)o] 11; o hiato <ee> en *seer* [e(d)e] (SĔDERE) 21; e, finalmente, dun primitivo ditongo etimolóxico <UA>, temos o átono <oa> en *míngoa* (lat. vg. *MINUARE >lat. cl. MĪNŬĔRE) 10.

5.3.2.3. Vacilacións vocálicas

En posición átona é corrente a vacilación das vogais palatais, con <i> por <e> en *fiqui* 15 e *Rrigueiro* 23; e a das velares, con <u> por <o> en *Nugueira* (2) 7, *subereiro* (SUBERARIUM) 8, *pustromeira* (de PŎSTRĒMUS) 14, *pustromeiro* 4, *cumunalmente* 12; tamén <o> por <u> en *míngoa* 10. En posición tónica tamén rexistramos *apús* (A POST), coa abreviatura de *us*, na liña 4, que seguramente non se corresponda coa pronuncia senón e responda a unha tendencia gráfica latinizante.

5.3.2.4. Encontro das preposicións co artigo

Xunto coa forma xa moderna da contracción da preposición *en* co artigo determinado feminino, *na* 8, é máis frecuente no texto *enno* 7, 20, 22, que amosa unha fase previa da

evolución desta contracción (IN ĬLLO > *enlo* > *enno* > *no*). Tamén coas preposición *por* e *per* temos as formas arcaicas *pello* 8, 16, *porlla* 2.

5.3.2.5. Bilabiais

Represéntase con <b> o son /b/ procedente de -P- intervocálico de *sóbrella* 6, 7, *ssaber* 5 e *rreçebo* 16; tamén o resultado do B- latino inicial en *ben* 10, *bever* 12, *bõos* 10, 15, igual cando no étimo vai precedido ou seguido de consoante como en *anbos* 21 e *danbos* 4, *desembargada* 15 e *obligo* 15.

Por outra parte, con orixe nun -B- latino intervocálico, con resultado romance fricativo /β/, gráfanse con <u> *Auelaenda* (ABELLANETAM) 23, *escriuán* 24 (SCRIBANUS), *lauor* (LABOREM) 10, *escrivj* 24, *liure* 15 (LĪBĔRUM), *lauredes* (LABORETIS) 9 e *Reuordochãao* (ROBORETUM PLANUM) 6; pero *obedientes* (do lat. vg. *OBOEDESCERE < lat. cl. OBOEDIRE) 12-13.

O U- inicial latino alterna entre <u> e <v> así *uossa* 4, *uós* (UOCEM) 5, 14, *uos* 5, *conuento* 18,; e con <v> *viren* 2, *vós* (UOS) 3, 4, 16, *vossa* 3, *vossas* 14, *vida* 4, *voses* (UOCES) 4, 16, 17, *vos*(*es*) (UOCES) 5, *viña* 6, *villa* 6, *viño* 11, *vassalos* 12, *vay* 7, 8 (2), *vos* (UOS) 9, 18, *vós* (VOCEM) 20 e *vala* (UALEAT) 20. Tamén se grafa con <u> o -U- latino *Caaueirãao* 23 (de *CALAUARIAM).

5.3.2.6. Confusións de sibilantes

O sistema de seis sibilantes primitivas dá xa abundantes mostras do seu desmoroamento, polo que hai frecuentes intercambios de grafía. nas parellas fricativas apicoalveolares /ż/ e / ṡ/, nas africadas predorsodentais /dz/ e /ts/ e nas sibilantes prepalatais /ʒ/ e /ʃ/.

Da oposición entre as apicoalveolares sonora /ż/ e a xorda /ṡ/, que se grafaban a primeira con <s> e a segunda tamén con <s> ó principio e a final de palabra e tras consoante e con <ss> en posición intervocálica, temos a seguinte situación:

Onde debería haber un <s>, representación dunha sonora, encontramos a grafía <ss> en *guissa* (xerm. *wisa*) 10 e *pressentes* 23, que tamén se escribiu esta palabra da forma esperada en *presentes* (PRAESENTES) 16.

En posición inicial, onde tamén se espera un<s>, esta vez xordo, fronte a *Santa* 2, 3, *seer* 21, *seiades* 12, *seimento* 14, *servientes* 12, *seus* 15, *sobreditas* 18, *sobredito* 21, 23,

sóbrella 6,7, *Steuo* 23 e *Subereiro* 8 temos algún exemplo con <ss> en *ssaber* 5 e *ssegunda* (2) 5.

Escríbense coa grafía <ss>, que representa a xorda intervocálica, *assý* 5, 16, 18, *dessý* 8, *nossa* 6, *nosso* 11, *nossos* 12, *passar* 19, *uossa* 4, *vassalos* 12, *vossa* 3 e *vossas* 14. O caso contrario dáse en *posades* 13, en que temos <s> por <ss>.

En canto ás africadas, a confusión de grafías é máis complexa. En posición intervocálica, a grafía habitual para a consoante sonora, <z>, non aparece en todo o texto e, deste xeito, temos por unha parte a utilización da grafía <ç> -a usual para reprentar as xordas- en *condiçón* 9, *condições* 18, *graça* 2 e *rreçebo* (< RECIPIO) 16 pero tamén a grafía <s>, propia como vimos da fricativa sonora, indicio da desafricación que xa se debía estar producindo, en *praso* (< PLACĬTUM) 2, 20, *prasos* 21 e *voses* (< UOCES) 4, 5, 16, 17. O mesmo sucede en posición final onde o usual é que a grafía utilizada sexa <z> e o escribán grafa sempre con <s> nas voces comús *uós* 5, 14 (< UOCEM), *yas* 6 e *jas* 6, xunto cos patronímicos *Domingues* 23, *Gomes* 23 e *Martiis* 23.

En posición inicial ou tras consoante, en que a sibilante africada predorsodental é xorda, o esperado é a grafía <ç> tras vogal central e velar (a, o, u) e <c> tras palatal (e, i); no texto só temos exemplos con estas últimas (*çen* 20, *çerto* 21 e *ençima* 8) co grafía <ç>, polo que cremos que esta debía ser a grafía usual para acompañar calquera vogal.

Non hai neste "prazo" ningún exemplo da oposición das prepalatais sonoras e xordas, xa que só temos exemplos das primeiras nas palabras *Igleia* 2 (< ECCLESIAM), *jas* (< IACET) 6, *Johán* 2, *monie* (< lat. vulg. MŎNĬCUM <lat. tard. MŎNĂCHUM, a través do prov. ant. *monge*) 24 e *yas* (< IACET) 6, coa variedade de grafías utilizadas normalmente para a súa representación, isto é, <i>, <j> e, máis ocasionalmente, <y>. Na palabra *seiades* (SEDEATIS) 12 pode estar contida a consoante sonora, pero tamén puidera estar representando unha semiconsoante [j].

5.3.2.7. Outras partiularidades do consonantismo

Na palabra *mingua* (do lat. vg. MINUARE < lat. clás. MINUĔRE) dáse un reforzamento do *wau* cunha consoante velar, propio do galego e do portugués e do castelán (Pensado, 1986: 80)[212]. O verbo *desfalecer* (*desfalesca* 10), derivado de FALLESCERE, incoactivo de

[212] Ferreiro (1999: 181) explícaa como unha evolución anómala.

FALLĔRE 'enganar', 'escapar de', alternou durante toda a Idade Media coas variantes *desfalescer* e *desfalecer*, esta última coa asimilación da fricativa e a africada que se dá no resultado moderno.

5.3.3. Morfosintaxe

5.3.3.1. Artigos e contraccións

Do artigo determinado temos no texto xa as formas modernas *a* (4) 5, 6, 14, *as* 17, *o* 3, 4, 17, 18, 20 e a forma de respecto *el* 20, contraída coa preposición *de* e que acompaña o substantivo *rrey*. Estes artigos contraen coas preposicións *a* en *á* 20, *aa* 7, 9, 19 e *ao* 11, 14, 15; coa preposición *de* rexístrase *da* 2, 5, 7 (3), 8, 9, 14; *do* 3, 22 (2), 24 (2) e *das* 17 e 19; con *en* temos a forma *enno* 7, 20, 22 e tamén a moderna *na* 8. Con *per* hai un caso de *pello* 8 e con *por* dous de *porlla* 2 e 16.

Co artigo indeterminado só figura no texto un único caso de contracción, *dũu* 21.

5.3.3.2. Demostrativos

Os exemplos son escasos: os adxectivos *este* 2 e *aquella* 6, e o pronome *esto* 9, 19, con *e-* inicial, forma maioritaria nos textos medievais galegos.

5.3.3.4. Posesivos

Dos posesivos hai exemplos de case todas as persoas, agás a segunda e a sexta, coas formas *meus* 17, *mjña* (MĔA > mia > mĩa > miña) 15, *seus* 15, *nossa* 6, *nosso* 11, *nossos* 12 e *uossa*, sempre en función adxectiva. Nunca vai acompañado do artigo: *obligo meus bẽes*, *con todos seus bõos paramentos*, etc.

5.3.3.5. Indefinidos

De entre os indefinidos temos *anbos* 21, que contrae coa preposición *de* en *danbos* 4; o distributivo *cada* 4, 10; os identificadores *outra* 5, 8, 19, *outro* 13 e *outros* 20 e 24, que no primeiro caso vai acompañado do cuantificador indefinido *tantos* (*outros tantos*) 20; os pronomes *hũu* 4 e *hũua* 4; *tal* 9; e por último, *todos* 15, seguido do posesivo, como vimos atrás, e sen artigo

5.3.3.6. Pronomes persoais

Os exemplos do texto son, da serie tónica, *eu* 3, 4, 16 e as formas oblicuas *vós* 3, 4, 16 e *mjn* 16 (2) e 17; e, da serie átona, *a* 9, *o* 19 e *uos* 4, este con función de dativo. Non hai exemplos de formas enclíticas.

5.3.3.7. Pronomes relativos

Os pronome relativos utilizados son *que* 6, 9, 16 e *qual* 6, 12, 18. O pronome *qual* vai precedido de artigo cando introduce proposicións de relativo, pero tamén cómpre destacar a súa aparición no contexto "et *qual* quer das partes que" 18, onde se observa a fase precursora do indefinido actual *calquera*. Tamén debemos considerar con valor de relativo a forma suposta da primeira liña *quantos*.

5.3.3.8. Numerais

De entre os numerais cardinais, figuran no texto *dous* 21 e *dúas* 4, coa variación de xénero característica do galego e do portugués e ausente no castelán, e *des et oyto* 11; incluímos ademais *mill*, suposto na primeira liña. Tamén se rexistran os ordinais *primeira*, *ssegunda* (2) e *terceira*, todos na liña 5, e o partitivo *quartas* 11.

5.3.3.9. Preposicións

O repertorio de preposicións constitúeno *a* 3, 4, 5, 7, 12, 13, 14, 17, *apús* (< A PŎST) 4 (2), *con* 15, *contra* 19, *de* 2 (2), 3 (2), 4 (2), 6, 8, 10 (2), 11, 12 (2), 16, 19, 20, e *senón* 14. As preposicións *en* 3, 4 e *em* 6, 10; *per* 3, 5, 7, 9, 10, 21 e *por* 11, 14, 15, 19, 21 e *sobre*, esta na forma *sóbrella* 6 e 7, tamén están nas súas correspondentes contraccións cos artigos, xa citadas.

5.3.3.10. Conxuncións

Ten valor completivo *como*, reposto na liña 1 ("[Sábean quantos] este praso viren [*como* nós]... uos afforamos...") e modal en *como* 7 ("*como* parte enno fondo"). A conxunción *nen* 13 (2) e 14, ten valor copulativo ("que non... *nen*... *nen*..."). Con valor conxuntivo, *que* aparece nas liñas 5 (2), 9, 10, 12, 13, 19, 23 24 e na locución *em guissa que* 10. Finalmente, a preposición *por* 21 introduce unha proposición con valor completivo en "et *por* seer çerto mandamos...".

5.3.3.11. Adverbios

Con valor temporal rexistramos *depús* (< DE PŎST) 16, 17 e *mentre* 12. Indican lugar, *affesto* (< INFĔSTU) 8, *dessý* (< DE EX ĬBĪ) 8 e *ençima* 8 e tamén a locución *a rrostro* 13. Son adverbios de modo, *assý* 5, 16, 18 e *ben* 10. O adverbio pronominal *ende* (< ĬNDE) 21 ten o valor dun deíctico co significado de "de isto".

5.3.3.12. Substantivos

Algúns substantivos do texto merecen comentario. Se a lectura é boa, a palabra *subereiro* (< SUBERARIUM), que grafamos en minúscula, pode ser ou voz común ou quizais un microtopónimo non rexistrado na actualidade nesa parroquia de Rebordechán (Crecente). Hoxe (*O*)*Sobreiro* é nome de lugar en varios concellos de Pontevedra e Ourense, coma no concello da Cañiza, limítrofe con Crecente. A variante *suberaria* ou *suueraria* é máis abundante. Tanto o masculino coma o feminino designan a *sobreira*, a árbore que produce cortiza. Sobre a palabra como nome de lugar, véxase Navaza (2006: 508-510). Destaca tamén a productividade do sufixo deverbal -*mento* que deixa no texto os substantivos *paramentos* 10, 15, *seimento* 14 e *afforamento* 17, 18 e 20. Do verbo *carregar* creouse o regresivo *cárrega* 11, que conviviu con *carga* desde o século XIII, ata finais da Idade Media[213]. Ademais hai que notar o significado do substantivo *rrostro* 13 na locución *a rrostro* 'á fronte', ben atestada noutros textos desde a segunda metade do século XIII[214].

5.3.3.13. Adxectivos

Destaca a produtividade dos participios activos con función de adxectivo, como en *aguardante* 19, *obedientes* 12-13 e *servientes* 12. Teñen valor como adxectivo *dito* 3, 14, 15 (2), 16, 18, 22 (2), 24 (2); *dita* 14, 16, 17; e *ditos* 16 e 18, que noutros contextos mantén a súa función como forma nominal do verbo. Tamén con el se crearon os adxectivos *sobreditas* 18 e *sobredito* 21 e 22. Sobre *liure* 15 téñense escrito páxinas en relación coa explicación fonética da súa terminación, para Corominas (DCECH, s.v. *libre*) unha "adaptación del nominativo" e a el xuntamos o adxectivo *quite* 15.

5.3.3.14. verbos

5.3.3.14.1. Verbos regulares

No repertorio de formas verbais dos verbos regulares non hai nada destacable, fóra das particularidades fonéticas que xa se comentaron, á parte de sinalar que na P3 do IPres algúns verbos perden o -*e* final tras determinadas consoantes (*r*, *l*, *z*, *n*,) ou mellor, tras determinados sons. Temos, entre os verbos regulares, o caso de *jas* e *yas*.

Repertorio de verbos regulares:

---

[213] Lorenzo (1977), apud. DDGM s.v. *carrega*.

[214] CODOLGA [consultado o 17/8/2015].

Inf.: *aguardar* 17, *bever* 12, *comer* 12, *cumprir* 17, *enallear* 13, *mandar* 14, *topar* 7, 8, 8-9, *rrecadar* 12, *vender* 13.

Part.: *partidos* 21, *desembargada* 15.

IPres. P1: *rreçebo* 16, *obligo* 17; P3: *parte* 7; *jas* 6, *yas* 6. P6: *afforamos* 3, 6, 9.

IPret. P5: *lauredes* 9, *paredes* 9-10.

SPres. P3: *fiqui* 15, *presente* 16, *desfalesca* 10, *peyte* 20.

SFut. P6: *parardes* 13.

5.3.3.14.2. Verbos irregulares

Entre as formas dos verbos regulares, hai algunhas que debemos comentar. Así, nótese, a xa mencionada perda do *-e* en *quer*. Tamén merecen comentario a forma *dedes* (< DEDETIS) 10, etimolóxica, que conviviu xa desde o séc. XIII coas formas *diades*, *deades*,[215] analóxicas cos verbos da CII e CIII; e *seiades* (< SEDEATIS), precursora da actual estándar *sexa*.[216]

Este é o repertorio de verbos irregulares do texto:

[**auer**] IPres. P5: *avedes*.

dar. Inf.: *dar*; SPres. P5: *dedes*.

[**conuir**] IPres. P3: *conuén*.

[**dizer**] Part.: *dito*.

[**escrivir**] IPret. P1: *escrivꝭ*.

ffaser. Inf.: *ffaser*; Part.: *ffeitas, ffeitos*.

[**ir**] IPres. P3: *vay*.

[**nomear**] SPres. P3: *nomẽe*.

[**poder**] SPres. P5: *posades*.

---

[215] *Diades* atéstase polo menos desde 1255 (Sobrado de Trives); *deades* desde 1304 (Pombeiro) [TMILG, consultado o 20/8/2015]. Sobre o proceso que levou a esta evolución vid. Santamarina (1974: 27).

[216] Sobre os procesos que levaron a esta evolución vid. Santamarina (1974: 27 e 46).

seer. Inf. *seer*; IPres. P3: *he*; P6 : *ffforon*. SPres. P5: *seiades*.

ssaber. Inf.: *ssaber*; IPres. P6: *sábean*.

[**valer**] SPres. P3: *vala*.

[**ver**] SFut. P6: *viren*.

INDICATIVO

	C1	C2	C3	C1	C2	C3	C1	C2	C3
	PRESENTE			COPRETÉRITO			PRETÉRITO		
P1	obligo	he	rreçebo						escrivy´
P2									
P3	dá está mora	jas / yas	parte vay						
P4	afforamos								
P5	avedes						lauredes paredes		
P6	sábeam	fforon	conuén						

	ANTEPRETÉRITO		FUTURO	POSPRETÉRITO		
P1						
P2						
P3						
P4						
P5						
P6						

SUBXUNTIVO

	PRESENTE			PRETÉRITO			FUTURO		
P1	nomẽe								
P2									
P3	fiqui peyte presente	desfalesca vala							
P4									
P5	dedes	posades	seiades				parardes		
P6								viren	

FORMAS NOMINAIS

C1	C2	C3
INFINITIVO		
aguardar dar enallear mandar topar rrecadar ssaber	 bever comer seer vender	 cumprir

PARTICIPIO	
desenmbargada ffeitos ffeitas	dito partidos

Ilustración 28. Táboa do repertorio de formas verbais do texto C

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. Glosario

6.1. MACROESTRUTURA E MICROESTRUTURA DOS GLOSARIOS

6.1.1. Introdución

Seguimos o modelo de Boullón Agrelo / Monteagudo (2009), que á súa vez recollen a proposta de Tato Plaza (1999), con pequenas variantes.

6.1.2. Macroestructura

Elaboramos un único glosario, pois a pesar de que o autor do text A e os de B e C parten de sistemas distintos, deste xeito evidénciase o *continuum* que estes supoñen e permite ver máis claramente as diferenzas léxicas, cando as haxa.

Excluímos deles aquelas voces comúns que só forman parte das cadeas onomásticas, xa que as trataremos nos respectivos glosarios de segundos nomes, no apartado de onomástica.

Recollemos as voces léxicas dos textos e incluímos tamén as preposicións e os indefinidos. Con todo, dalgunhas preposicións moi comúns só se fai referencia, sen incluír exemplos nin ocorrencias.

Excluímos do glosario os artigos, os pronomes persoais, os demostrativos, os posesivos, os relativos e as conxuncións. No comentario lingüístico están descritos os seus paradigmas e o número de ocorrencias.

Os lemas están alfabetizados segundo os seguintes criterios:

Seguindo as tendencias actuais, os dígrafos (< ll>, <rr>, <ss>) non están considerados como letras independentes, senón que van alfabetizados no lugar correspondente do alfabeto de grafemas simples. Do mesmo xeito trátanse as consoantes dobres <ff> e <bb>

As letras <u> = <v> e <i> = <j> ordénanse segundo o seu valor vocálico ou consonántico e así [*ver*] precede a *uida* e *jgleia* a *ir*.

Os verbos tamén se ordenan albafeticamente a partir do esquema tradicional de tempo e persoa: IPres 1, 2, 3...; ICopret...; IPret...; Inf...; Part... etc.

6.1.3. Microestrutura

Distinguimos dous tipos de entradas: enunciativas e remisivas. Estas últimas recollen as variantes gráficas pertinentes na alfabetización e envían a unha entrada enunciativa que desenvolve a información semántica.

Para escoller o lema principal (en letra redonda e grosa: **herdade**) recorreuse ó criterio de maior proximidade á forma do galego moderno. Do mesmo xeito, para ordenar as variantes (en grosa e cursiva: ***erdade***, ***eredade, eredad, heredad***) primeiro optouse pola proximidade ó galego moderno, seguido da frecuencia con que estas aparecen nos textos.

As variantes morfolóxicas de xénero, número e persoa inclúense no mesmo lema sen constituír entrada remisiva.

As palabras flexionadas lematízanse polo masculino e no caso do verbo polo infinitivo e, cando non figura no texto, reconstrúese a forma que constitúe a entrada entre corchetes [ ].

Preséntanse en entradas distintas as palabras que, tendo a mesma orixe etimolóxica, implican mudanza semántica substancial, como o caso de *bona*, o plural neutro latino do adxectivo [*bono*], que separamos da entrada do adxectivo.

> **bona** s.f. 'Conxunto de bens'. ◊ (1): "e dela *bona* que fu de Pedro Citrana á ende el espital de diaz e ueocho quiniones el uno" A: 117.
>
> **[bono]** adx. 'Bo'. ◊ ***bonas*** (1): "e el espital á una senara sobre Carreira e otra so Carreira muy *bonas*" A: 240. ◊ ***buenos*** (1): "delas á y que furon de comenzamento de la villa e de las que compraron e de las que yes dieron omnes *buenos* por súas almas" A: 33. ◊ ***boenas*** (1): "enno rrío d'Auia, cerca ella uilla, á Melón dúas azenias *boenas*" A: 70

Na entrada engádese a seguinte información:

1. A categoría gramatical.

2. O significado, que se non require maior explicación, limítase á súa equivalencia no galego moderno.

3. En ocasións, inclúense algúns apuntamentos gramaticais que cremos de interese para xustificar as variantes recollidas na entrada, así como outros aspectos semánticos ou etimolóxicos, naqueles casos en que o consideramos pertinente.

4. Finalmente engadimos as variantes que aparecen no texto, co número de ocorrencias e un exemplo de cada unha. Se só existe unha variante e esta coincide coa entrada, omitímola e anotamos unicamente o número de ocorrencias.

6.1.4.Abreviaturas utilizadas

a. ano

adv. adverbio

adx. adxectivo

card. cardinal

cf. confróntese con

f. feminino

i. intransitivo

IAntepret. Antepretérito

ICopret. Copretérito

indef. indefinido

Inf. infinitivo

IPres. Presente de indicativo

IPret. Pretérito de indicativo

loc. locución

m. masculino

med. medieval

num. numeral.

ord. ordinal

p. páxina

P1, etc. 1ª persoa, etc.

Part. participio

port. portugués

prep. preposición / preposicional

pron. pronome / pronominal

s. substantivo

s.v. sub voce

SFut. Futuro de subxuntivo

SPres. Presente de subxuntivo

SPret. Pretérito de subxuntivo

t. transitivo

v. verbo

v.i. verbo intransitivo

v.t. verbo transitivo

var. variante

vid. véxase

6.2. GLOSARIO

A

logo adv. 'Logo; ademais; tamén'. ◊ (1): "Jtem *logo* os outros castineiros que están aa fonte de María Eanes que ten Moor Martís" B: 191.

M

mandar 1. v. tr. 'Mandar; ordenar, dicirlle a alguén que faga algo' ◊ IPres. P4 ***mandamos*** (1): "Et por seer çerto *mandamos* ende ffaser dous prasos anbos dũu tenor" C: 21

2. v.t. 'Mandar; enviar, poñer os medios necesarios para que algo ou alguén vaia dun lugar a outro'. IPret. P3 ***mando***a (1): "et em çima jas outra leira que tem Lourenço Fferrnandes, et *mando*a Sancha Lourença a Melón por súa alma" B: 237, Inf. ***mandar*** (1): "et que non posades vender nen dar nen enallear nen por vossas almas *mandar* senón ao dito moesteiro" C: 14.

máys adv. 'Máis'. Indica aumento ou superiorioridade en cantidade, intensidade ou número. ◊ (8): "e dixo *máys* que Ossera ha en aquel logar mismo una egrisia que xaman Santa María" A: 1, 14, 223, 243, 244, 245, 246, 248.

mea s.f. 'Media; metade, cada unha das partes iguais en que se divide un todo'. ◊ ***mea*** (2): "o qual souto parte dũu cabo pello que ffoy de María Esteues et doutro cabo pello rregueyro et ffassen del foro de terça das castanas et *mea* de pam" B: 268, 281. ◊ **media** (18): "e el Temple *media* de una casa" A: 10, 22, 46, 65, 71, 104, 122, 124, 127, 127-128, 129, 130, 180, 190 (2), 195, 199, 209.

meatade s.f. 'Metade, cada unha das partes iguais que forma un todo'. ◊ ***meatade*** (2): "Eno Soueral a *meatade* de Vº castineiros con ssúa herdade et he a meatade he de María Lourença" B: 17,18, ***meatad*** (7): "Melén Pérez ten dúas leiras de que dá ela *meatad* a Ossera" A: 174, 175, 176, 177, 183-184, 185, 192, ***meadad*** (3): "fiyo de Pedr'Eanes de Saa ten una leira de que dá ela *meadad* a Melón" A: 181 (2), 182.

media vid. **mea**

medio **1.** adx. 'Medio, que é a metade de algo'. ◊ (2): "de la lera de Martín Gomariz dan cada ano X soldos e *medio* a Alcántara" A: 49, 205, ***medias*** (1): "e elas *medias* casas ye ela media eredad que fu de Lope Moro á de ficar a muerte de Martín Suárez a Ossera" A: 199.

2. s.m. 'Medio; metade, cada unha das partes iguais en que se divide un todo'. ◊ (6): "Martín Suárez tien X leiras de Antaltares ad foro de *medio* en su uida et de su muyer et de su fýo" A: 55, 68, 69, 163, 251, 252.

mes s.m. 'Mes, cada unha das doce partes en que se divide o ano'. ◊ (1): "Ffeitos enno dito moesteiro era et día et *mes* sobredito" C: 22.

mill num. card. 'Mil'. ◊ (1): "Era de *mill* et tresentos et [...] anos, [...] días de [...]" C: 1.

mjngoa s.f.. 'Mingua, redución'. ◊ (1): "que a lauredes et paredes ben, em guissa que non desfalesca per *mjngoa* de lauor de bõos paramentos" C: 9.

mismo: adv. 'Mesmo'. ◊ (1): "Ossera ha en aquel logar *mismo* una egrisia que xaman Santa María" A: 12.

moesteiro s.m. 'Mosteiro, convento grande, xeralmente afastado das poboacións'. ◊ ***mosteiro*** (14): "peegaron todo ao abbade don Esteuo aa seída da morteidade et os fforos e casas e herdades que perteeçían ao *moesteiro* de Melón enna flliguesía de Santo Esteuo" B: 20, 76, 147, 151, 200, 262, 268, 276; C: 3 (2), 14, 15, 22, 24, ***monasterio*** (3): "de la casa que fu de Arias Gato ye ende ela quarta del *monasterio* d'Eluenos" A: 123, 204, 242; ***monesterio*** (1): "e el *monesterio* de San Clodio otra" A: 6.

[**molino**]: s.m. 'Muíño'. ◊ ***molinos*** (1): "una egrisia que xaman Santa María con otras casas aderredor e con ortas e con cortinas e con vinas e con sotos e con *molinos* e con azenias" A: 13.

moller s.m. 'Muller, esposa'. ◊ (2): "afforamos a vós, Affonso Peres, morador en Naseirros et a vossa *moller* Marina Martís, en uossa vida danbos" C: 4, 16.

monie s.m. 'Monxe'. ◊ (1): "Et eu ffrey Lourenço, *monie* et escriuán do dito moesteiro que as escrivj" C: 24.

monte s.m. 'Monte, elevación de terreo; terra cuberta de vexetación espontánea'. ◊ (2): "et esta herdade parte pella de Domingo Lourenço et en çima pella dos de Rribeira et uay ferir enno *monte* do Angoal" B: 234, 254.

morada: s.f. 'Morada, vivenda, residencia'. ◊ (1): "en solares que furon de Martín Ueremúdez fizieron elos frades de Melón dúas bodegas grandes e dúas casas grandes de *morada*" A: 126.

morador s.m. 'Morador, residente, habitante'. ◊ ***morador*** (1): "afforamos a vós, Affonso Peres, *morador* en Naseirros et a vossa moller Marina Martís" C: 3, ***moradores*** (1): "Estas herdades todas ensinou e peegou Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea, *moradores* en Santo Esteuo" B: 74.

[**morar**] v. 'Morar, residir, habitar'. ◊ IPres. P3 ***mora*** (6): "e de la casa que fu de Pay Rodríguez ela media del Espital; e elas en que *mora* Rruy Suárez, elas tres quartas de Santiago e ela otra quarta de An[t]altares" A: 22, 187, 189, 191, 203, 235, IPret. P3 ***moró*** (1): " de la casa hu *moró* María do Rrío ye ela media de la egrisia de Santiago" A: 71.

morauidí s.m. 'Marabedí; moeda antiga. ◊ ***morauidí*** (6): "e Osseyra IIIJ soldos de otra; e de otra J *morauidí*" A: 7, 8 (2), 17, 29; B: 270, ***morauidís*** (2): "enna rúa de Cima de Uilla ha el Espital VIJ casas onde leuan tres *morauidís* et medio" A: 205; C: 20.

morte s.f. 'Morte, fin da vida'. ◊ ***morte*** (9): "da rrúa de San Martino de alende a ponte Antaltares á una casa [a] morte de Martín Suáriz et de su muyer et de sos fíos" A: 6, 14, 188, 194, 210, 213, 219, 231, 236, ***muerte*** (4): "e ela casa de Fernán Talauera a súa *muerte* e de súa muyer á de ficar a [A]ziuero" A: 21, 200, 201-202, 208.

morteidade s.m. 'Mortaldade'. Nos textos galegos medievais, a palabra fai habitualmente referencia á peste negra de 1348. ◊ (1): "peegaron todo ao abbade don Esteuo aa seída da *morteidade* et os fforos e casas e herdades que perteeçían ao moesteiro de Melón enna flliguesía de Santo Esteuo" B: 75.

muyer s.f. 'Muller, dona, esposa'. ◊ ***muyer*** (5): "da rrúa de San Martino de alende a ponte Antaltares á una casa [a] morte de Martín Suáriz et de su *muyer* et de sos fíos" A: 6, 21, 24, 55, 197, ***mugier*** (1): "El sobrado que fu de Arias Menéndiz a muerte de Pedro Díaz e de súa *mugier* Sancha Pérez á de ficar a Melón" A: 202.

[**muyto**] **1.** indef. 'Moito': ◊ ***muytos*** (1): "e vinas e sotos *muytos* que á enas Golmeras el monasterio de Melón" A: 242, ***muychas*** (1): "en Francelos entre hun reguero e l'otro an elos cónjgos de Tuy foros de *muychas* uinas e son rregalengas " A: 247.

2. adv. 'Moi'. Forma apocopada de **muyto**. ◊ ***muy*** (1): "e el Espital á una senara sobre Carreira e otra so Carreira *muy* bonas" A: 240.

N

Natal s.m. 'Nadal; 24 de decembro'. ◊ (1): "polas quaes casas cada ano á de pagar quatro coroados por día de *Natal*" B: 272.

[**neto**] s.m. 'Neto, fillo dun fillo'. ◊ ***netos*** (2): "et *netos* de Sancha da Lágea et ffillos de Pero das Congostras teen as outras cassas et eira et lagares" B: 35, 95, ***nyetos*** (1): "e ela eredad de *nyetos* que foron de dona Mayor Pérez que fu de la persoria de la uila" A: 226.

nome 1. s.m. 'Nome, palabra que serve para designar de maneira indidual un ser ou unha cousa dentro da súa especie'. ◊ ***nome*** (1): "mandamos ende ffaser dous prasos anbos dũu tenor, partidos per a b c et firmados do *nome* do dito don abbade" C: 22, ***nomne*** (1): "enno Burgo an una egrisia que á *nomne* San Genés, que fu de los pobladores de la uilla" 249.

2. loc. 'En sinal de'. ◊ ***por nome de*** (1): "Et qual quer das partes que contra esto passar et o non conprir et aguardar peyte aa outra parte aguardante *por nome de* pena çen morauidís de dineiros brancos" C: 19.

[**nomear**] v.t. 'Nomear, sinalar'. ◊ ***nomẽe*** (2): "et a dúas voses após o pustromeiro de cada hũu de vós hũua após outra ffeitas per orden, assý que a primeira vos *nomẽe* a ssegunda et a ssegunda *nomẽe* a terceira uós" C: 5 (2).

non (4): adv. 'Non'. ◊ (9): "ela media eredad que fu de Lope Moro á de ficar a muerte de Martín Suárez a Ossera, se *non* ela lera de Pereras elas tendas " A: 200, 228, 244, 251, C: 10, 13 (2), 16, 19.

novo adx. 'Novo'. ◊ (1): "et que nos dedes cada ano hũua cárrega de viño *novo*" C: 11.

O

[**obediente**] adx. 'Obediente'. ◊ (1): "et que seiades nossos vassalos servientes et *obedientes* et non nos parardes outro senorío a rrostro" C: 12-13.

[**obligar**] v. 'Obrigar, comprometerse'. ◊ IPres. P1 ***obligo*** (1): "et *obligo* meus bẽes et das ditas voses depús mjn a conprir et aguardar as condições sobreditas" C: 17.

odir v. tr. 'Oír'. ◊ IPret. P6 **odiron** (1): "e pelos padrones que sunt aquende Miranz e pelos cotos daquende Murias *odiron* dezir que era rregalengo" A: 220, IAntepret. P6 **odiran** (1): "e dixeron máys que elas pescadorias das Rezas que *odiran* dezir por uerdad que yeran rengalengas" A: 223, SCopret. P6 **odissen** (1): "pusieron consigo por vigarios que uisen e que *odissen* elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós a Pedro Martiz Paan et a Ffernán Núnez" A: 3.

oleyro s.m. 'Oleiro, o que fai obxectos de barro'. ◊ (1): "fiyo del *oleyro* te*n* una leira de Melón" A: 167-168.

[**ome**] s.m. 'Home, servente, vasalo'. ◊ ***omes*** (1): "ffrey Gonçaluo d'Auelaenda, Steuo Caaueirão, Gomes Domingues, *omes* do dito don abbade, et outros" C: 24, ***omnes*** (2): "Johán Peláez e Pedro Domíngez, *omnes* del rrey don Alfonso en Rribadauia" A: 2, 33.

onde adv. 'Onde; lugar en que; lugar de que'. ◊ (1): "enna rúa de Cima de Uilla ha el Espital VIJ casas *onde* leuan tres morauidís et medio" A: 205.

ora: adv. 'Agora, neste momento'. ◊ (1): "e dizen que Reuordaos que fu de la eredade que dio el rey a los pobladores de la villa, e *ora* ála Santiago" A: 225.

orden s.f. 'Orde, disposición de algo sucesivamente'. ◊ (1): "et a dúas voses apús o pustromeiro de cada hũu de vós hũua apús outra ffeitas per *orden*" C: 5.

[**orta**] s.f. 'Horta'. ◊ ***ortas*** (1): "una egrisia que xaman Santa María con otras casas aderredor e con *ortas* e con cortinas e con vinas e con sotos e con molinos e con azenias" 13.

otorgó vid. **outorgar**

otro vid. **outro**

otros vid. **outro**

otra vid. **outro**

otras vid. **outro**

[**outorgar**] v.t. 'Outorgar, conceder'. ◊ IPret. P3 ***otorgó*** (11): "Fernán Pérez, jurado e perguntado, dixo e *otorgó* en todo como dixo Alfonso Pérez, que dixo primero" A:

254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, IPres. P4 ***outorgamos*** (1): "Et nós, ditos abbade et conuento, assý vos *outorgamos* o dito afforamento" C: 18.

outro indef. 'Outro'. ◊ ***outro*** (7): "Jtem *outro* souto que ten o dito Johán Çapateiro, que parte per outro d'Esteuo Lourenço" B: 58, 59, 66, 69, 114, 162; C: 13, ***otro*** (1): "en Francelos entre hun reguero e l'otro an elos cónjgos de Tuy foros de muychas uinas e son rregalengas" A: 247, ***outra*** (98): "parte dũu cabo pella que ffoy de Moor Martiis et doutro cabo parte per *outra* leira de María Lourença et outra de Lourenço Ffernandes" 16 (2), 25, 28, 37, 43... passim; C: 5, 8, 19, ***otra*** (52): "e de *otra* J morabidí" A: 6, 7(2), 8(2), 9, 14-15, 23, 40 (2), 41, 42, 43, 44, 50, 51, 52, 55, 61, 66, 69, 84, 85, 86, 86-87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 96, 97, 98, 102, 129, 131, 134 (2), 138, 140, 142, 143, 154 (2), 155, 159, 231, 232, 234, 240 251-252, ***outros*** (3): "Jtem logo os *outros* castineiros que están aa fonte de María Eanes que ten Moor Martís" B: 191; C: 20, 24, ***otros*** (10): "de máys que no*n* se lo sabían ata que se lo acordassen máys e dixelo ýan a los *otros* que lexauan eles en so logar" **A:** 245, 256, 256-257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, ***outras*** (1): "Jtem *outras* leiras que jasen hu chaman Su Jgleia" B: 28, 35, 41, 45, 49, 51, 86, 96, 101, 111, 112, 260, ***otras*** (8): "e *otras* tres casas de Ossera" A: 11, 12, 41, 56, 57, 175, 217, 240.

P

[**padrón**] s.m. 'Pedrón, pedra grande; marco, fito, mollón". No castelán ten aínda o significado de 'columna con una lápida o inscrición que recuerda un suceso' (DRAE, s.v.). ◊ ***padrones*** (1): "e pelos *padrones* que sunt aquende Miranz e pelos cotos daquende Murias odiron dezir que era rregalengo " A: 219-220.

pagar (3) v. 'Pagar': ◊ IPres. P3 ***paga*** (2): "Jtem outra casa que tem María Peres da qual *paga* X ssoldos, et Dominga Martís *paga* hũu morauidí" B: 270 (2), Inf. ***pagar*** (3): "hũa destas casas ten Pero Martís et as outras dúas ten Johán de Sant'Esteuo et de cada hũa das casas an de *pagar* cada ano des soldos" B: 50, 111-112, 271

pan s.m. 'Pan, alimento feito dunha masa de fariña, auga, sal e levedo; cereal para facer ese alimento'. ◊ ***pan*** (3): "Jtem hũu souto en Cardoxe que tiiña Johán Çapateiro et Tomé Peres et parte pello de Moor Mouriña et doutro cabo pella d'Esteuo Rrodrigues, de que ffasen foro de meo de castanas et terça de *pan*" B: 58, 61, 67, ***pam*** (1): o qual

souto parte dũu cabo pello que ffoy de María Esteues et doutro cabo pello rregueyro et ffassen del foro de terça das castanas et mea de *pam*" B: 268.

par s.m. 'Par, conxunto de dúas cousas ou persoas da mesma categoría'. Na loc. prep. ***á par de*** (3): "a qual leira ias *a par d*outra que tem Esteuo Rrodrigues que he de Melón" B: 120, 151, 273.

[**paramento**] s.m. 'Coidado, arranxo'. ◊ *paramentos* (2): "em guissa que non desfalesca per mjngoa de lauor de bõos *paramentos*" C: 10, 15.

[**parar**] v.t. **1.** 'Preparar, dispoñer'. ◊ SPres. P5 ***paredes*** (1): "Esto que dito he vos afforamos per tal plleito et condiçón que a lauredes et *paredes* ben, em guissa que non desfalesca" C: 9-10.

2. v.t. 'Poñer, situar'. ◊ SFut ***parardes*** (1): "que seiades nossos vassalos servientes et obedientes et non nos *parardes* outro senorío a rrostro" C: 13.

parte s.f. 'Parte, sitio, zona'. ◊ (35): "como parte dũu cabo pella que ffoy de María Caruoeira et parte doutra *parte* pella que ffoy de Dominga Eanes de Muimenta" B: 23, 29, 28, 39, 44, 47, 80, 98, 99, 108, 139, 142 (2), 155, 157, 163, 165, 174, 178, 187, 190, 195, 201, 207, 211, 217, 221, 239, 242, 249, 252, 256, 258, 279; C: 8, 19.

2. 'Cada unha das persoas ou grupos que participan nun asunto'. ◊ ***parte*** (4): "de la uina de Pedro Feo que iaz enna uega de Santiago ye ende ela tercia *parte* de San Clodio" A: 59, 115, 117; C: 19; ***partes*** (1): "Et qual quer das *partes* que contra esto passar et o non conprir et aguardar peyte aa outra parte" C: 19.

[**partido**] adx. 'Partido, dividido'. ◊ ***partidos*** (1): "Et por seer çerto mandamos ende ffaser dous prasos anbos dũu tenor, *partidos* per a b c et firmados do nome do dito don abbade" C: 21.

[**partir**] v. 'Estremar, lindar'. ◊ IPres. P3 ***parte*** (66): "e de Oteiro como *parte* pelo rrýo de Brul e tieno Melón" A: 222; B: 15, 16, 22, 23, 26, 31, 28, 44 (2), 56, 59, 60, 62, 63, 65, 68 (2), 71, 79, 80, 84, 98, 104, 105, 113, 114, 130, 134, 138, 148, 149, 151, 155, 157, 162, 165, 168, 173, 175, 177, 181, 183, 186, 190, 195, 197, 202, 207, 210, 213, 214, 216, 220, 227, 234, 235, 238, 245, 249, 252, 255, 257, 264, 266, 278; C: 7, P6 ***parten*** (9): "Jtem outras leiras que jasen hu chaman Su Jgleia et estas herdades *parten* pella leira da jgleia" B: 28, 47, 51, 87, 108, 122, 123, 201, 232, P6 ***parteen*** (1): "Jtem

outra leira que tem Esteuo Lourenço et Fferrnán Rraposo tem outra et ffasen dellas fforo de terça et *parteen* em ffondo pella [...] de Johán Ffranco" B: 241.

passar v.i. 'Pasar, infrinxir'. ◊ Inf. (1): "Et qual quer das partes que contra esto *passar* et o non conprir et aguardar peyte aa outra parte aguardante por nome de pena" C: 19.

[**peegar**] v. 'Percorrer algo para deslindalo'. Derivado de PEDEM. Co mesmo sentido ca acepción antiga *apear* 'medir [as terras] para sinalar os límites' que recolle o DRAG. Nos textos medievais galegos documéntanse formas do verbo, a partir do último cuarto do séc. XIII (*peegamus*, a.1275 CDSClodioRibeiro) e dunha variante *apeegar* desde finais do XIV (a.1399 DocUnivSantiago). ◊ IPret. P3 ***peegou*** (1): "Estas herdades todas ensinou e *peegou* Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea" B: 73, P6 ***peegaron*** (1): "Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea, moradores en Santo Esteuo, *peegaron* todo ao abbade don Esteuo aa seída da morteidade" B: 74.

pelteiro: s.m. 'Peleteiro, persoa que traballa ou comercia con peles'. ◊ (1): "Martín Pérez, *pelteiro*, jurado e perguntado, dixo e otorgó en todo como estos otros" A: 263.

pena s.f. 'Pena, castigo, multa'. ◊ (1): "Et qual quer das partes que contra esto passar et o non conprir et aguardar peyte aa outra parte aguardante por nome de *pena*" C: 19.

[**perguntar**] v.t. 'Preguntar, inquirir, pedir a alguén que diga'. ◊ Part. m.s. ***perguntado*** (12): "Don Alfonso Pérez, jurado e *perguntado* dixo: da rrúa de San Martino de alende a ponte Antaltares á una casa [a] morte de Martín Suáriz et de su muyer et de sos fíos" A: 5, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264.

[**perteeçer**] v. 'Pertencer, ser propiedade de alguén': ◊ IPret. P6 ***perteeçían*** (1): "et os fforos e casas e herdades que *perteeçían* ao moesteiro de Melón enna flliguesía de Santo Esteuo" B: 76.

[**pescadeira**]: s.f. É erro por *pesqueira* 'pesqueira, presa nun río desde onde se pesca ou coa que se desvía a auga para pescar'. A palabra *pescadera* non existe na actualidade en castelán a non ser co valor de 'muller que vende peixe'. Tampouco se rexistra no léxico leonés con outro significado. Dado que vacilou e escribiu dúas variantes, seguramente o escribán descoñecía o termo e intentou adaptar á súa variedade lingüística a voz galega *pesqueira* (sobre os seus significados e usos nos textos medievais galegos, vid. Varela Sieiro, 2008: 342-346). Provén do lat. PISCARIAM

'mercado de peixe, peixería'. Así e todo, *Pescaria*, *pescera* e *pesqueram* figuran nos textos leoneses co significado de 'sitio ou lugar onde se pesca' e quizais co valor de 'presa ou muro de contención nun río' e 'dereito de pesca' (Álvarez Maurín, 1994: 203). ◊ ***pescadeiras*** (1): "Et estos jurados todos dixeron que elas *pescadeiras* de las Rezas sobredichas que non yeran en so couto de la uila" A: 250, ***pescadorias*** (1): "e dixeron máys que elas *pescadorias* das Rezas que odiran dezir por uerdad que yeran rengalengas" A: 223.

[**peytar**] v.t. 'Peitar, pagar un tributo ou unha multa'. ◊ SPres. P3 ***peyte*** (2): "Et qual quer das partes que contra esto passar et o non conprir et aguardar *peyte* aa outra parte aguardante por nome de pena" C: 19, 20.

pitancia: s.f. ' Pitanza, ración de comida que se distribúe entre os que viven en comunidade ou entre os pobres'. Neste contexto parece ter o significado de 'esmola ou tributo para pagar pitanzas'. Andrade Cernadas (2009: 45-64) menciona tamén pitanzas en honra dos defuntos. A voz está emparentada co lat. PIETAS 'piedade'. ◊ (1): "e de las uinas que furon de Pay Domíngez dá una *pitancia* de C soldos a Melón" A: 149.

plaza s.f. **1.** 'Praza; espazo amplo e descuberto nunha poboación, destinado a distintas ocupacións'. ◊ (1): "De las casas que fueron de Pedro Dente dan XXV soldos a Ossera; ela *plaza* de la fera ye de Ossera; ela casa que fu de Domingo Pelitero ye de Ossera" A: 120.

2. ◊ (1): Aparentemente nunha acepción máis xeral de 'lugar': "otra cortina que tien Marina Martiz, que iaz cerca esta, ye del Espital e con otra *plaza* que iaz contra o rrrío" A: 98.

plleito s.m. 'Preito, contrato'. ◊ (1): "Esto que dito he vos afforamos per tal *plleito* et condiçón que a lauredes et paredes ben" C: 9.

[**poblador**] s.m. 'Poboador; persoa que se establece nun lugar para vivir nel'. ◊ ***poboadores*** (4): "ela meadad de la egrisia de Sante'Steuan ye de Ossera e ela meadad de Tuy, e fu de los *pobladores* de la uilla" A: 182, 225, 227, 249.

ponte: s.m. 'Ponte'. ◊ (1): "da rrúa de San Martino de alende a *ponte* Antaltares á una casa [a] morte de Martín Suáriz et de su muyer et de sos fíos" A: 5.

por prep. 'Por'. ◊ (13): "e pusieron consigo *por* vigarios que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós a Pedro Martiz Paan et a Ffernán Núnez" A: 2, 14, 24, 33, 34, 66, 79, 112, 152, 219, 221, 223, 236

porto: s.m. 'Porto, lugar por onde é doado o paso. ◊ (1): "elas víneas que furon de Joán Fernández d'Ourantes, que iazen al *porto* de las Uirineyras, son de San Martino de Fóra" A: 48.

[**poner**] v. tr. 'Poñer, nomear'. ◊ IPret. P6 ***pusieron*** (1): "*pusieron* consigo por vigarios que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós a Pedro Martiz Paan et a Ffernán Núnez" A: 2.

[**poder**] v. 'Poder'. ◊ SPres. P5 ***posades*** (1): "et que non *posades* vender nen dar nen enallearnen por vossas almas mandar senón ao dito moesteiro" C: 13.

[**portugees**] adx. 'Portugués, moeda antiga'. ◊ ***portugeesses*** (1): "et as outras leyras que teen ffilos de Pero das Congostas et Tomé Peres et Pero Martís ffasen fforo de terça et mays V *portugeesses* de cada hũa das ditas leyras por fforos" B: 102, ***purtugueeses*** (1): "et as outras leiras que teen ffillos de Pero das Congostras et Tomé Peres et Pero Martís et de cada hũa destas leiras dan de fforo cada ano Vº *purtugueeses*" B: 43.

praso s.m. 'Documento legal'. ◊ ***praso*** (2): "Sábean quantos este *praso* viren como nós ffrey Johán Esteues" C: 2, 20, ***prasos*** (1): "Et por seer çerto mandamos ende ffaser dous *prasos* anbos dũu tenor, partidos per a b c et firmados do nome do dito don abbade" C: 21.

presente adx. 'Presente'. ◊ ***presente*** (1): "Et eu, dito Affonso Peres, por mjn et porlla dita mjña moller, que *presente* non he, et voses depús mjn, assý rreçebo de vós, ditos abbade et convento, o dito afforamento" C: 16, ***pressentes*** (1): "Testemoyas que fforon *pressentes*: ffrey Gonçaluo Martiis, prior, Lourenço Rrigueiro, ffrey Gonçaluo d'Auelaenda, Steuo Caaueirão" C: 23.

presoria s.f. 'Posesión'. O termo *presura* -no latín da Gallaecia *presura*, *pressura*, *presoria* ou *presúria*; na Marca Hispana denominábase *aprisio*- fai referencia á ocupación que se fixo durante a Reconquista dos territorios abandonados ou recuperados que non teñen dono, para repoboalos e cultivalos. Para máis sobre o concepto vid. de la Concha Martínez (1944) e Peña Bocos (1993) e sobre a etimoloxía e as variantes vid. Piel (1989: 195-199). De etimoloxía complexa, os autores que a tratan remiten xeralmente

ó lat. vg. PRENDERE. Nos textos romances galegos da Idade Media, a voz *presura* é moi escasa e ten o significado de 'présa'. Máis frecuente é o verbo *persuýr* ou *persoyr*, seguramente relacionado, como un xeito de posesión da terra. ◊ ***presoria*** (2): "el arcibispo de Santiago á y unas casas que ouo da *presoria* de la uilla" A: 198, 237, ***persoria*** (1): "e ela eredad de nyetos que foron de dona Mayor Pérez que fu de la *persoria* de la uila" A: 226.

primeiramente adv. 'Primeiramente; en primeiro lugar'. ◊ (2): "Jtem *primeiramente* jas hũa leira hu chaman a d'Orrac'Arres" B: 21, 119.

[**primeiro**] num. ord. 'Primeiro, primeiramente'. ◊ ***primero*** (1): "dixo e otorgó en todo como dixo Alfonso Pérez, que dixo *primero*" A: 255, ***primeira*** (1): "ffeitas per orden, assý que a *primeira* vós nomẽe a ssegunda et a ssegunda nomẽe a terceira uós" C: 5.

prior s.m. 'Prior, superior dun convento; segundo en rango, se hai abade'. ◊ (1): "Testemoyas que fforon pressentes: ffrey Gonçaluo Martiis, *prior*, Lourenço Rrigueiro, ffrey Gonçaluo d'Auelaenda, Steuo Caaueirão" C: 23.

público adx. 'Público, da poboación en xeral'. ◊ (8): "et en ffondo ffere enno rregueiro et en çima topa enno camjño *público* que vén pera Cardoxe" B: 25, 30, 31, 38, 82, 89, 97, 281.

pumar s.m. 'Pomar, terreo plantado de froiteiras'. ◊ (2): "et estas ditas casas con seus ixidos van topar enno *pumar* que ffoy de Martín Gago" C: 48, 110.

pustromeiro adx. 'Postremeiro, derradeiro, último'. ◊ ***pustromeiro*** (1): "afforamos a vós, Affonso Peres, morador en Naseirros et a vossa moller Marina Martís, en uossa vida danbos, et a dúas voses após o *pustromeiro* de cada hũu de vós" C: 4, ***pustromeira*** (1): "Et a seimento da *pustromeira* uós a dita herdade fiqui liure et quite et desembargada" C: 14.

Q

qual quer ind. 'Calquera'. Seguramente sexa aínda unha forma analítica. ◊ (1): "Et *qual quer* das partes que contra esto passar et o non conprir et aguardar peyte aa outra parte" C: 18.

[quanto] indf. 'Canto'. Expresa número indeterminado. ◊ ***quantos*** (1): "Sábean *quantos* este praso viren como nós ffrey Johán Esteues, porlla graça de Deus et da Santa Igleia de Roma [abb]ade do moesteiro de Santa María de Melón" C: 1.

quarta s.f. 'Quarta parte'. ◊ ***quarta*** (6): "e de V casas que furon de María Danz á ela *quarta* hun frade de Melón" A: 19, 23, 113, 115, 117, 123, ***quartas*** (2): "e elas en que mora Rruy Suárez, elas tres *quartas* de Santiago e ela otra quarta de Antaltares" A: 23, C: 11.

quatro num. cardinal. 'Catro'. ◊ (10) "e otras *quatro* leras que iazen a la Ganderela so Carrera que son de Ossera" A: 41, 170, 187, B: 31, 90, 228, 229, 263, 272, 275.

[**quinión**] s.m. 'Quiñón, quinta parte; porción dunha herdanza'. No galego actual ten o significado de 'lote, partilla'; en castelán 'parte que se ten con outros en algo produtivo, especialmente terras' e tamén 'porción de terra de cultivo de tamaño variable' (DRAE, s.v. *quiñón*). ◊ ***quiniones*** (1): "e de la bona que fu de Pedro Citrana á ende el Espital de diaz e ueocho *quiniones* el uno" A: 118.

quinta s.f. 'Quinta parte'. ◊ (1) "saben por uerdad que dauan *quinta* al rrey" A: 221.

quite adx. 'Quito, libre, exento'. ◊ ***quita***: "E sex leiras de Fernán Talaueira de súa eredad *quita* a so finamento á de ficar a Aziueyro" A: 186, ***quite*** (1): "Et a seimento da pustromeira uós a dita herdade fiqui liure et *quite* et desembargada" C: 15.

R

[**render**] v.t. 'Render, dar beneficio'. ◊ IPres. P6 ***renden*** (1): "e otras V uinas tien Pedro Martiz Payán del bispo d'Oréns en sos días et *renden* X soldos" A: 218.

rrecadar v. 'Recadar, cobrar ou percibir beneficios por algo'. ◊ Inf. (1): "por nosso moordomo, ao qual avedes a dar de comer et de bever cumunalmente mentre *rrecadar*" C: 12.

[**rreçeber**] v.t. 'Recibir, ser o destinatario'. ◊ IPres. P1 ***rreçebo*** (1): "Et eu, dito Affonso Peres, por mjn et porlla dita mjña moller, que presente non he, et voses depús mjn, assý *rreçebo* de vós, ditos abbade et convento, o dito afforamento" C: 16.

rregalengo adx.: 'Reguengo, rexio, real, do rei; dise especialmente dos territorios'. ◊ ***rregalengo*** (1): "e pelos padrones que sunt aquende Miranz e pelos cotos daquende Murias odiron dezir que era *rregalengo* e saben por uerdad que dauan quinta al rrey" A: 221, ***rregalengas*** (1): "entre hun reguero e l'otro an elos cónjgos de Tuy foros de muychas uinas e son *rregalengas*" A: 248, ***rrenganlengas*** (1): "e otras X leras y á cerca e son *rrenganlengas*" A: 241, ***rengalengas*** (1): "e dixeron máys que elas pescadorias das Rezas que odiran dezir por uerdad que yeran *rengalengas*" A: 183.

rregueiro s.m. 'Regueiro, pequeno curso de auga'. ◊ ***rregueiro*** (7): "et en ffondo ffere enno *rregueiro* et en çima topa enno camjño público que vén pera Cardoxe" B: 24, 26, 151, 155, 161, 203, 229, 230, ***rrigueiro*** (1): "Jtem a sobre camjño tem Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Esteuo Lourenço hũua leira et ffasem della fforo de terça a Melón, et parte pella congosta et uay fferir no *rrigueiro* et parte pella d'Oseira" B: 214, ***rregueyro*** (1): "o qual souto parte dũu cabo pello que ffoy de María Esteues et doutro cabo pello *rregueyro* et ffassen del foro de terça" B: 267-268, ***rrigeiro*** (2): "et en ffondo ffere no *rrigeiro* etençima topa no camjno público que uén pera Cardoxe" B: 82, 84, ***reguero*** (1): "e dixeron máys que en Francelos entre hun *reguero* e l'otro an elos cónjgos de Tuy foros de muychas uinas" A: 246-247.

rrenembrancia s.f. 'Lembranza, recordo'. ◊ (1): "Esta ye la *rrenembrancia* de la enquisa que sacó Johán Peláez e Pedro Domíngez, omnes del rrey don Alfonso en Rribadauia" A: 1.

rrey s.m. 'Rei': 'Soberano dun estado monárquico'. ◊ ***rrey*** (5): "Esta ye la rrenembrancia de la enquisa que sacó Johán Peláez e Pedro Domíngez, omnes del *rrey* don Alfonso en Rribadauia" A: 2, 222, 227, 229; C: 20, ***rey*** (1): "e dizen que Reuordaos que fu de la eredade que dio el *rey* a los pobladores de la villa, e ora ála Santiago" A: 225.

rribeira 'Ribeira, faixa de terra ó lado dun río ou do mar'. Podería ter valor toponímico. ◊ (3): "Et jtem outra leira de souto que ten Johán Çapateiro, que parte pella d'Esteuo Lourenço et doutro cabo pellas dos da *rribeira*" B: 61, 62, 234.

rrío s.m.: 'Río, corrente de auga que desemboca noutra, nun lago ou no mar'. ◊ ***rrío*** (1): "enno *rrío* d'Auia, cerca ella uilla, á Melón dúas azenias boenas" A: 70, ***rrrío*** (1): "otra cortina que tien Marina Martiz, que iaz cerca esta, ye del Espital e con otra

plaza que iaz contra o *rrrío*" A: 98, ***rrýo*** (1): "e de Oteiro como parte pelo *rrýo* de Brul e tieno Melón" A: 222.

rrostro s.m. 'Rostro, cara'. Usado na loc. adv. ***a rrostro***, co significado de 'enfronte, á fronte. ◊ (1): "et que seiades nossos vassalos servientes et obedientes et non nos parardes outro senorío *a rrostro*" C: 13.

rrúa s.f.: 'Rúa, vía no medio dunha poboación'. ◊ ***rrúa*** (1): "da *rrúa* de San Martino de alende a ponte Antaltares á una casa" A: 5, ***rúa*** (1): "enna *rúa* de Cima de Uilla ha el Espital VIJ casas onde leuan tres morauidís et medio" A: 204.

S

saber v.t. 'Saber, ter coñecemento ou estar informado de algo'. ◊ IPres. P6 ***saben*** (1): "odiron dezir que era rregalengo e *saben* por uerdad que dauan quinta al rrey" A: 221, ICopret. P6 ***sabían*** (1): "e dixeron máys estos jurados todos que casas et uinas, sotos e cortinas que auýan elas órdenes enna villa, de máys que non se lo *sabían* ata que se lo acordassen máys" A: 244, SPres. P6 ***sábean*** (1): "*Sábean* quantos este praso viren como nós ffrey Johán Esteues, porlla graça de Deus et da Santa Igleia de Roma abbade do moesteiro de Santa María de Melón" C: 1, Inf. ***saber*** (1): "et en seu término et morou hi o abbade tres días con súa conpana por saber estas herdades" B: 77, Inf. ***ssaber*** (1): "conuén a *ssaber*, que uos afforamos aquella nossa viña da villa que jas em ffondo de Reuordochãao" C: 5.

[sacar] v.tr. 'Sacar, poñer algo fóra do sitio onde estaba'. ◊ IPret. P3 ***sacó*** (1): "Esta ye la rrenembrancia de la enquisa que *sacó* Johán Peláez e Pedro Domíngez, omnes del rrey don Alfonso en Rribadauia" A: 1.

san adx. 'San, santo'. Forma apocopada de *santo* (vid.) cando o nome a seguir comeza por consoante. ◊ (25) "da rrúa de *San* Martino de alende a ponte Antaltares á una casa" A: 5, 6, 16, 26, 29, 35 (2), 41, 44, 46, 48, 53, 60, 69, 73, 83, 84, 85, 92, 95, 189, 190, 192, 241, 249.

santo adx. 'Santo'. Acompaña a haxiónimos titulares dunha igrexa ou mosteiro. ◊ ***santo*** (4): "Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea, moradores en *Santo* Esteuo, peegaron todo ao abbade don Esteuo aa seída da

morteidade" B: 74, 76, 118, 288, ***sant'*** (12): "das viñas et das casas et dos soutos et herdades et dos fforos que o moesteiro de Mellón ha enna villa de *Sant'*Esteuo" B: 21, 34, 44, 46, 50, 52, 54, 94, 105, 107, 111, 113, ***sante*** (2): " de *Sante*Steuan, Pedro Páez ten dúas casas de Melón" A: 151, 181, ***santa*** (4): "ha en aquel logar mismo una egrisia que xaman *Santa* María" A: 12; B: 118; C: 2, 3.

[**segundo**] num. ord. 'Segundo'. ◊ ***ssegunda*** (2): "ffeitas per orden, assý que a primeira vós nomẽe a *ssegunda* et a *ssegunda* nomẽe a terceira uós" C: 5 (2).

seída s.f. 'Saída, acción de saír'. ◊ (1): "Johán Lourenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea, moradores en Santo Esteuo, peegaron todo ao abbade don Esteuo aa *seída* da morteidade" B: 75.

seimento s.m. 'Saída, remate'. ◊ (1): "Et a *seimento* da pustromeira uós a dita herdade fiqui liure et quite et desembargada" C: 14.

seis num. card. 'Seis'. ◊ (1): "estas herdades parten pella leira da jgleia et doutra parte pella d'Oseira et vén entestar enna que ffoy d'Esteuo Gago et topan enno camjño público con súas casas et con seus lagares que son *seis*, et an de fforo cada hũu quatro dineiros" B: 31.

sen prep. 'Sen'. ◊ (1): "e ela casa de Pedr'Esqualo *sen* o exido, ye de Melón" A: 206.

senara s.f. 'Seara, senra, extensión de terra de labor normalmente dedicada a cereal'. Para esta voz e as súas variantes no leonés medieval vid. Álvarez Maurín (1994: 162-164). ◊ (5): "e una *senara* que iaz al porto de las Uirineras que ye de la egrisia de Santiago Compostellano" A: 53, 64, 101, 104, 239.

senón prep. 'Senón, excepto'. ◊ (1): "et que non posades vender nen dar nen enallear nen por vossas almas mandar *senón* ao dito moesteiro" C: 14.

senorío s.m. 'Señorío; autoridade que se ten sobre algo ou alguén'. ◊ (1): "et non nos parardes outro *senorío* a rrostro et que non posades vender nen dar nen enallear" C: 13.

sepulcro s.m. 'Sepulcro, cova, sepultura'. En relación á orde do Santo Sepulcro de Xerusalén. ◊ (5): "e otra casa de Ossera; e el *Sepulcro* dúas casas" A: 9, 140, 144, 151, 171.

[ser] v. 'Ser, existir'. ◊ IPres. P3 *é* (2): "casa que fu de Joán Pérez de Castrello que ten Rruy Suárez por en sos días e de so fío *é* de San Clodio" A: 35, 127, *he* (5): "Jtem outra leira que ten Esteuo Rrodrigues et súa hirmandade et *he* de souto" B: 17, 18, 121, 148; C: 16, *ye* (85): "Esta *ye* la rrenembrancia de la enquisa que sacó Johán Peláez e Pedro Domíngez, omnes del rrey don Alfonso en Rribadauia" A: 1, 39 (2), 40, 41, 43, 44, 45, 46, 50, 53, 54, 59, 61, 62, 64, 65, 68, 70, 73, 74, 76 (2), 77, 81, 82, 86, 87, 89, 90 (2), 91, 92, 93, 94, 97, 100, 101, 102, 103, 108, 109 (2), 113, 120, 121 (2), 122, 123, 124, 128, 130, 133, 134, 135, 136, 137 (2), 138, 139, 140 (2), 142 (2), 143, 145, 146, 148, 162, 163, 163 (2), 165, 182, 187, 190, 195, 199, 206, 211, 212, 233, P6 *son* (19): "Estas *son* elas vinas que an elas órdenes enno coto del Burgo" A: 37, 42, 48, 57, 60, 70, 99, 105, 107, 116, 133, 141, 147, 151, 234, 241, 248; B: 30, 263, P6 *som* (1): "Estas *som* as herdades que Santa María de Melón á em Santo Esteuo" B: 118, P6 *sson* (1): "topan no camjno público que uay de Rribadáuea para Ponteuedra, con ssúas casas et con sseus lagares, que *sson* sseys" B: 90, *sunt* (1): "e pelos padrones que *sunt* aquende Miranz e pelos cotos daquende Murias odiron dezir que era rregalengo" A: 220, P6 ICopret. P3 *era* (1): "odiron dezir que *era* rregalengo" A: 221, P6 *yeran* (1): "odiran dezir por uerdad que *yeran* rengalengas" A: 224, 25, IPret. P3 *ffoy* (26): "parte dũu cabo pella que *ffoy* de Moor Martiis" B: 15, 22, 23, 26, 29, 39, 40, 48, 52, 79, 80, 84, 85, 88, 98, 99, 110, 114, 135, 136, 154, 161, 225, 238, 267, 291, P3 *foy* (1): "Jtem Johán Porrino outra leira que *foy* de Esteuo Rrodrigues" B: 132, *fu* (70): "e dixo máys que casa que *fu* de Pay Caluo ála a tener dona Major en su uida et por morte a Melón" A: 14, 15, 16, 17, 22, 25, 26, 27 (2), 28, 30, 31, 34, 46, 54, 63, 65, 67, 68, 69, 72, 73 (2), 73 (2), 74, 76, 77, 80, 81, 82, 91, 96, 100, 103, 107, 108 (2), 109, 110, 111, 112, 113, 116, 117, 120, 121, 122, 123, 124, 127, 128, 129, 130, 131, 135, 136, 144, 162, 182, 188, 193, 195, 199, 201, 212, 224, 226, 229, 230, 249, P6 *fforon* (2): "as quaes leiras parten pellas que *fforon* de Pero Ffeca" B: 201; C: 23, P6 *foron* (3): e ela eredad de nyetos que *foron* de dona Mayor Pérez que fu de la persoria de la uila" A: 226, 237; B: 260, *furon* (13): "e de V casas que *furon* de María Danz á ela quarta hun frade de Melón" A: 18, 32, 47, 99, 105, 106, 114, 115, 125, 132, 148, 191, *fueron* (1): "De las casas que *fueron* de Pedro Dente dan XXV soldos a Ossera" A: 119. SPres. P5 *seiades* (1): "et que *seiades* nossos vassalos servientes et obedientes et non nos parardes outro senorío a

rrostro" C: 12, Inf. ***seer*** (1): "Et por *seer* çerto mandamos ende ffaser dous prasos anbos dũu tenor, partidos per a b c" C: 21.

1. ser + part. (1): "Testemoyas que *fforon* pressentes ffrey Gonçaluo Martiis, prior, Lourenço Rrigueiro, ffrey Gonçaluo d'Auelaenda..." C: 23.

[**serviente**] adx. 'Servente; servidor, o que serve'. ◊ ***servientes*** (1): "et que seiades nossos vassalos servientes et obedientes et non nos parardes outro senorío a rrostro" C: 12.

[**sésega**] s.f. 'Asento ou sitio onde está algo ou é apto para algo'. Para a etimoloxía vid. DCECH, s.v. *sesgo*; para os seus usos e a semántica da palabra vid. Varela Sieiro (2008: 354-356) e tamén, para o ámbito asturleonés, vid. Álvarez Maurín (1994: 186-187). ◊ ***sésegas*** (1): "Jtem outra casa que tem María Peres á ffonte et polas *sésegas* que están a par da dita casa" B: 273.

[**sesto**] sf. 'Sexta parte'. ◊ ***sesta*** (1): "e de la una leira dá ela *sesta* a los conóligos" 187.

sex num. cardinal. 'Seis'. ◊ (1): "E *sex* leiras de Fernán Talaueira de súa eredad quita a so finamento á de ficar a Aziueyro" A: 185.

so prep. 'So, debaixo de'. ◊ ***so*** (9): "alende Auia una vina que ten Fernán Pérez, clérigo, *so* las casas de Quinzana ye de Ossera" A: 38, 42, 91, 17, 140, 141, 142, 146, 240, 251. ◊ ***su*** (2). Tamén no topónimo *Su (a) Jgreja* (vid. o apartado de onomástica): "Jtem Johán Porrino outra leira que foy de Esteuo Rrodrigues a *su* a cortina de Lusía Martís" B: 131, 191.

sobre prep. 'Sobre, enriba de' (en sentido recto ou figurado); en contacto co artigo determinado pode levar enclítca a segunda forma. ◊ ***sobre*** (4): "e otra uina *sobre* azenias de Ossera que tien Johán Ramírez e ye de Ossera" A: 88, 239; B: 136, 211, ***sobr'*** (3): "casa que fu de Pedro Martiz con otra que está sobr'ela son de Cellanoua" A: 69, 75, 136, ***sóbrello*** (1): "Jtem em çima a *sóbrello* rregueiro d'Oseira tem Johán Ffranco hũua leira" B: 229, ***sóbrella*** (3): "Jtem a *sóbrella* leira ias outra leira que ten Moor Mourina et María do Curral et María Peres et seu hirmãao" B: 243; C: 6, 7. ***sóbrelas*** (1): "e una leira que iaz *sóbrelas* uinas de Francelos que fu de fýos de don Pedro Martiz e ála Ossera" A: 230.

[**sobredito**] adx. 'Sobredito, xa mencionado'. Nótese que en B alterna coa forma analítica (vid. *sobre*: *sobre a dita cortina* 136). ◊ (2): "et á vós del rrey outros tantos peyte et o

praso et afforamento vala enno tenpo *sobredito*" C: 21, 22, ***sobreditos*** (1): "et esta leira lauran os *sobreditos* et Esteuo Rrodrigues hũua leira que ten con esta leira" B: 145, ***sobreditas*** (1): "et obligo meus bẽes et das ditas voses depús mjn a conprir et aguardar as condições *sobreditas*" C: 18, ***sobredichas*** (1): "Et estos jurados todos dixeron que elas pescadeiras de las Rezas *sobredichas* que non yeran en so couto de la uila" A: 251.

[**solar**] s.m. 'Soar, terreo onde se pode construír'. A voz *soar* tiña en galego medieval a acepción primeira de 'casa, descendencia, liñaxe' (Tato Plaza, 1999, s.v. *solar*) e logo, xa a partir do século XIV pero fundamentalmente no XV, quizais por castelanismo ou por restitución culta ou por homonimia co verbo *soar*, alternou coa forma *solar* e adquiriu a acepción 'terreo apto para facer casa' [TMILG, data da consulta 21/08/2015]. No galego moderno restituíuse a forma *soar* mais coa acepción prestada do castelán. É derivado do lat. SŎLUM. ◊ ***solares*** (2): "en *solares* que furon de Martín Ueremúdez fizieron elos frades de Melón dúas bodegas grandes e dúas casas grandes de morada" A: 125, 161.

soldo: s.m. 'Soldo, moeda antiga'. ◊ ***soldo*** (1): "e de la casa de Martín Noguera dan J *soldo* a Melón" A: 158, ***soldu*** (1): "e de la casa de Johán Bafarino dá XVIIJ dineiros a Ossera e unu soldu a Melón" A: 158, ***soldos*** (29): "e Santiago á y de dúas casas V *soldos* cada ano; e Osseyra IIIJ *soldos* de otra" A: 7(2), 9, 19, 20, 25, 26, 28, 49, 111, 119, 146, 149, 153, 157, 159, 160, 161 (2), 189, 194, 196, 197, 203, 207, 208, 215, 218; B: 50. ***ssoldos*** (3): "et de cada hũa das casas an de pagar cada ano X *ssoldos* de brancos" B: 111, 269, 270.

soto vid. **souto**

souto s.m. 'Souto, terreo poboado de castiñeiros'. ◊ ***souto*** (22): "et de todas estas herdades et souto ffasen fforo de terça a Melón" B: 19, 56, 58, 59, 62, 64, 65, 69, 71, 146, 147, 148, 152, 161, 162, 233, 256, 265 (2), 266, 283, 285, ***soto*** (3): "e otra lera que ten Fernán Núnez ye del Espital al *soto* de Pay Ranado" A: 50, 52, 144, ***soutos*** (1): "das viñas et das casas et dos *soutos* et herdades et dos fforos que o moesteiro de Mellón ha enna villa de Sant'Esteuo" B: 20. ***sotos*** (3): "una egrisia que xaman Santa María con otras casas aderredor e con ortas e con cortinas e con vinas e con *sotos* e con molinos e con azenias" A: 13, 242, 243.

ssaber vid. **saber**

ssegunda vid. **segundo**

ssoldos vid. **soldo**

su vid. **so**

subereiro s.m. 'Sobreira; árbore da que se extrae a cortiza'. ◊ (1): "et vay topar aa ffonte da Nugueira et dessý pello *subereiro* affesto" C: 8.

T

tal indef. 'Tal'. ◊ (1): "Esto que dito he vos afforamos per *tal* plleito et condiçón que a lauredes et paredes ben" C: 9.

[**tallo**] s.m. 'Tallón, leira pequena'. ◊ ***talo*** (1): Jtem hũu *talo* de viña dentro eno Cortinal d'Esteuo Rrodrigues" B: 263.

tanbén adv. 'Tamén'. Serve para incluír en algo que xa se expresou. ◊ (1): "et netos de Sancha da Lágea et ffillos de Pero das Congostras teen as outras cassas et eira et lagares et de Domingo Ffrade *tanbén*" B: 37.

[**tanto**] indef. 'Tanto; igual'. ◊ ***tantos*** (1): "peyte aa outra parte aguardante por nome de pena çen morauidís de dineiros brancos et á vós del rrey outros *tantos* peyte" C: 19.

tarreo s.m. 'Terreo, porción de terra de labranza'. ◊ (1): "et per hũu *tarreo* que tem Pero Calças et Lourenço Monteiro á de dar quatro dineiros cada ano" B: 274.

tener v. tr. 'Ter, posuír'. ◊ IPres. P3 ***ten*** (71): "casa que fu de Joán Pérez de Castrello que *ten* Rruy Suárez por en sos días e de so fío é de San Clodio" A: 34, 38, 50, 51, 52, 56, 58, 61, 62, 92, 106, 133, 134, 137, 141, 142, 143, 150, 151, 152, 154 (2), 165, 166 (2), 167, 168 (2), 169 (2), 171(2), 173, 174, 176 (2), 177, 178, 179, 180, 183, 184, 215, 216, 252; B: 18, 33, 35, 36, 49 (2), 52, 58, 60, 64, 48, 70, 92, 110, 111, 113, 119, 126, 145, 148, 151, 191, 197, 226, 229, 242, 282, ***tem*** (50): "a qual leira ias a par doutraque *tem* Esteuo Rrodrigues que he de Melón, et ffas della fforo de terça" B: 121, 124, 128, 138, 148, 152 (2) 153, 154, 156, 159, 167, 170, 174, 177, 179, 182, 186, 188, 192, 196, 202, 204, 208, 211, 214, 218, 219, 222, 223, 230, 233, 235, 237, 240, 241, 247, 250, 251, 254, 257, 258, 259, 266, 268, 270, 274, 277, 278, P3 ***tien***

(24): "vna uina cabo esta que *tien* Marina López ye de Santiago e de Sar" A: 39, 43, 44, 55, 60, 83, 84, 85, 86, 87, 89, 90, 93, 94, 96, 97, 155, 156, 217, 218, 231, 232, 233, P3 ***tieno*** (1): "e de Oteiro como parte pelo rrýo de Brul e *tieno* Melón" A: 222, P3 ***tena*** (2): "Jtem outra leira a sobre a dita cortina que ffoy de Moor Domingues et ffasen della fforo de terça et *tena* Johán Ffranco" B: 137, 164, ***tenla*** (2): "e una uina en Congosto que fu de dona Theresa ye de San Pedro de Fóra e *tenla* Arias Nunj a foro de medio" A: 69, 193, ***tenna*** (1): "e otra uina de Congosto que fu de Pay Tenelas *tenna* Arias Núnez a foro de Melón de medio" A: 67, ***tienna*** (1): "e ela casa que fu de Fernán Sauastiánez *tienna* Johán Núnez por en sos días" A: 111, ***tenas*** (1): "et outra de [...] que ten Johán Lourenço, e aa jgleia dúas et *tenas* Esteuo Lourenço, et ffasem de todas fforo de terça" B: 226, P6 ***teen*** (12): "et netos de Sancha da Lágea et ffillos de Pero das Congostras teen as outras cassas et eira et lagares" B: 36, 41, 43, 46, 54, 92, 94, 96, 101, 104, 115, 146, ***teem*** (1): "Jtem em çima tem María Peres et seu hirmãao et María do Curral et Moor Mourina *teem* outra leira de que ffasen fforo de terça" B: 248, ***tẽen*** (1): "as quaes casas et eira et lagares *tẽen* ffillos de Pero das Congostras et Domingo Ffrade" B: 33, ***téennas*** (1): "Jtem jasen y hũas cassas hu chaman Os Quinteiros et *téen*nas ffilos de Johán de Sant'Esteuo et Pero Martís" B: 107, ***tiénen(la)*** (1): "de la eredad que dio el rrey a los pobladores, *tiénenla* estos caualeiros e non fazen dela foro" A: 227, P6 ***tenen*** (4): "María Pérez et dona Serra *tenen* una casa de que dan VIJ soldos a Melón cada ano" A: 153, 171, 173, 238, 193, ICopret. P3 ***tiña*** (1): "Jtem hũu souto hu chaman As Pereias fere en esta que *tiña* Pero Sobrino" B: 256, ***tiiña*** (1): "Jtem hũu souto en Cardoxe que *tiiña* Johán Çapateiro et Tomé Peres et parte pello de Moor Mouriña et doutro cabo pella d'Esteuo Rrodrigues" B: 56, IPret. P3 ***teuo*** (1): "casa que *teuo* don Pedro Arias sobr'el forno de Pay Pérez ye de la egrisia de Santiago" A: 75, Inf. ***tener*** (4): "casa que fu de Pay Caluo ála a *tener* dona Major en su uida et por morte a Melón" A: 14, 66, 78, 236.

tenor s.m. 'Teor, contido dun escrito'. ◊ (1): "Et por seer çerto mandamos ende ffaser dous prasos anbos dũu *tenor*, partidos per a b c" C: 21.

tenpo s.m. 'Tempo'. ◊ (1): "et o praso et afforamento vala enno *tenpo* sobredito" C: 21.

[**tenda**] s.f. 'Tenda, construción formada por unha estrutura de distintos materiais e cuberta dunha tea'. Logo, 'establecemento onde se vende algo', pois empezaron por ser postos

móbiles. Non se pode descartar que aquí teña outro significado que descoñecemos. ◊ ***tendas*** (1): "ela media eredad que fu de Lope Moro á de ficar a muerte de Martín Suárez a Ossera, se non ela lera de Pereras elas *tendas* " A: 201.

terça s.f. 'Terza, terceira parte'. ◊ ***terça*** (62): "et de todas estas herdades et souto ffasen fforo de terça a Melón" B: 19, 41, 58, 61, 67, 69, 72, 83, 86, 91, 100, 102, 106, 117, 120, 121, 125, 135, 137, 142, 151 (2), 153, 156, 158, 160, 162, 163, 165, 169, 172, 175, 179, 181, 184, 185, 187, 191, 196, 198, 204, 207, 210, 213, 126, 220, 223, 227, 229, 231, 234, 235, 238, 241, 245, 247, 249, 252, 255, 265, 268, 283, ***terca*** (1): et da hũua parte pella de Domingo Lourenço et da outra parte pellas congostras et ffasem della fforo de *terca*" B: 144, ***tercia*** (5): "e hun frade de San Clodio á y *tercia* de una casa e faz fazendera dela" A: 35-36, 59, 63, 149-150, 174, 238, ***tercias*** (2): "Martín Fernández ten una uina de que dá as dúas *tercias* a Ossera" A: 178, 179.

[**terceiro**] num. ord. 'Terceiro'. ◊ ***terceira*** (1): "per orden, assý que a primeira vós nomẽe a ssegunda et a ssegunda nomẽe a *terceira* uós" C: 5.

término s.m. 'Termo, remate, límite, fronteira; territorio que está baixo unha xurisdición'. ◊ (1) "ela tercia del agro de Congosto que fu de Martín Cortido, que iaz enno *término* del Burgo, ye de Melón" A: 64, ***término*** (1): "et en seu *término* et morou hi o abbade tres días con súa conpana por saber estas herdades" B: 77.

[**testemoya**] s.f. 'Testemuña'. ◊ ***testemoyas*** (1): "*Testemoyas* que fforon pressentes: ffrey Gonçaluo Martiis, prior, Lourenço Rrigueiro, ffrey Gonçaluo d'Auelaenda" C: 23.

todo indef. 'Todo; o conxunto enteiro'. ◊ ***todo*** (15): "Fernán Pérez, jurado e perguntado, dixo e otorgó en *todo* como dixo Alfonso Pérez" A: 254, 255, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 263-264; B: 61, 75, 120, 172, 229, ***toda*** (1): "et esta herdade pártese pella d'Oseira *toda* et á de ffaser del fforo de terça" B: 264, ***todos*** (3): "e dixeron máys estos jurados *todos* que casas et uinas, sotos e cortinas que auýan elas órdenes enna villa, de máys que non se lo sabían" A: 243, 250; C: 15, ***todas*** (5): "Enna Cruz del Campo ante casa de Martín Arias á ela egrisia de Santiago VI casas que iazen *todas* de consuno" A: 80, 162; B: 19, 73, 227.

topar v. IPres 'Tocar coa parte extrema de algo'. ◊ P3 ***topa*** (9): "et en ffondo ffere enno rregueiro et en çima *topa* enno camjño público que vén pera Cardoxe" B: 24, 27, 45, 54, 82, 85, 114, 236, 253, P6 ***topan*** (2): "et vén entestar enna que ffoy d'Esteuo Gago

et *topan* enno camjño público con súas casas et con seus lagares que son seis" B: 30, 89; Inf. ***topar*** (2): "et estas ditas casas con seus ixidos van *topar* enno pumar que ffoy de Martín Gago" B: 48, 109, Inf. P3 ***topar*** (3): "como parte enno fondo per sóbrella herdade da Corredoira et vay *topar* aa ffonte da Nugueira" C: 7, 8 (2).

[**touça**] s.f. 'Touza; terreo cerrado, con vexetación de árbores ou mato alto'. ◊ ***touças*** (1): "et topa no camjno que vay pera Cardoxi et vay ffirir nas *touças* da Videira" B: 115, ***toucas*** (1): "et topa enno camjño que vay pera Carduxi et vay fferir ennas *toucas* da Videira" B: 53.

tras prep. 'Tras, detrás'. ◊ (1): "e *tras* esta casa está una uina de que dan XIJ soldos a Melón e a muerte de Martín Saluadores ficar a Melón" A: 207.

tres num. card. 'Tres'. ◊ (13): "e el Temple media de una casa; e otras *tres* casas de Ossera" A: 11, 23, 156, 168, 169, 171 (2), 172, 205, 238; B: 77, 159, 246.

tresentos num. card. 'Trescentos'. ◊ (1): "Era de mill et tresentos et [...] anos, [...] días de [...]" C: 1.

U, V vogal

uno num. card. 'Un'. No feminino non podemos distinguir o seu valor como numeral, indefinido ou artigo indeterminado. ◊ **unu** (1): "e de la casa de Johán Bafarino dá XVIIJ dineiros a Ossera e unu soldu a Melón" A: 198, **una** (36): "el Espital VJ soldos de una casa" A: 6, 9, 10, 12, 36, 38, 53, 68, 83, 94, 100, 101, 149, 150, 152, 153, 166, 167, 168, 169, 176, 177, 178, 179, 180, 184, 186, 206, 218, 229 (2), 239, 141, 248.

U, V consoante

ualado s.m. 'Valado; muro baixo de pedra que pecha un terreo agrícola'. ◊ (1): "et este souto parte pello *ualado* et do outro cabo pella dos Pichiceites" B: 66.

[**valer**] v. 'Valer, ser válido' ◊ SPres. P3 ***vala*** (1): "et á vós del rrey outros tantos peyte et o praso et afforamento *vala* enno tenpo sobredito" C: 20.

[**vassalo**] s.m. 'Vasalo'. ◊ ***vassalos*** (1): "et que seiades nossos *vassalos* servientes et obedientes et non nos parardes outro senorío a rrostro" C: 12.

vender v.t. 'Vender'. ◊ Inf. (1): "et que non posades *vender* nen dar nen enallear nen por vossas almas mandar senón ao dito moesteiro" C: 13.

uerdad s.f. 'Verdade, certeza'. ◊ (2) "odiro:n dezir que era rregalengo e saben por *uerdad* que dauan quinta al rrey" A: 220, 223-224.

[**ver**] v.tr. 'Ver, percibir cos ollos'. ◊ SPret. P6 ***uisen*** (1): "e pusieron consigo por vigarios que *uisen* e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós a Pedro Martiz Paan et a Ffernán Núnez" A: 3, SFut. P3 ***viren*** (1): "Sábean quantos este praso *viren* como nós ffrey Johán Esteues, porlla graça de Deus et da Santa Igleia de Roma abbade do moesteiro de Santa María de Melón" C: 2.

uida s.f. 'Vida, tempo que vai do nacemento á morte '. ◊ (4): "e dixo máys que casa que fu de Pay Caluo ála a tener dona Major en su *uida* et por morte a Melón" A: 14, 55, 193-194, 217, ***vida*** (1): "afforamos a vós, Affonso Peres, morador en Naseirros et a vossa moller Marina Martís, en uossa *vida* danbos" C: 4.

[**vigario**] s.m. 'Vigairo, representante'. ◊ ***vigarios*** (1): "e pusieron consigo por *vigarios* que uisen e que odissen elo que dezían elas enquisas e elos que faziamos nós" A: 2-3.

uilla s.f. 'Vila; poboación'. ◊ ***uilla*** (5): "enno rrío d'Auia, cerca ella *uilla*, á Melón dúas azenias boenas" A: 70, 182, 198, 237, 249, ***uila*** (2): s.f.: "e ela eredad de nyetos que foron de dona Mayor Pérez que fu de la persoria de la *uila*" A: 226, 251, ***villa*** (4): "e estas eredades de Osseyra que á aquí, delas á y que furon de comenzamento de la *villa* e de las que compraron e de las que yes dieron omnes buenos por súas almas" A: 32, 225, 244, B: 21.

uina s.f. 'Viña, terrreo plantado de vide'. ◊ ***uina*** (25): "vna *uina* cabo esta que tien Marina López ye de Santiago e de Sar" A: 39, 58, 61, 62, 66, 68, 83, 84, 86, 87, 88, 89, 90, 92, 102, 136, 141, 143, 147, 150, 177-178, 178, 179, 208, 241, ***vina*** (8): "alende Auia una *vina* que ten Fernán Pérez, clérigo, so las casas de Quinzana ye de Ossera" A: 38, 40, 41, 43, 100, 146, 164, 165, ***uyna*** (1): "E Johán Núnez ten huna uyna a las Golmeiras a foro de medio de Ossera" A: 251, ***viña*** (2): "Jtem hũu talo de *viña* dentro eno Cortinal d'Esteuo Rrodrigues" B: 264; C: 6, ***vínea*** (2): "e ela *vínea* de Passadoyro que fu de don Rrichardo ye ela media de San Iusto" A: 45, 85, ***uinas***

(14): "e otras V *uinas* en Monte de Mediano que son de la egrisia de Santiago del Burgo" A: 56, 58 , 60, 145, 148, 150, 216, 217, 230, 235, 236, 238, 243, 247, ***vinas*** (3): "una egrisia que xaman Santa María con otras casas aderredor e con ortas e con cortinas e con *vinas* e con sotos e con molinos e con azenias" A: 13, 37, 242, ***viñas*** (1): "das *viñas* et das casas et dos soutos et herdades et dos fforos que o moesteiro de Mellón (a)ha enna villa de Sant'Esteuo" B: 20, ***víneas*** (1): "e elas *víneas* que furon de Joán Fernández d'Ourantes, que iazen al porto de las Uirineyras, son de San Martino de Fóra" A: 47.

viño s.m. 'Viño'. ◊ (1): "et que nos dedes cada ano hũua cárrega de *viño* novo" C: 11.

[**vir**] v. 'Vir, desprazarse cara un lugar que se menciona'. ◊ IPres. P3 ***vén*** (2): "et en çima topa enno camjño público que vén pera Cardoxe" B: 25, 29, P3 ***uén***: "et en ffondo ffere no rrigeiro etençima topa no camjno público que *uén* pera Cardoxe" B: 82.

uós s.f. **1.** 'Herdeiro, descendente'. ◊ ***uós*** (2): hũua apús outra ffeitas per orden, assý que a primeira vos(es) nomẽe a ssegunda et a ssegunda nomẽe a terceira *uós*" C: 5, 14, ***vos(es)*** (é erro do escribán por *uós*) (1): "hũua apús outra ffeitas per orden, assý que a primeira *vos(es)* nomẽe a ssegunda et a ssegunda nomẽe a terceira uós" C: 5.

2. 'Representación legal'. ◊ ***vós*** (1): "peyte aa outra parte aguardante por nome de pena çen morauidís de dineiros brancos et á *vós* del rrey outros tantos peyte" C: 20.

X

[**xamar**] v. 'Chamar, denominar': IPres. P6 ***xaman*** (1): "ha en aquel logar mismo una egrisia que *xaman* Santa María con otras casas aderredor" A: 12.

Y

y adv. 'Aí'. ◊ (6): "e Santiago á *y* de dúas casas V soldos cada ano" A: 7, 32, 35, 145, 198, 240.

7. Onomástica

7.1. Análise onomástica do texto A

Polos datos toponímicos do texto, o territorio do couto de Ribadavia (*coto de Ribadauia*) sobre o que se fai a pescuda, parece corresponder na altura do texto ás actuais parroquias de Ribadavia (San Domingos), Ribadavia (San Domingos de Fóra) e Francelos (Santa María Madanela).

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE)[217], no ano 2014, nesas tres parroquias había unha poboación de 4.120 persoas. O Nomenclátor de España de 1910 indica que as parroquias de *Ribadavia (Sto. Domingo)* e *Ribadavia (Santo Domingo de afuera)* -esta última incluía daquela a de Francelos-, tiñan en conxunto 3.086 habitantes de feito, un 25,1% menos. No dicionario de Madoz[218], a vila de Ribadavia, que abranguía as parroquias de Santiago, Santa María da Oliveira, San Xoán, e Santa María Madanela (con sede na igrexa do convento de San Domingos e que tamén incluía a ermida de San Xes de Francelos), rexístrase con 334 *vecinos* e 1.315 *almas*. En 1752, no interrogatorio xeral do Catastro de Ensenada da "Villa de Riuadia"[219] (sic), na pregunta 21ª, relativa ó vecindario dise: *A la pregunta veinte y una digeron que los vecinos que compreende la poblacion de esta villa y su termino son cuatro cientos y veinte y nueve y el partido de Franselos cinquenta sin que haia casas de campo ni alquerías y responden...* Isidro Dubert (1992: 83) calculou que a media de membros das familias galegas na época era de 4,4 individuos, polo que os habitantes de Ribadavia serían uns 2.107, case a metade ca na actualidade.

No **texto A** identificamos 167 cadeas onomásticas distintas, que entendemos que corresponden a outras tantas persoas. Se pensamos no aumento de poboación que houbo no

[217] www.ine.es. Consulta (15/04/2015).

[218] Tomo XIII, páx. 505, ano 1849.

[219] Na pregunta 1ª do Interrogatorio, "Nombre de la Población", dise o seguinte: "A la primera pregta. digeron que esta poblacion se llama uilla de Riuadauia y compreendido en esta operacion en el lugar de Franselos que hes de la jurisdiccion de Melon y respondn".

século XX con respecto ós precedentes, podemos considerar que as persoas mencionadas no documento eran unha parte importante dos habitantes do couto de Ribadavia. Con todo, hai que ter en conta dúas cousas; primeiramente, que nun momento do texto son denominados "cabaleiros" e que todas son persoas con cartos para pagar polas propiedades, sexa pola súa orixe nobre ou por exerceren profesións que llelo permiten (*peliteiro*, *correiro*, *ceboleiro*, *ferreiro*...); polo tanto, témolas que situar nas partes altas da pirámide de clases medieval, sustentada por unha ampla base de campesiños e desfavorecidos, que non aparecen mencionados adoito neste nin noutros textos da época medieval. Por outro lado, algunha desas persoas, as máis nobres, poderían residir no lugar ocasionalmente ou mesmo ter residencia estable nalgún outro lugar e ter propiedades -residenciais ou agrícolas- en Ribadavia por herdanza ou por compra, dada a importancia que a vila xa tiña, non só no cultivo, senón tamén no comercio do viño. Ademais, entre os 167 individuos mencionados está o rei Afonso e tamén é probable que os dous *omnes del rrey* fosen foráneos.

De calquera xeito, pensamos que son nomes abondo para dar unha idea da onomástica persoal entre os habitantes desta vila medieval.

Para seleccionar as 167 cadeas onomásticas (vid. Índice de persoas mencionadas no texto A) tivemos en consideración os seguintes criterios:

- Unificáronse aquelas cadeas que só se diferencian por variantes gráficas: *Ffernán Núnez = Fernán Núnez*; *Arias Núnez = Arias Nunj*; *Joán Ramírez = Johán Ramírez*. etc.
- Cando nome + patronímico van seguidos dunha profesión, se hai máis individuos co mesmo primeiro nome e o mesmo patronímico, interpretamos o oficio como parte da cadea onomástica, xa que parece que funciona claramente como sobrenome para distinguilos. No caso concreto de *don Fernán Pérez* e *Fernán Pérez Clérigo*, temos certeza de que son dúas persoas distintas porque os dous figuran mencionados na lista de xurados. Tamén decidimos considerar dúas persoas distintas a *don Johán Pérez* e a *Johán Pérez Correro*. Hoxe aínda existen os apelidos Crego e Correiro (este a piques de desaparecer pois xa o teñen menos de cinco persoas).
- Noutros casos en que o primeiro nome e o patronímico non levan a confusión, pois só hai unha ocorrencia no texto, excluímos da cadea a profesión: *Miguel Pérez, correro*;

Martín Pérez, pelteiro, mesmo que figure como parte da cadea onomástica que designe outro individuo: *Domingo Pelitero*.

- Se algunha persoa figura só mencionada co prenome, non a identificamos nunca con outra co mesmo prenome que leve un segundo nome (*dona Major* ≠ *dona Mayor Pérez*), agás nos casos en que non haxa dúbida (*a muerte de Pedro Díaz e de súa mugier* ***Sancha Pérez****, ha de ficar a Melón* = *a morte de Pedro Díaz e de* ***dona Sancha*** *á de ficar a Melón*).
- Aínda que é bastante probable que se refiran ó mesmo individuo, non podemos garantir que (*don*) *Pedro Martiz* e *Pedro Martiz Paan~Payán* (que tamén figura como *Pedro Payán*) sexan o mesmo, porque a pesar de que coinciden en nome e patronímico, estes son, respectivamente, o segundo e o terceiro máis frecuentes no texto; por iso as consideramos dúas cadeas distintas. Temos máis certeza de que son dúas persoas distintas *Johán Peláez* e *Johán Páez Santiagés* (este tamén identificado unha vez como *Johán Páez*). O primeiro, ademais de ser un dos 'omnes del rrey' -o que abre a posibilidade de que sexa foráneo-, presenta o apelido escrito coa forma *Pelaz* con til de abreviatura; *Páez*, que é o cuarto apelido en frecuencia do texto, sempre aparece desenvolto.
- Consideramos o mesmo individuo a *don Fernán Eanes*, do que se fala en pasado, e a *Fernán Eanes*, xa que non temos datos suficientes sobre eles, mencionados unha soa vez e cun nome e un patronímico moi frecuentes. Tamén a *Pay Pérez* e a *Pay Pérez de Melón*.
- Consideramos como dúas cadeas distintas *Johán Gardelas* e *Gardelas*, usado sen prenome, que tamén se podería interpretar xa como forma toponímica (*casar de Gardelas*). Na documentación do século XIII e principios do XIV comprobamos que na zona polo menos levaron o sobrenome dúas mulleres ("Maior Petri dicta Gardelas ... marito meo Gardelas" a.1218, "Maior Gardelas" a. 1220 CDMelón; "María Gardelas" a.1257 CDOseira; e "María Guardellas" a.1305 CDGH) , e non podemos descartar que outros parentes tamén o usasen.

As cadeas onomásticas poden estar constituídas por un, dous ou tres elementos, pero son moito máis abundantes as cadeas de dous:




Ilustración 29. Número de elementos das cadeas onomásticas do texto A

A seguir describimos o repertorio de cadeas onomásticas, cal é a frecuencia de nomes e segundos nomes e outras particularidades como o uso dun único nome, de un ou dous segundos nomes ou as fórmulas de tratamento. Posteriormente, clasificamos e estudamos os segundos nomes contidos no texto. Para os nomes de pía, remitimos ó traballo de Boullón Agrelo (1999).

7.1.1. Os prenomes

En 19 ocasións só se menciona un dos nomes da persoa: xa o prenome (en 12 casos e dous son diminutivos *Pedrilino* e *Fernandino*), xa o segundo nome (sete veces: *Barua de Lobe*, *Campión*, *Colaza, Feichor*, *Gardelas, Mergulión* e *Pé ~ Ped' de Queso*[220]).

Teñen o tratamento de *don*/*dona* 17 persoas. Nove son homes e oito mulleres, pero *Eyo*, nome feminino, debía de ser estraño[221] para o escribán, posto que o acompañou de *don*, seguramente por rematar en -*o*; non obstnte tamén se podería explicar por fonética

[220] *Pé ~ Ped' de Queso* considerámolo en principio sobrenome, pero no seu estudo concluímos que pode ser un composto de nome e sobrenome toponímico.

[221] O nome só figura no CORDE nas variantes *Egilo* e *Eilo*, a máis tardía do ano 1210; nos textos galegos, encontrámolo por última vez en 1275 nun documento de San Clodio do Ribeiro do ano 1975.

sintáctica. Ás veces o tratamento únese a unha cadea de nome e apelido, outras só vai acompañando o prenome.

Nas táboas a seguir pódese ver cales son os nomes masculinos e femininos utilizados e cal é a súa orde de frecuencia. Tamén elaboramos unha táboa cos posibles nomes máis frecuentes na(s) xeración(s) anterior(es) a partir do patronímicos das persoas mencionadas.

De todo isto podemos concluír:

- Hai 24 nomes distintos de home e 12 de muller, pero só arredor do 15% das persoas mencionadas no texto son mulleres. Isto implica unha maior variedade nos nomes femininos, dado que arredor dun terzo leva un nome único, que non se repite, fronte ós homes, entre os que só o levan menos dun 10%.
- Entre os nomes masculinos, doce están entre os quince máis frecuentes que Boullón Agrelo (1999: 83) recolle para o séc. XIII: *Johán*, *Pedro*, *Martín*, *Pay*, *Fernán*, *Rruy*, *Domingo*, *Alfonso*, *Gonsaluo*, *Gostei*, *Munio e Nuno*. Entre os femininos, só sete: *María*, *Sancha*, *Mayor*, *Marina*, *Orracha*, *Eluira* e *Teresa*.
- Destacan, polo tanto, entre o masculinos, *Arias* (6 veces), *Miguel* (3 veces), *Lope* (2 veces), *Melén* (2 veces) como nomes característicos da zona que non están entre os máis frecuentes na época. No caso dos nomes de muller, todos os que non están entre os máis comúns nese tempo son, pola contra, nomes únicos, que só leva unha persoa no texto: *Eldara*, *Eyo*, *Luzía*, *Serra* e *Steueína*.
- Os nomes masculinos da xeración anterior, tomados dos patronímicos, como podemos comprobar, non difiren moito dos dos individuos mencionados no texto, mesmo os catro primeiros en frecuencia seguen sendo os mesmos: *Pedro*, *Johán*, *Martín* e *Pay*.

Táboa de frecuencia dos nomes masculinos	
NOME	**Nº**
Johán ~ Joán ~ Joam ~ Joham	33
Pedr' ~ Pedro	23
Martín	20
Pay	17
Fernán ~ Ffernán	11
Arias	6
Rruy	4
Domingo	4
Migael ~ Miguel ~ Miguiel	3
Alfonso	2
Lope	2
Melén	2
Fernandino	1
Galter	1
Gonsaluo	1
Gregorio	1
Lourentio	1
Munio	1
Nuno	1
Pedrilino	1
Rrichardo	1
Steuan	1
Suer / Suero / Sueyro	1

Ilustración 30. Táboa de frecuencias dos nomes masculinos do texto A

Táboa de frecuencia dos nomes femininos	
NOME	**Nº**
María	7
Sancha	4
Mayor ~ Major	3
Marina	2
Orracha	2
Eldara	1
Eluira	1
Eyo	1
Luzía	1
Serra	1
Steuaína	1
Theresa	1

Ilustración 31. Táboa de frecuencias dos nomes femininos do texto A

7.1.2. Patronímicos, delexicais e toponímicos

Logo de unificar as variantes gráficas, temos no texto un repertorio de 105 segundos nomes distintos, sumando simples (1 segundo nome) e compostos (2 segundos nomes), que normalmente conteñen un tamén usado como simple.




Ilustración 32. Segundos nomes de 1 elemento (simples) e de 2 elementos (compostos) do texto A

Os 10 segundos nomes máis frecuentes son patronímicos:

Segundos nomes máis frecuentes		
Pérez	18	(6 veces en composto)
Eanes ~ Ianes~Iohanes~Iohanis	10	(3c)
Martiz	8	(1c)
Paaz~Páez~Peláez	6	(1c)
Núnez ~Nunj	4	
Rodrígez~ Rodríguez	4	
Fernández~ Fernándiz	4	(2 c)
Arias~Arie	3	
López	3	
Suárez~Suáriz	3	

Ilustración 33. Segundos nomes máis frecuentes do texto A

Con todo, este tipo de segundos nomes, os procedentes do nome do pai, só son algo menos dun cuarto do repertorio. Máis da metade (54) dos segundos nomes distintos usados son de orixe delexical e corresponden a un 51,43% do total, un 59,05% se lles sumamos aqueles casos en que forman segundos nomes compostos cun detoponímico (0,95%) ou un patronímico (6,67%).




Ilustración 34. Porcentaxe dos segundos nomes do texto A en canto á súa tipoloxía

En porcentaxe de individuos a cousa cambia: 94 persoas (un 55,28%) teñen polo menos un segundo nome patronímico; o restante 44,72% repártese entre os delexicais e os nomes toponímicos.




Ilustración 35. Porcentaxe de segundos nomes do texto A en canto ó número de individuos que os portan

A seguir, analízanse os segundos nomes deste texto A. Clasificámolos atendendo á súa tipoloxía (toponímico, delexical e patronímico), apuntamos o posible étimo, atendendo á documentación antiga cando proceda, e describimos a súa distribución actual se aínda perviven. Unha parte destes segundos nomes son para nós escuros ou dubidosos, mais en todos os casos intentamos achegar unha hipótese que os explique, polo que os propoñemos sempre dentro dunha categoría.

Este é o repertorio total do texto segundo a clasificación por tipos:

Toponímicos: *Anz*, *Azenia*, *Boosendo*, *Campión*, *Castrello*, *Congosto*, *Faro*, *Gardelas*, *Gomariz*, *Noguera*, *Oliueira* (*A*), *Ourantes*, *Poldras* (*As*), *Ponte* (*A*), *Rrío* (*O*), *Saa*, *Senorín* e *Talaueira ~ Talauera*.

Delexicais: *Bafarela*, *Bafarino*, *Barua de Lobe*, *Batía*, *Besna*, *Bispo*, *Caluo*, *Campisina*, *Candela*, *Capello*, *Carancho*, *Carpentero*, *Ceboleiro ~ Cebolero*, *Citrana*, *Clérigo*, *Colaza*, *Correro*, *Cortido*, *Criueiro*, *de las Oueyas*, *de Longe*, *Dente*, *do Olio*, *Duro*, *Esqualo*, *Falpelo*, *Feo*, *Ferreiro*, *Ferro*, *Gato*, *Gibarro*, *Gibelas*, *Godina*, *Gougote*, *Grauío*, *Lobo*, *Mantega*, *Marauila*, *Mergulión*, *Mónago*, *Móogo*, *Moro*, *Patame*, *Payán ~ Paan*, *Pé ~ Ped' de Queso*, *Pelitero*, *Pitano*, *Ranado*, *Ruuio*, *Santiagés*, *Sarino*, *Seco*, *Sira*, *Tacón*, *Testín*, *Tirado*, *Uarela* e *Uassallo*.

Patronímicos: *Áluarez*, *Arias ~ Arie*, *Díaz*, *Domíngez*, *Eanes ~ Ianes*, *Estéuanez*, *Fernández*, *Gotérrez ~ Gotérriz*, *Gregorio*, *Iuliánez*, *López*, *Martiz*, *Meléndez ~ Menéndiz ~ Menendj*, *Moniz*, *Núnez ~ Nunj*, *Oárez*, *Páez ~ Paaz ~ Peláez*, *Pérez*, *Ramírez*, *Rodríguez ~ Rodrígez*, *Saluadores*, *Sánchez*, *Sauastiánez* e *Suárez ~ Suáriz*.

7.1.3. Glosario de segundos nomes do texto A

Adanz ou **de Anz** (*Mari'Adanz ~ María d' Anz*). Patronímico ou toponímico. Decantámonos pola posibilidade de que este segundo nome sexa unha interpretación da cadea *María Adanz*, polo tanto un patronímico do nome persoal de orixe hebrea *Adán*, de 'ÁDHÁM 'home' (vid. Boullón Agrelo, 1999: 116). *Adanz* atéstase na documentación dos mosteiros de Celanova e na catedral de Ourense, e tamén en Melón, Oseira e San Clodio, pois *Iohannes Adanz* figura como escribán dun notario de Ribadavia entre 1235 e 1266. Convive este patronímico con *Aanz*, tamén documentado en Melón, Oseira e San Clodio entre 1220 e 1281, quizais variante de *Adanz* (cf. *Orracha Aanci et de matre sua Maria Aanci*, quizais filla e muller, respectivamente de *Adam Menendi*, mencionado no mesmo texto, o documento 377 da CDMelón, e tamén *Pedro Anz, cura de Río Frío, hijo de don Adán Méndez*, no doc. 937 do Apéndice III da mesma colección documental). Logo *Alffonso Adjanes* (ou *Adranes*) e *Alfonso Peres Adanes* en Allariz en 1331 (Lorenzo / Pérez (no prelo), docs. 991 e 993). Máis antigo é *Atanz*, documentado entre os séculos XI e XII e, sen dúbida, patronímico do nome de orixe xermánica *Atta(-ne)*; *Atan Atanz* é testemuña nun dos documentos do Tumbo A da Catedral de Santiago. Non queremos deixar entón de mencionar unha posible confusión ou confluencia dos dous patronímicos a partir dunha variante **Ata(-ne)* do cognome xermánico. A orixe toponímica é máis dubidosa. Proviría daquela dun topónimo sen localizar, quizais *Anzo*, parroquia do concello de Lalín, de etimoloxía incerta, ou outro emparentado con este. Moralejo Laso (1977), seguindo a Menéndez Pidal, pon este nome de lugar en paralelo con *Anzobre* (do mesmo xeito ca *Baio* - *Baiobre* e *Baralla* - *Barallobre*), e considera que este último está constituído por un elemento final *–obre* (célt. *brix-* 'cidade') e un primeiro con orixe nun nome persoal, talvez o latino *Antius*. Con todo, para o topónimo *Anzo* -que tamén encontramos nos concellos de Sobrescobio e Grado, en Asturias, e no de Valle de Mena, Burgos- non se pode desbotar a relación con *As Anzas* (< ALESANTIA) hidrónimo prerromano estudado por Bascuas (2002: 260), quen o cre proveniente da raíz hidronímica indoeuropea **el-* 'fluír'. Debemos descartar que este segundo nome que estamos tratando sexa grafía errada do actual apelido *Dans* (< *de Ans*), xa que *Ans* é topónimo da parroquia de Paleo (Carral, Co), lonxe de máis deste territorio. Hai arredor de 30 persoas que levan na actualidade o apelido *Ans*, que é a forma primaria da que xurdiu *Dans*, moito máis frecuente. Hoxe non existen persoas que leven o apelido *Adánz*, *Anzo* ou *Anz*.

Arias (*Pedro~Pedr'Arias*, *Martín Arias*). Patronímico. Do nome persoal medieval *Arias* de étimo descoñecido, para o que se ten proposto unha orixe autóctona prerromana relacionada co tema ARA 'val'; unha hebrea a partir de *arieh* 'león'; e unha xermánica relacionada co elemento AR- 'águia' (Boullón Agrelo, 1999: 137). No texto figura xa como nome, xa como patronímico. Na actualidade está entre os 300 apelidos máis frecuentes de Galicia e espallado por todo o territorio.

Azenia (*Martín d'Azenia*). Toponímico. Seguramente un microtopónimo da zona, xa que non hai ningunha entidade de poboación próxima con ese nome que puidera ser a orixe do apelido. A palabra provén do ár. *sâniya* 'muíño con roda, nora' e debeu vacilar desde cedo entre a evolución patrimonial *acea* e o mantemento do *-n-* coa posterior palatalización, *aceña*, pois hai exemplos medievais abondos das dúas solucións, pero non se pode descartar no segundo resultado a presión do castelán ou do portugués[222]. Tamén na toponimia actual podemos encontrar as dúas formas. Na actualidade menos de 30 persoas levan o apelido *Aceña* en Galicia, e non chegan a 5 en Ourense, concentrados na capital da provincia. *Acea*, con case 150 portadores, é característico das comarcas de Ferrol, Ortegal, A Coruña e Betanzos, onde se concentran a maioría das persoas que os levan. Na área tudense, que atinxe ó noso documento, rexistrámolo na actualidade na Caniza, Vigo, Nigrán e Mos.

Bafarela (*Johán Bafarela das Poldras*). De orixe e significado escuro, seguramente toponímico. *Bafarela* é o nome comercial dun viño portugués, que recibe a denominación do terreo das viñas que o producen definido na web da bodega como o 'local que lhe dá origem, uma parte do Douro onde, durante a maturação das uvas, o calor é sufocante e a falta de água é uma constante'. En Portugal, logo, é un topónimo situado na aldea de Várzea de Trevões, no concello de São João da Pesqueira. Seguramente estea relacionado con *bafo* 'calor que despide un corpo húmido ou quente', palabra de orixe onomatopeica, segundo Corominas / Pascual (DCECH). Hoxe non se rexistra como apelido nin en Portugal nin en Galicia. Quizais tamén haxa que interpretar que *Bafarela das Poldras* sexa un todo. Non obstante, e xa que a sílaba inicial, *ba*, vai entreliñada (*Johán* ^{ba}*farela*), non podemos deixar de preguntarnos se o que o copista quixo facer foi substituír a sílaba *fa* primixenia e logo esqueceu riscala. Daquela teriamos que ler *Barela*, mais *Uarela* figura dúas veces no texto, e

[222] Sobre a evolución desta palabra vid. Navaza (2004).

non se dubida sobre a súa grafía. Tamén é difícil de crer nunha confusión *Uarela* / *Farela* por ter valor bilabial fricativo a primeira letra do primeiro nome pois, dada a confusión temperá entre as grafías b/v en Galicia, algúns autores descartan xa a oposición fonética na baixa Idade Media.

Bafarino (*Johán Bafarino*). De orixe e significado totalmente opacos, non encontramos nada que nos oriente sobre este segundo nome. Non figura noutros documentos da época nin posteriores, nos arquivos consultados. Quizais se poida aventurar algunha relación, coma no caso anterior, con *bafo* e *bafar*.

Barba de Lobe. Delexical. Non encontramos máis alusións a este sobrenome na documentación consultada. *Barba* e *Barua* figuran nas cadeas onomásticas medievais xa desde os séc. X-XI, os primeiros na documentación do mosteiro de Celanova. Nos textos de Galicia, en latín e en galego, non son infrecuentes as locucións en alusión á barba como alcume: *Barba Bona* (Tui, séc. XII), *Bela Barva* (Sobrado, séc. XIII), *Barbas de Leite* (Oseira, séc. XIII) e *Barba Leda* (Oseira, s.XV). A palabra provén do lat. BARBAM 'pelos que nacen na queixada de homes e animais'. *Lobe* é, seguramente, unha forma errada por *lobo* (< lat. LUPUM 'id'). Na actualidade, en porcentaxe de portadores, destaca un núcleo de persoas que levan o apelido *Barba* nos concellos ourensáns de Carballeda de Avia, Melón, A Cañiza e Crecente.

Batía, Batia (*Johán Batía*) Nome opaco, de orixe e significado descoñecidos, talvez relacionado co verbo *bater*, na Idade Media cos significados de 'golpear' e 'acuñar moeda'. Nun doc. de Melón de 1238 figura *Munio Batj*. Hoxe non existe como apelido.

Besna (*Mayor Besna*). Delexical opaco. Na documentación de Oseira rexistramos *Toda Pelaez dicta Besna* (1265) e *Toda Perez dicta Besna* (1278)[223] e, tamén *Petrus Petri connomine Besnot* (1223) e *Fernando Besnote, milite*, casado con *Toda Roderici* (1241), estes últimos quizais emparentados. Hoxe non existe como apelido en Galicia. En España, segundo datos do INE[224], só seis persoas o levan.

---

[223] Comprobáronse as lecturas nos documentos orixinais, dixitalizados en PARES: CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1531,N.6 e CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1533,N.8.

[224] http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm. (Consultado o 23/10/2015).

Bispo (*Johán Bispo*). Delexical. O galego *bispo* é un derivado do lat. EPISCOPUM 'id', e este do grego eclesiástico, con disimilación e posterior deglutinación do *o-* inicial, xa romance, porque se interpretou como artigo. Na actualidade, a variante gráfica deturpada *Vispo* -a máis frecuente, porque tamén atestamos máis escasamente as formas *Bispo* e a castelanizada *Obispo-* é característica da provincia de Ourense, en concreto da Terra de Celanova e dos arredores. Na actualidade hai os topónimos (*O*) *Bispo* nos concellos de Taboada, Monterroso, Sober e Fisterra, lonxe da área de Ribadavia, polo que descartamos esa orixe. Na provincia de Ourense hai os lugares de *Sobrado do Bispo* (Barbadás), *Souto do Bispo* (Gomesende) e *Casal de* Bispo (Verea).

Boosendo (*Martín Boosendo*). Toponímico. É alteración do topónimo *Bosende*, con orixe no xenitivo do nome persoal xermánico *Badosindus* composto polas raíces gót. *BAD- 'combate' e SINTHS 'camiño'. Na actualidade hai tres topónimos *Bosende* en Galicia nos concellos de Arzúa, Taboada e Vilalba e aínda, tamén con regularización do *-o* final co masculino, *Os Avosendos* nas Somozas, que parece facer referencia ós membros dunha familia con ese apelido (os *Bosendos)*, cun *a-* engadido seguramente por cruzamento coa palabra *avó*. Ningún destes nomes de lugar, distantes da área do noso texto, parece ser a referencia do apelido. Con todo, no concello de Mos (de dominio do mosteiro de Melón no séc. XIII), a pesar de que non figura na actualidade no NG, existe na parroquia de Tameiga o lugar de *Bosende*, de onde é probable que proveña o apelido. Non podemos descartar que *Boosendo*, pola súa orixe nun nome persoal, funcionase como patronímico sen sufixo *-ez*; Ana Isabel Boullón (1995: 454) indica que a expresión da filiación co xenitivo coexistiu co patronímico ata o século XIII. Con todo o nome, que está pouco atestado, debía estar neste século xa en desuso. Hoxe é apelido moi escaso e só se conserva na forma correspondente ó topónimo: *Bosende*.

Caluo (*Fernán Caluo*, *Pay Caluo*). Delexical. Menos probable é a súa orixe toponímica, xa que tamén hai os topónimos (*O*) *Calv*o e microtopónimos homónimos, que se aplican ás terras co valor de 'pelado; sen herbas, mato, nin plantas'. Do adx. *calvo* e este do lat. CALUUM. Na actualidade é un dos cincuenta apelidos máis frecuentes de Galicia pero non é característico da área de Ribadavia.

Campión. Vid. Toponimia do texto A

Campisina (*Eluira Campisina*). É un sobrenome profesional que se corresponde coa voz común *campesiño*, *-a* 'id', un derivado de *campo* (< lat. CAMPUM 'chaira'). Non se documenta en galego ata o séc. XIII, xa como sobrenome[225], e moito máis tarde en castelán *campesino*[226], aparentemente de xeito paralelo a *montesiño*, tamén cos primeiros exemplos coñecidos no séc. XIII. Na antigüidade tiña flexión de xénero; hoxe só menos de dez persoas levan o apelido en Galicia, coa forma castelá ou castelanizada *Campesino*. Ningunha reside na provincia de Ourense.

Candela (*Sancha Candela*). Delexical. Dada a lingua do texto, a interpretación da palabra é conflitiva. Aparentemente correspóndese cun diminutivo *Candela*, formado co sufixo latino -ELLUM, -AM, de *canda*, voz que só se conserva na toponimia, posiblemente de orixe prerromana e de etimoloxía escura, que talvez sexa un orónimo ou estea relacionada coa voz común *cando* 'garabullo; póla seca', céltica e emparentada co verbo latino CANDERE 'arder'. Pero polos trazos leoneses do texto tamén podería ser a adaptación dun segundo nome creado a partir do substantivo galego *candea* 'obxecto de cera con forma de cilindro, cunha torcida no seu interior, usada para alumear', 'broza ou follatos para prender o lume', do lat. CANDELAM 'lume, fogo', da familia de CANDERE 'arder'. Nos textos medievais galegos encontramos só o segundo: *Afonso de Candea* (a.1439, CDMondoñedo), aparentemente toponímico; non existen entidades de poboación co nome no NG, pero é frecuente na microtoponimia[227]. Hoxe en Galicia arredor de 30 persoas levan o apelido *Candela* e aínda se rexistra tamén un plural *Candelas*. *Candea* e *Candeas* desapareceron do noso repertorio de apelidos, pero existen no resto de España. Con todo, tampouco hoxe en día podemos certificar se *Candela* e *Candelas* son castelanismos ou formas autóctonas.

Capello (*Pay Capello*). Delexical. Quizais motivado polo costume de levar a cabeza cuberta. A voz *capelo* (lat. CAPPĔLLUM 'vestidura da cabeza') tiña na Idade Media os significados de 'capacete da armadura' e 'capucha' e na actualidade figura nos dicionarios coas acepcións de 'chapeu de cardeal', 'peza de vestir que cobre a cabeza', 'carapucha', 'capa con carapucha, feita de pallas e utilizada para protexerse da chuvia'. Máis difícil é que sexa

[225] CODOLGA. 1ª atestación en 1216 CDMelón [consultado o 9/9/2015].

[226] DCECH, s.v. *campo*. Con todo, en CORDE, hai dúas atestacións de *campesino* en 1275 [consultado o 9/9/2015]

[227] Sobre a identificación de apelidos detoponímicos véxase Ana Isabel Agrelo (2012: 187 e ss.).

un segundo nome toponímico, porque a pesar de que hai varias localidades en Galicia denominadas *O Capelo* (concello de A Bola, Monfero e San Sadurniño), non parecen ser xeradoras do apelido, xa que están lonxe de onde está o foco maior de portadores, nas comarcas de Xallas, terra de Soneira e Fisterra. Como parte das cadeas onomásticas xa o encontramos en Galicia no século XII. Malia que A Coruña é a provincia onde máis persoas o levan, na actualidade o concello ourensán de Padrenda é o terceiro en porcentaxe de residentes co apelido *Capelo*.

Carancho (*Pay Carancho*). É difícil interpretar a lectura correcta deste nome xa que no texto <ch> tanto corresponde a unha grafía arcaica para a oclusiva velar xorda /k/ (*Orracha*) como representa a palatal oclusiva /c/ (*Sancha*). Por outra banda, parece que a grafía <r> corresponde a unha vibrante simple /ɾ/ pois non hai confusións a este respecto, pero non podemos descartar que haxa que interpretar unha vibrante múltiple /r/. Hoxe en Galicia non se rexistra ningún dos apelidos posibles (*Carancho*, *Caranco*, *Carrancho* ou *Carranco*). En España, onde non existen os dous primeiros, si hai máis de medio cento de persoas apelidadas *Carrancho*, case todas en Burgos, e algo máis de 400 *Carranco*, con Sevilla e Badaxoz como as provincias con máis portadores. En Portugal tamén hai portadores de *Carrancho*, mais non podemos garantir que exista algún dos outros. A motivación e o significado de calquera destas formas son opacos. En aparencia é un alcume que tivo certa vitalidade na zona do noso texto na primeira metade do séc. XIII (*Fernandus Caranchius* a.1218 CDMelón, *Petro Caranchi* a.1224 CDOseira; *Petro Caranchios* a.1224 CDOseira; *Iohannis Caranchius* 1234 CDOseira). *Carrancho* figura nos dicionarios galegos como 'escarranchado, coas pernas moi separadas' e *carranco* 'verme; ra verde dos prados'. Dado que os exemplos da documentación medieval figuran sempre con <r>, podería pensarse tamén que pode proceder da locución 'cara ancha', mais parece difícil pola falta de concordancia. Cremos, pois, que posiblemente a primeira voz, *carrancho*, sexa a que orixinou un sobrenome que aludía a unha característica física do seu portador.

Carpentero (*Joán Pérez Carpentero*). Sobrenome profesional. Do lat. CARPERTARIUM 'construtor de carros', de CARPENTUM 'carro'. Nesta época é difícil determinar se forma parte da cadea onomástica. Dado que no texto non se adoita indicar a ocupación das persoas, consideramos que aquí debe ter valor de segundo nome para distinguir o individuo de *Johán Pérez*, *Johán Pérez Correro*, *Joán~Johán Pérez de Castrello* ou *Joham Pérez Gibarro*. Coma moitos apelidos que se corresponden con sobrenomes de profesión e que son transparentes,

está fortemente castelanizado na actualidade[228]. Cortegada, concello lindante con Ribadavia é o concello galego onde hoxe residen máis persoas co apelido *Carpintero*.

Castrello (*Joán~Johán Pérez de Castrello*). Toponímico. Do lat. CASTRELLUM, dim. de CASTRUM 'campamento fortificado'. Seguramente fai referencia á parroquia e actual concello de Castrelo de Miño, que linda con Ribadavia. Neste documento, tanto o topónimo coma o segundo nome, só se rexistran coa grafía latinizada. Hoxe o apelido é moi escaso na provincia de Ourense, onde residen menos de dez persoas que o leven.

Ceboleiro (*Pedr' Ianes Ceboleiro*, *Johán Ceboleiro*, *Domingo Cebolero*). Delexical. Derivado de *cebola* (lat. CEPULLAM 'cebola'). Descoñecemos a motivación, se non fai referencia a persoas que cultivan ou venden cebolas. Hoxe o sobrenome autóctono *Ceboleiro* desapareceu como apelido en Galicia; menos de 10 persoas levan a forma deturpada *Cebollero*.

Citrana, Catrana (*Pedro Citrana ~ Catrana*). De etimoloxía e significado opacos. Se fose *Citrana*, quizais o debamos relacionar con *citrano* (tamén *citano*, *cicrano*, *zutano*, etc.), palabra utilizada para denominar alguén de quen se descoñece o nome. Esta é, para Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *zutano*), voz de orixe escura para a que propón unha base onomatopeica. Con todo, e xa que a motivación é opaca e, en certa maneira, insólita, e que a lectura é algo dubidosa, deberemos considerar que o texto diga *Catrana*, como propón Olga Gallego, aínda que tamén é voz escura e que só encontramos moi ocasionalmente como apelido en Italia e no Brasil.

Clérigo (*Fernán Pérez Clérigo*). Delexical. Do lat. tardío CLERICUM 'membro do clero'; amais de designar un home dedicado á vida eclesiástica, tamén significaba 'home de letras', porque na Idade Media as persoas de letras eran comunmente membros do clero. Desta última acepción é posible que proceda o seu uso como alcume. Nesta época é difícil determinar se forma parte da cadea onomástica, pero entendémolo así porque no texto se menciona outro *Fernán Pérez*. Na actualidade, a forma autóctona *Crego* é apelido caracteristicamente coruñés, pero aínda algo máis de 10 persoas o levan en Ribadavia e arredores.

[228] Sobre a castelanización dos apelidos en Galicia vid. Ana Isabel Boullón (2007: 307 e ss.)

Congosto (*Arias Iohanis de Congosto*). Toponímico. Vénse considerando que a etimoloxía máis fiable da palabra é COANGUSTUM, vocábulo formado pola preposición latina *cum* mailo adxectivo *angustus, -a, -um* 'estreito, apertado', derivado do verbo ANGERE 'estreitar, oprimir, apertar'. Correspóndese cunha variante masculina, quizais relativa ó tamaño, do actual galego común *congostra* 'camiño de carros estreito e profundo, que discorre xeralmente entre valos, cómaros ou outras elevacións do terreo'. O *-r-* adventicio xa está documentado nos textos latinos de Galicia polo menos desde o séc. XII. Se o apelido non ten o seu referente no propio *Congosto* (vid. toponimia) mencionado no texto, seguramente hoxe microtopónimo, a súa orixe podería ser a parroquia de *Congostro* (Santa Mariña) no concello de Rairiz de Veiga, onde tamén hai unha aldea con ese nome, de igual xeito ca no de Padrenda. Na actualidade non se rexistran como apelidos *Congosta*, *Congostra* e *Congostro* e, se non é erro do censo, en Galicia hai menos de tres persoas co apelido *Congosto*.

Correro (*Johán Pérez Correro*). Delexical. Do s. *correiro* ou mellor *correeiro* 'o que fai ou vende correas', derivado en -ARIUM do lat. CORRĬGĬAM 'id'. Non cremos que faga referencia ás *corres* 'varas finas, xeralmente de vimbio, que se usan xeralmente para facer cestos, caínzos ou para atar feixes'. Nesta época é difícil determinar se forma parte da cadea onomástica. Dado que no texto non se adoita indicar a ocupación das persoas, consideramos que aquí debe ter valor de segundo nome para distinguilo de *Johán Pérez*, *Joán Pérez Carpentero*, *Joán~Johán Pérez de Castrello* ou *Joham Pérez Gibarro*. *Correiro* está a piques de desaparecer de Galicia, pois menos de cinco persoas o levan. Seguramente xa non sexa moi frecuente, pero o apelido existe en Portugal e en América.

Cortido (*Martín Cortido*). Delexical. Este alcume, que na documentación medieval figura como *Cortido* e *Curtido*, provén seguramente do participio do verbo *curtir* 'preparar unha pel para endurecela' e metaforicamente, aplicado a persoas, 'sufrir os efectos dos elementos na pel, o que a escurece e endurece'; podería facer referencia á profesión ou á aparencia física do portador. Hoxe menos de cinco persoas levan o apelido *Curtido* en Galicia. Seguramente de orixe galega, debeu ser levado cara ó sur coa Reconquista, porque hai arredor de 200 portadores en Andalucía. Fóra desa comunidade autónoma só se rexistra, en moita menor medida, en Madrid, Barcelona e Biscaia, lugares frecuentes de emigración para os galegos.

Criueiro (*Arias Criueiro*). Sobrenome profesional a partir do substantivo común *cribeiro* 'persoa que fai ou vende cribos' ou 'individuo que antigamente se dedicaba a cribar as areas do río' (DdD, s.v.). As voces *criba* e *cribo*, das que é un derivado co suf. latino -ARIUM, creáronse a partir do pretérito perfecto CRĒUĬ do verbo latino CERNERE 'cribar, limpar coa criba'. *Cribeiro* é hoxe é un apelido característico das comarcas de Ortegal, A Mariña Occidental e Ferrol e Cedeira é o concello onde máis porcentaxe de persoas o levan. Non existe en Ribadavia e arredores. Os topónimos *O Cribeiro*, en Pontеareas, e *Os Cribeiros* (Ortigueira) seguramente procedan do apelido.

Dente (*Pedro Dente*). Delexical. Do lat. DENTEM 'id', seguramente en alusión a algunha característica da persoa ó respecto. Xa forma parte das cadeas onomásticas polo menos desde o séc. XII. Na actualidade non hai persoas en Galicia con este apelido. Si se conserva *Dente* en Portugal e en España, onde non é apelido moi usual, tamén hai portadores de *Diente*, principalmente en Valladolid e Badaxoz.

Díaz (*Fernán Díaz*, *Pedro Díaz*). Apelido patronímico, a partir do nome persoal medieval *Didacus*, de orixe controvertida, quizais grega ou ibérica (Boullón Agrelo, 1999: 184). Carece do sufixo patronímico -ICI, pois foneticamente provén directamente do propio xenitivo do nome: *Didaci*. Está entre os 15 apelidos máis frecuentes de Galicia e, en porcentaxe de portadores, é característicamente lugués.

Domínguez (*Pedro Domíngez*, *Pay Domíngez*). Patronímico ou xenitivo do nome persoal cristián *Dominicus* 'do señor'. A pesar de que non é dos patronímicos máis frecuentes no noso texto, onde tampouco figura *Domingos* como prenome, na actualidade está entre os 20 apelidos máis habituais en Galicia e rexístrase en case todos os concellos, En porcentaxe de portadores, é significativo nas provincias de Pontevedra e Ourense e en concellos da área xeográfica deste documento coma Melón ou O Covelo, que destacan porque o leva máis dun 5% da poboación.

Duro (*Munio Duro*). Delexical. Do latín DURUM 'duro'. A motivación do alcume (Kremer, 1970-1981/82, citado por Boullón Agrelo, 1999: 191), debe facer referencia á dureza de carácter, nomeadamente co valor de 'teimudo' e 'avaro, mesquiño, cruel'. Documéntase polo menos desde o séc. XIII en cadeas onomásticas. O apelido lévano na actualidade algo máis de 1000 persoas en Galicia. É característico das provincias da Coruña,

co maior número de portadores, e de Pontevedra. Dentro da área de influencia do mosteiro de Melón, destaca Arbo con case 20 persoas que o levan, o que fai que o concello estea entre os 10 primeiros con maior porcentaxe deste apelido.

Eanes, Ianes. (*Eldara Eanes*, *Fernán Eanes*, *Johán Eanes*, *Martín Eanes*, *Orracha Eanes*, *Pedr' Eanes de Saa*, *Pay Eanes*, *Arias Eanes de Congosto, Pedr'Ianes Ceboleiro*). Patronímico. Do xenitivo do nome persoal IOHANNES (do hebreo *Iôhânân* 'Deus tivo misericordia'). Rexístrase xa desde a época medieval con variación de formas, como *Anes*, *Enes*, *Ennes*, *Oanes* e outras que mostra este noso documento en que encontramos as variantes latinizadas *Iohanis*, *Iohanes* e a romance *Eanes*. *Eanes* xa non figura no repertorio actual dos apelidos galegos e *Ianes* consérvase castelanizado ou coa grafía alterada (*Yanes*, *Yañes*, *Yánez* e *Yañez*, estes dous últimos por analoxía cos apelidos patronímicos en *-ez*). Tamén hai algúns portadores de *Anes*. Só a forma *Yáñez*, xa moi escasa, se conserva en Ribadavia e arredores hoxe en día.

Esqualo (*Pedr' Esqualo*). Delexical. Seguramente este segundo nome aluda ó peixe de auga doce da familia dos ciprínidos chamado *escalo* (*Leuciscus carolitertii*) no sur de Galicia e, seguramente como distinción fronte á apreciada troita, co xenérico *peixe* noutras zonas, coma a comarca de Deza ou Meira. Máis difícil é que se corresponda con *escualo*, forma culta para denominar a subclase dos eslamobranquios, que abrangue distintas especies de auga salgada, coma a quenlla, o peixe bobo, etc. As dúas formas parecen proceder de *SQUALLUM, variante do latín SQUALUM 'escalo, peixe'. É difícil establecer o motivo da súa aplicación como alucume pero xa se documenta en cadeas onomásticas do séc. XIII. Débese considerar tamén a posibilidade de que debamos ler *Escallo* (cf. o *Fernand'Escalho* mecionado nas cantigas profanas); *escallo* aparece nos dicionarios galegos como variante de *escalo*, o peixe mencionado, pero tamén como 'puga, gallo, anaco novo dunha póla que se enxerta noutro ou na terra para que naza unha nova planta' ou de 'pau para avivar o lume'. Con bastantante seguridade, cremos que se debe descartar que este segundo nome teña procedencia toponímica pois aínda que hai o nome de lugar *Escalo* (As Somozoas) e *Escalo de Abaixo* e *Escalo de Arriba* (Ortigueira), nunca encontramos exemplos na documentación antiga coa preposición *de* e estes topónimos mencionados están lonxe da zona de influencia de Melón. O topónimo podería ter orixe hidronímica (cf. río *Esca*, Zaragoza). Na actualidade nin *Escalo* nin *Escallo* están no repertorio de apelidos de Galicia.

Estéuanez (*Pedr'Estéuanez*). Patronímico do nome persoal de orixe grega *Stephanos*, que se cre procedente do substantivo *stephanos* 'coroa'. No texto só o leva unha persoa, pero hoxe Estévez está entre os 30 apelidos máis frecuentes de Galicia e é característico de concellos ourensáns e pontevedreses do ámbito do mosteiro de Melón.

Falpelo (*Martín Falpelo*, *Rruy Falpelo*). Delexical opaco. Rexístrase na documentación de Melón *Rodericus Falpelus* en 1253, seguramente un dos nosos individuos. Quizais sexa erro por *Felpelo* ou *Felpello*, este último recollido como voz común no TILG, como sinónimo de *candonga*, *furcia* pero tamén de *ciringallo* 'anaco de tea gastado e roto'. No DdD tamén se recolle *trasfalpello* 'traseiro, cu'. Corominas / Pascual (DCECH) relacionan a voz *falpaz* 'bribón' das *Cantigas de Santa María* con *fèlpa* 'fías; farrapo', de orixe incerta.

Faro (*Pay de Faro*). Toponímico. Dalgún microtopónimo próximo á área de Ribadavia coma o monte *Faro* de Avión ou o homónimo de Rodeiro; ou quizais de *Faro*, antigo nome da Coruña, territorio medieval, ou da parroquia de *San Xiao de Faro*, en Viveiro, os dous *Faro* máis nomeados nos textos en latín e galego da Idade Media. Proveñen todos do lat. PHARUM 'faro', que facía referencia tanto ós farois que alumaban para axudar os barcos na navegación coma a calquera sitio elevado onde se prendía lume como sinal de comunicación que, en orixe, procede do nome da illa grega de *Pharos*. A maior concentración actual do apelido nas comarcas do Condado e a Paradanta fai pensar que a referencia ben puidera ser o microtopónimo de Avión.

Feichor. Quizais delexical. De lectura dubidosa, véxase nota 62 na edición do texto. Puidera corresponderse coa forma leonesa do galego e do portugués *feitor* recollida nos dicionarios portugueses cos significados de 'administrador', 'capataz', 'rendeiro'. Cortesão (1912: 126) tamén rexistra *Feichor* (a. 1258) como nome masculino. Frei *Pedro Fechor* (CDOseira, a.1286)[229] foi bispo de Salamanca e outro *Pedro Factor* (a. 1305) é pai dunha das testemuñas nun documento da igrexa catedral de Coria (Martín, 1989: 104). Do lat. FACTOREM 'o que fai; autor'. Na actualidade, en Galicia hai algo máis de dez persoas apelidadas *Factor*, que tamén rexistramos en León. En Portugal hai o paralelo *Feitor*.

[229] Corpus Xelmírez: http://sli.uvigo.es/xelmirez/

Feo (*Pedro Feo*). Delexical. Aplicado a persoas pouco agraciadas fisicamente, a pesar de que non se pode descartar un significado irónico. Ten o seu reverso nos antónimos *Fermoso*, *Formoso* e, quizais, *Belo*. En Portugal existe o respectivo *Feio*. Do lat. FOEDUM 'vergonzoso', 'repugnante', 'feo'. Poderíase pensar, dada a existencia dos apelidos *Trigo*, *Centeio* e o castelanizado *Centeno*, que se corresponde co substantivo *feo* 'herba segada e seca que se usa como alimento para o gando', do lat. cl. FOENUM, vg. FENUM 'feo, herba seca'; non obstante crémolo pouco probable porque en España é apelido típico das provincias de León e Asturias, as de máis porcentaxe de residentes, onde non se dá a caída do -N- intervocálico. Desde aí parece que chegou a Galicia, pois aquí non é moi frecuente (menos de 50 persoas o levan) e está principalmente concentrado nos concellos da Mariña de Lugo.

Fernández, **Fernándiz** (*Martín Fernández~Fernándiz*, *Joán~Johán Fernández d'Ourantes*, *Pedro Fernández de Saa*). Patronímico do nome xermánico *Fredenandus*, composto polos elementos FRED-, do gót. *frith* 'paz', e NAND- tamén do gót. *nanth* 'ousadía' (Piel / Kremer, 1976: §103 e §191; Boullón Agrelo, 1999: 217)[230]. A popularidade que tivo o nome *Fernando* desde a Idade Media, pois levárono varios reis, contribuíu a que na actualidade *Fernández* sexa o segundo apelido máis frecuente de Galicia e a que estea espallado por todo o territorio.

Ferreiro (*don Pedro Ferreiro*). Delexical. É un sobrenome profesional e ten a súa etimoloxía no latín FERRARIUM 'de ferro, relativo ó ferro; obreiro que traballa o ferro'. Na actualidade é o apelido de profesión máis frecuente e un dos 30 máis comúns no conxunto dos apelidos galegos, polo que está moi espallado por todo o territorio.

Ferro (*Pedro Ferro*). Delexical. Correspóndese co s. *ferro* que provén do latín FERRUM 'ferro'. A motivación do apelido podería vir de certas características de 'dureza' na persoa que o leva, ou ben estar vinculada á profesión do ferreiro (Boullón Agrelo, 1999: 211).

Gardelas (*Johán Gardelas*, *casar de Gardelas*). Posiblemente toponímico. Na documentación de Melón e Oseira figuran entre 1212 e 1257 varias persoas co sobrenome

[230] Para a alternancia no sufixo -ez, -iz, véxase Boullón Agrelo (1995 e 2007).

(*Gardelas ~ Gardelis testes*, *Maior Gardelas*, *Johannes (Petri) Gardelas* -seguramente o noso-, *María Gardelas ~ Gardellas*); en principio parece opaco. Unha hipótese é que debamos ler *Gardelás* e que proveña dunha variante **Gradilla, -anis* do nome persoal xermánico *Gradila*, *-anis* (a.937 e a. 950 CDCatLeón) ou *Gardila, -anis*, que Meyer-Lübke (1923: 13) propón para o antigo topónimo *Guardiolans* ou *Gardilans*, na comarca de Bergedà, que se rexistra na documentación do s. IX como *Gardillane* e *Gardillans*. Logo *Gardelás* quizais se corresponda co actual *Bardelás*, na parroquia de Carboentes, en Rodeiro (Po), para o que Piel / Kremer (1976: 97) propoñen o nome **Bardila*, do got. BARD- 'viaxe'; agora ben, o étimo proposto por estes autores daría o resultado **Bardeás*, polo que habería que propoñer unha variante **Bardilla*, *-anis*. Como Piel / Kremer autores exemplifican nesa mesma obra, as confusións entre /G-/ e /B-/ nos topónimos de orixe xermánica son frecuentes no galego e no portugués (cf. *Gamil* (Ou) < WADAMIRI; *Gualifonge* (Pt.) < WALAFONSI; *Guillamil* (Co) < VILIAMIRI, etc.), polo que poderiamos pensar nunha alteración á inversa *Gardelás* < *Bardelás*. Hoxe máis de 150 persoas levan o apelido *Bardelás* en Galicia e residen principalmente no concello de Rodeiro e nunha área arredor deste que alcanza os de Leiro e Cenlle, limítrofes con Ribadavia.

Gato (*Arias Gato*). Delexical. Provén do lat. CATTUM 'gato'. Xa se utiliza como segundo nome no séc. XII, co significado de 'sagaz, astuto' (Kremer, 1970-1981/82, citado en Boullón Agrelo, 1999: 235). Na actualidade é un apelido característico das comarcas de Ferrol, Ortegal e as partes máis occidentais da Mariña luguesa e da Terra Chá.

Gibarro (*Joham Pérez Gibarro*). Delexical. Talvez derivado de *chibo* 'cría ou macho da cabra', segundo Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *chivo*), voz de creación expresiva. Nos dicionarios de portugués figura *chibarro* como 'bode non castrado' e é tamén palabra da xiria co significado de 'indivíduo que exala mau cheiro das axilas e também a própria transpiração fétida' (Kröll, 1984: 74). E aínda na Madeira, *chibarro* é denominación de 'cabrito, home traído pela mulher'[231] e 'mulher desonesta' (Simões, 1993). Corominas / Pascual inclúen baixo a voz *chivo* os derivados *chivarras* e *chivarro*, que relaciona con *chivar* 'fastidiar, molestar, enganar' e o portugués miñoto *chibarro* 'leitón'. Nos dicionarios galegos só se recolle *chivarro* (e tamén *xibarro*) como un peixe, unha especie de balea. Con

[231] http://lerescrever.webnode.pt/escrever/glossario-de-regionalismos/

todo, a interpretación da consoante inicial presenta un problema xa que na documentación de Melón e tamén na de Oseira este sobrenome aparece sempre grafado como *Gibaro*, *Gibarro*, *Gibarrus* e o feminino *Gibarra* (*María Eans dita Gibarra*, quizais a filla), en documentos en galego e latín. Polo tanto, quizais teñamos que interpretar que, polo menos nesta zona, a palabra vacilou na súa pronuncia, pois hoxe na cartografía que recolle a microtoponimia ribadaviense encontramos *As Chivarras* e *A Sibarra* (aparentemente despalatalizado). No noso traballo de campo rexistramos tamén as pronuncias [ghi'barras] e [si'barras] nun mesmo informante. O topónimo seguramente ten o sentido de 'terras do (individuo chamado) *Chibarro* ou *Xibarro*, quizais o citado no texto ou un seu parente. Hoxe non existe no repertorio de apelidos de Galicia.

Gibelas (*Johán Gibelas*). Delexical de orixe e significado opacos. Seguramente emparentado con *Gibarro* (vid. supra) e relacionado coa voz común *chiba*. Malia a aparencia, non ha de ser un derivado de *xiba* 'chepa, corcova', que non se documenta nos textos medievais galegos, pois é cultismo incorporado posterioremente; en castelán tampouco está documentada *giba* antes do séc. XVI (DCECH, s.v.). Hoxe non existe como apelido. Tampouco o localizamos en Portugal, pero si en Angola.

Gomariz (*Martín Gomariz*). Toponímico. En referencia ó lugar e á parroquia do mesmo nome, no concello de Leiro, veciño do de Ribadavia. O topónimo provén do xenitivo do nome persoal xermánico *Gomaricus*, constituído polos elementos GUMA 'home' e *RICUS 'poderoso'. Hai tres lugares máis con este nome nos concellos de Baltar e Esgos, en Ourense, e en Vilalba, Lugo. Hoxe en Galicia son menos de 20 as persoas portadoras deste apelido, que seguramente ten a súa orixe neste topónimo ourensán e residen nas áreas de Ferrol e A Coruña.

Gotérrez (*Martín Gotérrez~Gotérriz*, *Pay Gotérrez*). Do nome persoal medieval *Guterre~Gutierre*, de orixe opaca e controvertida, quizais preindoeuropea, íbera ou vasca (Boullón Agrelo, 1999: 262). Durante a Idade Media, fundamentalmente entre os séculos X e XII, cando foi máis frecuente, alternou a súa forma con <o> e <u> na vogal átona da raíz e con <i> ou <ie> na tónica: *Guter(re)* / *Goter(re)*, *Gutier(re)* / *Gotier(re)*, tanto no nome persoal coma no derivado co sufixo patronímico en -ICI. Pola antigüidade das formas con ditongo, hai que descartar que este sexa castelanismo. Logo o nome caeu en desuso malia

que, pola súa frecuencia na época medieval, conservamos o apelido, pero só na variante *Gutiérrez* seguramente por presión do castelán.

Gougete (*Johán Gougete*). Figura transcrito como *Iohannes Ganguete* nun documento de San Clodio do Ribeiro de 1259, aínda que non puidemos comprobar a lectura. É un segundo nome opaco. No DdD recóllese *gouguiño* como 'faba pequena' en Lobeira (Ou), palabra quizais relacionada con este segundo nome. Se é un erro por *Ganguete* talvez sexa un alcume relacionado co xeito de falar do seu portador.

Grauío (*Fernán Grauío*, *Pedro Grauío*). Talvez delexical. Escuro e quizais *Grauio*, con acentuación paroxítona. Non rexistramos este segundo nome en máis textos da documentación galega, pero si nun texto da catedral de León (*Petrus Pelagii Grauio* a.1241 CDCatLeón). Sen máis documentación, resúltanos difícil achegar calquera hipótese. Se hoxe existe o apelido na península, ha de ser moi escaso. Hai tamén un apelido italiano *Gravio*.

Gregorio (*Johán Gregorio*, *Gregorio Páez*). Patronímico sen sufixo. Do nome latino *Gregorius* e este do grego *Gregorios* 'esperto, saído do sono', que despois tomou os significados de 'avivado', 'activo', 'rápido de enxeño'. O nome grego provén do verbo *gregoreo* 'avivar' (Boullón Agrelo, 1999: 252). É apelido característico de Melón, concello onde máis portadores hai, logo do de Vigo, e onde a porcentaxe con respecto á poboación é máis alta. Está concentrado nos concellos próximos a Melón cara ó oeste. Tamén hai un núcleo de portadores na zona do Eume.

Iuliánez (*Pedro Iuliánez*). Patronímico. Do cognome latino *Iulianus*, derivado do xentilicio *Iulius* 'da gens *Iulia*' mailo sufixo patronímico *–ez*, a partir dunha forma culta latinizada do nome que na Idade Media presentaba variantes patrimoniais con múltiples grafías *Gião*, *Gillão*, *Julião*, *Jullião*, *Jullão*... e que na actualidade se corresponden con *Xiao*, *Xillán* e *Xullán*, representadas na toponimia. Hoxe non se conserva o patronímico, nin a partir da forma patrimonial nin da culta.

Lobo (*Pay Lobo*). Delexical. Do lat. LUPUM 'lobo', que lle aplica a persoas as características de carácter deste animal, coma a súa fereza. Da mesma orixe, *Lupus* foi tamén nome persoal moi frecuente na Idade Media, de onde o apelido *López* (vid. tamén Boullón Agrelo, 1999: 290). Hoxe é apelido común a toda a península.

Longe (*Fernán de Longe*). Toponímico. En aparencia, este segundo nome é transparente e remite ó actual adv. *lonxe* (lat. LŎNGE). Quizais faga referencia a que o individuo tiña a súa residencia afastada das outras. Non encontramos máis exemplos na documentación medieval. Podería ser erro por *Longa* ou variantes, quizais *Longos* (parroquia e lugar de San Cristovo de Cea), emparentados, pois proveñen do adx. latino LŎNGUS, -A, -UM 'que ten moita lonxitude; que dura moito tempo'. Na actualidade, *Lonxe* non existe como apelido en Galicia. Si hai *Longo* e *Longa*, pero non son característicos desta zona.

López (*Marina López*, *Johán López*, *Pedro López*). Patronímico do nome persoal medieval *Lupus*, proveniente do lat. LUPUM 'lobo', forma coa que seguramente tamén se interpretou o xermánico *Wulfo* (Boullón Agrelo, 1999: 290). A popularidade do nome na Idade Media explica que na actualidade o apelido sexa o cuarto en orde de frecuencia en Galicia e que se rexistre en todos os concellos.

Mantega (*Rruy Mantega*). Delexical. Correspóndese coa voz común *manteiga* 'substancia graxa comestible que provén do leite da vaca ou da parte non magra do corpo dun animal', de orixe dubidosa, talvez prerromana, segundo Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *manteca*). Pode ser sobrenome de profesión ou ter un uso metafórico e facer referencia ás características físicas do individuo en relación coas do produto, como se parece deducir dunha cantiga de Afonso X en que se di dun home que *chus mol é que manteiga*. Na actualidade *Manteiga* é un apelido característico da provincia da Coruña.

Marauila (*Pay Marauilla*). Delexical. Provén do lat. MIRABILIA, pl. de MIRABILIS 'admirable, marabilloso'. *Mirabilis* era nome persoal latino e está documentado en Galicia polo menos desde o séc. IX. Figura tamén como segundo nome, coa forma singular, en cadeas onomásticas do latín da Gallaecia polo menos desde o séc. XII (*Rodericus Mirabilis* a. 1196, CDSEstevoRibasSil). *Mirabilia*, latinizado, e *Maravilla~Marauilla* encontrámolos por primeira vez en referencia ó personaxe do noso texto a principios do séc. XIII. Hoxe non temos en Galicia o apelido *Maravilla* nin variantes.

Martiz (*Pedro Martiz Paan ~ Pedro Martíz ~ Pedro Martiz Payán ~ don Pedro Martiz ~ Pedro Martiz*, *Pay Martiz*, *Marina Martiz*, *Sueyro~Suero~Suer Martiz*, *Steuan Martiz*, *Sancha Martiz*). Patronímico. Do nome persoal *Martín*, e este do cognome romano

MARTINUS 'de Marte', derivado diminutivo de *Mars*, *Martis*, deus da guerra. O sufixo patronímico aínda presenta a forma orixinal en *-iz*, que se perdeu suplantada polo castelanizado *Martínez*, o sétimo apelido máis frecuente en Galicia. Hoxe só se conserva a variante autóctona con seseo explosivo *Martís* e lévana nada máis que preto de 200 persoas.

Meléndez, **Menéndiz**, **Menendj** (*Arias Meléndez~Menéndiz*, *Gonsaluo Melendj*). Patronímico do nome persoal de orixe xermánica *Mendo* e este de *Menendus*, forma curta e latinizada do xermánico ERMENEGILDUS, que foi un dos máis frecuentes entre os séculos X e XII, momento en que empeza a decaer. Provén do elemento ERMEN-, do gótico **aírmans* 'grande, amplo' mais GILD-, do gótico *gildan* 'estar en vigor; recompensar' (vid. tamén Boullón Agrelo, 1999: 312). Na actualidade *Méndez* está entre os 30 apelidos máis frecuentes de Galicia.

Mergulión. Delexical. Aparentemente está relacionado coa voz común *mergullón*, nome da ave acuática tamén chamada *somorgullo*, para a que Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *somormujo*) propóñen o étimo *MERGULIONEM, relacionado con MERGERE 'somerxerse, mergullar'. A súa motivación pode ter que ver con algunha característica física do individuo, quizais un nariz longo e fino que lembre o bico da ave. Hoxe non se conserva como apelido.

Móogo, Mónago (*Pedro Moogo*, *Martín Mónago*). Delexical. *Mogo* é o resultado do apelido no galego moderno. Do lat. MONACHUM 'monxe', 'anacoreta', que provén á súa vez do gr. *monakkós* 'único, solitario', foi un alcume frecuente no ámbito eclesiástico e está moi documentado coa forma patrimonial medieval *móogo*, desprazada no léxico común polo galicismo *monxe*, que nos chegou a través do occitano antigo *monge* (Boullón Agrelo, 1999: 318). Debemos facer mención, dada a coincidencia co nome dun dos individuos do noso texto, do apelido *Meogo* do cantor medieval. Este está considerado un segundo nome de lectura dubidosa, dada a súa escaseza na documentación antiga (Couceiro, 2008: 463-474), que, podería, coma os topónimos *O Miogo* e *Ver de Miogo*, provir do lat. MEDIO LOCU 'o lugar do medio', 'o do medio'. *Mónago* só pode explicarse como forma foránea, quizais leonesa, pero non podemos descartar unha forma gráfica latinizada. Hoxe en Galicia hai arredor de 130 persoas co apelido *Mogo*, con dous focos de concentración do apelido, un na comarca de Santiago e outro na parte máis central da Mariña luguesa. Non hai máis de dez *Monago*, seguramente co acento alterado, como sucede en Estremadura, a autonomía onde é máis frecuente. Os poucos *Monago* galegos, residentes nos concellos do Porriño e Vigo

poden ser descendentes dos nosos medievais, xa que eran terras do ámbito do mosteiro de Melón. *Monago* é escaso no resto de España, fóra de Cataluña onde tamén se rexistra como *Mónago*. A distribución actual, cun número pequeno de portadores tamén en Cantabria, e logo en Estremadura e Andalucía, fai pensar nun nome espallado pola Reconquista. Non hai constancia destas formas *Monago* e *Mónago* en Portugal, onde si se rexistra abondo *Mogo*. *Meogo*, se existiu, non se conserva en Galicia nin temos constancia de que o haxa en Portugal.

Moniz (*Johán Moniz*, *María Moniz*). Patronímico do nome persoal medieval *Munnio* ou *Munnius* (xa que parece, pola documentación antiga, que presenta as dúas variantes de declinación), de etimoloxía escura, quizais prerromana, latina ou aínda xermánica (Boullón Agrelo, 1999: 321). Ten unha evolución irregular, por presentar un sufixo tónico, fronte ó habitual nos patronímicos (cf. *Méndez*, *López*, etc.), que quizais se poida explicar pola confluencia de dúas formas rexistradas na Idade Media, unha paroxítana e a outra oxítona, *Muninz* e *Muniiz*, resultado da dobre declinación. Por outra parte, tamén debeu de vacilar entre un resultado alveolar e outro palatal *Muñiz* maioritario na actualidade, quizais por presión do castelán, fronte ó portugués *Monis*, forma, xunto con *Munís* e *Moniz*, case desaparecidas en Galicia pois entre todas non chegan ós vinte portadores. Ademais, probablemente teña unha orixe próxima o apelido *Muñoz*.

Moro (*Lope Moro*). Delexical. O s. *mouro* figura nos dicionarios galegos cos significados de 'persoa de pel escura', 'sucio' e 'natural do norte de África' (Boullón Agrelo, 1999: 319), pero tamén co de 'ser lendario que habitaba nos castros, mámoas, etc.'. Vénse considerando a súa etimoloxía o latín MAURUM 'natural da Mauritania, do norte de África', referido á pel escura ou á relixión desas persoas. Tamén deu lugar a topónimos, moitos baseados en lendas ou en elementos da natureza que lembran os personaxes da nosa mitoloxía asociados ós castros, En ocasións, poden ser referencias humorísticas ou satíricas referidas ós habitantes do lugar. Algún destes topónimos xa está en documentos datados antes da islamización da península (*Mauramorta* a.572 Liber Fidei; *Vilar de Mouras* a.742(ca)-936(ca), Tumbo de Caaveiro). Se esas datacións se confirman, habería que pensar nun étimo prerromano, quizais nunha base *M-R- 'roca, monte', coa que adoita relacionar outros topónimos de raíz *mor-* ou, cando menos, pensar na posibilidade do cruzamento dos dous étimos. Nas cadeas onomásticas figura desde o séc. X. Os apelidos *Mouro* actuais en

Galicia son característicos da área máis noroccidental. A forma *Moro* castelanizada é maioritariamente ourensá, concretamente limiá.

Noguera (*Martín Noguera*). Toponímico. Con orixe nun topónimo *Nogueira* ou *A Nogueira* (preto desta zona hainos en Leiro, Boborás e San Cristovo de Cea). O nome de lugar provén do lat. NUCARIAM, abundancial de NUCEM 'noz'. Na actualidade *Nogueira* está entre os cen apelidos máis frecuentes de Galicia. É característico dalgúns concellos próximos a Ribadavia.

Núnez, Nunj (*Ffernán~Fernán Núnez*, *Arias Núnez~Nunj*, *Johán Núnez*, *Pay Núnez*). Patronímico do nome persoal medieval *Nunn(i)us* ou *Nun(i)o*, este proveniente dunha raíz latino-romance **nunn(i)*-, voz da linguaxe infantil. As formas con palatal (*Nunnes*, *Nunnez*, *Nunniz*), tardías e menos frecuentes na Idade Media, foron desprazando aquelas que non a tiñan (*Núnez*, *Nunes*, esta última a común en Portugal) e hoxe son as que predominan no galego, seguramente por presión do castelán.

Oárez (*Johán Oárez*). Patronímico do nome de orixe xermánica *Odoarius*, composto polo gótico ATH- e o elemento -*arius*, do gót. HARIJS 'exército'. Hoxe non subsistiu como apelido.

Olio, do (*Joam do Olio*). Delexical. O étimo deste sobrenome é o latín ŎLĔUM 'aceite'. En aparencia, debéuselles aplicar seguramente a individuos que vendían ou producían este producto. Máis difícil nos parece que proveña dun topónimo O Ollo (< lat. ŎCULUM), que só se rexistra unha vez no NG e é algo máis freceunte na microtoponimia. Na actualidade, non temos constancia de que hoxe exista *Óleo* ou *Olio* en Galicia nin en Portugal. No resto de España menos de 150 persoas levan os apelidos *Oleo* e *Olio* pero a base do INE non recolle acentos e non podemos coñecer se se corresponden exactamente co noso sobrenome.

Oliueira (*Pay d' Oliueira*). Toponímico. *A Oliveira* é o nome dun barrio de Ribadavia, que o recibe da igrexa de Santa María da Oliveira. *Oliveira* é tamén o nome dun lugar da parroquia da Arnoia, concello que linda con Ribadavia e tamén hai o topónimo (*A*) *Oliveira* nos concello de Corcubión, Gondomar, Poio, Vigo e Ponteareas, concello onde ademais dá nome a tres parroquias. A palabra provén do lat. OLIVARIAM 'árbore que dá as olivas', e non é unha forma patrimonial xa que conserva o -L- intervocálico por reposición

culta. O apelido está presente na actualidade en case todos os concellos da diocese de Tui a onde pertencía o mosteiro de Melón. Algo máis de 20 persoas aínda o levan en Ribadavia.

Oueyas, de las (*Martín de las Ouellas*). Sobrenome de profesión referido a persoas que criaban ou coidaban ovellas. Do lat. tardío OVĬCŬLAM, diminutivo de OVIS 'ovella'. Na súa forma galega, non existe como apelido na actualidade en Galicia. Si hai unha forma deturpada *Oveja* e *Ovejas*, aínda que nas dúas variantes ten menos de 10 portadores. No resto de España é característico en singular pero escaso, en Asturias, León e Palencia. En plural tampouco é moi frecuente e encontrámolo fundamentalmente na Rioxa. Tamén se poden rexistrar *Ovelha* e *Ovelhas* en Portugal.

Ourantes (*Johán Fernández d' Ourantes*). Toponímico. *Ourantes* é o nome dun lugar e unha parroquia de Puxín (Ou) . É topónimo escuro, de orixe prerromana, que Moralejo Laso (1977) analiza xunto con outros coma *Arantes*, *Barbantes*, *Barrantes*, *Cervantes*, *Cesantes*, *Curantes*, *Ourantes*, *Serantes* e relaciona cos singulares *Bardanca*, *Breanca*, *Cusanca*, *Labanca*, *Mayanca*, *Coristanco*, *Listanco*, etc., de sufixo -*anco*/-*anca*. Para Bascuas (2014: §47.2), que o atesta como *Aurantes*, é unha formación co sufixo -*nt*- creada a partir da raíz *AWER- 'humedecer, mollar, fluír'. É topónimo único na península e aparece como segundo nome desde o séc. XII en textos de Galicia en latín. Debeu espallarse coa Reconquista e detectámolo xa castelanizado e fóra de Galicia a principios do séc. XVI como apelido dun criado de Américo Vespuccio que figura no seu testamento (*Juan de Orantes*) e tamén nese mesmo século en Guadalaxara (*Juan de Orantes* a. 1518 e *Gaspar de Orantes* a.1552) e Salamanca (*Álvaro de Orantes*, veciño de Bejar, a.1558 E *Pedro de Orantes Arias*, veciño de Bejar, a.1568). Na actualidade Granada é a provincia española onde máis frecuente é este apelido, sen dúbida de orixe galega. Menos de dez persoas o levan en Galicia, pero na forma deturpada **Orantes*.

Paan ~ Payán (*Pedro Martiz Paan~Pedro Martiz Payán ~Pedro Payán*). Delexical. De etimoloxía e significado escuros, talvez derivado do nome persoal *Paio*, aínda que a variante *Paan* do texto podería desbotar esa orixe, pois como vimos, en leonés a alternancia <y>/<∅> é habitual para o resultado -LJ- (cf. tamén as palabras do texto *fiyo~fýos*). Pero como se documenta abundantemente noutros textos galegos como *Payán*, *Payam* ou *Paian*, cremos que o escribán o confundiu cun segundo nome leonés, atestado na documentación como *Payan* e maiormente como *Paan* (CORDE, s.v.), seguramente

emparentado coa palabra *palla* (< lat. PALEAM). Hoxe hai en Galicia pouco máis de vinte persoas co apelido *Payán* -case todas residentes nos concellos de Vigo e Ourense-, que mantén por presión do castelán a grafía antiga. É tamén un apelido abundante en Andalucía, coma moitos outros de orixe galega que se espallaron coa reconquista. Henrique Monteagudo (2014) expón a posibilidade de que este segundo nome sexa unha forma deturpada doutro *Faián* (vid. apartado de prosopografía e datación). Hai o lugar de *Faián* en Alfoz, na Mariña luguesa, que está lonxe do noso territorio, pero nin en Galicia nin no resto de España rexistramos hoxe **Fayán*. Si hai o apelido *Faião* en Portugal e tamén o topónimo pero nada nos indica que o sobrenome do noso texto sexa confusión con el.

Páez, **Paaz**, **Peláez** (*Pedro Páez*, *Gregorio Páez*, *Lourentio Páez*, *Johán Páez Santiagués*, *Pay Páez Santiagués*, *Johán Páez~ Peláez*, *Melén Paaz*). Patronímico do nome persoal *Paio*, do lat. PELAGIUS, e este do grego *pelagios* 'mariño, home de mar', derivado de *pélagos* 'mar', mailo sufixo *-ez*. A frecuencia no texto débese á popularidade do nome *Paio* nos séculos anteriores ó XIII. Moitas formas medievais de Galicia documentadas con *-l-* proceden dunha incorrecta transcrición da abreviatura *plz*, herdada da tradición gráfica latina, ou de formas latinizadas, e deben interpretarse como *Páez*, *Paiz* ou *Paz* e non como formas castelanizadas. Non obstante, non cremos que sexa o caso do exemplo do noso documento, dado o carácter híbrido galego-leonés do texto. Na actualidade, á parte das formas castelás ou castelanizadas *Peláez* e *Pelaz*, conservamos as variantes autóctonas *Páez*, *Pais*, *Paes*, *Paiz* e *Paz*, esta última con asimilación das dúas vogais e a máis frecuente en Galicia e que probablemente xerou, por confundirse coa voz común *paz* 'ausencia de conflicto', o apelido *Guerra*.

Patame (*Joán Patame*). Delexical opaco. Nos textos medievais da época e da zona encontramos *Petrus Patamelus* (a.1212 CDMelón), *Petrus Pelagii presbiter dictus Patamelus* (a.1229 CDSClodioRibeiro) e *Petro Patamelo* (a.1230 CDOseira). No noso texto o nome acaba en final de liña e ó principio da liña seguinte o pergamiño está roto. Poderiamos pois interpretar que sexa este mesmo segundo nome. É opaco, pero talvez estea relacionado coa voz común *pata* 'extremidade sobre a que un animal se sostén e camiña'.

Pelitero (*Domingo Pelitero*). Sobrenome profesional Do latín PELLITARIUM 'id.', a través do francés, designaba antigamente a profesión das persoas que se dedicaban a tratar as peles ou a vendelas. Documéntase desde cedo, xa en textos latinos do séc. XII.

Actualmente a maior concentración dáse na provincia de Pontevedra, arredor dos concellos de Pontevedra, Cotobade e Pontecaldelas. Lévano máis de mil persoas en Galicia.

Pérez (*don Alfonso Pérez*, *Joán Pérez de Castrello*, *Fernán Pérez*, *Johán Pérez (carpentero)*, *Pay Pérez*, *Arias Pérez da Ponte*, *Rruy Pérez*, *María Pérez*, *Domingo Pérez*, *Melén Pérez*, *Fernán Pérez*, *Sancha Pérez*, *Miguel Pérez*, *Mayor Pérez*, *Martín Pérez*, *Joam Pérez Gibarro*). Patronímico. Do nome persoal medieval *Pero*, que procede do lat. PETRUM, masculino formado sobre PETRAM 'pedra', mailo sufixo patronímico *-ez*. Por ser o nome do primeiro discípulo de Xesús, tivo moita difusión entre os cristiáns e é desde a Idade Media é un dos nomes máis usados en Galicia. Por esa razón, na actualidade o apelido está entre os dez máis frecuentes.

Pitano (*Johán Pitano*). Delexical escuro. Quizais sexa a mesma persoa que está entre as testemuñas dun documento como *Iohannes Petri Pitanu* (a.1223 CDOseira). Podería estar relacionado con *pitaña* 'lagaña', *pitañoso* 'lagañoso' (vid. Corominas / Pascual, DCECH, s.v. *pestaña*) ou con *pitoño*, seguramente emparentado cos anteriores.

Poldras (*Johán Bafarela das Poldras*). Toponímico. Ten a súa orixe nun microtopónimo da zona, *A Ponte das Poldras* (Carballeda de Avia e Leiro) ou *As Poldras* (Carballeda de Avia). Do lat. vg. *PULLĬTRAM 'poldra', como metáfora de 'paso de pedra para cruzar un regueiro'. Hoxe non se conserva ou non se consolidou en Galicia como apelido.

Ponte (*Arias Pérez da Ponte*). Toponímico. Do lat. PŎNTEM 'ponte'. O apelido pode provir de calquera das localidades con ese nome dos concellos próximos á area de influencia de Ribadavia, isto é, A Arnoia, Castrelo de Miño, Leiro e Melón; ou aínda dalgún microtopónimo da zona, pois por exemplo, na parroquia ribadaviense de Francelos rexístranse na actualidade *A Ponte Romana*, *A Ponte Vella*, *A Ponte Nova* e *A Ponte do Año* e, na mesma parroquia de Ribadavia, *A Ponte de San Francisco*. Con todo, hoxe é un apelido pouco característico non só de Ribadavia, senón de toda a provincia de Ourense, onde non chegan a dez os residentes que o levan. Tampouco é moi frecuente nos concellos pontevedreses da diocese de Tui.

Queso (*Pe de Queso*). Pode ser delexical ou ter carácter toponímico. Cremos que a primeira parte da locución se debe interpretar como o apócope do nome *Pedro*, aínda que non podemos descartar que sexa a voz común *pé* 'parte final dos membros inferiores do ser

humano'. Quizais sexa un alcume orixinado por algunha relación da persoa co *queixo* (< lat. CASEUM 'id.'), o produto derivado do leite (cf. *Gomes Queigo~Queijo*, reposteiro a.1394 THSantiago), ou proceder dun topónimo, como tamén pode suxerir a nosa secuencia onomástica, coa preposición *de*. Hoxe a maioría dos portadores do apelido coa forma deturpada *Queijo*, única existente en Galicia, que son máis de 800, residen nos concellos da Laracha e Cercedo; neste último concello está a parroquia de *Queixas*, topónimo que parece que dalgún xeito xerou ou reforzou a prevalencia do apelido. Pero cremos pouco probable que esta sexa a orixe do noso. Tamén hai algo máis de 300 persoas apelidadas **Queija*, case todas no surés de Ourense; o foco deste é, con certeza a parroquia de *Queixa*, no concello de Chandrexa. Non podemos descartar que o *Queso* do noso texto se corresponda cun *Queixa* mal interpretado ou coa adaptación castelanizada a unha forma masculina en concordancia co sexo do portador. Tampouco se pode descartar a posibilidade de que existise un topónimo **Queixo*, hoxe desaparecido. Como topónimos *Queixa* e *Queixas* son opacos, seguramente prerromanos.

Ramírez (*Joán~Johán Ramírez*). Patronímico do nome persoal *Ramiro*, proveniente do xermánico *Ranimirus*, formado por RAN-, de orixe escura, quizais o gót. **rana* 'fuciño de xabaril' ou o gót. **rhana* 'roubo', e o elemento -MIRUS, do gót. *méreis* 'famoso' (Boullón Agrelo, 1999: 386). Hoxe non rexistra no concello de Ribadavia nin nos máis próximos.

Ranado (*Pay Ranado*, o souto de: no texto seguramente lexicalizado con valor toponímico). O sobrenome *rañado* xa está atestado no séc. X e en aparencia é participio do verbo *rañar*. Con todo, esta familia léxica non a encontramos documentada na Idade Media Para Corominas / Pascual (DCECH) *arrañar* (cf. port. *arranhar*), que logo sufriu aférese da vogal inicial no portugués dialectal e no galego común, é variante de *arañar* 'fregar ou marcar coas uñas na pel do corpo', voz de orixe escura, quizais relacionada con *arar*. O alcume *Rañado* pode facer referencia a unha persoa coa cara marcada por algunha circunstancia. É aventurado aplicar nesta época o sentido moderno de persoa avariciosa que ten o adxectivo *rañado*. Non se pode descartar unha orixe toponímica xa que hai entidades de poboación *O Rañado* (Melide) e *A Rañada* (Monforte de Lemos e Salvaterra de Miño), cunha orixe etimolóxica que debe estar próxima á do sobrenome. Hoxe non existe como apelido en Galicia e, se o hai no resto de España, debe de ser escaso. En Portugal si rexistramos tanto *Ranhado* coma *Ranhada*, que non parecen moi abundantes.

Rodríguez, **Rodrígez** (*Miguiel Rodríguez*, *Pay Rodríguez*, *María Rodrígez*, *Sa[n]chia Rodríguez*). Patronímico do nome *Rodrigo*, proveniente do xermánico *Rudericus*, composto polos elementos ROD- ou RUD-, do gót. **hroths* 'vitoria, gloria', e -RICUS, do gót. **rikaz* 'poderoso'. Foi un nome moi popular durante toda a Idade Media o que levou a que hoxe sexa o apelido máis frecuente en Galicia e o terceiro no conxunto de España.

Rrío (*María do Rrío*). Toponímico. Do lat. RIUUM 'río'. Dun topónimo sen identificar, quizais referido ó Avia. Na actualidade, está entre os cen apelidos máis frecuentes de Galicia, pero non hai residentes que o leven nin en Ribadavia nin na maioría dos concellos de arredor.

Ruuio (*Joán Ruuio*). Delexical. Provén de RUBEUM, derivado de RUBUS 'silva; amora', que substituíu o lat. RUBER, -BRA, -BRUM 'vermello' e adquiriu o significado de 'avermellado; tirando a encarnado'. Aplicado ás persoas fai referencia a aquelas que teñen a pel e/ou o pelo tirando a vermello'. O apelido *Rubio* lévano en Galicia máis de 160.000 persoas e, en porcentaxe de portadores, onde máis hai é na comarca de Sarria. Na nosa zona non é moi frecuente.

Saa (*Pedr' Eanes de Saa*, *Pedro Fernández de Saa*). Toponímico. Da voz xermánica *sala* 'quinta, casarío'. É difícil determinar a que topónimo *Saa* se refire. Na área deste documento, na provincia de Ourense hai entidades de poboación con ese nome en Carballeda de Avia -a máis probable-, Cenlle, O Carballiño, A Peroxa e Paderne de Allariz; na de Pontevedra en Dozón, Salvaterra de Miño, Vigo e Rodeiro.

Saluadores (*Martín Saluadores*). Patronímico. O nome *Salvador*, provén do lat. SALVATOR, -ORIS 'salvador, libertador', derivado de SALUUS, -A, -UM 'enteiro, intacto' e por conseguinte 'san, en bo estado', con sentigo moral no latín da Igrexa. Na tradición latinocristiá *O Salvador* é un dos sobrenomes de Cristo, que naceu para salvar a humanidade. Non podemos discernir se *Saluadores* se trata dun resultado gráfico do patronímico co sufixo -ICI ou se se corresponde co resultado do xenitivo SALVADORIS, outro xeito de formación do patronímico que convive co sufixo ata polo menos o século XIII (Boullón Agrelo, 1999: 30 e ss.); con todo, cremos que a súa orixe ha ser o xenitivo, pois os patronímicos sempre presentan neste texto os resultados *-ez* (e *-iz* en menor medida) para o sufixo. Hoxe levan o apelido *Salvadores* algo máis de cen persoas en Galicia, case todas

residentes en concellos das provincias de Lugo e A Coruña. En España, é propio das provincias máis noroccidentais.

Sánchez (*Lope Sánchez*). Patronímico de *Sancho*, proveniente do nome medieval *Sanctius*, superlativo do latino *Sanctus* 'virtuoso, honesto' (Boullón Agrelo, 1999: 405). A súa popularidade na Idade Media fixo que hoxe estea entre os 15 apelidos máis frecuentes de Galicia e sexa o sétimo no conxunto de España.

Santiagués, Santiagés (*Johán Páez Santiagués*, *Pay Páez Santiagés*). Delexical. Xentilicio de Santiago, seguramente en referencia a Santiago de Compostela, aínda que non podemos descartar calquera outro haxiotopónimo similar de Galicia, coma Santiago de Covelo, lugar e parroquia do concello de Covelo, limítrofe co de Melón. O topónimo provén do nome do santo IACOBUM, que á súa vez ten a súa orixe no nome *Xacob* e este, en última instancia, vén do hebreo *Ya'aqôbh*, interpretado como un derivado de '*âquebh* 'calcañar', porque na Bíblia se conta que ó nacer este personaxe agarraba coa man o calcañar do irmán xemelgo, Esaú. Tamén, e por etimoloxía popular, asociouse á raíz *`âqab* 'suplantar, enganar', porque Xacob suplantou a Esaú na primoxenitura, mercándolla por un prato de lentellas. Hoxe non existe como apelido en Galicia e tampouco temos constancia del no resto da península Ibérica

Sarino (*Joán Sarino*). Tamén opaco, seguramente teñamos que lelo como *Sariño* e se deba relacionar co top. *Sariñás* na parroquia de Abelenda das Penas en Carballeda de Avia e coa voz *searo* 'terreo de monte cercado, que o seu propietario cava para unha colleita de cereais' -da cal podería ser un diminutivo (*Seariño* > *Sariño*)-, recollida por Anibal Otero (DdD); todo aparentemente en relación con *seara* (< célt. *SENĂRA 'campo que se labra á parte'), que é a forma que presenta a palabra na microtoponimia da zona fronte ós resultados *senra* doutras áreas de Galicia. En Melide tamén hai na microtoponimia unhas terras denominadas *A Volta Sariño*, nome que seguramente perdeu o elemento de relación *de*. Hoxe *Sariño* non existe en Galicia como apelido.

Sauastiánez (*Fernán Sauastiánez*). Patronímico do nome medieval *Sebastianus*, do grego *sebastós*, derivado de *sebas* 'veneración, reverencia' (Boullón Agrelo, 1999: 409). O patronímico que se xerou na Idade Media a partir do nome hoxe está desparecido e foi o propio nome o que se incorporou como apelido. Na actualidade hai en Galicia algo máis de

300 persoas apelidadas *Sebastián*, que residen principalmente nos concellos do Covelo, Fornelos de Montes e outros das comarcas do Condado, Vigo ou Pontevedra.

Seco (*Nuno Seco*). Delexical. Do adx. lat. SICCUM 'sen auga', que xa amosaba sentidos figurados e derivados como 'o que ten sede', 'o que non bebe', 'delgado, magro, descarnado', etc. Como alcume pode conter calquera destas acepcións. Na actualidade lévano máis de 2000 persoas en Galicia, pero xa non se rexistra no concello de Ribadavia.

Senorín (*Martín Senorín*). Toponímico. *Señorín* é lugar e parroquia do Carballiño, seguramente orixe deste segundo nome, e lugar de Castrelo de Miño. O topónimo provén do xen. do nome persoal latino *Seniorinus*, dim. de *Seniorus*, de *senior* 'máis vello', comparativo de *vetus, -a, -um* 'vello'. Hoxe non existe en Galicia o apelido *Señorín*.

Sira (*Johán Sira*). Aparentemente, delexical e opaco. Son varias as persoas que levan este segundo nombre na documentación de Galicia en latín e galego, na área ourensá próxima ó ribeiro, como *Iohannis Martini dicto Sira* e *Iohannis Martini Sira* a. (a.1260 CDOseira) -que podería ser a persoa mencionada neste documento- e *Iohannes Fernandi dictus Sira* (a.1278 CDOseira), e tamén *Stefani Sira* (a. 1281 CDMelón). Tamén hai mención a un *Martim Sira* nas *Cantigas de Escarnio e Maldizer*, que se adoita identificar cun *Martim Xira* do nobiliario do Conde de Barcelos, que supostamente recibe o alcume dun antepasado *Don Cira* / *Sira* / *Xira*, de orixe bretoa; todo no terreo da lenda. Non podemos descartar que teña algunha relación co topónimo galego *Cira*, parroquia de Silleda, de orixe escura, quizais prerromana.

Suárez, Suáriz (*Pedro Suárez*, *Martín Suárez~Suáriz*, *Rruy Suárez*). Patronímico do nome medieval *Suarius*, de orixe controvertida (Boullón Agrelo, 1999: 421). Foi un nome popular na Idade Media de aí a gran difusión do patronímico como apelido na actualidade, pois está entre os 30 máis frecuentes. En porcentaxe de habitantes, destaca a súa concentración na provincia da Coruña.

Tacón (*Pedro Tacón*). Delexical. É un sobrenome que deriva, probablemente, da voz común *taco*, que, entre outros significados, ten os de 'anaco de madeira; anaco pequeno e groso de algo; porción de horta; peza do zapato; remendo'. É voz de orixe descoñecida, talvez onomatopeica. A súa motivación non está clara, aínda que nos dicionarios prenormativos *taco*, do que pode ser aumentativo, figura frecuentemente co significado de

‘home pequeno’, quizais como redución do cast. *retaco* ‘persoa de baixa estatura e, en xeral, gordecha’. Tamén os dicionarios portugueses recollen *tacão* ‘home pequeno; baixo e gordo; tacaño’, considerado ademais un préstamo do castelán. Non obstante, pódese afirmar case sen dúbida que a orixe do apelido é galega, pois nas provincias da Coruña e Pontevedra residen máis da metade dos que se apelidan así de toda España e o certo é que o sobrenome *Tacón* está ben documentado no galego medieval xa desde o séc. XII. Hoxe na área deste documento non quedan restos do apelido.

Talaueira, **Talauera** (*Fernán Talauera~Talaueira*). Toponímico. Probablemente relativo ó toledano *Talavera de la Reina* (ademais hai os lugares de *Talavera la Nueva*, tamén en Toledo, e *Talavera la Vieja*, Cáceres). O topónimo, de orixe prerromana, é, segundo Bascuas (2006: §35.1), un hidrónimo derivado da raíz **ta* ‘derreterse, fluír’, un abundacial derivado dun primitivo **talavo* ou **talava* 'fango', que pervivía como voz común na romanización, mailo suf. –ARIUM latino. Ten os seus correspondentes nos galegos *Tabeira* (parroquia de Gondollín, Melide) e *A Tabeira* (parroquia de Gomar, A Laracha) e os portugueses *Tavira* (distrito do Algarve) e *Taveiro* (lugar e parroquia de Coimbra). Menos de 30 persoas levan na actualidade o apelido *Talavera* en Galicia. Menos de 10, a forma galega *Tabeira*.

Tenelas (*Pay Tenelas*). Toponímico. É unha forma latinizada do nome do antigo couto de *Tielas*, que abranguía as parroquias de Campo (Santa María) e Fofe (San Miguel), no actual concello de Covelo. Na documentación do séc. XVI e XVII, o couto figura coa denominación de *Val de Tielas*. O topónimo é seguramente o antigo nome do que hoxe figura nos mapas como *río Pequeno*, afluente do Tea no seu curso alto. Para Bascuas (2006: §45.1) é un diminutivo, *TĬNELLAS, de Tea (< *TĬNA), a partir da raíz indoeuropea **ta* 'derreterse, fluír', pois o río Tielas é afluente do Tea. Máis de 200 persoas levan aínda hoxe en Galicia o apelido *Tielas* e arredor do 40 por cento residen en Covelo.

Testín, **Cestín**, **Tostín**, **Costín** (*Johán Testín*). De lectura problemática, aparentemente *Testín*, aínda que parece que puido haber corrección do <e> por <o>. Tamén no <t> inicial, a parte esquerda do trazo superior pode ser mancha do coiro, polo que teriamos que ler <c>. Se a lectura correcta é *Testín*, podería ser o xenitivo dun nome persoal **Testinus* ou similar, que non demos documentado e tampouco localizamos ningún topónimo similar nin tampouco atestacións antigas que poidan orientarnos sobre a súa orixe. Ningunha das

outras posibles variantes da lectura (*Cestín*, *Tostín*, *Costín*) se rexistra como apelido en Galicia e a única existente hoxe na Península é *Costín*; mesmo encontramos algún caso na guía telefónica de Portugal, con *–n*, grafía allea a esta lingua en posición final. Así e todo, a forma *Costín* é opaca, quizais delexical. En asturiano (Somoza, 1996: s.v.), *costín* é a 'parte superior do lombo do home' e puido funcionar como alcume[232] do mesmo xeito que sucedeu co galego *Costas*, como parecen indicar algúns exemplos medievais (*Don Pedro Domínguez dito Costas* s.XIII, CDOseira). De todas as formas, na documentación histórica só encontramos dúas atestacións dese apelido (*Luis Costín* a.1593 e 1605, PARES, Arquivo Xeral de Indias), seguramente referidas á mesma persoa, pero non se fai referencia á súa terra de orixe.

Tirado (*Martín Tirado*). Delexical, aparentemente derivado do verbo *tirar* coas acepcións de 'sacar, quitar'; na época medieval rexístrase tamén o adx. *tirado* 'estirado, tenso' na *Crónica Troiana* (DDGM, s.v.). De motivación escura, figura como parte das cadeas onomásticas polo menos desde o séc. XIII. Na actualidade é un apelido rexistrado maioritariamente no concello de Cambados e que non existe no Ribeiro de Avia.

Uarela (*María Uarela*). Podería ser delexical, diminutivo do s. *vara*, de motivación escura, quizais por lembrar a constitución física, delgado e longo, do individuo a quen se lle impoñía. Tamén é voz toponímica: (*A*) *Varela* nos concellos de Coristanco, Rianxo, Pantón, Vilalba e Lalín que ben podería ser tamén un derivado de *vara* ou corresponderse cun diminutivo de *val* (*valela*> *varela*). O primeiro exemplo romance deste segundo nome na documentación antiga está neste documento. En textos en latín hai exemplos como segundo nome no século XII, pero neles é máis frecuente como nome único (*ego Varela* conf.; *Varela, frater eius, confirmat* a.1157; *Varela Fernandi, confirmat* a.1158; *domnus Varela* a.1161; etcétera). Na actualidade é un dos 20 apelidos máis frecuentes de Galicia.

Uassallo (*Joán Uassallo*). Delexical. Do céltico *VASSALLOS, derivado de VASSOS 'servidor'. O *vasalo* era na Idade Media o que recibía o beneficio ou honra dun señor feudal. Encóntrase nas cadeas onomásticas polo menos desde o séc. XII. Hoxe, maioritariamente castelanizado en *Vasallo*, *Vasalo* é apelido característico das terras ourensás de Trives e Caldelas.

[232] Sobre a motivación delexical ou toponímica deste sobrenome véxase Boullón Agrelo (2012).

Ueremúdez, **Uermúdez** (*Martín Ueremúdez~Uermúdez*). Patronímico do nome medieval *Veremudus* ou *Veremundus*, de orixe xermánica. Sobre o primeiro elemento que o constitúe, dubídase se provén do xermánico *Ber-* 'oso', de **baira* 'xabaril' ou de **beran* 'levar, traer', todas problemáticas. O segundo elemento é -MUNDUS, do gótico *mund-* 'protección'. Foi un nome moi usado na Idade Media, feito ó que contribuíu seguramente que fose o nome de tres reis. Aínda que nas atestacións medievais a grafía era sempre con V-, polo que se supón orixinaria e de aí as dificultades dos étimos propostos, a partir do séc. XVI xeneralizouse a grafía con B-. É un dos cen apelidos máis frecuentes de Galicia e está máis estendido polas provincias setentrionais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.2. Análise onomástica dos texto B e C

Na parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, actualmente pertencente ó concello de Carballeda de Avia, residían en 2014, segundo os datos do INE, 85 persoas. Aproximadamente a metade das 156 almas que sinalaba Madoz[233] no seu dicionario, o que evidencia o descenso considerable da poboación no ámbito rural.

No texto B do *Tombo das viñas* distínguense 90 cadeas onomásticas distintas; con todo, en cinco casos non se refiren a individuos senón a familias. Seguramente, coma no caso do texto A, algunhas destas persoas non residían alí e simplemente recibían os beneficios das terras que outras mans traballaban. Pero neste caso o número tamén é significativo para ter unha idea dos usos onomásticos dese territorio.

Para a selección das cadeas onomásticas seguíronse os mesmos criterios ca para o texto A (vid.), aínda que aquí só en dous casos hai problemas de identificación:

- Así, consideramos tres persoas distintas a *Johán Lourenço*, *Johán Lourenço do Castro* e *Johán Lourenço da Ffonte*, xa que non podemos garantir que o primeiro individuo sexa algún dos outros dous.

- Pola contra, interpretamos que son a mesma persoa *Tomé Peres* e *Tomé Peres de Sant'Esteuo*, pois esta última cadea só se usa unha vez acompañando outra tamén cun segundo nome toponímico (*Steuo Tourino de Vilarino*) e parece lóxico que, se o primeiro *Tomé Peres* non era de Santo Estevo, fose el quen levase o topónimo do seu lugar de orixe para distinguilo dun homónimo da aldea e non ó revés.

7.2.1. Os prenomes

En total no texto B do *Tombo das viñas* hai doce nomes masculinos distintos e oito femininos. Recollémolos a seguir en orde de frecuencia e destacamos algunhas particularidades:

[233] Tomo XII, páx. 167, ano 1849

Táboa de frecuencia dos nomes masculinos	
NOME	**Nº**
Johán	17
Pero ~ Pedro	14
Esteuo ~ Steuo ~ Esteuão	12
Domingo	5
Martín	4
Lourenço	3
Ffernán ~ Ffernando	2
Arres	1
Marcos	1
Miguell	1
Rruy	1
Tomé	1

Ilustración 36. Táboa de frecuencia dos nomes masculinos do texto B

Táboa de frecuencia dos nomes femininos	
NOME	**Nº**
María	10
Moor	4
Dominga	3
Steuaína	2
Sancha	2
Eluira	1
Luzía ~ Lusýa ~ Lusía	1
Orraca	1

Ilustración 37. Táboa de frecuencia dos nomes femininos do texto B

- Só nunha ocasión figura un prenome sen segundo(s) nome(s) e acompañado de tratamento; é o caso do abade de Melón *don Esteuo*.
- Nove dos nomes masculinos deste repertorio coinciden cos nomes dun século antes, que figuraban no texto A. Só hai tres novos, *Tomé*, *Marcos* e *Esteuo*; os dous primeiros son nomes únicos que só leva unha persoa, pero o último, que é o terceiro en frecuencia no

texto B, destaca tamén por ser o haxiónimo titular da parroquia descrita, o que seguramente puido axudar á súa emerxencia.

- Dos nomes femininos só un non se rexistra no repertorio do texto A, dun século antes, *Dominga*, que ademais é o terceiro en frecuencia.

7.2.2. Patronímicos, delexicais e toponímicos

Regularizadas as variantes gráficas, no texto B temos un repertorio de 53 segundos nomes distintos, sumando simples e compostos, que normalmente conteñen un tamén usado como simple.

Os segundos nomes poden ser simples ou compostos. De interese é a existencia de nomes familia, en plural, que poden proceder dun delexical ou dun topónimo. Hai cinco no texto: *os do Barreiro*, *os Caluiños ~Calujnos*, *os Mourinos*, *os Pichiceites*, *os da Rribeira ~ de Rribeyra*. Os tres primeiros son, á súa vez, segundos nomes en singular (*Barreiro*, *Calujño ~ Calujno*, *Mourino*, *Mourina ~ Mouriña*) que leva algunha das persoas do texto.

Os segundos nomes simples, isto é, dun elemento, son, coma no caso do texto A, os máis abundantes do texto e, se excluímos os nomes de familia, máis do 90% do total.




Ilustración 38. Porcentaxe de segundos nomes do texto B: simples, compostos e nomes de familia

Con repecto á tipoloxía dos segundos nomes, en porcentaxe con respecto ó número de persoas, neste caso os delexicais son os máis abundantes, seguidos dos patronímicos.




Ilustración 39. Porcentaxe de segundos nomes do texto B en canto á súa tipoloxía

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.2.3. Glosario de segundos nomes dos textos B e C

(Cando non hai indicación, os segundos nomes pertencen ó texto B; cando hai o msmo nos dous textos, sepáranse os exemplos coa indicación de a que texto pertencen, de igual xeito que se o segundo nome só figura no texto C).

Amigo (*Johán Amigo do Casar*). Patronímico ou delexical. Seguramente do nome persoal latino *Amicus*, ben documentado (*Amicus Trasulpho* s.d. TSobrado; *Amicus Vandilani* a.951 CDCatLeón[234]; *Amicus Naldúlfiz* a.982 TCelanova; *Amicus presbiter* a.1001 TSobrado; etc.), que tamén se rexistra con sufixo patronímico, aínda que non deixou descendentes (Boullón Agrelo, 1999: 130). Provén da voz común *amigo*, do lat. AMICUM 'id', un derivado de AMARE 'amar'. Non se pode descartar que, á parte de patronímico, tamén se usase como un delexical da mesma orixe: *Iohannes Pelagii, dictus Amicus* a.1240 CDSMPinario. Hoxe non é apelido característico da zona.

Anes, Eanes (*Martín Anes de Vilariño~Vilarino, Orraca Eanes, Dominga Anes~Eanes de Moimenta~Moymenta, Eluira Eanes, María Eanes, Esteuo Eanes*). Vid. **Eanes** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Ares, Arres (*Orrac'Arres~Ares*). Patronímico. Na actualidade neste apelido conflúen os procedentes dunha orixe patronímica, como variante de *Arias*, e os toponímicos relativos a entidades de poboación chamadas *Ares*, pero dada a baixa frecuencia de formas precedidas de preposición na documentación antiga, debemos considerar que a maior parte dos *Ares* actuais son patronímicos, isto é, variantes de *Arias*. Na actualidade *Arias* está representado en case todos os concellos da comarca do Ribeiro, agás Beade, e aínda hai algo máis de 20 persoas apelidadas *Ares* en Leiro, concello veciño do de Carballeda de Avia.

Auelaenda (Texto C: *ffrey Gonçaluo d'Auelaenda*). Toponímico. Seguramente relativo ó lugar de Abelenda, na parroquia de Abelenda das Penas, en Carballeda de Avia. Do lat. ABELLANETAM, un colectivo da árbore que dá abelás. Na actualidade, o apelido é característico das comarcas de Bergantiñas e Xallas e non se rexistra nin en Carballeda de Avia nin en Ribadavia nin nos concellos veciños.

---

[234] Fernández Catón, J. Mª [Dir.], *Colección documental del archivo de la Catedral de León (775-1300).*

Barreiro, do (*Esteueína~Esteuaína do Barreiro*, *Esteuo do Barreiro*, *os do Barreiro*). Toponímico. Do s. *barreiro* 'lugar cuberto de barro ou lugar de onde se extrae o barro para o seu aproveitamento' ou 'persoa que ten por oficio traballar o barro', e este da palabra prerromana *barro* mailo sufixo *-eiro* (< lat. -ARIUM). Seguramente en referencia ó microtopónimo *O Barreiro* da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa. O apelido está na actualidade entre os 30 máis frecuentes de Galicia. Arredor de dez persoas levan o apelido no concello de Carballeda de Avia; algo máis abundante é nos de Ribadavia e Leiro.

Batondeiro (*Lourenço Batondeiro*). Sobrenome toponímico. Seguramente xentilicio en relación con *A Batundeira*, lugar da parroquia de Velle, en Ourense. O lugar foi sede da encomenda galega da orde de Alcántara. O topónimo é probable que estea relacionado co verbo *bater* (< lat. BATTUERE). Hoxe non existe o apelido.

Caaueirão (Texto C: *Steuo Caaueirão*). Delexical. Aumentativo de *caveira* 'esqueleto da cabeza', que provén, segundo Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *calavera*), do latín CALUARIAM 'caveira', un derivado do adxectivo *calvus*. Máis difícil nos parece sexa toponímico e que estea relacionado con *Caaveiro*, para Bascuas (2006: §36.3 e 2014: §99.4), orónimo prerromano. Hoxe non existe como apelido.

Cabo, de (*Esteuo de Cabo*). Toponímico. Dun nome de lugar (*O*) *Cabo*, que rexistramos por exemplo na parroquia de San Clodio (Leiro) ou nas de Castro e A Lamosa (Covelo). Provén do lat. CAPUT 'cabeza'. Indica un extremo, un límite e refírese a lugares situados onde termina unha parroquia, un camiño, etc. Consideramos que se pode descartar neste caso unha orixe como delexical tanto no sentido de *cabo de casa* co significado de 'cabeza de casa', 'cabeza de familia', 'o petrucio, o cabeza de familia' ou, coma na Terra de Lemos en que se lle chama *cabo* ó 'mordomo pedáneo' e aínda o máis moderno *cabo* 'individuo da clase de tropa inmediatamente superior ó soldado'. Non existen portadores na actualidade no concello de Carballeda de Avia e hai poucos nos concellos de arredor.

Calças (*Pero Calças*). Delexical. Do plural da voz medieval *calça* 'peza de vestir que cobren o pé e a perna', procedente do lat. vg. CALCĔAM, e este do lat. CALCĔUM 'zapato'. A motivación é escura. Seguramente faga referencia a algunha característica das pernas do individuo. Hoxe algo máis de 100 persoas levan o apelido entre a súa forma singular (*Calza*) e plural, pero non é característico da zona.

Calujño, Caluino, Calujños, Caluiños (*Johán Calujño~Calujno*; *Caluiños, Os / Calujnos, Os*). Delexical. Na actualidade é o apelido máis abundante dos derivados do adxectivo *calvo* 'sen pelo na cabeza', do cal é diminutivo. En latín xa se empregaba *Calvinus* como sobrenome dalgunhas familias. *Calviño* está entre os 200 apelidos máis frecuentes en Galicia pero non se rexistra na zona de Carballeda de Avia. A forma plural no texto vén motivada por referirse ós membros dunha mesma familia e non se conserva como apelido na actualidade.

Çapateiro, Çapateyra (*Johán Çapateiro; María Çapateyra de Santo Estevo*). Sobrenome de profesión. Derivado de *zapato*, voz de orixe descoñecida, común á maioría das linguas romances e doutras non romances, mailo sufixo -*eiro* (lat. -ARIUM). Aínda que na actualidade non é moi frecuente, é sobrenome profesional espallado por case toda a península, na forma das distintas variedades lingüísticas. En Galicia lévano menos de 100 persoas, a maioría coa forma castelanizada *Zapatero*. Non se conserva a variación de xénero coa que se rexistraba na Idade Media e que se exemplifica ben no noso texto.

Carneiro (*Johán Carneiro*). Delexical. Da voz común *carneiro* 'macho da ovella', derivada de *carne* (lat. CARNEM 'id'). A motivación pode ter orixe na comparación do individuo con calquera das características físicas ou de carácter que se lle atribúen ó animal (forte, teimudo, bruto...). É sobrenome frecuente na Idade Media e na zona coma *Pero~Pedro Carneiro* (a.1433, 1434, 1435 DocDevOurense) ou *Gonçaluo Carneiro* (a.1484 DocDevOurense). Aínda é apelido frecuente en Galicia, lévano algo máis de 1700 persoas e Baiona e Boborás son os concellos onde é máis abundante.

Caruoeira (*María Caruoeira~Caruoeyra*). Sobrenome de profesión. Como se ve no noso exemplo, tivo flexión de xénero. Procedente de *carboeiro* 'persoa que vende ou fai carbón', 'lugar onde se fai ou se almacena carbón', derivado de *carbón*, do lat. CARBONEM 'id' e o sufixo -*eira* (lat. -ARIAM). Con todo non se pode descartar que sexa un xentilicio e que se refira a que a persoa que o leva procede da parroquia de Carboeiro (Silleda), topónimo que tería unha orixe semellante. Na Idade Media tanto *carbón* coma o seu derivado alternaban entre as grafías <u~><v> e <b>. Menos de 20 persoas levan na actualidade o apelido en Galicia, só en masculino e castelanizado en *Carbonero*.

Casar, Casal (*Dominga do Casar~Casal*, *Johán Amigo do Casar*). Toponímico. Seguramente do actual *O Casal*, parte da aldea de Santo Estevo de Nóvoa. Máis difícil é que corresponda ó lugar chamado *O Casar* na parroquia de Lamas, en Leiro, ou ó de Reádigos, no Irixo. De *casar*, var. de *casal* 'casa de campo con todas as súas pertenzas', derivado do lat. CASAM 'casa'. O apelido *Casar* non é hoxe moi frecuente en Galicia, quizais porque, en moito casos, se regularizou en *Casal*, que está entre os 100 máis abundantes, pero non é moi frecuente na zona. *Casar* lévano na comarca do Ribeiro menos de cinco persoas de entre as pouco máis de 200 que se apelidan así en Galicia.

Castro, do (*Johán Lourenço do Castro*, *Lopes do Castro*). Toponímico. Do s. *castro* e este do lat. CASTRUM 'campamento fortificado'. Na Gallaecia romana designaba o tipo de poboamento urbano dos habitantes orixinarios de Galicia; posteriormente indicou calquera elevación do terreo onde antigamente puido existir algún tipo de fortificación. É un topónimo moi frecuente, presente en todo o territorio. No texto debe de facer referencia ó microtopónimo *O Castro (de Nóvoa),* rexistrado na parroquia. A abundancia de topónimos fixo que o apelido estea entre os 15 máis frecuentes de Galicia e que máis de 60.000 persoas o leven. Nin en Carballeda de Avia nin nos concellos próximos e característico o apelido na actualidade.

Caualeiro (*Rruy Caualeiro*). Delexical, aplicado quizais con intención irónica. O adx. *cabaleiro* 'persoa montada a cabalo' e 'membro da orde da cabalería, individuo de categoría social alta' deriva de *cabalo*, e este do lat. CABALLUM, que desprazou o clásico ĔQUUS. Nin *Cabaleiro* nin a forma castelanizada *Caballero* teñen hoxe portadores en Carballeda de Avia.

Colcheiro (*Esteuo Colcheiro*). Sobrenome de profesión. Derivado de *colcha*, esta, segundo Corominas / Pascual (DCECH, s.v.), do fr. ant. *colche* (hoxe *couche*) "leito", der. de *colchier* (hoxe *coucher*) "deitarse", do lat. CŎLLŎCĀRE, e debeu designar inicialmente unha especie de colchón; con todo, Varela Sieiro (2003: 174-175) dubida desta acepción inicial, que Corominas / Pascual basean nuns versos do *Libro de Apolonio*, e considera que, polas atestacións medievais, non hai razóns para pensar que a palabra non tivese xa inicialmente a acepción moderna de 'peza téxtil para a cobertura da cama'. Na actualidade non existe o apelido en Galicia. En España, aínda que non é frecuente, *Colchero* é característico da parte máis occidental de Andalucía.

Congostras, das (*Pero das Congostras*). Toponímico. Vénse considerando que a etimoloxía máis fiable da palabra é COANGUSTAM, vocábulo formado pola preposición CUM e o adxectivo ANGUSTUS, -A, -UM 'estreito, apertado', derivado do verbo ANGERE 'estreitar, oprimir, apertar'. *Congostra* figura no dicionario co significado de 'camiño de carros estreito e profundo, que discorre xeralmente entre valos, cómaros ou outras elevacións do terreo'. O -r- adventicio xa está documentado nos textos latinos de Galicia polo menos desde o séc. XII. Non rexistramos o topónimo *As Congostras* como entidade de poboación na zona, pero si o microtopónimo *A Congostra da Chaira* na parroquia de Santo Estevo de Nóvoa. Hoxe desapareceu como apelido en Galicia. Vid. tamén *Congosto* no Glosario de segundos nomes do texto A.

Curral, de / Curraes, de (*María de Curral*, *María de Curraes*). Toponímico. *Currás de Adentro* e *Currás de Afora* son microtopónimos da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa. Proveñen do plural do s. *curral* 'espazo próximo ou pegado á casa, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña, o toxo, etc.', que existe nos outros romances hispánicos coma o castelán ou o catalán *corral*. Tense proposto para estes termos un étimo *CŬRRALEM, derivado en -ALEM a partir do lat. CŬRRUS ou do verbo CURRĔRE, mais tamén hai autores que propoñen para *curro*, *corro*, *corral* e *curral* unha orixe prerromana, baseada na raíz céltica COR- 'círculo de pedras'. Na actualidade os apelidos en singular están regularizados na variante *Corral*, seguramente condicionados polo castelán; na zona hai menos de dez portadores, xa que o apelido é moito máis frecuente nas provincias setentrionais de Galicia. *Currás* non se rexistra nin na toponimia da zona nin hai hoxe o apelido.

Domingues, Dominges (Texto B: *Moor Domingues~Dominges*, *Pero Domingues de Vilarino*; texto C: *Gomes Domingues*). Patronímico. Formouse con sufixo latino -ICI, a partir do nome persoal *Domingo* ou *Domingos*, procedente do nome latino-cristián de inspiración mística DOMINICUS 'do señor', que é un derivado de DOMINUS 'señor'(Boullón Agrelo, 2009: 188). En porcentaxe de habitantes, na actualidade, *Domínguez* é moito máis abundante nas provincias de Pontevedra e Ourense ca nas setentrionais. Melón e Padrenda, concellos veciños de Carballeda de Avia, están entre os cinco concellos onde o apelido é máis abundante.

Esteues (Texto B: *Johán Esteues*, *Domingo Esteues*, *Ffernando Esteues*; texto C: *Johán Esteues*). Patronímico. Do nome persoal *Estevo*, que procede do lat. STEPHANUS, nome moi antigo que á súa vez remite á voz grega STÉPHANOS 'coroa' e o sufixo latino –ICI (Boullón Agrelo, 2009: 420). Na actualidade está entre os 30 apelidos máis frecuentes en Galicia e é moito máis abundante nas provincias meridionais.

Ffeca (*Pero Ffeca*). Delexical ou toponímico opaco. Podería ser grafía arcaica ou anómala dun sobrenome *Ffecha*, pois o que seguramente é o mesmo individuo aparece tamén como *Pero Ffecha* (LTPOseira a.1473), ou talvez é un segundo nome toponímico (hai o topónimo *Fecha* nos concellos de Santiago de Compostela e O Rosal) procedente dun nome de lugar da zona, sen localizar. Con calquera das dúas orixes, este segundo nome podería provir do lat. FĬSTULA 'cano de auga' (DCECH, s.v. *fístula*) ou ter relación co verbo *fechar* 'pechar, cerrar'. Non existe o apelido *Fecha* en Galicia na actualidade e en España só nas Baleares. Tamén en Portugal hai os apelidos *Fecha* e *Fechas*.

Ffernandes (*Lourenço Ffernandes*). Vid. **Fernández** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Ffrade (*Domingo Ffrade*). Delexical. Do latín cristián FRATREM 'irmán' (como fillo de Deus), referido ó relixioso de certas ordes. O alcume puido adquirir posteriormente outras atribucións, coma a de servo dun mosteiro ou mesmo ter un uso irónico. Na actualidade é apelido característico das comarcas de Melide e Deza. Desapareceu case por completo no concello de Carballeda de Avia onde o levan menos de cinco persoas. É significativa a súa presenza en Asturias, León e Cáceres. Tamén se rexistra en Portugal.

Ffradina, **Ffradino** (*María Ffradina*, *Martín Ffradino*). Delexical. Diminutivo de *frade* (vid. atrás), seguramente como referencia a fillos dun individuo alcumado *Frade*. Hoxe non existe en Galicia como apelido pero si hai *Fradinho* en Portugal.

Ffranco (*Johán Ffranco*). Delexical. Do lat. FRANCUM, voz de orixe xermánica que designaba inicialmente o pobo xermánico que ocupou a Galia e logo pasou a significar 'francés'. A motivación deste apelido é en principio étnica, pero na Idade Media serviu para denominar calquera estranxeiro que viñese de alén dos Pireneos a través do camiño francés, e tamén adquiriu o significado xurídico de 'libre, exento de certas cargas fiscais', en referencia ós privilexios que lles eran concedidos ós peregrinos cando se instalaban de forma

estable nun núcleo, moitas veces no Camiño de Santiago (Boullón Agrelo, 1998). Na actualidade está entre os cen apelidos máis abundantes de Galicia e é común a toda a Península Ibérica.

Fonte ~ Ffonte, da (*Johán Lourenço da Ffonte, Pedro da Fonte*). Toponímico. Dun nome de lugar *A Fonte*. O máis próximo dos que figuran no NG de Galicia na actualidade é o lugar da parroquia de Casteláns (Covelo, Po). Con todo, hai máis de 300 topónimos en Galicia chamados *A Fonte* ou que inclúen a palabra e, na actualidade, na parroquia de Santo Estevo de Nóvoa temos rexistrados os microtopónimos *A Fonte de Arriba* e *A Fonte da Eirexe*. A palabra provén do lat. FONTEM 'fonte'. O apelido está hoxe moi castelanizado en Galicia e, no concello de Carballeda de Avia, non se rexistran nin *Fonte* nin *Fuente*, aínda que este último si ten portadores nos concellos veciños de Ribadavia, Leiro e Beade.

Gago (*Esteuo Gago, Martín Gago*). Delexical. Considérase que este apelido fai referencia á dificultade para falar de corrido, isto é, a falar de xeito entrecortado e repetindo as sílabas. Provén polo tanto do adxectivo *gago* 'tatexo, tartamudo, gago', voz creada a partir da onomatopea *ga-ga* que imita o xeito de falar dos tatexos. É apelido común a case toda a Península Ibérica.

Gibarra (*María Gibarra*). Vid. **Gibarro** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Lágea, da (*Ssancha da Lágea*). Toponímico. Dun nome de lugar chamado hoxe *Laxe* ou *A Laxe*. Os topónimos proveñen do s. *laxe* 'pedra plana', de orixe prerromana, posiblemente céltica, incorporada ó lat. hispánico como LAGĔNA. Hai máis de 50 entidades de poboación denominadas así en Galicia e tamén é frecuente na microtoponímia, como na paraxe denominada *A Laxe de Nóvoa*, que rexistramos hoxe na parroquia de Santo Estevo de Nóvoa e á que quizais faga referencia. Debido á súa abundancia como nome de lugar, é tamén frecuente como apelido. Na actualidade está moi castelanizado graficamente pero non se conserva na comarca do Ribeiro en ningunha das variantes atestadas en Galicia (*Laxe*, *Laxa*, *Lage*, *Laje*).

Lameiro (*Pero do Lameiro*). Toponímico. Da voz común *lameiro* 'prado natural con humidade constante', 'terreo húmido' e 'terreo onde hai moita lama'; derivado de *lama* (lat. LAMAM).

Lourença, **Lourenço** (*María Lourença*, *filla de Lourenço Ffernandes*; *Johán Lourenço da Ffonte*; *Esteuo Lourenço*, *Domingo Lourenço*; *Johán Lourenço do Castro*; *Marcos Lourenço*; *Sancha Lourença*). Patronímico. Do nome persoal *Lourenzo*, que vén do lat. LAURENTIUS, der. de *laurus* 'loureiro', ou adx. étnico relativo á cidade *Laurentum*, topónimo de orixe seguramente prerromana (Boullón Agrelo, 1999: 281). Foi un nome moi frecuente na Idade Media, por causa do culto a varios santos. Na Idade Media as fillas de *Lourenço* levaban o apelido en feminino, concordando co seu xénero como se exemplifica no noso texto. Seguramente por razóns do contorno fonético non leva o sufixo patronímico -*ez*, coma *Afonso*. Moi castelanizado, na actualidade está entre os 25 apelidos máis frecuentes en Galicia. En porcentaxe de habitantes que o levan, ten moita incidencia no concello de Melón e é relativamente frecuente tamén en Ribadavia e no propio de Carballeda de Avia. A forma autóctona está practicamente desparecida na comarca do Ribeiro.

Martís (Texto B: *Pero~Pedro Martís*, *Luzía~Lusýa~Lusía Martís*, *Moor Martís*, *Dominga Martís*; texto C: *Marina Martís*, *Gonsaluo Martís*). Vid. **Martiz** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Meendes (*Arres Meendes*). Vid. **Méndez** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Monteiro (*Pedro~Pero Monteiro*, *Johán Monteiro*, *Lourenço Monteiro*). Sobrenome profesional. Do s. *monteiro*, que é un derivado do lat. MONS. Como alcume, indicaba na Idade Media un oficio, un cargo; o *monteiro* era o encargado da gardar o monte e a caza, de buscala e de seguila no monte. Está entre os cen apelidos máis frecuentes de Galicia e aínda se rexistran algo máis de 10 persoas que o levan, iso si, castelanizado en *Montero*, en Carballeda de Avia. A forma autóctona xa non se rexistra na comarca do Ribeiro.

Móogo (*Martín Moogo*). Vid. **Móogo** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Mourino (***Moor Mourina***, ***os Mourinos***, ***Domingo Mourino***, ***Pero Mourino***). Delexical. Diminutivo de *mouro*, que aludía probablemente á cor da pel ou do cabelo (vid. **Moro** no Glosario de segundos nomes do texto A). Rexístrase en feminino, cando acompañaba un nome de muller. Hoxe non existe o apelido *Mouriño* en Carballeda de Avia, pero o concello lindante de Avión é o terceiro en porcentaxe de habitantes con ese apelido en Galicia.

Muimenta ~ Moymenta (*Dominga Eanes de Muimenta ~ Dominga Anes de Moymenta*). Toponímico. De *Muimenta*, nome da parroquia e lugar de Carballeda de Avia e este do neutro latino MONUMENTA 'monumentos funerarios'. O topónimo alterna coa variante *Moimenta*, parroquias de Lalín e Campo Lameiro e seis entidades de poboación máis. Na actualidade só se rexistra como apelido esta variante *Moimenta*; a maioría dos portadores residen nos concellos de Meis e A Estrada e nos concellos de arredor, polo que seguramente o apelido ten a orixe nos nomes das parroquias mencionadas de Campo Lameiro e Lalín, aínda que tamén hai o topónimo na Estrada, Boiro e Silleda e alí viven persoas que levan o apelido. Non se rexistra en Ribadavia nin en toda a provincia de Ourense.

Paas (*Domingo Paas*). Vid. **Páez** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Peres (Texto B: *Tomé Peres*, *María Peres*, *Esteuo Peres*, *Moor Peres*; texto C: *Affonso Peres*). Vid. **Pérez** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Pichiceites, Os. Sobrenome colectivo opaco. Quizais estea relacionado con *Pichito* ou *Pichite*, sobremonomes que se rexistran no séc. XIII en *Roderico Pichito* (TSobrado a.1204), *Fernando Pichito* (TToxosoutos a.1207) e no XIV *Martín Pichite* (a.1390 TBieitoSantiago) e seguramente emparentados con *pichel* e *picho*, a través do francés *pichier*, á súa vez de orixe incerta (vid. Corominas / Pascual, DCECH, s.v. *pichel*). Non encontramos ningunha forma semellante a este sobrenome no repertorio de apelidos galegos na actualidade.

Polĩa / Solina (*María Polĩa*/*María Solina*). Seguramente delexical. No texto inicial, logo borrado, figuraba *Solina*, quizais feminino de *Solino~Soliño*, opaco, de tipoloxía e orixe escuros, documentado por primeira vez no século XV na cadea *Pedro de Outeiro Soliño* (PARES a.1457; lectura comprobada) e xa como segundo nome no XVI (*Grigorio Solino* a.1528; *Gregorio Solino*; a.1530; *Pedro Soliño* a.1565 AHUS); a variación de xénero é ben coñecida pola figura da canguesa *María Soliña* ou *Soliño*. Esta atestación do texto B do Tumbo das Viñas adiantaría polo menos un século a datación deste segundo nome. Con todo, non podemos facer unha proposta etimolóxica segura, pois a voz *soliño*, que algúns dicionarios recollen co significado de '‘pau que se utiliza para unir a grade ou o arado ó xugo’, é de difícil xustificación como sobrenome ou topónimo. Tampouco hai garantía de que sexa un diminutivo do substantivo *sol* (lat. SOLEM ‘id), como alcume cariñoso. Aínda se podería pensar nunha orixe foránea, xa que en Italia tamén hai os apelidos *Sollino* e

Solino, que se puideron adaptar coa nosa terminación diminutiva. A estes apelidos italianos atribúeselles orixe catalá, pero hoxe hai en Cataluña moi poucos *Solino* e algún máis *Solina*, arredor de cen portadores. Con respecto á forma corrixida, *Polĩa* , se é a correcta, quizais se deba interpretar como grafía arcaica de *Poliña*, que tampouco temos documentado como sobrenome, pero que podemos xustificar como diminutivo de *Polo*, en referencia a unha filla dun individuo así alcuñado, xa que este último sobrenome si o temos documentado (*Rui~Rruy~Roy Polo* a.1242 DocViveiro*; García Polo* a.1475 CDMaia), así como o masculino diminutivo correspondente (*Gonçalvo Poliño* a.1419 LCSantiago). Non obstante, tanto os exemplos medievais coma a distribución actual do apelido *Polo*, na Mariña de Lugo, afástano moito da nosa área.

Porrino (*Johán Porrino*). Delexical ou toponímico. Como alcume pode corresponderse co s. *porriño* 'planta do porro' e facer referencia a unha aparencia física que lembre o vexetal. Navaza (2006: 431) cre que non se debe descartar a existencia dun nome persoal PORRĪNUS que podería ser a orixe dalgúns dos topónimos (*O*) *Porriño* actuais (O NG só recolle o concello, lugar e parroquia pontevedrés e outro *Porriño*, aldea da parroquia de Beira, en Carral (Co), pero Navaza rexistra en Ourense tres lugares non habitados chamados *O Porriño*, entre eles un en Carballeda de Avia). Na documentación do mosteiro de Melón (CDMelón) está ben exemplificado como parte das cadeas onomásticas, en aparencia como delexical: *Fernandus Petri dicto Porrin*o (a.1256), *Arias Fernandi dictus Porrino* (a.1257), *Petrus Pérez dictus Porrino* (a.1257); aínda que algún exemplo hai que non nos deixa descartar a orixe toponímica: *Fernandus Petri de Porrino* (a.1264). Tampouco é inverosímil que faga mención a descendentes dun individuo alcumado *Porro*: *Petro Froile dictu Porru* (a.1230 CDMeira). Hoxe desapareceu como apelido en Galicia, pero uns poucos *Porrino* e *Porriño*, que non chegan a 200 portadores e que rexistra o INE, fundamentalmente nas provincias máis occidentais de Andalucía, puideran ter orixe nestes segundos nomes galegos medievais. Tamén quedan uns poucos portadores de *Porro*.

Poulo, do (*Pero do Poulo*). Toponímico. Do lat. PABŬLUM 'pasto, alimento', emparentado co latín PASCERE. Na provincia de Ourense, *poulo* e o feminino correspondente *poula*, son denominacións comúns para os terreos que se aproveitan para o pasto do gando (Navaza, 2006: 431). Non o localizamos como microtopónimo na parroquia e tampouco hai entidades de poboación con ese nome nin no concello de Carballeda de Avia nin nos dos

arredores, aínda que Navaza (2006: 433) rexistra *O Poulo* en Melón como entidade de poboación que non figura no Nomenclátor. Hoxe non existe en Galicia como apelido.

Rraposo (*Fferrnán Rraposo*, *Miguell Rraposo*). Delexical. Da voz común *raposo*, de orixe e etimoloxía controvertida. Para Corominas / Pascual *rapos*a é unha variante de *rabosa*, probable derivado de *rabo*, alterada por influxo da familia de *rapiña*. Os dicionarios recollen para a palabra o significado de 'persoa astuta'. Hoxe non se existe o apelido en Carballeda de Avia e case debeu desaparecer da comarca do Ribeiro.

Rrasca (*Johán Rrasca*) Delexical. Seguramente o mesmo que se rexistra en *Johanem Rascum* e *Petrus Rascus* (CDOseira a.1222), *Joane Rasco* e *Juliano Rasco* (a.1235) e xa con máis certeza no século XIV *Johán Rasca* (CDOseira a.1358) e *frey Lourenço Rasca* (a.1365 DocDevOurense). Parece relacionado con *rascar* (lat. med. <RASCARE, der. de RADERE 'afeitar; rañar') coma o tamén delexical *Rascado*. Non se rexistra hoxe *Rasca* no repertorio dos nosos apelidos; tampouco temos certeza de que haxa *Rasco*, pero é apelido ben atestado na Andalucía occidental.

Rrigueiro (Texto C: *Lourenço Rrigueiro*). Toponímico. A voz *regueiro* é un derivado de *rego*, palabra de orixe prerromana, proveniente do termo hispánico *RĔCU, ou de orixe iberovasca ou relacionada co celta RĬCA 'suco', segundo os autores, e que seguramente tamén sufriu a interferencia da familia léxica de *regar* (< lat. RIGARE). A abundancia de núcleos de poboación que puideron dar orixe ó apelido explica tanto a abundancia coma a dispersión xeográfica, significativamente con maior densidade nas provincias da Coruña e de Lugo. Hoxe a forma máis frecuente en Galicia é *Regueiro*, do que hai portadores en todos os concellos do Ribeiro. A variante coa vogal pretónica pechada que se dá na fala en moitos lugares e que presenta o noso texto, *Rigueiro*, só se conserva nalgunhas áreas luguesas, aínda que no Nomenclátor de Galicia só se mantivo un único lugar *O Rigueiro*, en Covelo. Con todo, no concello de Crecente, hai a localidade do Regueiro na parroquia de Ribeira, quizais orixe do segundo nome do noso texto.

Rrodrigues (*Esteuo Rrodrigues*, *Johán Rrodrigues*). Vid. **Rodríguez** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Sant'Esteuo, de (*Johán de Sant'Esteuo*, *Tomé Peres de Sant'Esteuo*). Toponímico. Do nome persoal *Estevo*, que procede do lat. STEPHANUS, nome moi antigo que á súa vez remite

á voz grega STÉPHANOS 'coroa' (Boullón Agrelo, 2009: 420) e o adx. *santo*. Santo Estevo, o primeiro mártir cristián, é un dos santos que ten máis parroquias dedicadas (106) en Galicia. O culto difundiuse a partir do séc. V, cando se atoparon as súas reliquias e parte delas foron parar a Braga. Hai máis de 20 entidades de poboación en Galicia que levan o nome deste santo, entre elas o lugar e parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, que é o referente do segundo nome toponímico deste texto. Na actualidade o apelido só se conserva en Galicia deturpado nas formas *Santesteban* e *Santisteban* e non hai portadores nin no concello de Carballeda de Avia nin noutros concellos desta área.

Sobrino (*Pero Sobrino*). Delexical. Deriva do lat. SOBRINUM, inicialmente un adxectivo derivado de SORŌREM 'irmá' e logo usado como substantivo que acabou desprazando o lat. clásico *nepos* na acepción de 'sobriño, fillo dun irmán ou irmá'. O apelido está moi deturpado na actualidade pola presión do castelán, o que fixo que case desaparecese a forma propia galega *Sobriño*. *Sobrino* está ben representado en case todos os concellos da comarca do Ribeiro.

Souto, do (*Johán do Souto*). Toponímico. Microtopónimo da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, parte da aldea. Do substantivo *souto* que procede do lat. SALTUM 'bosque, selva, monte' e que se xeneralizou en galego co significado de 'bosque de castiñeiros'. O apelido sufriu moito a castelanización coa monotongación do -ou- en toda Galicia. No concello de Carballeda de Avia non é moi frecuente e non chegan a 10 as persoas que levan os apelidos *Souto* e *Soto*. Con todo, os concellos lindantes de Leiro, Beade e Ribadavia están entre os 5 primeiros en porcentaxe de habitantes coa forma deturpada *Soto*. A forma autóctona *Souto* só é algo significativa na zona no concello de Leiro.

Tourino (*Steuo Tourino de Ujlarino*). Delexical. Provén do diminutivo de *touro* (do lat. TAURUM), e seguramente está motivado pola atribución dalgunha das características do animal, a forza, por exemplo, á persoa que recibía o alcume. Podería considerarse a hipótese de que fose patronímico, xa que existiu un nome persoal latino *Taurinus*, pero xa era moi raro como nome persoal na alta Idade Media e está escasamente documentado en Galicia. Para o topónimo Touriño (Vilalba, Lu), seguramente lonxe de máis da nosa zona para que puidese xerar un segundo nome detoponímico, Bascuas considérao oronímico (2006: §103.3) ou hidronímico (2006: §107.1). Na actualidade, o apelido *Touriño* non ten presenza no Ribeiro.

Uársea, de (*Johán de Uársea)*. Toponímico. Do s. v*arcia* 'planicie ou campiña cultivada á beira dun curso fluvial; varxa'. Víñase considerando voz de orixe precéltica e preindoeuropea (DCECH, s.v. *varga*), de orixe dubidosa, quizais de *BARGA. Con todo, Bascuas (2002, 2006 e 2014) considera que provén dunha raíz indoeuropea hidronímica VAR, presente tamén en *Varedo, Bares, Bar*. Desde o séc. XV consolidáronse as formas con *B-* nos topónimos. Se non é un microtopónimo local (só rexistramos na parroquia A Barciela), podería ter a súa orixe no lugar de *Barcia* (Quins, Melón; parroquia lindante coa de Santo Estevo de Nóvoa). Hai case 4.000 persoas co apelido en Galicia, pero non chega a 10 o total dos portadores do apelido nos concellos de Carballeda de Avia, Melón e Leiro.

Vilarino, **Vilariño**, **Ujlarino** (*Martín Anes de Vilarino~Vilariño, Steuo Tourino de Ujlarino~Vilarino*). Toponímico. Seguramente de *Vilariño*, lugar da parroquia de Carballeda, lindante coa de Santo Estevo de Nóvoa. Do s. *vilariño*, diminutivo de *vilar* (< lat. VILLAREM), un derivado de VILLAM 'casa de campo coas súas dependencias dedicadas á explotación agrícola', que pasou a tomar o significado desta voz cando o romance *vila* empezou a designar un núcleo pequeno de poboación. Hoxe non é apelido característico da zona.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.3. TOPONIMIA DO TEXTO A

Pola toponimia mencionada podemos concluír, como se dixo anteriormente, que o couto de Ribadavia debía abranguer, aproximadamente, as actuais parroquias de Ribadavia (San Domingos de Fóra), Ribadavia (San Domingos) e Francelos (Santa María Madanela). No mapa inferior situamos algúns dos topónimos localizados para dar unha idea do territorio que abranguía o couto. Incluímos tamén entre os nomes que se comentan a seguir os nomes de lugar que fan referencia ás ordes e mosteiros mencionados no texto (Alcántara, Caruonero, etc.). Pola contra, cando son voces comúns (Espital), van engadidas no glosario correspondente.



Ilustración 40. Extensión do couto de Ribadavia segundo algúns topónimos do texto A

Alcántara. Orde militar creada no mosteiro de São Julião de Pereiro (Beira Alta, Portugal), para a defensa da cidade cacereña do mesmo nome. *Alcántara* provén do árabe *al-qantarah* 'a ponte'.

Antealtares. Referido ó mosteiro santiagués de San Paio de Antealtares. Da locución ANTE ALTARIS 'diante dos altares', pola súa localización, ante a catedral. Mandouno construír Afonso II, o Casto para custodia das reliquias do apóstolo.

Auia. Vénse considerando que o nome deste río provén unha raíz hidronímica prerromana *AP- ou *AB- 'auga' (Navaza / Palacio, 1999: 773; Bascuas, 2002: 165 e ss.), relacionada con outros hidrónimos coma o seu afluente *Avión*, o portugués *Ave* ou o británico *Avon*.

Aziueiro ~ Aziueyro. No texto referido ó mosteiro situado na parroquia de Santa María de Aciveiro, do concello pontevedrés de Forcarei. O topónimo é un derivado abundacial co sufixo -*eiro* de *acevo*, e este do lat. AQUIFŎLIUM 'id', a través dunha forma grave *ACIFŎLUM, paralela a *TRIFŎLUM (lat. cl. TRIFŎLIUM) > *trevo*. A forma latina clásica facía referencia á forma picuda das follas desta planta.

Baruada (la). Hoxe localizámolo como microtopónimo en Santo Estevo de Nóvoa (Cf. *A Barbada*, *A Cerradiña Barbada*) e así figura nos mapas. É un derivado do s. *barba* (lat. BARBAM 'id'), que ten uso fitonímico para denominar varias plantas e tamén as raíces de varias plantas, entre outras a vide (Navaza, 2006: 77-78).

Brul (rrýo de). Topónimo opaco. Encontrámolo atestado por primeira vez como *Brulii* (a.1200 AfonsoIX) e posteriormente xa sempre coa forma actual *Brul*. Para Bascuas (2014) é un derivado da raíz hidronímica indoeuropea *BHER- 'brotar, fluír, brillar'. En Asturias existe tamén o topónimo *Brul*, documentado como *Ebrul* (García Arias, 2005)[235] para o que non se pode descartar unha orixe similar ou próxima ó noso.

Burgo (enno) **(*coto del Burgo*) =** vila de Ribadavia. Do xerm. BURG 'cidade pequena' (Corominas / Pascual, DCECH, s.v.). Segundo Romaní (1988: 108) a denominación de *burgo* dábaselles ás vilas que recibiran o foro rexio.

Cabrita (enna). Microtopónimo entre Ribadavia e Francelos. Tamén figuran nos mapas o *Camiño da Cabrita de Arriba* e o *Camiño da Cabrita de Abaixo* no núcleo de Ribadavia. *A Cabrita* abrangue aproximadamente unha zona situada ó final da vila e dividida pola estrada que vai cara a Francelos. É un zootopónimo en principio transparente, un derivado de *cabra* (lat. CAPRAM 'id'), aínda que é difícil supoñer a súa motivación.

[235] http://mas.lne.es/toponimia/ [Consultado o 31/8/2015].

Campión. Aínda que no texto podería ser delexical, dado o contexto (*e ela casa que fu de **Campión** é ela media de Melón e la me/dia del espital*), hoxe consérvase na microtoponimia, en Beade, *Campión*. É o nome dunha ponte sobre o Avia que une a localidade de Beade coa de Esposende. Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *campeón*) din que este substantivo non é antigo en castelán e remite a Pidal no seu estudo sobre o cantar de Mio Cid. Atribúelle á palabra orixe italiana, *campione*, tomado do longobardo e este derivado do xerm. *kamps* 'campo de batalla', que á súa vez provén do latín CAMPUS. En galego tampouco encontramos *campión* ou *campeón* nos textos medievais. A datación no portugués tamén é tardía. Podería entón considerarse que o topónimo proveña do xenitivo dun nome persoal *CAMPIONEM, quizais derivado do nome latino *Campius*.

Carrera, **Carreira**. Posiblemente o microtopónimo *A Carreira*, na parroquia ribadaviense de Ventosela (San Paio). Provén da voz común *carreira* 'camiño estreito', que ten a súa orixe no latín (VIAM) CARRARIAM, adx. derivado de CARRUM 'carro', un celtismo que substituíu o lat. CURRUS 'id'.

Caruonero. Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro. Lugar (*Carboeiro de Francia*) e parroquia do concello de Silleda. O topónimo *Carboeiro* é un derivado do latín CARBONEM 'id'. O nome de lugar leva unha referencia á advocación mariana de Nosa Señora da Pena de Francia.

Casa del Forno. Sen localizar. Hoxe existe na vila de Ribadavia unha *rúa dos Fornos*. Do s. *forno* 'id', e este do lat. FORNUM, de idéntico significado. Tamén hai no concello os microtopónimos A *Viña do Forno* en San Cristovo de Regodeigón e *Detrás do Forno* e en Francelos.

Castrello (egresia de). Vid. Glosario de segundos nomes do texto A.

Cellanoua. Referido ó mosteiro de San Salvador de Celanova, fundado por San Rosendo. Lugar, parroquia e concello de Ourense. Do lat. CELLAM 'cuarto pequeno', 'capela dun templo', 'cova' e o adx. latino NOUAM 'id'. Como edificio relixioso, a *cela* empezou sendo morada illada e individual dun monxe ou unha monxa para logo pasar a denominar un mosteiro de rango menor (Santamarina, 2008: 945-946).

Cima de Uilla (rúa de). Na actualidade non existe en Ribadavia ningunha rúa con ese nome. De significado transparente, provén da locución *cima de vila*, constituída polo latín CYMA 'rebento da col' e VILLA 'id', unidos pola preposición *de*. De idéntico significado é

Encima de Uilla, que tamén aparece no texto, quizais o mesmo ca este, aínda que non se indica se é rúa e existen na actualidade os lugares de *Cima de Vila* en Carballeda de Avia e Melón.

Congosto (en). Seguramente un microtopónimo na vila, hoxe sen localizar. *Congosto* figura varias veces no texto e tamén nunha das cadeas onomásticas (vid. Glosario de segundos nomes do texto A): *Arias Iohanis de Congosto*. Está ben documentado noutros textos da época (*Congustu* a.1188; *vinea de Congosto* a.1260 CDMelón).

Cruz del Campo (enna). Sen localizar. Topónimo transparente composto do substantivo *cruz* 'cruzamento' (do lat. CRUCEM) e *campo* (< CAMPUM).

Eluenos. En referencia ó desaparecido mosteiro de San Paio de Albeos, na parroquia do mesmo nome, no concello de Crecente. As formas antigas con *e-* garanten, segundo Bascuas (2002: 291), que *Albeos* é un xentilicio de Elva, hidrotopónimo prerromano con orixe na raíz *EL 'fluír'. O sufixo é para este autor moi frecuente na formación de nomes de pobos prerromanos (*Elenos*, *Silenos*, *Lubaenos*...).

Encima de Uilla vid. **Cima de Uilla**

Foz (enna). Aínda se denomina hoxe *A Foz* a parte do núcleo de Ribadavia que está na marxe dereita do río. O substantivo *foz* 'sitio onde un río entra no mar ou noutro curso de auga' provén do lat. FAUCEM 'gorxa; desfiladeiro'.

Francelos. Lugar e parroquia de Ribadavia. De FRANCELLUS formado a partir do adx. FRANCU, voz latina de orixe xermánica coa que se designou o pobo que ocupou a Galia, e o sufixo dim. -ELLUS.

Ganderela (ala). Microtopónimo da parroquia de Ventosela (San Paio). Este nome de lugar correspóndese cun diminutivo do substantivo *gándara* 'terreo baixo, areento e húmido', voz de orixe dubidosa, seguramente prerromana.

Gardelas (casar de). Tamén como sobrenome (*Johán Gardelas*). Vid. **Gardelas** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Golmeiras (*alas*). Microtopónimo; hoxe *As Gulimeiras* ou *As Gulemeiras*. Monte próximo a Ribadavia. Navaza (2006: 293-294) considera este nome como un derivado do latín GRŬMUM 'xermolo', co sufixo colectivo *-eiras*.

Gomariz. En relación á igrexa do lugar e parroquia de Gomariz, no concello de Leiro. O topónimo provén do xenitivo do antigo nome de posesor xermánico *Gomericus*, formado polo gót. GOMA 'home' e un segundo elemento tamén gótico RIKS- 'rico, poderoso' (Piel / Kremer, 1976: 161).

Lauandera, la. *A Lavandeira* é un microtopónimo de Ribadavia á beira do río. É nome de lugar relacionado co verbo *lavar*, do lat. LAVARE 'id'. Con todo, hai lugares chamados *Lavandeira* lonxe das poboación, polo que non se pode descartar outra orixe, quizais prerromana.

Leuada (la). Microtopónimo da parroquia de Francelos. *A Levada* ou *A Levada de Francelos* fai referencia a unha antiga condución de auga que baixaba do monte de Miranzo. Correspóndese co participio do lat. LEVARE 'levantar'.

Melón. Lugar, parroquia e concello de Ourense. Quizais do xenitivo do nome persoal latino MELLONIUS, rexistrado por Schulze (1966: 193), e atestado na documentación galega polo menos desde o século IX (*filii de Mellone*, a.898 DiplomAstur).

Miranz. Hoxe *Miranzo*, microtopónimo no límite entre a parroquia de Francelos de Filgueira, no concello de Crecente. Madoz, na entrada desta última parroquia no seu dicionario, di que houbera unha poboación chamada así, que se arruinou "cien años ha poco más o menos". Probablemente sexa un hidrónimo. Juan J. Moralejo (2007: 341) inclúeo entre un grupo de topónimos que conteñen os sufixos *-*antia*, *-*entia*, que considera hidrónimos prerromanos.

Monte Alegre (en). Hoxe *Monte Alegre* ou *A Chaira Salgada*. Monte de 172 metros entre San Cristovo de Regodeigón e A Franqueirán. De significado transparente, provén do lat. MONTEM 'id' e o adx. *alegre* (< lat. vg. ALECRE, lat. clas. ALACREM 'ledo').

Monte Mediano (en). Topónimo sen localizar. Composto por *monte* e o adxectivo *mediano* (tampouco o puidemos identificar baixo a forma patrimonial *meao*), este último coa acepción de 'que limita, que está en medio', seguramente en referencia ó límite entre dúas parroquias.

Murias. Topónimo sen localizar. Se non é erro por *As Murañas*, na parroquia de Carballeda, en Carballeda de Avia, no límite con Santo Estevo de Nóvoa, é unha voz estraña nesta zona, pois é topónimo característico no NE de Galicia (Baleira, Becerreá, A Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna...) e de Asturias. Hubschmith explícao como

proveniente do adx. lat. *MUREU, derivado de MURUM 'id'; para Corominas / Pascual (DCECH, s.v. *morena*) vén do lat. MURUM "con la i epentética leonesa". Piel (1961: 603) relaciona o topónimo *Murias* da Fonsagrada coas voces asturianas *murio* e *murial*. Varela Sieiro (2008: 108-109) encontra poucos exemplos nos textos galegos medievais e nunca co significado de 'montón de pedras que sinalan un límite' que ten no leonés medieval e que acae ben no noso texto, polo que quizais debamos considerar que nel é voz común que o escriba usa co significado de 'límites, lindes'.

Orgaes. Aínda que hoxe os informantes non o lembran, no Catastro do Marqués de Ensenada figura un topónimo *Horxás*, máis ou menos situado ó suoreste da parroquia de Francelos. É un abundancial co sufixo -ALEM de (H)ŎRDEUM 'cebada'.

Osseyra. No texto, en relación co mosteiro do mesmo nome. Oseira é o nome dun lugar e unha parroquia do concello de San Cristovo de Cea. Provén do latín URSARIAM, derivado de URSUM 'oso'.

Oteiro. O *Outeiro* é un microtopónimo situado ó sur de Francelos, na desembocadura do río Brul, tamén chamado *río do Outeiro*. De etimoloxía discutida, seguramente do lat. vulgar ALTARIUM, derivado de ALTUS 'alto' ou ALTAR 'altar, mesa alta de sacrificios'.

Palumbal, el. Aínda que no texto se podería interpretar tamén como voz común, (*O*) *Pombal* e (*O*) *Pombar* , derivados do s. *pomba* (< lat. COLUMBAM 'id'), son topónimos frecuentes en Galicia. Con todo, non o localizamos na actualidade en Ribadavia nin arredores.

Passadoyro (de). Topónimo sen localizar, se non é erro por *O Pousadoiro*, microtopónimo de Francelos, ó sur da parroquia. *Passadoyro* é un substantivo deverbal proveniente de *pasar* (< lat. vg. *PASSARE, de PASSUM 'paso') co significado de 'lugar apto para pasar'. Pola súa parte, *O Pousadoiro*, tamén un deverbal de *pousar* (< lat. tard. PAUSARE 'parar; cesar'), fai referencia na toponimia a un lugar chan no curso dun camiño encostado, isto é, un lugar axeitado para facer unha pausa.

Pedreira (ala). Microtopónimo, da parroquia ribadaviense da Franqueirán. É un derivado de *pedra* (< lat. PETRAM 'id') co suf. -*eira*, e indica un lugar onde abundan as pedras ou de onde se extraen.

Quinzana (de). Seguramente o actual *A Quinza*, lugar de Ventosela (San Paio). Para Navaza / Palacio (1999: 771), o topónimo é de explicación difícil e esta atestación *Quinzana*

vén dificultar aínda máis a súa probable etimoloxía, polo que quizais haxa que ler *Quínzana*. Estes autores apuntan, por un lado, a hipótese de que sexa un derivado do numeral *quinta* e un étimo *QUINTIAM, que eles mesmos definen como improbabe e, por outro, que proveña de CANNITIAM e sexa unha alteración dun antigo *Caínza*, cunha redución vocálica frecuente en sílaba átona (*Painzás* ~ *Pinzás*), pero insólita en posición tónica.

Reuordaos. Microtopónimo na parroquia de Carballeda, no concello de Carballeda de Avia, próximo ós límites coa parroquia ribadaviense de San Cristovo de Regodeigón. Probablemente proveña dun xentilicio formado co sufixo latino -ANOS, dun lugar chamado *Reboredo* ou *Reboreda*, sen localizar, fitótopónimo formado co sufixo abundancial -ALEM, a partir do latín ROBOREM 'carballo'.

Rezas, As. Hoxe, *A Reza* é un lugar da parroquia da Arnoia, no concello do mesmo nome, na marxe esquerda do Avia, fronte a Francelos. Tamén hai o microtopónimo *A Reza* na parroquia de Filgueira, en Crecente, preto de Miranzo, máis ou menos no lado oposto do río. Quizais o plural faga pois referencia ós dous lados do Avia. Piel (1953: 65-66) propón a hipótese de que os topónimos *Reza* proveñan de *RETIAM, variante do lat. RETEM 'rede'. Bascuas (2002: 149) apunta a posibilidade de nalgúns casos non teñan orixe romance e sexan derivados da raíz prerromana **er-* 'moverse'.

Rribadauia. De *riba + de + Avia*, pola situación da vila á beira deste río. Vid. **Avia**.

San Clodio. No texto en referencia ó mosteiro, San Clodio é lugar e parroquia do concello de Leiro. O haxiónimo provén do adx. lat. CLAUDUM 'coxo'. Nos textos medievais galegos están ben documentadas as formas patrimoniais *Cloio*, *Cloyo*, *Croio*, *Croyo*, que logo foron substitídas polo semicultismo *Clodio*.

San Iusto. Mosteiro de San Xusto de Toxos Outos, na parroquia do mesmo nome do concello de Lousame. Considérase que o topónimo *Toxos Outos* provén da locución transparente *toxos outos* (ant. *altos*); á primeira palabra supónselle a orixe nunha base *TOJU, perromana (Navaza, 2006: 536); *outos* é o masculino plural dunha forma patrimonial, *outo*,-*a*, hoxe só conservada na toponimia, do adxectivo *alto* (< lat. ALTUM 'id'). O nome de orixe cristiá *Iusto* (Xusto) provén do adx. latino IUSTUM, derivado de *ius* 'dereito' (Boullón Agrelo, 1999: 279).

San Martino (rrúa de; de Fóra). Rúa actual de Ribadavia. *Martiño* provén do cognome latino MARTINUM 'de Marte', derivado de *Mars*, -*tis*, deus da guerra romano.

Tamén fai referenica ó mosteiro santiagués de San Martino de Fóra, hoxe coñecido por San Martín Pinario, recibiu ese nome por estar construído fóra da muralla primitiva da cidade.

San Pedro de Fóra. En relación ó desaparecido mosteiro de San Pedro de Fóra, en Santiago de Compostela, situado fóra das murallas da cidade. O haxiónimo procede do nome latino *Petrus*, masculino de PETRAM 'pedra', que Xesús lle deu ó apóstolo como símbolo de ser pedra angular da Igrexa.

Sar. Referido ó mosteiro de Santa María de Sar, na parroquia do mesmo nome en Santiago de Compostela. O hidrotopónimo *Sar* provén da raíz prerromana *SER 'fluír' (Bascuas, 2002: 116).

Soueral (enno). Hoxe *O Sobreiral*, microtopónimo da parroquia de Francelos, pertencente á aldea de Prexigueiros; é un monte situado entre o río Cerves e o regato de Miranzo. O topónimo é un colectivo en *-al* da árbore *sobreira* (< SUBERARIAM), da cal se aproveita principalmente a cortiza.

Temple. En referencia á orde do Temple ou dos Cabaleiros Templarios de Xerusalén, orde militar que tiña como obxectivo orixinal a protección dos peregrinos á Terra Santa. A palabra *Temple* correspóndese co francés *temple* 'templo', e esta do lat. TĔMPLUM 'id', por ser a primeira residencia dos membros desta orde de cabalería o templo de Salomón.

Tuy. Referido á catedral da cidade de Tui. Para Bascuas (2006: 128-129), que rexeita outras hipóteses anteriores -coma a orixe xermánica que lle atribúen Corominas / Pascual ou a indoeuropea **teuta*, **touta* 'pobo' de Tovar e que recolle E. Rivas-, o topónimo provén da raíz indoeuropea **tā* 'derreterse, fluír' a partir da base TUD- que, segundo este autor, está detrás dos exemplos latinos medievais *Tude*.

Uega de Santiago (enna). Para *Uega*, vid. abaixo **Ueyga da Ueronza**. Para *Santiago*, vid. **Santiagués** no Glosario de segundos nomes do texto A.

Uero*nz*a (enna). Microtopónimo no norte do núcleo urbano de Ribadavia, á beira do río. Para Bascuas (2002: 59) trátase dun hidrónimo prerromano con base na raíz **er-* 'moverse'.

Ueyga da Ueronza (enna). Microtopónimo ó norte do núcleo urbano de Ribadavia, á beira do río. De *veiga* (< prerr. (I)BAIKA 'terreo que se inunda facilmente') + *de* + *Veronza* (vid. arriba **Ueronza**).

Uirineyras (porto de las). Hoxe non puidemos localizar este topónimo. Está composto do substantivo *porto* 'lugar de fácil acceso entre montes ou nun río' e un aparente derivado da voz *viriño*, *-a*, en relación ó *carballo cerquiño*, árbore á que, segundo Sarmiento, "llaman en Ribadavia *carballo veriño*". Segundo Corominas / Pascual (citado en Navaza, 2006: 556), a súa orixe etimoloxía podería estar no adx. latino VERUM 'verdadeiro, auténtico'.

Vcrés, **Vclés**. En referencia á Orde de Santiago, con sede no mosteiro de Uclés (Cuenca). De etimoloxía escura, o actual *Uclés* tense asociado erroneamente coa celtibérica *Ocilis* ou *Occilis* (Celdrán, 2002: 804), que hoxe se identifica con Medinaceli. Marques de Faria (2003: 224) propón un étimo *OCULIS, proveniente dun elemento prerromano **okel(o)* 'promontorio, pico', ó noso ver, de difícil xustificación. Nos textos literarios medievais galegos aparece maioritariamente coas formas *Ocrés* e *Oclés*.

7.4. TOPONIMIA DOS TEXTOS B E C

Para o rexistro e a análise da toponimia do verso do *Tombo das viñas*, visitamos o lugar de Santo Estevo de Nóvoa e procuramos informantes de idade para confirmar os resultados que obtiveramos nun traballo previo (Méndez, 2007a) cunha persoa máis nova, con terras na aldea, pero residente en Ribadavia. É difícil, como xa o fora daquela, encontrar na actualidade persoas de idade residentes que coñezan ben o terreo e os seus nomes e, aínda máis, que se poidan desprazar para que nos indiquen o lugar exacto dos topónimos. Conseguimos confirmar os nomes recollidos no primeiro traballo, con pequenas apreciacións nalgún caso, pero non puidemos localizar os topónimos que daquela tamén eran descoñecidos para o informante.

Con respecto ó texto C, o da scripta inferior do anaco borrado, correspondentes á parroquia de Rebordechán (Crecente), acudimos ó traballo de Navaza (2007) sobre a toponimia da parroquia, que nos permitiu localizar algúns dos topónimos mencionados.

A seguir comentamos os topónimos dos textos:

Agro Frío (en). Terras de monte fronte á aldea. Do lat. AGRUM 'agro' xunto co adxectivo *frío* (< lat. FRIGIDUM 'id').

Angoal (monte do). Sen localizar, sen non é lectura errónea. Quizais do latín ANGULARE, adx. derivado de ANGULUM 'ángulo'. En Galicia tamén hai os topónimos *O Angoal*, unhas terras de cultivo en Santiago de Compostela, e *Os Angoales*, monte en Lousame (Co).

Cardoxe (*Carduxe*, *Cardoxi*, *Carduxi*). Microtopónimo escuro; correspóndese cos nomes dunhas terras lindeiras entre esta parroquia e a de Vilaverde, xa no concello de Melón. Figura como *Canduxi*, seguramente por erro, nun documento do mosteiro de Melón (a.1232 CDMelón). Das variantes do texto hoxe entre a xente de máis idade a común é *Cardoxe*. Nun artigo anterior (Méndez, 2007a: 429-430) xa propuxemos varias hipóteses, aínda que todas presentan problemas. Unha delas que fose un xenitivo dun nome de posesor de orixe xermánica cun primeiro elemento CART- ou GARD- 'casa, tellado'. Outra posibilidade é que sexa o resultado dunha locución *casa de Uxe*, dun xeito semellante ó topónimo galego *Vilaúxe*, que Piel (1994: 22) fai provir do lat. UILLA e o xenitivo dun nome persoal URSUS, aínda que isto presenta problemas etimolóxicos para explicar o grao da vogal tónica. Para esta hipótese habería que admitir un topónimo previo **Uxe* que permita unha creación romance **Casa de Uxe*, dun xeito paralelo ó portugués *Vale de Uge* (Mafra). Finalmente, apuntouse á palatalización do <s> dunha forma documentada, quizais erroneamente, deste topónimo coma *Cardoso* > **Cardoxo* > *Cardoxe*. Temos que lembrar aínda que non é topónimo único, xa que existe unha entidade de poboación *Cardoxe* en Santa Cilla do Valadouro (Foz), que non está incluída no Nomenclátor de Galicia.

Casarío (eno). Microtopónimo situado ó leste da aldea, sobre as últimas casas. Do s. *casarío* 'casa de labor coas súas terras' ou 'grupo de casas dentro dunha aldea', e este derivado de *casa* (< lat. CASAM 'id').

Corredoira (da), (Texto C). Do medieval CURRITORIA, un derivado do verbo latino CURRERE 'correr'. Microtopónimo viario entre as aldeas da Nogueira e do Pío, na parroquia de Rebordechán (Crecente).

Cortiñal (eno). Microtopónimo. Terras de labor diante das casas do núcleo principal da aldea. O nome é un colectivo con sufixo abundancial -ALEM de *cortiña* 'terreo próximo á casa, xeralmente valado, onde se cultivan hortalizas e cereais, principalmente', á súa vez diminutivo do lat. CŎHORTEM 'recinto, curral'.

Couso. Microtopónimo sen localizar. De orixe incerta, tal vez dun participio latino *CAUSUM (variante do clásico CAUTUM), do verbo CAUERE ‘ter coidado, protexer, coidar’. Outros autores pensan que a palabra ten por orixe un cruzamento entre o s. CURSUM ‘carreira, curso’ e o antedito participio CAUTUM ‘protexido, coidado’ (vid. Palacio, 1981: 646). Bascuas (2005: §102) atribúelle unha orixe paleoeuropea.

Eiroa (ena). Microtopónimo sen localizar. Dimimutivo de *eira* (< lat. AREAM 'solar sen edificar') co suf. -OLAM. Non obstante, Bascuas (2002: 101) propón tamén un étimo hidronímico *AIRŎLA, derivado da raíz perromana **er* 'moverse'.

Fonte da Nugueira (sóbrella) (Texto C). Microtopónimo da aldea da Nogueira, en Rebordechán (Crecente), alusivo a unha fonte que aínda hai no lugar. Do lat. FONTEM 'id' mailo lat. NUCARIAM, a árbore que dá noces.

Lágea da Fferraría, A (Texto C). Microtopónimo sen localizar, polo que quizais haxa que interpretar que as palabras da locución están usadas como voces comúns. Do substantivo *laxa*, forma usada hoxe na microtoponimia da zona, de orixe prerromana, quizais céltica, incorporado ó latín hispánico como LAGĔNA, e *ferraría* 'taller onde traballa o ferreiro', un derivado de *ferro* (< lat. FĔRRUM).

Lama, A. Microtopónimo. Do s. *lama* 'lodo' e tamén 'prado' e 'terreo húmido', proveniente do lat. LAMAM 'id'.

Lavadoiros (em). Hoxe os informantes identifican un microtopónimo *Os Lavadoiros*, que designa terras de labor situadas fronte á aldea. De significado transparente, é un derivado de *lavar*, lat. LAUARE 'id'.

Muimenta, **Moymenta**. Vid. Glosario de segundos nomes dos textos B e C.

Naseirros (texto C). Topónimo sen localizar. A lectura é dubidosa, dado que o texto foi borrado. Aparentemente *Naseiros*, aínda que non o encontramos na toponimia da zona, quizais o mesmo cá voz común *naseiro* 'lugar onde se botan as nasas', derivado do lat. NASSAM 'aparello de pesca con forma de cesta'. Para o topónimo *Naseiro*, en Viveiro, Piel (1947: §268) apunta con dúbidas que talvez proveña do nome de orixe grega *Nazarius*, etimoloxía que cremos que se debe descartar para este suposto nome de lugar do noso texto.

Naualas (enas). Microtopónimo sen localizar. Posiblemente se corresponda cun actual *As Navallas*, de étimo difícil, quizais emparentado co prerromano *naua* 'nave' ou, máis dificilmente, do lat. NŎUACŬLAS, derivado de NOUUM 'novo' (DCECH, s.v. *navaja*).

Nugueiras (pellas). Microtopónimo. Quizais o actual *A Nogueira*, que denomina un terreo a carón da parte da aldea chamada O Souto. De *nogueira* 'árbore que dá noces' e este do lat. vg. NUCARIAM, derivado de NUCEM 'noz'.

Orrac'Arres (leira hu chaman a d'). Microtopónimo sen localizar. Do nome dunha antiga posesora, *Orraca Ares* (vid. o patronímico **Ares** no Glosario de segundos nomes do texto B).

Pereias, As (ennas). Microtopónimo sen localizar. Quizais *As Pereiras* (aínda que tampouco os informantes o identifican hoxe), nome de lugar transparente, que se corresponde co plural do substantivo *pereira* (< lat. *PIRARIAM 'id').

Porto oo Freixio, oo. Hoxe *O Portofreixo*, microtopónimo situado á entrada da aldea. A pronuncia aberta do segundo <o> de *Porto* levounos a propoñer (Méndez, 2007a) o étimo PORTUM AD FRAXINU, composto polo lat. PORTUM 'porto; lugar de fácil acceso nun monte ou nun curso de auga', a preposición latina de dirección AD e FRAXINU 'freixo'.

Poulo, O. Microtopónimo sen localizar. Vid. Glosario de segundos nomes dos textos B e C.

Pousa, A (enna). Microtopónimo sen localizar. Do lat. PAUSAM 'id', derivado de PAUSARE 'descansar, repousar'.

Quinteiros, Os. Hoxe sen localizar. Non identificamos ningún topónimo similar na parroquia. Do lat. QUINTANARIOS e este de do lat. *quintanam* ou de *quintam* co sufixo locativo -ARIUS, co significado 'conxunto de casas que forman un grupo separado dentro da aldea' ou 'terreo chan ó redor da casa onde está o curral e o alpendre'.

Reuordochãao (Texto C). Hoxe Rebordechán, parroquia de Crecente. De ROBORETUM PLANUM, o primeiro elemento un colectivo derivado do lat. ROBOREM 'carballo' e o segundo o adxectivo PLANUM 'chan'.

Rrego da Ágoa. Microtopónimo transparente, quizais sen valor toponímico no texto, coma hoxe, en que os informantes só identifican como voz voz común *o rego*, referido a un pequeno curso de auga que pasa un pouco máis abaixo das casas da aldea. Está composto polo s. *rego*, en que conflúen o céltico *RECU 'rego' e o tema léxico do latín RIGARE 'regar' e o latín AQUAM 'id'.

Rribeira (os da~de). Microtopónimo sen localizar. Do lat. RIPARIAM 'ribeira', beira dun curso de auga'.

Rroares (A do). Cremos que é forma deturpada ou mal lida da leira chamada *A de Orrac'Ares* (vid. atrás **Orrac'Ares**). Seguramente nesa altura era xa difícil de localizar para os escribáns, de aí a confusión.

Rrodolo, O. Microtopónimo sen localizar. Poderíase interpretar como *O Rodollo*, variante de *O Redollo* (< lat. RETRŬCULUM 'gromo'; vid Navaza, 2006: 476 e Búa, 2002: 401), se non é erro e se corresponde coas atestacións *O Rodoo Pequeno* e *O Rodoo Grande* (LTPOseira, páx. 49), aínda que estas ofrecerían un resultado *O Rodo*, hoxe tampouco localizado na zona, topónimo emparentado co lat. ROTAM 'roda'.

Sant'Esteuo (de Nóvoa, uilla de). Parroquia e lugar do concello de Carballeda de Avia. É un haxiotopónimo co nome do santo, *Estevo*, que procede do lat. STEPHANUS, que á súa vez remite á voz grega STÉPHANOS 'coroa' (Boullón Agrelo, 2009: 420).

Soueral (eno). Topónimo sen localizar. Non pode ser *O Soueral* mencionado no texto A (vid.), que identificamos en Francelos, na aldea de Prexigueiros. Ningún dos informantes coñece hoxe un topónimo **O Sobreiral* ou **O Sobral* na zona.

Sseixo, Sseyxo, O. Microtopónimo . Da voz común *seixo* 'pedra dura de pequeno tamaño, lisa e arredondada'. e este do latín SAXUM 'pedra'.

Su A Jgreia, **Su Jgreia**. En Méndez (2007a: 430) rexistramos *Suairixe*, como un lugar de terras fóra do núcleo de poboación, que o informante xustificou pola existencia dunha antiga igrexa onde logo construíron unha capela dedicada a Santa Lucía. Samuel Eiján (2005: 125, nota 1) documenta o traslado da igrexa parroquial ó emprazamento actual e a construción da capela a partir dun libro parroquial. Na actualidade os informantes déronnos conta de dous microtopónimos, un castelanizado **Suiglesia*, e outro coa forma *Suairixe*, os dous do lat. SUB ECCLESIA 'debaixo da igrexa'. Non obstante, o primeiro identifícano co que localizaramos no 2002 e *Suairixe* sitúano agora na parte da aldea que está por debaixo da igrexa parroquial actual, xa que da antiga non souberon darnos noticia.

Uale, **O**. Microtopónimo. Quizais o denominado hoxe *O Val da Veiga*, na parte baixa do monte, fronte á aldea, composto polos substantivos latino VALLEM 'id' e o prerromano (I)BAIKA 'terreo que se inunda facilmente'.

Uales. Microtopónimo. Tamén *A Costa de Vales*. Do latín VALLES 'val'.

Ueiga. Vid. *Ueyga da Ueronza* no Glosario toponímico do texto A.

Uideira. (as touças da). Microtopónimo. Terras de labor diante da aldea. Do substantivo *videira* (< lat. VITARIAM 'vide').

Uiso, O. Microtopónimo. Terras de labor ó principio da aldea. Do lat. UISUM, part. de UIDERE 'ver'.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8. A datación dos textos.

O estudo paleográfico dun documento pode dar unha idea bastante xeral da época en que este foi escrito, pero rara vez permite aproximar moito a data. No noso caso, lembramos, encontrámonos cun texto A escrito con minúscula diplomática de trazos góticos e e un texto B escrito en gótica cursiva, ambas letras datadas en períodos amplos. O texto C, que está borrado, utiliza unha letra aparentemente tamén próxima á gótica cursiva.

Do *Tombo das viñas* só se pode concluír, se ademais sumamos algúns datos históricos que se poden extraer del, relativos a algunhas persoas quizais próximas ó rei Afonso IX, como xa fixera Olga Gallego, que o Texto A (o do recto) é un texto do século XIII, quizais do primeiro terzo e, con respecto ó texto B (o do verso), que é un texto posterior, polo menos do XIV. A mención neste último texto dun abade, así como no do texto C, tamén foron de axuda.

Os datos diplomáticos proporcionáronnos tamén algunha información temporal. A análise do tipo documental permitiunos saber que as enquisas empezaron a decaer a partir do século XIII e que, entre as do noso corpus, son moi frecuentes as ordenadas por Afonso IX. Ademais, a época de uso das cartas partidas por A B C, caso do texto C, está ben determinada e sabemos que empezan a decaer a finais do século XIII.

Nos últimos anos comenzou a desenvolverse un novo significado do concepto de *prosoprografía*, palabra que os dicionarios definen só como 'figura retórica que consiste en describir as características físicas dunha persoa ou dun animal' (DRAG), ligada agora á historiografía e ás ciencias sociais e entendida como un método para obter información sobre individuos enmarcados nun período histórico particular[236].

[236] Para unha visión máis completa sobre o método prosopográfico vid. Vones-Liebenstein (2005).

8.1. Análise prosopográfica e datación do texto A

Como se comentou na introdución, no texto A hai persoas das que se fala en pasado (en concreto dise que as propiedades "fu" ou "furon" delas) e persoas das que se fala en presente ("ten", "tenen" "an", etc). Cremos que non decatarse disto foi o que levou, en principio, a errar na datación do *Tombo das viñas*. Cando buscamos información sobre estas persoas nas bases documentais (CODOLGA, TMILG, portal PARES...), observamos que normalmente corresponden a xeracións distintas. Lembremos, como xa se apuntou, que nas enquisas era habitual que se preguntase polo reinado previo e en ocasións polo antecedente (Procter, 1966: 12). Por iso, para recompilar datos sobre estes individuos, separámolos entre aqueles mencionados en pasado e os mencionados en presente. Non obstante, se hai algunha dúbida ó respecto sobre alguén, considerámolo en principio persoa viva ou da xeración máis nova e, cando hai confirmación por outros documentos, aínda que a mención sexa en pasado, incluímolo tamén entre as persoas do presente.

Este proceso abriunos a posibilidade de que o rei mencionado fose Afonso X, e non Afonso IX como cría Gallego, e acabou por facilitar, como veremos finalmente, que puidésemos concluír que tivo que ser ese rei quen mandou facer a enquisa. Este foi o paso previo para chegar a establecer a datación do documento.

Consultamos máis pormenorizadamente as colección documentais da provincia de Ourense, fundamentalmente Melón, Oseira, San Clodio do Ribeiro e a catedral de Ourense. Incluímos a seguir a relación de persoas das que obtivemos datos que consideramos relativamente fiables, xunto coas referencias ós documentos correspondentes, separándoas nos dous grupos mencionados.

8.1.1. Individuos antepasados ou dos que se fala en pretérito

Fálase en pasado das seguintes persoas sobre a que encontramos mencións, todos foreiros de propiedades de Ribadavia:

Arias Méndez. Non temos datos sobre a súa vida. Figura como testemuña e como propietario de referencia para situar un terreo.

- 1213 "Arias Menendi, ts." (CDOseira, doc. 152)
- 1218 "Arias Menendi de Burgo, ts." (CDOseira, doc. 179)

- 1221 "iacet inter lagare Arie Menendi" (Oseira, doc. 212)
- 1253? "Aras Menendi, laicus de Brugo" (CDMelón, doc. 504)

Domingo Calvo. Só temos unha única mención desta persoa e da súa herdade.

- 1231 "quanta hereditate fuit de Dominico Calvo" (CDOseira, doc. 341)

Fernán Savascháez. Só encontramos unha atestación como propietario de referencia.

- 1233 "per hereditatem de Fernando Sebastiani" (TMelón1800-1, fol. 197r)

Fernandiño. Aparentemente é unha das persoas máis antiga das mencionadas. A súa importancia queda sinalada porque segue sendo referente á hora de citar os seus fillos e os seus netos.

- 1189 "Fernandinus cf." (CDOseira, doc. 75)
- 1223 "cum parte de Fernandino in Vales" (CDOseira, doc. 231)
- 1224 "que fuerunt de Fernandino contra aquam de Barvada" (CDOseira, doc. 249)
- 1225 "filius de Fernandino" (CDOseira, doc. 260)
- 1231 "nepos de Fernandino" (CDOseira, doc. 341)
- 1243 "hereditatem que fuit de Fernandino" (CDOseira, doc. 523)
- 1244 "hereditatem de Fernandino" (CDOseira, doc. 540)

Galter, don. Sen datos.

- 1232 "alia vinea quam fui de domno Galter in Balocas" (CDOseira, doc. 350)

Joán Bispo. Sen datos.

- 1221 "Ego Iohannes Petri, dictus Bispo" (CDOseira, doc. 211)
- 1221 "iuxta cortina de Iohanne Bispo" (CDOseira, doc. 211)

Joán Pérez de Castrello. Foi xuíz e tivo polo menos un irmán, Paio Pérez.

- 1224 "Iohannes Petri de Castrelo et eius germanus Pelagius Petri" (CDOseira, doc. 245)
- 1234 "iudicibus Iohanne Petri de Castrello et Pedro Fernandi" (CDOseira, docs. 384 e 385)

- 1235 "Donnus Iohannes Petri de Castrello" (CDOseira, doc. 401)
- 1235 "Judicibus Joane Petri de Castrello" (TMelón1800-1, fol. 197r)

Johán Gardelas. Varias persoas levaron o sobrenome.

- 1208 Gardelas, ts (TMelón1800-1, fol. 236)
- 1218 "ego Maior Petri, dicta Gardelas... cum marito mio Gardelas" (CDMelón, doc. 30)
- 1235 "Iohanes Petri Gardelas" (CDOseira, doc. 401)
- 1240 "Iohannes Petri Gardelas" (CDOseira, doc. 469)

Johán Gibelas. Sen datos.

- 1233 "que fuit de Iohanne Gibelas" (CDOseira, doc. 371)

Lope Mouro. Lope Fernández Mouro estivo casado con Aragunte Arias. É probable que estivese morto xa en 1251, como veremos un pouco máis adiante ó tratar a datación do texto.

- 1222 "Ego Lupus Fernandi dictus Maurus" (CDOseira, doc. 217)
- 1224 "iuxta vinea Lupi Mauri" (CDOseira, doc. 249)
- 1251 "bonas quas fuerunt de Lupo Fernandi et muliere sua domna Aragunti" (CDOseira, doc. 667)
- 1252 "super bonis que fuerunt donmi Lupi Fernandi, dicti Mauri" (CDOseira, doc. 689)

Mergullón. Sen datos.

- 1198 "Petro Mergullion" (Oseira, doc. 75)

Pay Maravilla. Debeu ser home de importancia pois cítanse outras persoas en relación con el. Se non é unha única persoa, quizais Pay Pérez Maravilla tivese un fillo co nome de Pedro Páez e o mesmo sobrenome.

- 1208 "Pelagius Petri dictus Mirabilia, ts" (TMelón1800-1, fol. 236)
- 1216 "Foro a Pelaio Pérez llamado Mirabilia de la heredad de Juan Cebollero" (TMelón1800-1, fol. 232v)

- 1218 "Pelagius Mirabilia" (CDMelón, doc. 30).
- 1228 "Petrus Martini, sobrinus Pelagii Mirabilia, ts." (CDOseira, doc. 302)
- 1232 "Petrus Fernandi generus de Pelagio Marabilla" (CDMelón, doc. 250)
- 1240 "maiorinis Petro Pelagii Maravilla e Petro Iohannis" (CDOseira, doc. 469)
- 1241 "Petrus Fernandi gener de Pelagio Maravilla" (CDOseira, doc. 489)

Pay Páez Santiagués. Sen datos.

- 1218 "Pelagius Pelagii iacobitanus, ts." (CDOseira, doc. 179)
- 1223(ca) "Pelagius Pelagii iacobita ts." (CDOseira, doc. 237)

Pay Tielas. Sen datos.

- 1221 "Pelagius Teelas" (CDOseira, doc. 211)

Pedro Eanes Ceboleiro. Sen datos.

- 1208 "Petrus Joanis Ceboleiro, ts" (TMelón1800-1, fol. 236)
- 1210 "hereditatem de Petro Iohannis cebollario" (CDMelón, doc. 16)
- 1211 "Petrus Iohannis Cebolarius" (CDMelón, doc. 20)

Pedro Dente. Polo que parece, recibiron este alcume, bastante frecuente pois encontramos distintos individuos que o levan, un pai e un fillo en Ribadavia, o primeiro chamado Pedro Fernández e o segundo Pedro Pérez, este último á súa vez, pai de Estevo Pérez. O mencionado no texto debe ser seguramente o pai.

- 1224 "Ego Petrus Fernandi, laicus de Burgo de Ripe Avie dictus Dente" (CDOseira, doc. 249)
- 1244 "De vinea autem Petri Dentis quam testatus est monasterio Ursarie" (CDOseira, doc. 541)
- 1252 "Petrum Petri dictum Dentem, per filio suo Stephano Petri. (Oseira, doc. 689)

Pedro Ferreiro, don. O tratamento, a mención a el para citar o seu fillo e o cargo de xuíz fan deste home unha persoa importante no primeiro terzo do século XIII, se non antes.

- 1217 "domnus Petrus Ferrarius" (CDMelón, doc. 26).
- 1218 Ego Petrus Petri filius domni Petri Ferrarii de Burgo Avie (CDOseira, doc. 175)

- 1218 domnus Petrus Ferrarius (CDMelón, doc. 32)
- 1218 "iudicibus domno Petro Ferrario..." (CDMelón, doc. 30)
- 1222 "Iudicibus domno Petri Ferrario et Iohanne Petri" (CDOseira, doc. 217)
- 1232 "Petrus Petri fillius domini Petrus Ferrarii" (CDMelón, doc. 242)
- 1253(?)[237] "Domnus Petrus Ferrarius de Burgo juratus dixit" (CDMelón, doc. 504)

Pedro Móogo, don. Aínda que se menciona en pasado (*al soto que fu de* -), un individuo co seu mesmo nome (ou seguramente varios, polos distintos cargos cos que se mencionan), está bastante ben documentado nos textos de Melón durante a segunda metade do século XII. Pola coincidencia co nome do trovador coñecido como Pero Meogo citamos aquí as atestacións, pois aínda que se considerou que o trovador puidera ser ourensán[238], Souto Cabo (2012: 280-281) cre identificar o autor das cantigas de amigo como Pedro Vázquez Meogo, clérigo de San Simón de Ons, Cacheiras. Sobre Móogo e Meogo, vid. o apartado de onomástica.

- 1253 "Petro Moogo" (CDMelón, doc. 503)
- 1259 "Petrus Moogo" (CDMelón, doc. 604)
- 1259 "Petrus Moogo, presbiter testis" (CDMelón, doc. 605)
- 1277 "Pedro Moogo, capellan de San Iusto" (CDMelón, doc. 217)
- 1282 "Pedro Moogo, prelado de Sancta Vaya de Deva" (CDMelón, doc. 224)
- 1286 "Pedro Moogo, prellado de Paschis" (CDMelón, doc. 237)
- 1289 "Pedro Moogo et Fernando Moogo, clérigos de Orega" (CDMelón, doc. 249)

Rrichardo, don. Sen datos.

- 1218 "domnus Richardus" (Melón, doc. 31)

---

[237] Esta é a datación de Cambón. Penso que o documento podería ser máis antigo, pois Don Pedro Ferreiro "scit et vidit quando adepti sunt melonenses primam medietatem a rege domino Fernando (Fernando II)... et aliam medietatem a rege domino Alfonso (Afonso IX)".

[238] Así se indica en Lopes et alii (2011-): http://cantigas.fcsh.unl.pt/autor.asp?cdaut=134&pv=sim (Consultado o 10/10/2015).

Rruy Manteiga. Sen datos.

- 1220 "Rudericus Petri, dictus Manteiga" (CDOseira, doc. 205)
- 1216 "Rodicus Petri Manteiga testis (TMelón1800-1, fol. 232v)

8.1.2. Individuos coetáneos á escritura do texto.

Fálase en presente no texto A do *Tombo das viñas* das seguintes persoas que encontramos documentadas:

8.1.3. Os enquisadores

Johán Peláez e *Pedro Domínguez*. Sen máis indicacións, dado que son nomes moi comúns, é case imposible poder encontrar información sobre eles. En primeiro lugar, descoñecemos a súa orixe e, xa que son homes do rei, poderían tanto ser do Burgo de Ribadavia coma foráneos. O nome latino de *Johán Peláez* ou *Páez* pódese localizar na documentación de Melón moitas veces ó longo do século XIII: entre 1202 e 1298(ca) hai un *cantor*, un *miles*, un *monachus*, un *clericus*, un *prelatus*; noutros casos é o nome do home de Maior Eanes, María Pelaz e Mariña Pérez; ás veces, a cadea vai seguida dun segundo nome, xa alcume (*Fol*, *Campisinus*, *Caladus*, *Vergeyro*, *Corvacho*) ou toponímico (*de Castrello*[239] a.1208, 1211, 1236; *de Spinoso* a.1233, etc.). O nome de Pedro Domínguez, pola contra, é máis escaso na documentación de Melón, aínda que rexistramos un *cullararius* en 1234, o irmán dun prelado de Petán en 1239 e un *presbiter* en 1259. Con todo, como xa dixemos e queremos volver lembrar, cremos que seguramente os nosos non fosen galegos, xa que o apelido de *Johán* aparece esta única vez no texto abreviado *Pelaz*, con trazo, que transcribimos como *Peláez*, fronte ó *Páez* moi frecuente doutras persoas mencionadas.

8.1.4. Os xurados

Son 12 persoas[240] -se a relación non continuaba dadas as características do final do pergamiño-, moitas delas citadas tamén no texto como foreiros das casas e propiedades

239 Un "Johannes Pelagii" figura tamén como "tenentem Castrellum" en 1208, quizais sexa este.

240 López Carreira (1999: 261 e ss.) di que 12 son os *xurados* e *rexedores* en Santiago e na Coruña. Ainda que no apartado de diplomática aventuramos que ese puidese ser o seu cargo, descoñecemos a situación en Ribadavia, polo que a denominación de *xurados* alude simplemente a que xuraron a súa declaración.

mencionadas. Son *Alfonso Pérez*, *Fernán Pérez*, *Pedro Martiz Payán*, *Fernán Núnez*, *Johán Páez Santiagués*, *Pay Capello*, *Martín Boosendo*, *Fernán Talavera~Talaveira*, *Arias Núnez*, *Fernán Pérez Clérigo*, *Martín Pérez* e *Joham Pérez Gibarro*. Dalgunhas delas, podemos obter algunha información na documentación da época:

Don Alfonso Pérez é quizais o "Alfonso Petriz" que figura xunto a "Aria Nuni" como "judicibus" nun documento (a.1255 CDMelón, doc. 553).

Pedro Martiz Payán encontrámolo por primeira vez en 1224 como testemuña dun documento de Oseira. En 1240 casado estaba casado con Sancha Fernández e aínda en 1245. Posteriormente casou con Urraca Eanes e en 1258 xa morrera. Amais de xurado é vigario na enquisa. É sen dúbida a persoa mencionada na seguinte relación de documentos:

- 1224 “Petrus Martini dictus Paian ts” (CDOseira, doc. 246);
- 1234 “ad fornum Petri Martini Payan” (CDOseira, doc. 384)
- 1236 “Petrus Martini Payam testis” (CDMelón, doc. 286);
- 1240 “ego Petrus Martini Payan et Sancia Fernandi mulier mea” (CDMelón, doc. 313)
- 1242 “Petrus Payan” (CDMelón, doc. 338)
- 1243 “Petrus Martini et mulier sua Sancia Fernandi” (CDOseira doc. 516)
- 1245 “Petrus Martini Payam et mulier mea Sancia Fernandi” (CDOseira, doc. 560)
- 1256 “inter vineam que tenet Petrus Martine Payam” e “damus vobis et concedimus post obitum Petri Martini Payam” (CD Melón, doc. 563)
- 1258 “ego Urraca Iohannis, quondam uxor domni Petri Martini dicti Payam de Burgo” (CDOseira, doc. 809)

Fernán Núnez. Aínda que o nome é frecuente, facemos mención das veces que figura na documentación de Melón

- 1236 "Fernando Nunionis" (CDMelón doc. 285)
- 1243 "Fernandus Nunit" (CDMelón, doc. 356)
- 1257 "Fernandus Nuniz et cum germano meo Pedro Nuniz filius de Nuno Fernandi" (CDMelón, doc. 573)

- 1258 "domnus Fernando Nuni" (CDMelón, doc. 590)
- 1260 "Fernandus Nuni filius Nunonis Johannis" (CDMelón, doc. 612)
- 1260 "judicibus Fernando Nuni" (CDMelón, doc. 616)
- 1260 "judicibus Fernando Nuni", "presentibus fuerunt... Fernandus Nuni" (doc. 621)
- 1260 "Fernandus Nuni de Burgo" (CDMelón, doc. 622)
- 1289(ca) "Ferdinandus Nuni et alii multi" (CDMelón, doc. 872)

Johán Páez Santiagués. Documentado por primeira en 1231 como testemuña na doc. de Melón. Tamén en 1236. Foi fillo de *Pelagii dictus Santiagues de Burgo* (Oseira, 1218). Un *Iohannes Iohannis Iacobitanus* que aparece en 1233 e 1235 como testemuña en documentos da catedral de Ourense pode ser algún parente, se non é erro do patronímico. Figura por última vez nos textos consultados en 1271, no documento de fundación da igrexa de San Domingos de Ribadavia.

- 1231 "Johannes Pelagii santiagues testis" (CDMelón, doc. 227)
- 1236 "Johannes Pelagii jacobitanus testis" (CDMelón, doc. 286)
- 1258 "Johannes Pelagii Jacobitanus (ts)" (CDMelón, doc. 599)
- 1271 "Joannes Pelagij Jacobitanus" (SDomingosRibadavia, doc. 1)

Fernán Talauera/Talaueira. A única mención segura encontrámola en 1247 en Melón. Máis frecuente é o nome de Xoán Pérez Talavera, quizais un irmán. A seguir engádese a relación de documentos coa mención do segundo nome.

- 1247 "nona vinea que jacet juxta alliam de Fernando Talaveyra" (CDMelón, doc. 434)
- 1250 "Talabeyra testis." (CDMelón, doc. 458)
- 1272 "Ioam Petri ts., Talavera" (CDOseira, doc. 1011)
- 1272 "Ioan Perez Talavera" (CDOseira, doc.1012)
- 1273 " Iohannes Perez Talauera" (CDSClodioRibeiro, doc. 142)
- 1273 "Iohan Talauera" (CDSClodioRibeiro, doc. 144)
- 1274 "Iohantes Petri dicto Talavera" (Oseira, doc. 1060)

Arias Núnez. Na documentación do mosteiro de Melón figura frecuentemente este nome desde 1202 ata 1260. Seguramente, se non todos, o noso xurado é algún dos mencionados na seguinte relación, con bastante probabilidade o mencionado xunto a Alfonso Pérez como *judicibus*:

- 1202 "frater uester Arie Nuniz" (CDMelón, doc. 82)
- 1217 "Arias Nuni testis" (CDMelón, doc. 216)
- 1242 "quamdam vineam quam frater Arias Arie Nuniz cepit edificare" (CDMelón, doc. 331)
- 1245 "Aria Nuniz Lobato testis" (CDMelón, doc. 392)
- 1254 "domino Ariae Nuni" (CDMelón, doc. 510)
- 1255 "vobis domno Ariae Nini et mulieri vestrae domne Elvirae Martini" (CDMelón, doc. 553)
- 1255 "judicibus Aria Nuni et Alfonso Petriz" (CDMelón, doc. 553)
- 1258 "Aras Nuni (ts)" (CDMelón. doc. 597)
- 1260 "quod uox Arie Nuni nobis debebat facere de viena de Veronza" (CDMelón, doc. 622)
- 1265 "vobis domno Arie Nuni abbati monasterii Sancte Marie Melonis" (CDMelón, doc. 668)

Joham Pérez Gibarro. Menciónase por primeira vez na documentación consultada en 1233 e figura por última en 1271. Foi pai de Fernando e cremos que tamén de María Eans, que testa en 1305.

- 1233 "qui presentes fuerunt Iohannes Petri gibarrus" (ts) (CDGHAcademia, páx. 148)
- 1253 "Johannes Gibarrus testis" (CDMelón, doc. 497)
- 1241 "et iacet sub vinea de Iohanne Gibarro" (CDOseira, doc. 485)
- 1251 "quartam de una vinea cum Iohanne Petri Gibarro que iacet in Rebordaos" (CDOseira, doc. 667)
- 1271 "Petri dictus Gibarrus, et filius ejus Fernandus Gubarrus" (SDomingosRibadavia, doc. 1)

- 1303 "María Eans Gibarra" (CDGH, doc. 110)

8.1.5. Os foreiros de Ribadavia

As seguintes persoas que localizamos nos documentos da época e da zona posuían o foro (ou a propiedade) de casas e terras no Burgo de Avia. Son persoas polo tanto contemporáneas co momento de escritura da enquisa. A súa localización hanos permitir entón achegarnos o máis posible á época do texto.

Feichor. Sen ter certeza de que sexa unha lectura correcta, traemos aquí a referencia que nos serviu para interpretar o que cremos un sobrenome no texto, como se indicou en nota na edición. Ademais, o documento do que se tomou este fragmento está escrito e confirmado por *Iohannes Petri, notarius burgi Rippe Avie iuratus*, o que permite relacionar o nome co territorio.

- 1251 "Iohannes Arie feachor testis" (CDOseira, doc. 656)

Fernán Calvo. Encontramos varias persoas con este sobrenome, polo que debía ser frecuente. Xa que o nome tamén o é, non podemos garantir que as seguintes atestacións se correspondan co noso personaxe.

- 1231 "Fernandus Caluo(?) prior" (CDMelón, doc. 238)
- 1255 "Fernandus Calvus testis" (TMelón1800-1, fol. 112v)

Fernán Eanes. É un nome desmasiado frecuente. Con todo, cómpre mencionar que entre 1261 e 1266 houbo un notario en Ribadavia chamado así (CDMelón, docs. 633, 668, 672), polo seu cargo susceptible de ser unha testemuña posible ("ome bo") nunha enquisa. Tamén foi tenente de Toroño, polo menos entre 1250 e 1256, outro individuo con este nome (CDMelón, docs. 448, 452, 471, 563).

Joán Boosendo. Sen datos.

- 1259 "Joanes Petri faber Boesendus" (Melón; doc. 608)

Joán Uasallo. O único documento en que o encontramos mencionado, de 1243 é seguramente o foro polo que o abade de Melón lle concede a herdade de "Plano Formoso", mención que se fai tamén no *Tombo das viñas*: "otra uina tien Joán Uassallo en Yano Fremoso" (liña 86).

- 1243 "Joani Joanis dicto Vassallo, et uxori vestris" (CDMelón, doc 351; TMelón1800-1, fol 197r)

Johán Gregorio. Sen datos.

- a. 1266 "a uos Johán Gregorio et a moller uossa" (CDMelón, doc. 673)

Johán Pérez, don. Aínda que é un nome moi frecuente, cómpre mencionar que entre 1260 e 1265 houbo en Ribadavia un notario con este nome.

Johán Pitaño. Sen datos.

- 1225 "Iohannes Petri Pitanu" (CDOseira, doc. 260)

Johán Sira. Podería ser o mesmo que *Iohannes Fernandi dictus Sira* (1278, CDOseira, doc. 1122), ou un parente, como o parece *Stefani Sira* (1281, CDMelón, doc. 809).

- 1255 "domum Iohannis Syra" (CDOseira, doc. 749)
- 1260 "Iohannis Martini dicti Sira [...] Iohannes Martini Sira ts." (CDOseira, doc. 869)

Lourenzo Páez. Sen datos, aínda que parece evidente a relación con outros personaxes que figuran no noso texto A.

- 1240 "Laurencio Pelagii tyo meo e muliere vestre Maria Muniz" (CDOseira, doc. 469; neste documento tamén se menciona o "maiorinis Petro Pelagii Maravilla", a testemuña "Iohannes Petri Gardelas" e está asinado por "Fernandus Suarii notarius de Burgo qui notavit")

Martín Gomariz. Con dúbidas, quizais sexa o mesmo que figura como *Martínz de Gomariz* e *Iohan Martinz de Gomariz* en 1277 e 1290 (CDSClodioRibeiro, doc. 184 e doc. 234).

Martín Salvadores. Polo menos, como se evidencia a primeira atestación, houbo dúas persoas coevas co mesmo nome e distinta profesión e calquera delas pode ser o individuo mencionado no noso texto.

- 1240 "Martinus Salvatoris, ferrario, Martinus Salvatoris, zapateiro (ts.)" (CDMelón. doc. 312).
- 1245 "Martín Saluadores" (TMelón1800-1, fol. 156-157r)

- 1246 "Martinus Salvatoris" (TMelón1800-1, fol. 163r).
- 1253 Martinus Salvatoris, zapatarius (CDMelón, doc. 497)
- 1265 "o souto que tevo Martín Salvadoriz, ferreiro" (CDMelón, doc. 667)
- 1268 "Martin Saluadorez, carnizeiro de Monte de Rey" (CDMelón, doc. 698)
- 1272 "Martín Saluadores (testamuia)" (CDMelón, doc. 725)

Martín Suárez. Malia ser un nome bastante frecuente, o documento que achegamos confírmanos que é o citado no texto A, pois nel recibe de Oseira as propiedades que foran de *Lope Mouro* (vid.), como explicaremos máis pormenorizadamente un pouco máis adiante, ó tratar a datación.

- 1251 "Martinus Suerii... tenere de vobis omnias bonas quas fuerunt de Lupo Fernandi" (CDOseira, doc. 667)

Munio Duro. Sen datos.

- 1241 "Munio Petri Duro, ts" (CDOseira, doc. 482)

Orracha Eanes. Sen datos.

- 1258 "ego Urraca Iohannis, quondam uxor domni Petri Martini dicti Payam de Burgo" (CDOseira, doc. 809)

Pedro Esqualo. Quizais sexa o pai de *A. Petri dicti Squalo* (1257, CatOurense, doc. 5487), *Arias Petri dictus Esqualo*, *Arie Petri dicto Esqualo* , 1266 CatOurense, doc. 4465) e *Arie Petri, archidiacono dicto Esqualo* (1266, CatOurense, doc. 5558). Uns anos antes el mesmo figura na mesma colección documental.

- 1237 "Petrus Gómez Squalus" (CatOOurense, doc. 5814)
- 1259 "vina vocatur vinea Petri Squalo" (CatOurense, doc.5517)

Pedro Díaz. É home de Sancha Pérez (vid.)

- 1255 "ego Sancia Petri, ... viro meo Petro Didaci" (CDOseira, 698)

Pedro Feo. Sen datos.

- 1240 "ipsam domum quam fuit de Petro Feo" (CDMelón, doc.)

Sancha Pérez = Sancha, dona. É muller de *Pedro Díaz* (vid.).

- 1241 "Sancia Petri" (CDOseira, doc. 488)
- 1252 "ego Sancia Petri, ... viro meo Petro Didaci" (CDOseira, doc. 698)

8.1.6. Sobre Pedro Martiz Payán.

Monteagudo (2014: 20 e 156-159) identifica o noso xurado *Pedro Martiz Payán* con *Pedro Méndez Fayan*, fillo de Mendo Páez Fayan, este á súa vez "descendente (probablemente neto)" de Mendo Fayan "documentado entre 1133 e 1164".



Afirma tamén que este Pedro Méndez Fayán é pai de Estevaíña Pérez, amante de Afonso IX. O mesmo di Calderón (2011), que no seu caso considera que o pai de "Pedro Menéndez Faiam" é "Menendo Faian", que "confirma varios diplomas reales en Galicia a partir de 1155", xunto a nobres próximos a Fernando II.

Na nosa opinión, hai poucos datos que nos permitan establecer a relación desta familia co individuo citado no *Tombo das viñas*. Por un lado, o sobrenome *Faian*, *Faiam*, *Fayam*, *Fagiam*, *Fagian*, *Fagam* e *Fagan*, pois de todas estas formas aparece, acompaña nos textos galegos en latín sempre o prenome *Menendus* (e variantes) entre 1133 e 1164 (CODOLGA) en documentación de varios mosteiros de Galicia e con varias procedencias. No séc. XIII encontramos tres atestacións deste segundo nome, *Pelagius Fagan* (a.1223 CDOseira), *Petrus Fagian* (a.1228 ForoCaldelas), *Petrus Fagam* (a.1268 CatOurense), quizais parentes de *Menendus*. No séc. XIV, xa en textos en galego, figura só *Pedro Faiam* (a.1347 Oseira), cunha diferenza temporal que imposibilita que sexa calquera dos do século anterior. Aínda no xv encontramos *Pero Faián* (a.1401 CDFPantón), que tamén se cita como *Pero Fayán* (a.1412 CDFPantón).

Sabemos que o noso *Pedro Payán* seguramente estaba morto en 1258, polo que non pode ser o mencionado en 1268 na catedral de Ourense. Só cabe logo confusión con *Pelagius Fagan* do documento de Oseira de 1223 e *Petrus Fagiam* do foral de Caldelas de 1228. Tampouco o noso *Payán* podería ser fillo de *Menendo Fayan*, que desaparece da documentación en 1164, cedo de máis para que o seu descendente morra case cen anos despois. Só, como apunta Monteagudo, podería ser o seu neto (2014: 36).

O sobrenome *Payan*, *Payam* e *Paian* aparece, agás en dúas ocasións en que acompaña o nome *Roderico* (a.1223 e s.d. TSobrado, posiblemente xa morto, pois a quen se menciona

é ó fillo), sempre atribuído a *Pedro Martiz*, en dez documentos de Oseira (5), San Clodio (1) e Melón (4) e nun período que vai de 1224 a 1258. Dalgúns destes textos puidemos localizar consultar o documento orixinal, como en CDMelón (doc. 286[241]) e CDOseira (doc. 560[242]) e achegamos a imaxe. A lectura é clara e sempre co patronímico *Martiz*, sen que leve a dúbida.

Un dos motivos que cremos que moven a Monteagudo a considerar a Pedro Méndez e a Pedro Martiz Payán a mesma persoa é que os dous estiveron casados con Sancha Fernández (vid. arriba as atestacións sobre o do noso vigario e xurado). Así, Monteagudo (2014, Anexo III, páx. 157) menciona dous documentos de Melón de 1211 en que o matrimonio aparece en relación cunhas terras chamadas *Pereiras*.

Pero Sancha Fernández é un nome frecuente. Xa en 1179 unha *Sancia Fernandiz* estaba ou estivera casada cun Pedro, pois cos seus fillos *Fernando Petriz* e *Eldara Petriz*, dóalle unhas terras ó mosteiro (CDMelón, doc. 41). Esa ou outra *Sancia Fernandi* figura casada con *Petro Nunioni* en 1209 (doc. 102) e tamén en 1258 *Sancia Fernandi* lle vende a *Petro Moogo* un casal (doc. 587).

Monteagudo, por outra parte, só menciona un documento coa cadea Pedro Méndez Fayán completa e faino ademais pola relación do matrimonio co devandito topónimo (As) Pereiras. Di así: "Un instrumento de 1231 (Melón nº 233) que recolle unha venda no lugar das Pereiras, reiteradamente citado neste artigo, de Gil e Johan Perez, fillos de Pedro Mendez Fayan", e engade en nota: "Non se conserva orixinal do documento, senón traslados posteriores nos Tombos de 1611 e 1801. Consultamos a copia que ofrece o segundo destes: Melón-Tombo, vol. III, fols. 391r-391v-392r. Este ofrece a lectura "Petri Menendi militis dicti *Fuyjoo* /*Feyjoo*"; no Tombo de 1611 transcríbese Fuyjoo. Con toda probabilidade,

[241] AHN: CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1442,N.3

[242] AHN: CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1522,N.19

trátase dun erro de lectura por Fayan; en todo caso, isto non é relevante para o noso asunto" (Monteagudo, 2014: 52 e nota 56).

A imaxe dixitalizada do documento orixinal, que localizamos no Arquivo Histórico Nacional,[243] permítenos ler claramente: "domini Petri Menendi militis dicti Feyioo":



Non encontramos, polo tanto, ningún documento en que se mencione a *Pedro Méndez* co apelido *Fayan* (e variantes) ou *Payan* (e variantes) nin tampouco casos de *Pedro Martiz Payán* con algún dos primeiros elementos da cadea abreviados coa inicial ou co sobrenome *Fayan*.

En principio, cremos que hai tres persoas ben diferenciadas (*Menendus Fayan*, *Pedro Méndez* e *Pedro Martiz Payan*) que non parecen gardar relación. Só coa certeza de que exista algún documento da época en que se mencione un **Pedro Méndez Fayan* (ou variantes) poderíamos albergar algunha dúbida.

Descartamos polo tanto, en principio, como así fixemos na análise onomástica, que debamos interpretar dalgún outro modo o noso sobrenome *Payán*.

8.1.7. Conclusións

A análise prosopográfica permitiniunos identificar dous momentos que enmarcan a data do texto A do *Tombo das viñas*.

Por un lado, as atestacións sobre *Lope Mouro*, casado con Aragunte Arias, son unha das referencias fundamentais, xa para identificar esta persoa como *Lope Fernández dito Mouro*, xa para situarnos cronoloxicamente. En novembro de 1251 (CDOseira, doc. 667), Martín Suárez recibe do mosteiro de Oseira unhas propiedades que foran do matrimonio e

[243] CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1441,N.3

que Aragunte vendera para pagar as súas débedas[244]. Este aforamento estaba xa feito no momento da enquisa, pois nela dise, como nel se acordara ("ut ego teneam illas in tota uita mea"), que "elas medias casas ye ela media eredad que fu de Lope Moro á de ficar a muerte de Martín Suárez a Ossera" (liñas 199-200). O texto A do *Tombo das viñas* ten que ser, polo tanto, posterior a novembro de 1251.

O límite temporal superior tamén nolo facilita a análise prosopográfica a partir da documentación citada, desta volta en relación con Pedro Martíz Payán, xa que sabemos que en marzo 1258 estaba morto, tanto porque non o volvemos encontrar mencionado como porque nun documento de Oseira desa data se di que Urraca Eanes "fora" muller súa: "Urraca Iohannis, quondam uxor domni Petri Martini dicti Payam de Burgo" (CDOseira, doc. 809).

Isto permítenos determinar, polo tanto, que o rei mencionado é Afonso X e que el ordenou realizar esta enquisa. Dado que no período comprendido entre 1251 e 1258, no ano 1255 Afonso X confírmalle a Melón 15 privilexios (o 12 en xaneiro, dous en outubro e outro de data dubidosa), maiormente de doazóns do seu avó Afonso IX, poderiamos aventurar que o rei puido ordenar facer a enquisa nese mesmo ano, se non de oficio, quizais por solicitude do propio mosteiro, o que máis propiedades tiña no Burgo.

8.2. Análise prosopográfica e datación do texto B

O texto B tamén carece de cláusulas de datación e aproximar a súa cronoloxía é aínda máis complexo, porque descoñecemos se as catro mans escribiron con pouca diferencia no tempo ou se houbo unha distancia máis ou menos notable entre elas, toda vez que, por exemplo, o escribán B pode estar copiando o escribán A_1 ou anotando unha mesma suposta relación de pergamiños soltos cos distintos *prazos* que o mosteiro fixera coas persoas ás que se lles aforaran as terras.

Só se menciona un dato que nos permite delimitar por abaixo o momento de escritura. Apúntao o escribán A_2 que di "Estas herdades todas ensinou e pegoou Johán

[244] Este documento pódese consultar dixitalizado no portal PARES. Figura alí coa signatura CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1525,N.8. pero o rexesto está confundido e indica erroneamente: "El monasterio de Santa María de Oseira y María Pérez, mujer de Melendi Peláez, cambian ciertos bienes".

Lorenço et Esteuo Rrodrigues et Johán Capateiro et ffrey Johán de Uársea, moradores en Santo Esteuo, peegaron todo ao abbade don Esteuo aa seída da morteidade", isto é, arredor de 1348, ano da peste negra en Galicia. O noso documento ha ser por forza posterior a este ano.

8.2.1. Identificación das persoas do texto

Nesta relación de propiedades tamén se fala en pasado e en presente das persoas mencionadas, polo que debemos ter en conta que hai dúas marxes cronolóxicas, o tempo da escritura e dos propietarios que daquela arrendaban propiedades de Melón e o das persoas que, con anterioridade, tiveran aforadas terras que pertencían ó mosteiro. Incluímos a seguir as persoas localizadas nestes textos, con indicación da forma verbal que acompaña os seus nomes para situalos no presente do texto ou no pasado. Son os seguintes:

Domingo Mouriño (laura)

- a.1473 "vina que tevo Domingo Mourino" (LTPOseira, páx. 48)

Domingo Lourenço (tem)

- 1473 "un tallo de vina que tem Domingo Lourenço" (LTPOseira, páx. 48)

Johán Amigo do Casar (ffilos de)

- 1316 "et outorgamos a foro a vós, Johán Amigo de Santo Estevo, e a vosa moller Marina Eanes" (TMelón1800-I, fol. 296r)

Johán Ffranco (ten)

- 1473 "hum bacelar que tem Joham Franquo" (LTPOseira, páx. 48)

María Çapateyra (ten, tẽen)

- 1348 "o qual auemos con .... Maria Çapateira de Santo Estevo" (TMelón1800-I, fol. 298v)

María Carvoeira (ffoy)

- 1473 "huna adega que tevo Maria Carvoeyra et que agora teem os fillos de Pero de Bouçados (LTPOseira, páx. 47)

María Gibarra (casal de - et herdamentos)

- 1305 Mandas testamentarias de María Gibarra (TMelón1800-1, fols. 133r-138v e tamén solto)[245]
- 1316 "... o qual fuy de Maria Gibarra" (TMelón1800-I, fol. 296r).

Pero Ffeca (que foron); con dúbidas.

- 1473 "outra casa... que teuo Pero Fecha" (LTPOseira, páx. 46).

Rruy Cavaleiro

- 1473 "et outro tallo Roy Cavaleyro (LTPOseira, páx. 48)

Aínda atopamos outras persoas coma *Pero Sobriño* ou *Pero Gago*, ademais daquelas con nomes máis comúns *María Pérez*, *Domingo Lourenço*, pero en relación con outros lugares distintos de Ribadavia ou con sospeitas sobre a súa identidade, polo que as descartamos.

8.2.2. A datación do texto

Os nomes localizados nas coleccións documentais foron moitos menos que no caso do texto A, xa porque fosen persoas de menos categoría social e, polo tanto, pouco mencionadas nos documentos, xa porque por algunha razón estes desapareceron. O século XIV foi un século convulso en Europa, na península Ibérica, en Galicia e tamén en Ribadavia. A peste negra, a *morteidade* do noso texto, deixou desfeitas moitas estruturas, entre elas a da produción agraria dos mosteiros. A mingua da poboación, o abandono dos cultivos, a neglixencia de pagamento das rendas obrigraron ós mosteiros a ter que recompoñer os foros e as súas condicións (Villares, 1985: 81) nun século en que o viño do Ribeiro empezaba a súa expansión comercial. A esta situación houbo que engadirlle os constantes conflitos que se produciron no século en curso. A guerra entre Pedro I e Henrique II, con consecuencias tan importantes para Ribadavia como a toma da vila por parte do duque de Lancaster (a.1385), deixouse sentir notablemente en Ribadavia. Pero o feito que seguramente cambiu radicalmente a vida da zona ribadaviense foi o nomeamento de Pedro Ruíz de Sarmento como Adiantado Maior de Galicia en 1370. Desde que este chegou a

[245] Ademais do traslado ó tombo, no AHN consérvase o pergamiño solto orixinal coa signatura CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1457,N.20. Ós dous podemos acceder a través do portal pares.

Galicia, os mosteiros, e destacadamente os da zona ourensá, foron perdendo a mans del a titularidade de case todas as súas encomendas, entre eles Melón e Oseira, que en anos sucesivos denunciaron ante o rei a intervención abusiva deste personaxe. Amais, Ribadavia perdeu a súa condición de reguenga para pasar a mans do nobre foráneo en 1379 (Fernández Suárez, 2002: 88 e ss.). Con este breve resumo histórico quixemos buscar unha explicación á falta de datos sobre a zona neste período e todas estas circunstancias axudan a entendelo.

Como se observa, as únicas atestacións que puidemos encontrar, fóra das poucas que nos achegou a documentación de Melón, foron as do *Libro Tumbo de Pergamino de Oseira*, (LTPOseira) que rexistra uns cantos nomes do noso texto baixo o encabezamento de "Esta he a renembrança das casas et das herdades que o moesteyro de sancta Maria d'Oseyra ha em Rivadavea".

Ó inicio deste tombo de Oseira[246] indícase que se manda facer debido ós moitos danos, perdas e minguas que o mosteiro tivera a causa das "g*ra*ndes gerras que ouuo ent*re* os señores", polos "pl*e*itos e letigios entre los abbades que ouuo en este m*osteyro* moy longo t*em*po"; por iso e "por la mj*n*goa de justiçia rreal que en este Rreino de Galiza foy e he faliçida e cariçida, ouueron cabsa os señor*e*s t*em*porais entrar et tomar a jurdiçó*n* et senorío dos ditos coutos, g*ra*njas et lugares que ao dito m*osteyro* pertiçían" (fol. 1r)[247]. Estas explicacións fannos pensar que quizais o texto B do *Tombo das viñas* se escribise por razóns similares.

Os editores (Romaní / Rodríguez, 2003) deste tombo do Oseira sinalan que está composto por unba introdución explicativa, o traslado de documentos pontificios e reais, a copia do *Rotello Vello*, (redactado en latín e datado nun dos seus folio en 1367), a do *Tonbo Vello* (escrito en galego e sen data explícita, pero posterior ó *Rotello*, pois así se indica nun dos seus apartados) e finalmente un *Memorial e Tonbo das cartas et foros*, tamén en galego, redactado "agora ao tenpo presente", isto é en 1473.

Todos os nomes encontrados están inclusos no *Tonbo Vello*, polo tanto o período de referencia é moi amplo, entre 1367, que se fixo o *Rotello Vello*, anterior a el, e 1473, en que

[246] PARES: CODICES,L.1008.

[247] A trasncrición destes fragmentos é nosa.

se elaborou o *Memorial e Tombo das cartas e dos foros* e se transladaron os outros dous textos ó *Libro Tumbo de Pergamino*.

As poucas referencias dos traslados ó Tombo de Melón de 1800 (TMelón1800) que atrás mencionamos, pódennos servir para acoutar máis o tempo. Así, no ano 1316 fálase en presente de *Johán Amigo*, que no noso documento parece estar xa morto pois os seus fillos tiñan as súas propiedades: "Estas herdades *teen* ffillos de Pero das Congostras et Tomé Peres de Sant'Esteuo et Steuo Tourino de Vilarino et *ffillos de Johán Amjgo do Casar*".

Xa que temos a certeza de que o texto B se escribiu despois de 1348 e 32 anos despois da primeira referencia a *Johán Amigo* os seu fillos tiñan as súas propiedades, como di o noso texto, cun cálculo xeneroso, mesmo que en 1316 aínda non naceran, non puideron vivir moito máis alá de 1400. Podemos pois concluír, coa precaución de que os nomes e os segundos nomes é frecuente que se repitan[248], que o texto B do Tombo das Viñas debemos datalo na segunda metade do séc. XIV.

8.3. Análise prosopográfica e datación do texto C

Non encontramos referencias documentais fiables que nos acheguen datos sobre os foreiros Afonso Peres e Mariña Martís. Si sabemos que frei Johán Esteues foi o décimo terceiro abade de Melón, segundo constata Cambón (CDMelón) na súa relación de abades do mosteiro ata o século XIII. A información sobre el é escasa, dado o seu mandato tan curto. Do escribán frei Lourenzo nin sequera coñecemos o apelido.

Así e todo, o texto C foi o de datación máis fácil. A pesar de dispoñer de protocolo, carece de cláusula de datación (vid. apartado de diplomática), ende ben, a existencia na colección documental de Melón de sete pergamiños subscritos polo mesmo abade e o mesmo escribán, docs. 771, 773, 776, 780, 786, 787 e 792 (CDMelón), facilitounos tanto o traballo de recuperación do contido coma a súa adscrición a un período temporal bastante concreto. Os documentos en que participan os dous están datados entre o 11 de xaneiro de

[248] Por exemplo, en 1332 o mosteiro de Melón afóralle a Juan Amigo (este ou outro), casado con María Martís un casal na actual parroquia de Sárdoma (Vigo): CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1462,N.3.

1277 e o 15 de agosto de 1279, polo que é nese período de case tres anos en que podemos con certeza situar o texto C do *Tombo das viñas*.

8.4. Recapitulación

Cos datos recadados, podemos afirmar que o *Tombo das viñas de Ribadavia*, como conxunto documental, probablemente non se elaborou máis alá de finais do século XIV. Está composto por tres textos independentes, dous deles do século XIII e un do século XIV, este seguramente moi próximo á data da confección definitiva e á titulación do pergamiño actual.

Cronoloxicamente, o texto A é o máis antigo e podemos datalo, sen dúbidas, entre 1251 e 1258. O texto C foi escrito entre 1277 e 1279 e posteriormente borrado e reutilizado. Finalmente, o texto B, o que ofrece máis dificultades aínda que paradoxalmente é o último en confeccionarse, deberemos situalo na segunda metade do século XIV e foi con este texto co que seguramente o pergamiño adquiriu o aspecto actual co que chegou ós nosos días.

9. Conclusións finais

Da morea de instrumentos medievais que se conservan –con seguridade unha pequena parte dos que existiron–, todos merecen atención porque supoñen unha fonte importantísima de coñecemento da nosa lingua e da nosa historia. Aínda quedan moitos por sacar á luz e calquera achega é sempre benvida. Lamentablemente, os máis interesados nestes cometidos, historiadores e filólogos, case nunca traballan man a man e por iso moitas veces o traballo se duplica innecesariamente. É ben certo que os intereses duns e doutros son distintos pero iso nunca debería xustificar que o labor duns sexa inútil para os outros.

Iso foi o que sucedeu co documento que nos ocupa. Aínda que Olga Gallego xa o editara en 1986, a transcrición que ofreceu non é de proveito ós filólogos porque foxe de toda preocupación lingüística. Abonda compararmos algunhas liñas desa transcrición coas correspondentes da nosa para observar que parecen dous textos distintos e que a súa lectura, faríanos traballar a partir dunha realidade falsa, como amosa o cotexo das liñas 20-25 do verso da edición da académica e a nosa:

> a Z heredades sent das viñas Z das casas e dos soutos e dos toros que o monasterio / de oselle aha ena villa de Sanctes-tebo it primeiramente... ja s hua leira hu... / chaman a do racarey como parte dun cabo pella que foi de maria arnoena / Z por doutra parte pella que foy de diego eanes de muimenta / Z de

johan caluino et en fondo fere eno regueiro Z ençima topa / eno camino publico que ven para Cardoxe.

Rº ssent das viñas et das casas et dos soutos et herdades[1] et dos fforos que o mo*esteiro*[2] |$_{20}$ de Mellón (a)ha e*n*na villa[3] de S*an*t'Est*eu*o. Jt*em* primeiramente jas hũa[4] leira hu | chama*n* a d'Orrac'Arres, como[3] parte dũu cabo p*e*lla que ffoy de M*ar*ía Caruoeira | et parte doutra parte p*e*lla que ffoy de[5] D*omin*ga Ean*e*s de Muime*n*ta | et de Johán Calujño et en[3] ffondo ffere e*n*mo rregueiro et en çima topa | e*n*mo camjño público[6] que vé*n* pe*r*a Cardoxe. Jt*em* outra leira hu chama*n* O Sseixo que |$_{25}$

---

1. Entreliñou *et herdades*. 2. Abreviado en *mon* con trazo sobre a abreviatura. 3. Leva trazo. 4. O *u* está escrito cunha pata de máis. 5. Despois riscou *María Eanes*. 6. Abreviado en *ppco*.

Editamos entón outra vez o documento, primeiro desde unha versión microfilmada e, posteriormente a partir do propio orixinal. Procedemos tamén á súa reprodución fotográfica, incluído o anaco borrado para o que se utilizaron as técnicas descritas no correspondente apartado paleográfico.

O *Tombo das viñas de Ribadavia* é un conxunto de documentos coñecido e mencionado polo menos desde os anos 40 do século pasado pero que nunca fora descrito nin estudado polo miúdo. Composto por tres textos, non por dous, como se cría, o pergamiño é interesante -e problemático- porque amosa tres momentos de lingua distintos e unha mestura de códigos, e tamén pola súa tipoloxía documental e outras cuestións diplomáticas.

Desde o punto de vista filolóxico tiña interese para os investigadores da historia da lingua por varias razóns. As fundamentais, a data que se lle presupoñía (aínda que pouco precisa) e a lingua en que estaba parcialmente escrito. Así, foi referido como un documento primitivo, dos primeiros momentos da lingua, e candidato a estar entre os primeiros documentos non literarios galegos en romance. Tamén, asemade, definiuse como un documento interesante para a filoloxía por mesturar latín e romance, de adscrición lingüística problemática ou híbrido.

Logo de abordar o seu estudo, queremos ante todo destacar a importancia, como ferramenta metodolóxica, dos corpus online de documentos medievais (TMILG, CODOLGA, CORDE) e actuais (TILG, CREA, etc.), que nos permitiron acceder e localizar facilmente un número importante de datos de grande interese para o estudo sincrónico e diacrónico da lingua. Por outra parte, cremos que para análise dun conxunto documental problemático se deben considerar todas as perspectivas posibles: codicolóxica, paleográfica, diplomática, histórica, onomástica, lingüística, prosopográfica... Só así, poderemos obter del

toda a información precisa para coñecer por que, cando e como se produciu e facer unha boa descrición filolóxica e lingüística.

A filoloxía precisa da paleografía para os seus fins científicos; e precísaa en canto o que a filoloxía ten de ciencia histórica que traballa con textos de diferentes épocas e lugares, nos cales se manifestan os fenómenos lingüísticos que lle interesan ó filólogo. O texto transcrito débese, pois, ofrecer con toda a súa *pureza* orixinal e primitiva, encadrado con tino no tempo e no espazo en que foi escrito.

Con este punto de partida, describimos as características paleográficas dos textos e analizámolas a partir de manuais e estudos de paleografía, xerais e en referencia a Galicia, e comparamos o texto con outros de características e épocas similares. Aínda que con isto non conseguimos unha datación precisa, permitiunos confirmar que os textos visibles (A e B) se correspondían cos períodos amplos en que se xa se viñan encadrando, os séculos XIII e XIV, respectivamente, o primeiro escrito nunha minúscula diplomática con trazos góticos e o segundo en gótica cursiva. O texto C, que presenta ademais a dificultade de estar borrado, puidemos, con todo, situalo na tipoloxía da gótica cursiva. Concluímos tamén que, se ben no recto e na scripta inferior borrada é unha única man a que escribe en cada caso, no verso do documento hai polo menos catro momentos de escritura (e outros correspondentes a engadidos) que deberon levar a cabo tres ou catro persoas, seguramente en momentos moi próximos no tempo.

Coa análise codicolóxica, a descrición externa do *Tombo das viñas*, obtivemos información sobre a confección do soporte (un longo pergamiño formado por catro anacos de coiro), seguramente elaborado en dous momentos, pois está unido con distintos materiais (coiro e cordel). Puidemos ademais saber do seu reaproveitamento e confección definitiva case cen anos máis tarde e describir as notacións relativas ó arquivo monástico ó que pertenceu.

A diplomática, a partir da descrición interna dos textos, permitiunos clasificalos na súa correcta tipoloxía e establecer a súa funcionalidade. Precisamente por seren documentos non dispositivos (noticias) foron pouco atendidos e só en épocas recentes empezaron a ser valorados por diplomatistas, historiadores e filólogos. En relación coa parte que máis nos atinxe, a filolóxica, temos que destacar o feito de que a menor formalidade textual permitiu que nestes rascuños e notas aflorasen os romances e se ensaiase un novo xeito de escribir que logo se espallaría a todo tipo de instrumentos. A este respecto, o texto do recto é o que

centrou máis a nosa atención, non só por ter a posibilidade de ser un texto dos chamados primitivos senón tamén porque ofrecía unhas formas lingüísticas particulares que deberiamos estudar con detemento. Por outra parte, interesámonos polo tipo textual enquisa, por ser un modo, en certa maneira innovador, de entender o procedemento xudicial.

Quixemos entón ofrecer unha visión xeral do procedemento inquisitivo en Galicia, de xeito particular, xa porque o tratamento histórico habitual nos enmarca no amplo concepto de "reino leonés" xa porque nos estudos anteriores seguramente non se incluíran moitas fontes documentais autóctonas das que hoxe podemos dispoñer. O resultado é unha boa colección de textos ou fragmentos de textos, susceptible de ser ampliado con achegas posteriores baseadas en distintos campos léxicos e semánticos. Isto deunos pé ademais a reflexionar sobre o concepto de *renembrancia*, a familia léxica da enquisa e, en concreto, o cambio semántico do verbo latino QUAERO. En relación ó noso texto, e logo de todo isto, podemos intuír que ante unha demanda sobre a usurpación dos dereitos sobre as terras, iniciada polos habitantes do burgo de Ribadavia, as ordes ou o propio rei -que velaba polos seus recursos fiscais- se inicia unha investigación que orixina a enquisa.

O estudo lingüístico histórico das principais características dos textos permítenos situalos con certa precisión no seu tempo e na área lingüística de candanseu autor. A descrición da evolución das palabras e a comparación das variantes que estas presentan en textos da época no seu propio sistema dialectal e nos veciños levounos a concluír que o texto A, pola vacilación na ditongación das vogais breves tónicas latinas, a tendencia á monotongación dos ditongos primarios e secundarios latinos e os resultados que presentan as laterais palatais ten similitudes notables con outros do século XIII da área leonesa central pero, ademais, debemos definilo como un texto periférico que, ocasionalmente, reflicte trazos claramente galegos (con *mestura de códigos* ou *code mixing*, segundo a terminoloxía de Monteagudo, 2009: 88). A proximidade lingüística e xeográfica ou a contaminación coa lingua dos declarantes xustifican esa hibricidade (*textos interferidos* para Monteagudo, 2009: 89).

Pola súa parte, o texto B, galego, cando xa o romance estaba plenamente establecido na produción documental, ofreceunos a posibilidade de coñecer a marxe de variedade, basicamente gráfica, con que distintos copistas, no mesmo tempo e espazo poden representar un texto. A brevidade dos fragmentos e a tipoloxía textual, con todo, seguramente limitan bastante os resultados. A este texto súmase o C, de finais década de 1270, unha achega

tamén breve pero caracterizadora dos, se non primeirísimos os máis antigos textos en galego do mosteiro de Melón. Boullón Agrelo / Monteagudo (2006: 91 e 114) dan como primeiros documentos en romance do mosteiro tres dos anos 1231, 1233 e 1255.

Incluímos ademais un glosario léxico coas voces dos textos, definidas e con comentarios sobre a súa etimoloxía ou os seus matices semánticos cando o requirían.

Por outra banda, a abundante onomástica persoal dos textos A e B revélase como un material interesantísimo para amosar o resultado concreto dos procedementos nomeadores dun territorio e unha época e tamén útil para axudar a establecer a cronoloxía ou os estamentos sociais. Acompañámolo ademais dun glosario de segundos nomes. Aí estudamos a súa etimoloxía e a súa difusión na Idade Media e na actualidade. Finalmente, analízanse os nomes xeográficos, unha parte moi característica do sistema lingüístico galego pola súa abundancia e unha vitalidade que permite case sempre localizalos hoxe en día.

Finalmente, tratamos aspectos históricos e prosopográficos que foron os que, dunha maneira moito máis precisa, posibilitaron que puidesemos concretar a datación dos textos. A busca dos individuos mencionados nos textos nas coleccións documentais da súa época e a súa contorna ofreceunos información biográfica, en maior ou menor medida segundo a súa posición social ou a súa intervención en negocios documentados, xa como parte xa como testemuña. E ademais, en ocasións, permite describir unha rede de relacións entre estes individuos e os seu coetáneos. Neste apartado, puidemos explicar entón por que o texto se viña datando con tres décadas de anterioridade, pois nel faise referencia, como por outro lado era común nos interrogatorios, a un período de tempo longo e a persoas pretéritas, dado o valor da memoria. Dos resultados obtidos a este respecto, xunto cos datos históricos coñecidos para as distintas épocas supostas para os textos, puidemos concluír que o texto A pode ser datado entre 1251 e 1258 -isto é, nos primeiros anos do reinado de Afonso X-, que o B ha de encadrarse na segunda metade do século XIV e que o C corresponde ó período que vai entre 1277 e 1279.

Nas páxinas finais, en anexo, ademais dos dous xa mencionados en relación co procedemento inquisitivo, xuntamos a edición do traslado do *Tombo das viñas de Ribadavia* ó tombo de 1800 (TMelón1800), ó primeiro dos tres volumes elaborados entre finais do século XVIII e principios do XIX, que recollen a documentación do mosteiro de Melón. En certa maneira, este traslado pecha, cinco séculos despois, a historia do documento e

achéganos tamén información sobre a lingua desa época, que poderá ser estudada noutro momento con máis profundidade.

Cremos que quedan abertos neste traballo varios camiños cos que seguir facendo achegas á historia do galego, entre eles as causas e o tratamento da hibricidade na documentación medieval de Galicia, a análise da tipoloxía documental tendo en conta os campos semánticos e o estudo filolóxico e lingüístico dos textos fronteirizos e periféricos galego-leoneses.

Non obstante, os obxectivos previstos no estudo do *Tombo das viñas de Ribadavia*, isto é, aproximar a súa datación, caracterizar a lingua de cada un dos textos coas súas distintas variantes dialectais e diacrónicas, a xusficación dos tipos documentais, fundamentalmente os do recto e do verso, e investigar sobre a confección do conxunto documental quedan resoltos cos resultados acadados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10. ÍNDICES

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

10.1. ÍNDICE DE PERSOAS MENCIONADAS NO TEXTO A

Alfonso Pérez, don 5, 254

Alfonso, don (rrey) 2

Arias Criueiro 92

Arias Eanes de Congosto 104

Arias Gato 123

Arias Meléndez, don 28 = Arias Menéndiz 201 = Arias Meléndiz 212-213

Arias Núnez = 67 = Arias Nunj 69, 261

Arias Pérez da Ponte 103

Barua de Lobe 209

Campión 127

Colaza 193

Domingo Caluo 131

Domingo Cebolero 132-133

Domingo Pelitero 120-121

Domingo Pérez (fiyo de) 166

Eldara Eanes 15-16

Eluira Campisina 16

Eyo, don 107

Feichor 212

Fernán Caluo 90

Fernán de Longe 160

Fernán Díaz 106

Fernán Eanes, (don) 109 =? Fernán Eanes 193

Fernán Grauío 134

Fernán Núnez 50, 256 = Ffernán Núnez 4

Fernán Pérez 179, 189, 197, 234, 254

Fernán Pérez Clérigo 38, 56, 94, 98, 262

Fernán Sauastiánez 111

Fernán Talauera 20 = Fernán Talaueira =185, 260

Fernandino 162

Galter, don 121

Gardelas 163

Gonsaluo Menendj 210

Gostei, don 118

Gregorio Páez 165-166

Joam do Olio 211

Joán Bispo 26

Joán Boosendo 15

Joán Moniz 51

Joán Patame 52

Joán Pérez Carpentero 58

Joán Pérez de Castrello 34 = Johán Pérez de Castrello 29, 135

Joán Ramírez 85 = Johán Ramírez 89

Joán Ruuio 60, 61= Johán Ruuio 62

Joán Sarino 25-26

Joán Uassallo 83, 86

Joham Pérez Gibarro 264

Johán Bafarela das Poldras 164

Johán Bafarino 157, 178

Johán Batía 99

Johán Ceboleiro 120-130

Johán Eanes 154, 159-160

Johán Fernández d'Ourantes 47, 91

Johán Gardelas 130-131

Johán Gibelas 72

Johán Gougete 190

Johán Gregorio 156-157

Johán López 115-116, 136

Johán Martíz 169

Johán Núnez 111, 251

Johán Oárez 143, 215

Johán Páez Santiagés 191, 257 = Johán Páez 192 (fillo de Pay Páez Santiagués, vid.).

Johán Peláez 1

Johán Pérez Correro 238

Johán Pérez, don 152

Johán Pitano 159

Johán Sira 149

Johán Testín 93

Lope Moro 199

Lope Sánchez 78

Lourentio Páez 166

Luzía Áluarez 100

Major, dona 14

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

María Danz 19

María do Rrío 71

María Godina 195

María Moniz 81

María Pérez 153

María Rodrígez 66, 74(aquí dise "fu")

María Uarela 231

Marina López 39,116

Marina Martiz 79, 97

Martín Arias 79 = Martín Arie 175

Martín Boosendo 259

Martín Cortido 63-64

Martín d'Azenia 17

Martín de las Oueyas 17

Martín Eanes 150, 234

Martín Falpelo 65

Martín Fernández 137, 171 = Martín Fernándiz 165

Martín Gomariz 19-20, 49

Martín Gotérrez 106-107 = Martín Gotérriz (al Castanero de) 87

Martín Mónago 80-81

Martín Noguera 158

Martín Pérez 153, 263

Martín Saluadores 208

Martín Senorín 30

Martín Suárez 55, 200 = Martín Suáriz 6

Martín Tirado 18

Martín Ueremúdez 125 = Martín Uermúdez 110

Mayor Besna 27

Mayor Pérez, dona (netos que foron de) 226

Melén Paaz 147-148

Melén Pérez 174

Mergulión 77

Migael 164

Miguel Pérez 203

Miguiel Rodríguez 10

Munio Duro 137

Nuno Seco 124

Orracha Eanes 155

Orracha Moniz, dona 188

Pay Caluo 14

Pay Capello 258

Pay Carancho 183

Pay de Faro 55

Pay d'Oliueira 82

Pay Domíngez 149-150

Pay Eanes 238

Pay Gotérrez 107

Pay Lobo (fiyo de) 168

Pay Marauila 122

Pay Martiz 86

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pay Núnez 215

Pay Páez Santiagés 192

Pay Pérez 74-75 =? Pay Pérez de Melón 96

Pay Ranado (soto de); quizais topónimo. 50-51, 52

Pay Rodríguez 22

Pay Tenelas 67

Pé de Queso 54 = Ped de Queso 74

Pedr'Eanes de Saa 180 (fiyo de), 184

Pedr'Esqualo 206

Pedr'Estéuanez 187

Pedr'Ianes Ceboleiro 128

Pedrilino 76

Pedro Arias 75 = Pedr'Arias 105

Pedro Citrana 117-118

Pedro Dente 119

Pedro Díaz 202

Pedro Domíngez 1

Pedro Feo 59

Pedro Fernández de Saa 184

Pedro Ferreiro, don 113, 114

Pedro Ferro 44

Pedro Grauío 134

Pedro Iuliánez 43

Pedro López 175

Pedro Martiz 69, 84 = Pedro Martiz, don 146-147, 230 (fiyos de)

Pedro Martiz Paan 4, 235, 237, 255 = Pedro Martiz Payán 216, 217 = Pedro Payán 171

Pedro Móogo, don 144

Pedro Páez 151, 169

Pedro Suárez (fiyo de) 173

Pedro Tacón 105

Rrichardo , don 46

Rruy Falpelo 65

Rruy Mantega 195

Rruy Pérez 142

Rruy Suárez 23, 24, 34

Sancha Candela 206-207

Sancha Martiz 218-219

Sancha Pérez 202 = Sancha, dona 213

Sanchia Rodríguez 108-109

Serra , dona 153, 154, 184 (fiyo de)

Steuaína, dona 31

Steuan Martiz 170, 172

Suer Martiz 161 = Suero Martiz 171 = Sueyro Martiz 170, 172

Theresa, dona 68

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.2. ÍNDICE DE PERSOAS MENCIONADAS NOS TEXTOS B E C

Affon*so* P*er*es (texto C) 3, 15

Arres Meendes 265

Barreiro, Os do 177

Caluiños, Os 39 / Calujnos, Os 52, 99, 114

Dominga do Casal 193 = Dominga do Casar 183

Dominga Eanes de Muimenta 23 = Dominga Anes de Moymenta 81

Dominga Martís 270

Domingo Esteues 164, 179

Domingo Ffrade 33, 37, 92, 95-96

Domingo Lourenço 64, 132, 142, 157, 159, 164, 177, 180, 199, 218, 219, 223, 232, 234, 260

Domingo Mourino 140, 189-190, 210

Domingo Paas 202

Eluira Eanes 141, 206, 225

Esteuaína Fferrnandes 206, 278

Esteuão Rrodrigues 157

Esteueína do Barreiro 65, 122, 132, 147, 179

Esteuo Colcheiro 171

Esteuo de Cabo

Esteuo do Barreiro 167

Esteuo Eanes

Esteuo Gago 29-30, 88, 251

Esteuo Lourenço 59, 60, 72, 124, 129, 139,152, 164, 166, 186, 195, 197, 199, 202, 210-211, 212, 218, 219, 226, 235, 240, 251

Esteuo Peres 70, 192, 196, 231, 240, 275

Esteuo Rrodrigues 57, 68, 70, 73, 121, 124, 129, 132, 144, 147, 163, 164, 167, 169, 171-172, 175, 178, 180, 181, 190-191, 195, 199, 202, 203, 211, 212, 215, 220-221, 222, 233, 251, 254, 257, 262, 264, 266, 282

Esteuo, Don 75

Ffernán Rraposo 167, 240, 245

Ffernando Esteues (fillo de) 221

Gomes Domingues (texto C) 23

Gonçaluo d'Auelaenda, ffrey (texto C) 23

Gonçaluo Martiis, ffrey (texto C) 23

Johán (Martís) 214

Johán Amigo do Casar 55, 117 (ffilos de)

Johán Calujño 24 = Johán Calujno 81

Johán Çapateiro 56, 59, 60, 62, 171, 239, 261, 282-283 = Johán Capateiro 74

Johán Carneiro 64

Johán de Sant'Esteuo 34-35, 44, 46 (fillos de), 49-50, 52, 93, 94, 105, 107 (ffilos de), 111, 113

Johán de Uársea, ffrey 74

Johán do Souto 123, 183 = Johán do Souto de Uilarino 138, 152

Johán Esteues 132, 180

Johán Esteues, ffrey (texto C) 2

Johán Ffranco 137, 140, 154, 204-205, 215, 230, 242

Johán Lourenço 70, 73, 171, 175, 186, 192, 202, 212, 226, 250

Johán Lourenço da Ffonte 34 (ffillos de), 93 (fillos de)

Johán Lourenço do Castro 130, 147, 189, 242-243, 253, 255, 280

Johán Monteiro 197

Johán Paas

Johán Porrino 131-132 = Johán Porino 139

Johán Rrasca 216-217

Lourenço Batondeiro 160

Lourenço Ffernandes 16, 18 = Lourenço Fferrnandes 161-162, 203, 208, 237, 258-259, 259, 268, 278

Lourenço Monteiro 274

Lourenço Rrigueiro (texto C) 23

L*ourenç*o, ffrey (texto C) 24

Luzía Martís 39 = Lusýa Martís 98 = Lusía Martís 132, 133

Marcos Lourenço 176, 195, 207, 279

María Çapateyra (ten) 35, = María Capateira 94

María Caruoeira 22, = María Caruoeyra 80

María de Curraes 205-206

María do Curral 70, 188, 192, 193, 198, 202, 209, 224, 234, 244, 248, 260

María Eanes 191

María Esteues 267

María Ffradina 71, 150, 266 = María Fradina 285

María Gibarra 290

María Lourença 16, 18 (filla de Lourenço Ffernandes)

María Peres 63, 64, 70, 146, 147, 168, 172, 180, 188, 192, 196, 204, 208-209, 218, 224, 230, 239, 244, 247-248, 259, 270, 272-273, 275

María Polĩa (ou Solina?) 126

M*ari*na M*artii*s (texto C) 4

Martín Anes de Vilariño 34, 94

Martín Ffradino

Martín Gago 49,

Martín Móogo 110

Miguell Rraposo 192

Moor Dominges 136-137, 151, 154, 167

Moor Martís 15, 71, 182, 191, 192, 193, 215, 251 = Moor Marrtís 170, 187

Moor Mouriña 57, 65, 71 = Moor Mourina 141, 189, 192, 205, 209, 215, 224, 244, 248, 260

Moor Peres 266 = Moor Peres, dona 291

Mourinos, Os 35, 94

Orrac' Arres

Orraca Eanes 271

Pedro Ffernandes = Pedro Fferrnandes 68

Pedro Martís 100

Pedro Monteiro 65, 142 = Pero Monteiro 151, 189, 225

Pedro Sobrino 125

Pero Calças 246, 253, 256, 274

Pero da Fonte 229

Pero das Congostras 33, 36 (fillos de), 40, 41-42, 44 (ffillos de), 54 (fillos de), 92, 116 (ffilos de) = Pero das Congostas 95 (ffilos de), 101 (ffilos de), 104 (ffilos de) = Pero das Congosstas 99-100

Pero do Lameiro 227-228

Pero do Poulo 236

Pero Domingues de Vilarino 33-34 = Pero Dominges 92-93

Pero Ffeca 26, 84-85, 201

Pero Lopes de Santo Esteuo do Castro 288

Pero Martís 37, 40, 42, 46, 47, 49, 102, 105, 107, 108, 110

Pero Mourino 141, 167-168, 205

Pero Peres 45

Pero Sobrino 256

Pichiceites, Os 66

Rribeira, os da 59-60, 62 = Rribeira, os de 234

Rruy Caualeiro 233-234, 282

Sancha da Lagea 36, 95 (netos de),

Sancha Lourença 237

Steuo Caaueirão (texto C) 23

Steuo Tourino de Vilarino 54-55, 116

Tomé Peres 42, 45, 56, 72, 102, 105, 119, 147, 205, 208, 220, 276 / Tomé Peres de Sant'Esteuo 54

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.3. ÍNDICE DE LUGARES MENCIONADOS NO TEXTO A

(Inclúese o contexto para vermos se levan artigo ou non, porque en galego o artigo é forma integrante do topónimo)

Auia. Seguramente referido ó Río Avia; 38.

Baruada (la). Hoxe *A Barbada*, microtopónimo na parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, en Carballeda de Avia; 140, 142.

Burgo (enno). Ribadavia; 37, 56, 64, 249.

Cabrita (enna). Microtopónimo de Ribadavia no límite con Francelos; 234.

Campión (Ponte do). Campión, microtopónimo de Beade no límite con Esposende; 127.

Carrera ~ Carreira (so, sobre). Microtónimo de Ventosela (San Paio) lindante coa Gandarela; 42.

Casa del Forno. Sen localizar. Hoxe hai a *rúa de Fornos* ou *rúa Fornos* no núcleo da vila. Tamén os microtopónimos A *Viña do Forno* en San Cristovo de Regodeigón e *Detrás do Forno*; 113.

Casar de Gardelas. Sen localizar. Cf. *Johán Gardelas*, no texto A; *María Gardelas* en Oseira (Cf. *A Cagardela*, ribeira en Albos, Verea e *Muíño de Cagardela* en Alcázar de Milmanda, Celanova); 163.

Cima de Uilla (rúa de). Sen localizar; 204.

Congosto (en). Seguramente un microtopónimo, hoxe sen localizar; 63, 67, 68, 104.

Cruz del Campo (enna). Sen localizar. Quizais referido ó cruzamento coa actual *rúa do Campo de San Martiño*; 78.

Encima de Uilla. Sen localizar; quizais o mesmo cá rúa *Cima de Uilla* (vid.); 239.

Foz (enna). Microtopónimo, parte do núcleo de Ribadavia na marxe dereita do río; 100, 102, 103.

Francelos. Lugar e parroquia de Ribadavia, ó sur da vila: 230, 233, 246.

Ganderela (la). Hoxe A Gandarela é un microtopónimo de Ventosela (San Paio), lindante con Carreira (vid. **Carrera**); 44, 45, 61, 106.

Golmeiras ~ Golmeras (las). Hoxe *As Gulimeiras* ou *As Gulemeiras*, monte próximo a Ribadavia; 242, 252.

Gomariz. Lugar e parroquia de Leiro; 49, 63.

Lauandera (la). Microtopónimo sen localizar; 148.

Leuada (la). Sen localizar, quizais o actual *A levadiña* ó leste da aldea de Francelos, contra o río; 144.

Melón. Lugar, parroquia e concello de Ourense; (passim; 70 veces).

Miranz. Hoxe Miranzo, microtopónimo no límite da parroquia de Francelos (Ribadavia) e Filgueira, xa no concello de Crecente; 220.

Monte Alegre (en). Hoxe *Monte Alegre* ou *Chaira Salgada*. Monte de 172 metros entre San Cristovo de Regodeigón e A Franqueirán; 62.

Monte Mediano (en). Topónimo sen localizar ; 57, 60, 83.

Murias. Sen localizar. Quizais *As Murañas*, na parroquia de Carballeda, en Carballeda de Avia, que linda con Santo Estevo de Nóvoa; 220.

Orgaes = (*Horxás*, en Ensenada). Sen localizar. Pola descrición de Ensenada, existiu o topónimo ó suoreste da parroquia de Francelos; 228.

Oteiro (de). Hoxe *O Outeiro*, Microtopónimo ó sur de Francelos, na desembocadura do río Brul ou río do Outeiro; 221.

Palumbal (el). Sen localizar; 96.

Passadoyro (de). Sen localizar; 46.

Pedreira (la). Microtopónimo ó suroeste da Franqueirán; 241.

Rezas (pescadorías ~pescadeiras de las -). Hoxe *A Reza* é un lugar da parroquia da Arnoia, no concello do mesmo nome, na marxe esquerda do Avia , fronte a Francelos. Tamén hai o microtopónimo *A Reza* na parroquia de Filgueira, en Crecente, preto de Miranzo. Puidera ser un corónimo que denomine a zona; 223, 250.

Uirineyras (porto de las). Sen localizar; 48, 52.

Quinzana (casas de). Hoxe *A Quinza*, lugar de Ventosela (San Paio); 38.

Reuordaos. Hoxe *Rebordaos*, microtopónimo da parroquia ribadaviense de San Cristovo de Regodeigón; 224.

Rribadauia. Concello da provincia de Ourense; 2.

rrío d' Auia. Río Avia; 70. vid. **Auia**.

rrýo de Brul. Río Brul; 222.

San Martino (rrúa de). Rúa de Ribadavia hoxe co mesmo nome; 5.

Soueral (enno). Hoxe O Sobreiral, microtopónimo da parroquia de Francelos, entre o río Cerves e o regato de Miranzo; 51, 101.

Uerozza, A. Hoxe *A Veronza*, lugar da parroquia de Carballeda, no concello de Carballeda de Avia; 151, 232.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.4. ÍNDICE DE LUGARES MENCIONADOS NOS TEXTOS B E C

(Os lugares mencionados no texto B, correspóndense, agás excepcións evidentes, con microtopónimos da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa; os do texto C son tamén microtopónimos, neste caso da parroquia de Rebordechán, no concello de Crecente, na provincia de Pontevedra).

Agro Frío (en), (texto B), 282, 287.

Angoal (monte do), (texto B), 234.

Barreiro (eno), (texto B), 170.

Barreiro de Çima (eno), (texto B), 174.

Cardoxe. Terras nos límites da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa (Carballeda de Avia) coa de Vilaverde (Melón), (texto B), 25, 56, 98.

Cardoxi. Vid. **Cardoxe**, (texto B), 86, 112, 115, 289.

Carduxi. Vid. **Cardoxe**, (texto B), 27, 38, 51.

Casarío (eno), (texto B), 176.

Castineiro do Agro (eno), (texto B), 254.

Cortinal (eno), (texto B), 166, 199.

Cortinal (eno), (texto B), 264.

Couso (em), (texto B), 123.

Eiroa (ena), (texto B), 278.

Fonte da Nugueira (sóbrella), (texto C), 7 (2).

Lágea da Ferraría (aa), (texto C), 9.

Lama, A, (texto B), 38, 43, 47. 97, 104, 109.

Lauadoiros (em), (texto B), 140.

Naseirros, (texto C), 3.

Naualas (enas), (texto B), 182.

Nugueiras (pellas), (texto B), 183.

Orrac'Arres, (a d'). Microtopónimo sen localizar; (texto B) 22.

Pedra (na), (texto B), 223.

Pereias, As, (texto B), 256.

Pontevedra, (texto B), 32, 89.

Porto oo Freixio, oo, (texto B), 159.

Pousa (ena), (texto B), 284.

Quinteiras, As, (texto B), 46, 53.

Quinteiros, Os. Vid. **Quinteiras, As**, (texto B), 107.

Reuordochãao, (texto C), 6

Rrego da Ágoa (pello), (texto B), 184.

Rribadáuea. Vid. **Rribadauia**, (texto B), 89.

Rribadauia, (texto B), 32.

Rrigueiro (eno), (texto B), 250.

Rroares (ena do). Vid**. Orrac'Arres**, (texto B), 201-202.

Rrodolo, O, (texto B) 69.

Sant'Esteuo. Santo Estevo de Nóvoa, parroquia de Carballeda de Avia; (texto B) 21.

Soueral (eno), (texto B) 17.

Sseixo, O, (texto B) 25.

Sseixo, O, (texto B), 83.

Ssu A Jgleia. Vid. **Su A Jgleia**, (texto B), 87.

Su A Jgleia. Vid. Su Jgleia, (texto B), 67.

Su Jgleia, (texto B), 28.

Uale (eno), (texto B), 234.

Ueiga (rrego da), (texto B), 218.

UIilarino (souto de), (texto B), 286.

Videira (rregueiro da; toucas da), (texto B), 26, 53, 84, 115.

Viso (eno), (texto B), 146, 149.

11. ANEXOS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Como se comentou no apartado 3.5.2, onde se analizan, recollemos aquí unha colección de documentos -completos se o consideramos de interese, ou fragmentados, se só hai mención- relativos ó desenvolvemento do procedemento inquisitivo en Galicia.

Para facérmonos unha idea xeral seleccionamos a partir das bases de datos online dos nosos textos medievais (CODOLGA para o latín, TMILGA para o romance) das raíces léxicas *inqu-*, *enqu-*, *exqu- pesqu-*, *pisqu-* e *perqu-*, aqueles textos que as contiñan. Moitos tiveron que ser desbotados, pois incluían as palabras co seu valor máis primitivo, aquel derivado do lat. quaero 'buscar'.

Seguramente son moitos os textos que nos poden chegar información e que non están incluídos, coma o caso do doc. 504 de CDMelón mencionado no apartado 3.7., que non contén palabras con ningunha das raíces mencionadas malia ser un interrogatorio. Este poderá ser pois o inicio de traballos posteriores ó respecto que contemplen outros conceptos incluídos no procedemento inquisitivo e que permitan ampliar este corpus documental.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO I: A ENQUISA NA DOCUMENTACIÓN GALEGA (DOCUMENTOS EN LATÍN)

Doc. 1

s.d.

Enquisa sobre as herdades de Tal, Bornalle e Esteiro, no concello de Muros. Catro inquiridores.

TToxosoutos, doc. 131

Inquisia super hereditate de Tali et de Bornallo. Hec est *inquisicio* quam *inquisierunt* facere domnus iudex Didacus et domnus Ramirus inter Petrum Fernandici d'Ezenio et Petrum Fernandici de Louro quod est personarius de Sancto Iusto, et placuit illis ut caperent istam *inquisicionem* et posuerunt ibi IIII^{or} homines bonos quos ad diem placiti habere non potuerunt excepto uno de parte Sancti Iusti, tunc sub uno statuerunt alios bonos tres *inquisitores* cum illo quarto ut reciperent eorum *inquisicionem* quorum nomina sunt hec: Stepahnus, presbiter de Roo; Munio, presbiter de Tali; Arias Petrici de Cambeiro et Sarracenus Uimarati. Et *exquisierunt* ex populo et plebe terre quod Adosinda Pelagici et Trudillis Pelaici habuerunt in sua portione omnem hereditatem de Tali et de Bornalio cum sua directura siue de auio quomodo de ganancia et medium de Estario quam ganauerunt de Gudesteo de Ezenio nec ipse Petrus unquam uenerunt in istas hereditates nisi abunc faciendum de parentibus et quando ipse uenit cum forcia sine directura non pro iure hereditatis.

Doc. 2

a. 906

Diploma do rei Afonso III en que se fai mención das averiguacións que fixo sobre as conspiracións que se fixeron contra el. Quizais se poida entender que houbo un procedemento inquisitivo.

BCPMHA-LugoVI, pp. 3-4

Ego quidem Adephonsus Rex per serenissiman praeceptionem meam, una cum uxore mea Scemena Regina, post, auxiliante Deo, Regni totius, patriae suscepit culmen, quod Flacidius... Comes Galleciae calide contra me admiserunt, post ejus interito, [ad]juvante Deo, adeptus Regni gubernacula fuissem, firmiter omnium obtinuit munitionis, sicuti victoriosissimo antecesore nostro rege Domino Adefonso Petri Ducis filio fuerunt vindicatae, ha de Sarracenorum manibus ereptae, per totius confinia Galleciae, seu Barduliorum Provinciae. Has itaque cum obtinuisse Provincias de inimicis victoria potitus, et aliis inimicis resisterem, et Christi colasque de manu Sarracenorum eriperem, Deo adjuvante. Veniens vero ad Lucensem urbem cum omni meo exercitu victoria de inimicis peracta, placuit mihi ex animo, ac voluntate omnium Magnatorum visum est tam nobilium personarum, quam etiam infimarum, ut inimicis nostris *inquirerem*, et in legati sententia mitterem; sed... liber judicialis sententia sexta de liber secundo, et de secundus titulus dicenti de talibus personis, qui regiam contempserit jussionem. Invenimus quidam ex ipsis nefandas et sacrilegas qui ad nostris malefecerunt in tempore rebellionis, quos a me fecerunt in terra Galleciae, simulque in nultisque partibus; unde longum est per singula conscribere, sed sub brevitate elucidandum est. Igigtur surrexerunt omnes contra me habitantes in Ecclesia Sancti Juliani de Mallones, qui est fundata Xª (lege iuxta) flumen Minei sub urbis Lucensi, suas gentes Flazentio nepte de Veremundo Ordoniz... freda, et adjuvarunt ad meos inimicos occidere meos vassalos, nominibus Nunno Nuniz et Vela Nuniz. Propterea pressimus ipsa Ecclesia jam supradicta, et quae remoniavit se nobis de ea Flazenzo Tritoniz et Aldoreto Tritoniz, de quem erat ipsa Ecclesia haereditas tam etiam et ipsius haereditas. Nos vero residentes in civitate Lucensi ab ipsius querimoniatus de praedicta haereditate *inquisimus* nostros homicidios et non habuerunt unde nobes redere per directum, et subjectarunt se ad nos petentes misericordia una cum tota tropa Palatii et nos vero pietate regia adimplevimus omnia, sicut nobis dixerunt, et proque illis absque culpa et calumnia erant de ipso homicidio et nobiscum erant in officio palatino. [...]".

Doc 3.

a. 941

Carta de imparzationis *(cesión dunha parte) da metade dunha herdanza ós condes Hermenexildo e Paterna, fundadores de Sobrado. É dubidosa a mención ó procedemento inquisitivo.*

TSobrado, I, doc. 32

Ego Pelagius presbiter filius quandam parentum meorum, uobis Hermenegildo et Paterne. Placuit mihi bone pacis uoluntas ut facerem uobis textum scripture imparzationis sicut et facio de mea hereditate que habeo de parte matris mee Gunisalue et illa habuit ea de parte patris sui Randoni, et est ipsa uilla uocitata Uillanoua in ualle Nemitos iuxta flumen Meror uilla Nonce, ubi auus meus Randon habitauit, id est, domos cum intrinsecis suis, pumares, cum suos terrenos, [...] et omnia quantum ad prestitum hominis est in ipsa uilla, de quanto me ibidem competet medietatem uobis ex inde concedo, ut intendatis mea uoce tam pro ipsa hereditate inter meos fratres et heredes me coequare, quam etiam et pro omnes meas actiones *per ueritatem inquiratis*, ut mihi tam pro ipsos caballos unde intentio est, quam pro aliud non pateam iniuste nisi de uos et de parte uestra in omnibus habeam defensionem, ita ut de hodie die et tempore sit ipsa hereditas de meo iure abrasa uestroque iure et dominio sit tradita et translata, habeatis uos et omnis posteritas uestra.

Doc. 4

a. 986(ca)-999(ca)

Carta de recoñecemento entre Sobrado e o bispo de Lugo sobre os dereitos en varias vilas. Mención a un procedemento inquisitivo en que se lles preguntou a dous homes por vila.

TSobrado, I, doc 109

[...] Placuit hoc omni concilio, et dedit domnus Pelagius suum fidelem Adefonsum abbatem, et in undisque partibus sicut resonabant noticias Sancte Marie, ut *perquisissent* per ipsas uillas sempre dictas qui sunt homines senices et seniores sapientes, ut si scirent ueritatem Sancte Marie minime celarent. [...] At illi profitentes se in ueritate que Deus est, quia non inuenerant hominem nec uiderant, qui aliquid sciret de hac sententia que domnus Pelagius et socii eius *inquirebant*. [...] que ad *perquirendam* ueritatem missi fuerant, darent indede singulas uillas, duo homines de quos in noticia resonabat [...].

Doc. 5

a. 987(ca)

Pacto entre o bispo de Lugo e Sobrado sobre Vilarchao. Mención a un procedemento inquisitivo.

EspañaSagradaIriaCompostela, pp. 375-379

Karta de agnitione de Superado et Dono Pelagio Lucensi Episcopo, quam habuerunt super homines de Villariplano. [...] Placuit hoc omni concilio, et dedit Donus Pelagius suum Fidelem, Adefonsum Abbatem, et de parte Monasterrii Superato Adelfium Abbatem, et in undisque partibus sicut resonabant notitias S. Mariae, ut *perquisissent* per ipsas Villas Sempectas, qui sunt homines senices, et seniores sapientes, ut si scirent veritatem S. Mariae minime celarent. Et per quindecim dies euntes et circumdantes, reversi sunt XV, die dicentes, quia ullum hominem non invenimus ex senicis, nec adolescentibus, qui se sciat de hunc exordium vel minima apice. Iterum vero conjuncti secunda vece in territorio Nallare, Villa Gudini et Ecclesia S. Juliani, ambo Episcopi, et ab utrosque multorum filiorum benenatorum stantium et praesidentium in circuitu, requirentibus Abbatibus, Adefonsus, et Adelfius, quod invenerat de opus ad illos injunctum. At illi profitentes se in veritate quae Deus est, quia non invenerant hominem, nec viderant, qui aliquid sciret de hac *sententia*, quam donus Pelagius & socii ejus *inquirebant*. Modo vero donus Pelagius episcopus minime credidit, sed putans se omnes scire veritatem S. Mariae, et celarent eam.

Doc. 6

a. 1007

Carta de venda. Mención á enquisa segundo a "lei gótica".

TCelanova, doc. 193

Venditio de Aloyto et uxor mea Nunlo vobis domno Cresconio confesso, [...] Aloyto et filii mei nominibus Ysmael et Vitisclo qui sumus venditores de nostras hereditates ac vobis domno Cresconio preposito, et accepimus de vos pretio iusto. Et post hec impendiente peccato furtavimus inde duos quiniones quos iam vendideramus et vos in carta tenebatis. Et per vestros iudicatores pervenimus inde in monasterio Cellenove in presentia iudicum prepositum domno Munio et maurino domno Sandino, et aliorum iudicum per manum sagione sigila in veritate, et abemus *pro lex cotica inquirere* ipsos quiniones de ipsas vineas

pro furto, et vos nostro domno remotus in nostra prehendidistis illum unum quinionem sengellum et illum unum duplatum.

Doc. 7

a.1007

Preito entre Celanova e Nausti Didaci, ante Afonso V, sobre quen tiña a autoridade sobre uns homes. Posible mención á enquisa.

TCelanova, doc. 552

Agnitio de Sandino et sua gens. Horta fuit intemtio inter Velasco Nuniz et Nausti Didaci super homines nomine Gundesindo et Donello qui erant habitantes in Hordines in casa de Cellanova, [...] *ad inquirendos* ipsos homines et ipsos mandamento. Et dicente Velasco Nuniz quia ipsos homines sunt de Cellanova qui venerunt de Monte Roso cum ipse episcopo domno Rudesindo cuius homines erant [...].

Doc. 8

a.1007

Testamento de Guter Vermuiz, no cal se indica que se poderán encontrar ou inquirir os termos dunha vila. Mención dubidosa ó procedemento inquisitivo.

TCaaveiro, doc. 209

[...] mea porcione integram ad Sancti Iohannis de Calavario et congregatio canonicorum eiusdem do et concedo propter tremendi diem iudicii et propter remedium anime mee. Et iacet ipsa villa in valle Centronia, nomen Ayon, iuxta monte Breemo, rippa mare de Eume, discurrente ad ecclesia Sancti Christofori, per suos terminos perubi potueritis eam invenire vel *inquirere*, casas cum suos plantatos et solares; de hodiernum die de meo iure sit abrasa etin vestro iure et dominio sit tradita atque confirmata ad prefatum monasterium Sancti Iohannis et ad ipsis qui ibi vita sancta perseveraverint".

Doc. 9

a.1025

Xuízo ante Rudericus Ordoniz entre Celanova e Sanctio Flainiz, en que as partes reclamaban un home como seu. Mención ó procedemento inquisitivo. Indícase que por parte de Celanova declararon doce testemuñas.

TCelanova, doc. 369.

